

serie informes anuais / 28

A Economía Galega

Informe 2013

//Afundación
Obra Social ABANCA





A Economía Galega

Informe 2013

Este informe realizouse coa colaboración do Instituto
Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia
(IDEGA) da Universidade de Santiago de Compostela



Afundación

Deseño e produción: uqui.net

Imprime: Gráficas Lasa

ISSN: 2171-8849

Depósito legal: C 1832-2011

Equipo realizador

Dirección

Alberto Meixide Vecino
Universidade de Santiago de Compostela

Membros

Juan J. Ares Fernández ■ Universidade de Santiago de Compostela/IDEGA
Roberto Bande Ramudo ■ Universidade de Santiago de Compostela/IDEGA
Adrián Blanco Estévez ■ Economista
Manuel Fernández Grela ■ Universidade de Santiago de Compostela/IDEGA
Aureliano García González-Llanos ■ Economista
Xan López Facal ■ Economista
Edelmiro López Iglesias ■ Universidade de Santiago de Compostela/IDEGA
Dolores Martínez Martínez ■ Afundación
Fidel Martínez Roget ■ Universidade de Santiago de Compostela
Luis Otero González ■ Universidade de Santiago de Compostela
Xulio X. Pardellas de Blas ■ Universidade de Vigo
Marcos Pérez Pérez ■ Grupo ERENEA, Universidade de Vigo
Bernardo Valdés Paços ■ Universidade de Santiago de Compostela
Miguel Anxo Vázquez Taín ■ Universidade de Santiago de Compostela
Manuel Vilas Fernández ■ Universidade de Santiago de Compostela

Colaborador

Manuel López Sande

Supervisión lingüística

Alba Rodríguez Saavedra ■ Afundación



13	<i>Presentacións</i>
17	Introdución
19	Economía internacional
24	Economía española
28	Economía galega
35	I. Mercado de traballo
50	A situación laboral dos traballadores novos
52	A dinámica territorial do mercado de traballo
55	Os efectos da reforma laboral sobre a contratación: unha primeira avaliación
57	A gran recesión e os salarios en Galicia
61	II. Agricultura
63	Algúns acontecementos relevantes en 2013
70	A dinámica do complexo agroalimentario no período 2000-2011
72	Tendencias a medio prazo do sector agrario (1990-2012)
77	A conxuntura do sector en 2013: unha visión global
83	Evolución da produción
87	Prezos percibidos e prezos pagados polos agricultores
90	Poboación ocupada
92	Censos gandeiros

97	III. Pesca e marisqueo
99	III.1. Pesca
99	Introdución
99	A nova PPC: implicacións para a pesca galega (2013-2022)
101	Frota pesqueira
104	Distribución da frota e emprego pesqueiro nas diferentes zonas costeiras de Galicia
109	Produción pesqueira
115	Xestión e conxuntura do sector pesqueiro galego
119	III.2. Marisqueo
119	A campaña marisqueira 2012. Normativa
119	Resultados da campaña
125	IV. Industria
127	IV.1. A industria galega
127	O comportamento da industria galega en 2012 e 2013
143	Crónica sectorial
163	O investimento estranxeiro declarado no Rexistro de Investimentos en Galicia
168	O investimento galego no exterior declarado no Rexistro de Investimentos
172	IV. 2. A política industrial
172	A incidencia da política rexional comunitaria en 2013
178	A política da Administración central aplicada en Galicia
185	A política industrial da Administración autonómica

203	V. Construcción
210	Vivenda
222	Demanda pública de obras
227	VI. Servizos
229	Os servizos en Galicia
238	Turismo
247	Os transportes
259	A distribución comercial
271	VII. Sector financeiro
273	O contexto exterior do sistema bancario galego
276	A evolución do sector bancario galego
280	Os intermediarios financeiros non bancarios
295	VIII. Sector público
297	Introdución
297	O sector público autonómico galego
323	O sector público local galego
330	O sector público estatal en Galicia

Tras vinte e oito anos de publicación, presentamos un novo número dunha das edicións económicas de referencia, *A Economía Galega. Informe 2013*. O actual número resulta de especial interese para o equipo da nova entidade financeira galega, ABANCA, xa que pon de manifesto a nosa vocación de fomentar todos aqueles proxectos que supoñan unha mellora, a todos os niveis, da sociedade galega. Esta publicación, o traballo do equipo de expertos que elaboran as análises e as conclusións que se recollen nestas páxinas, e mais o esforzo de Afundación, que, outra volta, ofrece unha obra pensada para contribuír a aclarar dúbidas sobre o panorama económico galego, español e europeo, testemuñan a nova etapa da aposta en firme de ABANCA pola difusión do coñecemento.

Os últimos cinco informes publicados estruturáronse en torno á ineludible cuestión dunha crise económica e financeira que afectou e afecta todos os ámbitos sociais. En cada un deses cinco números de *A Economía Galega* describíronse as complexas perspectivas que se albiscaban para o ano seguinte e a dureza das consecuencias dunha inestabilidade que semellaban fagocitar os propios alicerces sistémicos. Non obstante, este ano parece ofrecer unha raiola positiva, ao constatarse a boa apreciación do mercado español por parte dos investidores internacionais, o cal ten como implicación inmediata unha considerable caída da prima de risco e, polo tanto, unha maior estabilidade do bono español. Ademais, este dato vén complementado polo bo comportamento das exportacións, xa que, un ano máis, o fluxo de mercado cos países emerxentes, de xeito especial, consegue equilibrar a balanza que en negativo sitúa o mercado interno. Neste momento difícil aínda, pero dirixido cara a vieiros máis positivos, consonte parecen demostrar os diferentes índices económicos, nace a nova entidade financeira galega, ABANCA, cunha vontade de recuperar o mellor do noso pasado para construír un futuro de seguridade para Galicia. O noso compromiso é inequívoco a prol dunha base de seguridade imprescindible para logo construír con pé firme sobre ela. Con esa vontade de alicerzar o camiño por andar colaboramos con esta nova edición dun informe enfocado a facer accesible ao público aquelas cuestións que nos últimos anos demostraron ser de interese xeral. A sociedade demanda estudos como os que seguen nestas páxinas, rigorosas análises que axuden a comprender unha etapa de fondos cambios e significativos impactos, e ABANCA quere ser receptora das necesidades da cidadanía.

Deste xeito, en ABANCA somos conscientes da importancia do patrimonio cultural e social, tanto na súa vertente de herdanza legada polos devanceiros, como no de pouso e punto de partida cara a novas propostas que melloren a realidade actual. A cultura e o traballo social a favor de Galicia conduce un dos sendeiros estratéxicos da nosa entidade e que ten en Afundación un excelente colaborador nestes dous ámbitos. A experiencia do seu equipo, o coñecemento da realidade nestas áreas e unha presenza constante no conxunto da comunidade fan desta institución unha peza esencial para fomentar a difusión do saber. Xa que logo, a colaboración de dúas entidades, cuxos propósitos verbo da dinamización cultural son coincidentes e que asumen a cooperación como un dos marcos estratéxicos á hora de consolidar sinerxías que redunden no beneficio da sociedade, é para nós un motivo máis para afianzar a idea de que, mantendo o mellor do noso pasado e tomando iniciativas de valor pensando nun bo presente, seremos quen de consolidar un futuro en positivo para a sociedade galega.

Francisco Botas Ratera
Conselleiro Delegado de ABANCA

O presente informe sobre a evolución da economía galega ao longo do ano 2013 e principios de 2014 debe abordarse como unha aposta pola reflexión e pola análise dalgúns dos máis relevantes acontecementos que, por causa da crise económica e financeira, estamos experimentando no contexto autonómico, nacional e internacional. Tras vinte e oito anos de vida, as páxinas deste informe centran, unha vez máis, a súa atención sobre as consecuencias que este difícil e prolongado período está a producir e que implican serias mudanzas no aspecto socioeconómico. Afundación, que ten precisamente nesta área unha das súas razóns de ser, busca colaborar, mediante a edición deste informe e grazas ás principais conclusións acadadas polo equipo de colaboradores expertos que dotan de contido esta publicación, a que o coñecemento sobre cuestións fundamentais poidan ser accesibles e queden recollidas para posibles vindeiras consultas.

Nesta vixésimo oitava edición pretendemos continuar no viero de ilustrar os resultados que a toma de decisións e os sucesos económicos e financeiros acontecidos supuxeron para o desenvolvemento da nosa sociedade, pero sen deixar de atender o contexto español e internacional. Deste xeito, as páxinas que seguen pretenden axudar a comprender o sucedido durante o ano 2013 e explicaren, xa que logo, os motivos e consecuencias dos cambios producidos. Así pois, existen determinadas temáticas cuxa área de repercusión transcende os límites de Galicia, como xa poñiamos de manifesto nas páxinas do informe publicado no ano 2012: a emigración de investigadores e da mocidade na procura de emprego, a modificación do sector financeiro ou a reforma das administracións públicas, así como o significativo número de reformas lexislativas, cuxo obxectivo buscaba a mudanza de certas cuestións estruturais da economía nacional. A repercusión e incidencia destas normas, máis dun ano despois da súa aprobación, tamén son parte dos elementos estudados nas páxinas desta obra. Por outra banda, malia existiren sectores produtivos (naval, automóbil, pesca...) que son de especial interese para a economía galega e o seu desenvolvemento, o equipo de investigadores salienta a súa procura da internacionalización como unha vía de éxito, xa que a demanda interna non se está a comportar de maneira positiva. Deste xeito, aparecen nas análises novos países en vías de desenvolvemento que se convarten en referencias de exportación para economías como a nosa. Ademais, neste informe sinálase unha das cuestións fundamentais que atinxe o noso país producida no sector financeiro: a adquisición de NCG Banco polo grupo Banesco e que dá comezo a unha nova etapa en Galicia co nacemento de ABANCA.

Seguindo este ronsel de novas etapas, debemos salientar que, consonte o que se precisa nas páxinas seguintes, os indicadores do pasado ano 2013, cuxos ritmos semellan corroborar os datos do primeiro semestre de 2014, apuntan cara a unha mellora da economía española alicerzada en dúas cuestións esenciais: a recuperación da confianza por parte dos investidores internacionais e o bo comportamento das exportacións. Non obstante, cómpre matizar a coincidencia xeneralizada en que este será un lento proceso de recuperación, esperando a súa consolidación ao longo das vindeiras anualidades 2014 e 2015.

En Afundación, atendendo á nosa vocación de difundir o coñecemento en todas as súas manifestacións, esperamos que esta nova edición dun informe xa emblemático sirva para comprender e analizar os motivos impulsores das medidas adoptadas polas diferentes administracións competentes —autonómica, nacional e europea— ao longo do ano 2013 no eido económico e financeiro. Polo tanto, cumprindo coa nosa vocación a prol da cultura e do saber, desde Afundación desexamos que este informe contribúa a esta procura do coñecemento.

Por último, queremos trasladar o noso agradecemento a ABANCA, a nova entidade financeira galega, que colaborou de xeito decidido a que *A Economía Galega. Informe 2013* saíse do prelo, un ano máis, acadando a súa vixésimo oitava edición.

Afundación

A blue-tinted photograph of a modern building interior. The scene features a wide staircase with a glass railing, leading up to a mezzanine level. The architecture is characterized by clean lines and large glass panels. The lighting is soft and even, creating a calm and professional atmosphere. The overall color palette is a monochromatic blue, which gives the image a cohesive and modern look.

Introducción

Economía internacional

Países avanzados

A economía mundial avanzou un 3% no 2013, dúas décimas menos que no ano 2012, debido principalmente á desaceleración do crecemento experimentada por China e outros países emerxentes, e, en menor medida, polos Estados Unidos. Con todo, pese ao menor crecemento rexistrado, a actividade económica foi de menos a máis ao longo do ano, e as previsións apuntan a unha mellora gradual a partir do presente exercicio. As economías avanzadas creceron un 1,3% (-0,1% respecto a 2012) e as emerxentes un 4,7% (-0,3%), sendo estas últimas o motor da economía mundial por décimo quinto ano consecutivo.

A Eurozona puxo fin a un ano e medio de recesión no segundo trimestre de 2013 debido ao impulso das súas dúas grandes economías, Alemaña e Francia. Os países afectados pola crise de débeda soberana, pola súa parte, rexistraron notables caídas da actividade económica —evidenciando a persistencia das diferenzas económicas entre o norte e o sur— aínda que menores que o estimado pola *troika*: España (-1,2%), Italia (-1,9%), Portugal (-1,4%) e Grecia (-3,7%). O conxunto da Eurozona presentou unha caída do 0,4%, se ben os indicadores foron mellorando nos dous últimos trimestres, o que permitiu á UEM¹ saír da recesión e anticipar un novo ciclo de crecemento no 2014.

A mellora económica na UEM estivo soportada pola confianza dos axentes económicos, o avance da demanda interna e a fortaleza amosada polas exportacións e o comercio intraeuropeo, apoiado á súa vez na puxanza de Alemaña. Ademais, a normalización dos mercados financeiros permitiu a recuperación das bolsas nas principais prazas europeas, unha marcada caída dos *spread* nos bonos emitidos polos países periféricos e unha apreciación do euro fronte o dólar (a moeda única pechou 2013 en 1,37 dólares cando en marzo cotizaba a 1,29 dólares).

En todo caso, a recuperación da Eurozona debe ser tomada con cautela debido a numerosos riscos existentes que non deben ser subestimados. No primeiro lugar, a recuperación das economías do sur atópase lonxe da súa consolidación e continúa mostrando graves fragilidades, como a escasa produtividade, elevada débeda pública e privada,

¹ Unión Económica e Monetaria.

a debilidade do sistema financeiro ou as desproporcionadas taxas de desemprego. En segundo lugar, a fragmentación no sistema financeiro e nos mercados de débeda na Eurozona segue sendo unha ameaza para a sostibilidade da recuperación. En terceiro lugar, a rexión vese ameazada polos riscos inherentes a un proceso deflacionario logo dun descenso no ritmo da inflación desde o 2,2%, a finais de 2012, ao 0,8% a finais de 2013. En cuarto lugar, a diverxencia en termos de produtividade e competitividade das distintas economías da UEM (en particular das do norte fronte ás do sur) continúan levantando interrogantes sobre a posibilidade dunha futura converxencia económica na Eurozona. En quinto lugar, o xiro político da segunda economía da área euro, Francia, cara á extrema dereita, primeira forza política nas eleccións europeas de maio, introduce un novo polo de inestabilidade e xera novas incertezas sobre o compromiso do país galo coa UEM.


Con todo, a resposta das autoridades europeas ás mencionadas dificultades e desafíos que afronta a Eurozona para a súa recuperación foi un decidido avance no proceso de construción europea, que se plasmou na área económica nos avances na integración financeira da UEM. Durante 2013 e o primeiro trimestre de 2014 a Unión Europea seguiu dando pasos a favor da Unión Bancaria. En concreto, o Parlamento Europeo deu luz verde en abril a un mecanismo único de resolución de crises bancarias, que inclúe un fondo común de 55.000 millóns de euros para quebras bancarias, e que será alimentado por achegas dos propios bancos. Tamén se aprobou a creación de fondos nacionais para liquidación bancaria, que serán financiados cunha nova taxa aplicada polas entidades financeiras. Prevese, ademais, que tanto accionistas como acredores sexan os primeiros en asumir potenciais perdas derivadas da disolución das entidades. Finalmente aprobouse unha reforma da garantía de depósitos que obriga os bancos a financiaren fondos nacionais de depósitos de ata 100.000 euros por persoa e conta corrente.

Cabe destacar, por último, que en maio de 2014 o Banco Central Europeo (BCE), a Comisión Europea e o FMI deron por bos os esforzos realizados por Portugal durante os tres últimos anos e permitiron ao país luso aprobar o último tramo de axuda e abandonar definitivamente a tutela por parte de estes organismos. Portugal, despois dunha travesía no deserto que levou a un incremento do desemprego, estreitamento do Estado de benestar e perda de poder adquisitivo para os seus cidadáns, e que a cambio recibiu axudas por valor de 78.000 millóns de euros, volverá financiarse nos mercados no 2014.

Estados Unidos rexistrou un avance do 1,9% en 2013, nove décimas menos que no ano anterior. Non obstante, a aínda primeira economía do mundo mellorou no segundo semestre e acabou o ano fortemente impulsada polo consumo privado (sostido á súa vez por unha taxa de desemprego do 6,3%, o nivel máis baixo desde a caída de Lehman Brothers). O bo comportamento do consumo privado permitiu atenuar os efectos provocados polo axuste fiscal desenvolvido pola Administración Obama. A economía norteamericana non está exenta de riscos, sendo o máis significativo a sostibilidade a medio prazo da súa avultada débeda pública. A reticencia do Congreso a aprobar un novo teito de débeda ao presidente provocou un feche do Goberno de

Gráfico 1

Taxa de variación do PIB (en %)



16 días a finais de 2013, o que amosa a gravidade das dificultades de Estados Unidos para aprobar novas partidas orzamentarias e aumentar as existentes.

O feito máis destacable na economía norteamericana no pasado ano foi que Ben Bernanke, presidente da Reserva Federal, comezou a enviar sinais os mercados sobre o final das continuadas roldas de expansión cuantitativa (QE1, QE2 y QE3),² que caracterizaron a súa política monetaria durante os últimos anos. Este xiro na política monetaria xerou una importante retirada de capitais e depreciación das moedas da maioría dos países emerxentes. Cabe destacar tamén que Bernanke foi substituído, logo de esgotar o mandato, por Janet Yellen como máxima autoridade do banco central estadounidense. Yellen, vicepresidenta ata entón, doutora pola Universidade de Yale e primeira muller en ocupar o cargo, é unha economista keynesiana a priori favorable a políticas monetarias expansivas.

En Xapón, a reelección en decembro de 2012 de Shinzo Abe como primeiro ministro marcou o inicio dun agresivo plan de estímulo e fortalecemento do crecemento económico no país asiático, coñecido nos círculos económicos como Abenomics. O plan consiste en tres piares, estímulo fiscal, relaxación cuantitativa e reformas estruturais.

² QE: Quantitative Easing (relaxación cuantitativa).

O estímulo fiscal durante 2013 inxectou na economía 10,3 billóns de iens (72.712 millóns de euros), converténdose nun dos maiores plans de expansión de gasto público na historia. A terceira maior economía do mundo avanzou unha décima no pasado ano ata 1,5%, se ben o FMI prevé unha desaceleración do crecemento para os próximos anos derivado do incremento da incerteza sobre a consolidación fiscal asociada ao Abenomics nunca economía xa fortemente endebedada.

Economías emerxentes

Os principais países emerxentes experimentaron un dilatado ciclo de prosperidade económica que lles permitiu reducir a taxa de pobreza de forma vertixinosa nos últimos anos. En China, segundo o Banco Mundial, a cantidade de pobres que vive con menos de 1,25 dólares por día caeu de 835 millóns a 208 millóns entre 1981 e 2005. En América Latina, a porcentaxe de pobres descendeu do 42% ao 25% entre 2000 e 2012. Ademais, en ambas as rexións multiplicouse o volume de poboación que pode ser considerada clase media. Este proceso de converxencia gradual coas economías avanzadas viuse desacelerado no pasado ano, no que algunhas das principais economías emerxentes reduciron o seu ritmo de crecemento económico de forma preocupante.

Os países emerxentes enfrontan importantes desafíos tanto a curto como a longo prazo debido a unha confluencia de factores exóxeos e endóxeos. Entre os exóxeos destaca o mencionado fin dos programas de expansión cuantitativa en Estados Unidos, o fin do *superciclo das materias primas*, que moderará o prezo das mesmas nos próximos anos, reducindo abruptamente os ingresos fiscais nestes países, e a desaceleración da economía china. Entre os endóxeos, cabe destacar que estas economías creceran no pasado vía acumulación de factores (capital e traballo), pero para seguir avanzando cara a países de renda alta precisarán profundas melloras en aspectos como a educación, infraestruturas ou produtividade laboral, o que resulta moito máis complicado de acadar.

China continuou avanzando de maneira decidida na transformación do seu modelo produtivo ata agora baseado no investimento público, as exportacións e os baixos custos laborais. O mencionado modelo posibilitou taxas de crecemento por enriba do 9% durante unha década (2002-2011). Non obstante, ao mesmo tempo xerou diferentes obstáculos e desequilibrios. Entre eles destacan contar coas cidades e núcleos urbanos máis contaminados do mundo, un exceso de capacidade instalada nas fábricas, o endebedamento masivo dos municipios, o forte avance dun sistema financeiro na sombra (*shadow banking*) ou o alarmante incremento da desigualdade social, que ameaza con erosionar a estabilidade institucional.

A economía asiática avanzou un 7,7% en 2013, o menor crecemento en 14 anos, e as autoridades responderon cunha ambiciosa batería de medidas no XVIII Comité Central do Partido Comunista Chinés (novembro de 2013). O obxectivo último é conceder un maior espazo a iniciativa privada e realizar unha transición cara a unha


economía baseada no consumo privado, reducindo una das taxas de aforro máis elevadas do mundo. Entre as medidas destacan a liberalización dos tipos de xuro, a maior participación privada en empresas estatais, unha maior convertibilidade do iuan ou a protección do medio ambiente. O crecemento da economía chinesa debería superar lixeiramente o 7% en 2014.

América Latina avanzou soamente un 2,7%, a segunda taxa de crecemento máis reducida nos últimos dez anos. O comportamento da rexión foi enormemente desigual, e as súas dúas grandes economías evolucionaron de maneira inversa. Brasil rexistrou un crecemento do 2,3%, notablemente superior ao 1% en 2012. México pola súa parte desacelerou fortemente a súa actividade ate quedar nun 1,1% en 2013 desde un 3,9% en 2012. Porén, para 2014 espérase que ambas as economías volvan avanzar en sentido inverso, desacelerándose o crecemento da economía brasileira ata o 1,8% e avanzando a mexicana ata o 3%.

No primeiro caso (Brasil) a actividade vén impulsada pola depreciación do real e o crecemento dos salarios e o consumo, pero o baixo investimento privado e o leve avance da produtividade, así como a ausencia de reformas de calado, como a educativa, lastran a capacidade de crecemento no curto prazo. No caso de México espérase un maior avance do PIB debido a unhas políticas monetarias fortemente expansivas e ás externalidades positivas derivadas da recuperación da economía norteamericana, o seu principal socio comercial e investidor. Á marxe das dúas locomotoras da rexión, Brasil e México, cabe destacar que son outras economías de menor tamaño as que están presentando un crecemento máis robusto en América Latina, como Colombia, Perú, Chile ou Ecuador, que rexistraron avances do PIB por enriba do 4% en 2013.

Gráfico 2

Taxa de variación do PIB (en %) en países emerxentes



A rexión MENA (Middle East and North Africa) tivo un avance conxunto do 2,2%. Os aínda elevados prezos do petróleo e o gas favoreceron o mantemento de estratexias de expansión fiscal por parte dos países do Consello de Cooperación do Golfo, que compensaron o errático desempeño das economías do norte de África, caracterizadas pola inestabilidade política e xeostratéxica. A rexión da África subsahariana, pola súa parte, continuou amosando unha gran solidez e foi un ano máis a segunda zona do mundo con maior crecemento económico (5,4%). Algúns países africanos levan anos presentando espectaculares taxas de crecemento, como Etiopía (9,7% en 2013), Mozambique (7,1%), Tanzania (7%) ou Nixeria (6,3% e recentemente convertida na primeira economía da rexión por diante de Sudáfrica), o que

levou moitos analistas a afirmar que África subsahariana é a nova China debido ás oportunidades que presenta en termos de exportacións e investimentos.


Para os próximos anos, a previsión do FMI é un crecemento da economía mundial de 3,6% en 2014 e 3,9% en 2015, dende o 3% en 2013,³ ata acadar unha estabilización do crecemento para a actividade económica no mundo en torno ao 4% no 2016. O cumprimento destas previsións está suxeito á evolución dos mencionados desafíos que atravesan as principais economías do mundo: Eurozona (consolidación da recuperación), Estados Unidos (retirada de estímulos), China (transformación de modelo de crecemento) e Xapón (manexo da débeda pública). Ademais, será de particular interese o efecto que presente o xiro na política monetaria norteamericana nos mercados e nos fluxos de capital, que pode xerar masivas retiradas de capital nas economías emerxentes, obrigándoas a subir tipos de xuro, o que tería un grande impacto na capacidade de crecemento dos países do sur.

Economía española

A economía española contraeuse un 1,2% en 2013, catro décimas menos que no ano anterior. A variación trimestral mostra unha senda positiva de crecemento e recuperación, -0,3%, -0,1%, 0,1% e 0,2%, e os principais indicadores apuntan a que a actividade conseguiu estabilizarse e comezar un novo ciclo de crecemento económico moderado. Dous aspectos resultan claves para a recuperación da economía española: o retorno da confianza por parte dos mercados e investidores internacionais e o positivo comportamento das exportacións. Respecto dos primeiros, diversos indicadores amosan un xiro na percepción no exterior sobre España e, en especial, sobre o risco asociado á súa situación económica. En primeiro lugar, o forte descenso da prima de risco para o bono a tres anos, que acadou a cota máis baixa da historia en maio de 2014 (2,97% de rendemento esixido). En segundo lugar, a evolución do IBEX-35, cuxo índice se incrementou desde os 8477 puntos a principios de 2013 ata os 10.459 en abril de 2014, producido en gran parte pola entrada de investidores foráneos. Un terceiro síntoma da devandita confianza é

Gráfico 3


Evolución do PIB (en %) da economía española



³ World Economic Outlook (WEO).

Gráfico 4

Taxa de variación do PIB (en %) por compoñentes da demanda en España



o incremento das entradas de investimento estranxeiro, que aumentou a 29.500 millóns de euros desde os 20.000 millóns de 2012.

En segundo lugar, cabe destacar que a economía española se viu impulsada no pasado ano fundamentalmente polo sector exterior, que rexistrou un superávit de 7130 millóns de euros, fronte a un déficit de 11.518 millóns en 2012. As exportacións avanzaron un 5,1%, o que permitiu a España gañar cota mundial no comercio de mercancías, mentres que as importacións retrocederon un 0,9%, resultado do elevado endebedamento das familias e empresas e a súa escasa capacidade de compra. O bo resultado das exportacións é consecuencia da recuperación das principais economías europeas, dun patrón exportador máis diversificado así como das ganancias de competitividade no exterior debido á evolución dos custos laborais unitarios (CLUs), que caeron por cuarto ano consecutivo (-1,6% para o conxunto da actividade económica e -3,2% na actividade manufacturera).

Ademais da gradual corrección do déficit comercial xerado polo avance das exportacións e a debilidade importadora, a balanza de servizos alcanzou un superávit superior aos 40.000 millóns de euros, apoiada nos máis de 60 millóns de turistas –cifra récord da serie histórica– que visitaron España en 2013. Sumando a balanza comercial e de servizos, constátase que o sector exterior continúa a xerar superávits e

axustar os seus desequilibrios; no pasado ano, España presentou unha capacidade de financiamento co exterior de 14.733 millóns de euros.

Se ben a demanda externa contribuíu de forma positiva ao crecemento durante 2013, a demanda interna fíxoo de forma negativa, contraéndose un 2,7% no seu conxunto. A principal caída foi rexistrada pola FBCF⁴ (-5,1%). Respecto desta última cabe destacar a redución do 9,6% na actividade construtora, que indica que o sector construtor tamén continúa o seu proceso de axuste, e que contrasta cunha recuperación do investimento en bens de equipo (2,2%). O consumo público retrocedeu un 2,3% como resultado do proceso de axuste e consolidación fiscal, e o consumo privado nun 2,1%, debido ao aínda moi forte endebedamento de empresas e familias, así como ao escaso financiamento bancario dispoñible.

Pese á recuperación dalgúns indicadores e a positiva evolución da economía española, a recuperación será moi lenta e gradual, e o que é máis importante, non necesariamente presentará efectos positivos considerables para o benestar dos españois, se medimos o benestar como recuperación do poder adquisitivo e do nivel de emprego. No contexto actual dominado por un proceso de desvalorización interna, con salarios tanto públicos como privados estancados, cando non en retroceso, parece complicado que España poida recuperar a curto prazo a renda per cápita anterior á crise, de 23.500 euros (2007) aos 21.948 actuais (2013).

Respecto ao mercado de traballo, no primeiro trimestre de 2014 a economía española continuou destruindo emprego e os sinais seguen sendo negativos. A finais do mes de marzo soamente traballaban en España 16.950.600 persoas, a cifra máis baixa dende 2002, e a taxa de desemprego situouse no 25,93% da poboación activa, que tamén rexistrou un forte descenso. Ningunha estimación prevé que o ciclo de crecemento que acaba de comezar a economía española contribúa significativamente a mellorar a taxa de desemprego a medio prazo, que ningún organismo sitúa por debaixo do 24% en 2016. O emprego, ao igual que outros indicadores económicos, amósanos a crecente desigualdade territorial norte-sur que se está acelerando na saída da crise en España, con algunhas comunidades autónomas entre as de maior paro da Unión Europea, como Andalucía (33,4%), Illas Canarias (33%) e Estremadura (30%), fronte a outras no norte cunhas taxas de desemprego moito máis moderadas, como Navarra (15,9%), A Rioxa (16,9%) ou o País Vasco (17,5%).

Respecto ás contas públicas, o déficit total das administracións públicas situouse en 2013 no 6,6% do PIB en 2013 (excluídas as axudas financeiras), lixeiramente por riba da meta fixada no Consello Europeo. O Estado foi a Administración máis incumplidora ao rexistrar un déficit cinco décimas superior ao obxectivo previsto. No pasado ano incrementouse o gasto destinado a pensións e xuros de débeda, mentres que caeron os gastos correntes destinados á remuneración de persoal e consumos intermedios, así como os gastos de capital. O desfase entre ingresos e gastos das AAPP situouse en 2013 en 67.755 millóns de euros, que aumentou o tamaño da débeda pública

⁴ Formación bruta de capital fixo.

española ata o 93,9% do PIB. Este nivel sitúase por riba da media da Eurozona (92,2% do PIB) así como da UE (85,9%). Respecto da débeda privada, é relevante destacar que tanto as familias como as empresas continuaron utilizando o seu aforro financeiro para dar continuidade ao proceso de dixestión e desapalancamento da débeda contraída durante o período de bonanza. En porcentaxe de PIB, a débeda bruta privada descendeu un 4,6% dende 2012, e un 14,6% dende 2010, quedando actualmente no 126% do PIB (1,29 billóns de euros).

A finais do mes de abril de 2014, o Goberno presentou o seu cadro macroeconómico para os próximos exercicios, no que revisou notablemente á alza as previsións

de crecemento ata o 1,2% para 2014, 1,8% para 2015 e 2,3% para 2016. O Goberno tamén estima que o déficit público fechará 2014 no 5,5% do PIB, no 4,2% en 2015 e no 2,8% en 2016. Con este déficit, a débeda total das AAPP situaríase no 99,5% do PIB a finais do presente ano. Ademais, prevese unha gradual recuperación do emprego e unha redución da taxa de paro ata o 23,3% en 2015.

Unha semana máis tarde que o Goberno, a Comisión Europea presentou as súas estimacións. Dende Bruxelas pre-

ven un crecemento do 1,1% en 2014 e un 2,1% en 2015, un avance económico que non virá acompañado dunha caída significativa do desemprego, que continuará por enriba do 24%. Así mesmo, estiman que o déficit público en 2015 estará no 6,1%, dous puntos por enriba das estimacións de Madrid, o que supón unha desviación de case 20.000 millóns de euros nas arcas públicas.

O Banco de España, o FMI e a OCDE revisaron na primavera de 2014 as súas estimacións de crecemento para a economía española á alza para 2014 e 2015, sendo moi similares ás presentadas polo Goberno e a Comisión Europea. O resultados do primeiro trimestre do 2014, cun crecemento do 0,4%, confirman a modesta, aínda que positiva, tendencia iniciada no 2013 para a economía española, e encóntranse en liña coas mencionadas previsións.

Cadro núm. 1

Panel de previsións de variación do PIB en España (en %)

	2014	2015
Goberno	1,2	1,8
Banco de España	1,2	1,7
Comisión Europea	1,1	2,1
OCDE	1,0	1,5
FMI	0,9	1,1


Fonte: Elaboración propia

Economía galega

A crise económica persistiu en Galicia en 2013. Na primeira estimación do PIB contabilizouse, por terceiro ano consecutivo, outra caída, agora en torno ao 1%. Con esta nova taxa de variación negativa frustrouse a expectativa de que 2013 fose o ano no que se lograse o tan ansiado xiro cara a taxas positivas. Agora ben, coas últimas informacións dispoñibles, é probable que ese cambio se produza en 2014, xa que no primeiro trimestre o PIB galego aumentou un 0,2% e, conforme transcorra o exercicio, espéranse resultados máis positivos.

Gráfico 5

Taxa de variación do PIB (en %) e valor do PIB per cápita



No contexto español, como xa viñamos constatando nos informes precedentes, o efecto da crise, medido polo comportamento das variables macroeconómicas básicas, foi máis intenso que en Galicia. Desde 2008 a 2013, a caída media anual do PIB español foi do 1,4% fronte ao 1,1% do galego. Esta cifra sitúa Galicia, tras Navarra e Madrid, entre as comunidades autónomas nas que o descenso da actividade foi menor, aínda que iso non ha ocultar o feito de que atravesemos un dos peores momentos da nosa historia económica recente, cun contorno próximo no que os datos económicos tamén son negativos, o que non axuda á recuperación. Estes mellores resultados relativos con respecto á media española contribuíron, obviamente, a unha converxencia

de Galicia cara ao conxunto de España, aínda que este proceso de achegamento entre ambas economías fora máis intenso nos anos previos á crise.

En termos do PIB por habitante, os dous elementos que integran esta variable facilitaron a converxencia. Mentres o PIB galego caeu menos que o español, a poboación galega, entre 2008 e 2013, tivo unha variación negativa do 0,7%, taxa que contrasta co crecemento dun 2,1% do conxunto da poboación española. Demografía e economía úníronse para que o PIB por habitante, que en 2008 representaba o 88,5% do español, fose en 2013 do 91,6%. Como xa indicabamos, esta diferenza de 3,1 puntos nos últimos 5 anos foi inferior aos 5,6 puntos que se lograron recortar entre 2006 e 2008. Pola súa banda, o comportamento de 2013 con respecto a 2012 reflicte unha práctica estabilidade do PIB por habitante, tanto en Galicia (20.399 euros fronte a 20.336 euros), como en España (22.279 euros en 2013 e 22.297 euros en 2012).

A traxectoria ascendente do PIB por habitante, con respecto ao medio da Unión Europea (UE=100), trunouse en España en 2007 e en Galicia en 2010. Xustamente neses dous anos ambas as economías alcanzaran a mellor posición relativa (104,6 España e 92,3 Galicia) das últimas décadas. Desde 2007, España perdeu case dez puntos con respecto á media europea (o valor en 2013 foi de 95) e, desde 2010, Galicia deixou 5,3 puntos (87 en 2013). En Europa estanse incrementando os desequilibrios e só con observar a anterior información resulta evidente que España e Galicia, como as restantes comunidades autónomas españolas, perderon posicións en termos de converxencia coa media da Unión Europea.

O PIB galego caeu en 2013 en torno ao 1% segundo o INE e un 1,1% segundo o IGE. Desde a perspectiva da produción, o sector primario non contribuíu a lograr unha variación positiva, aínda que un dos aspectos máis destacados foi a persistencia dunha importante contracción da actividade na construción. Desde 2009 produciuse unha sistemática caída nesta actividade, menor, en todo caso, que a rexistrada en España. O VEB (en termos monetarios) xerado en 2013 neste sector, un 4,1% inferior ao de 2012, xa representa un 31,5% menos ca o de 2008. A estimación da evolución do VEB no primeiro trimestre de 2014 tamén rexistrou unha caída do 3,5%. No capítulo deste informe referido á construción teremos a oportunidade de analizar os elementos que explican esta evolución.

O VEB do sector servizos representaba en 2013, en Galicia, o 63,7% do total. Dúas de cada tres unidades de valor engadido foron xeradas pola actividade terciaria. Con esta dimensión, a súa evolución determina en boa medida o comportamento xeral da economía. Por iso, o descenso do 1,4% xustifica, en gran parte, a caída dun 1,1% do PIB. A traxectoria seguida polo sector terciario galego foi peculiar. Nos primeiros anos da crise a súa relativa estabilidade evitou descensos máis elevados na actividade total. Pero en 2012 e, sobre todo, en 2013, a taxa de variación do VEB dos servizos foi negativa, o que contribuíu a agravar a situación xeral de crise. Nese último ano, case todos os subsectores, cuxa actividade se destina ao mercado, experimentaron unha caída no seu VEB. Sobresaíron o comercio, transporte e hostalería (-3,1%) e as actividades financeiras e de seguros (-3,5%). Pola súa banda, os servizos proporcionados polas administracións públicas mantiveron en 2013 unha actividade moi similar á do

ano precedente, período no que se rexistrou unha significativa caída. Os resultados do primeiro trimestre de 2014 mostran un aumento do VEB terciario do 1,8%, cunha evolución positiva en case todos os subsectores, e iso, loxicamente, repercutiu favorablemente no PIB total abrindo unha mellor perspectiva cara a un incremento na actividade conforme avance ao ano.

A diferenza da construción e os servizos, a industria galega, moi castigada desde o inicio da crise (en 2009 o seu VEB descendeu un 10,6%), experimentou unha recuperación nas súas dúas vertentes, enerxética e manufactureira. O 1,9% de crecemento da actividade industrial foi unha das mellores noticias de 2013. No capítulo correspondente deste informe dedicado á industria explícase, con detalle, esta evolución. Desafortunadamente, os resultados do primeiro trimestre de 2014 volveron ser negativos, aínda que, ante un contorno europeo e español algo máis dinámico, cabe pensar que se trate dunha variación conxuntural e que, en breve, poida volver medrar.

Cadro núm. 2

Taxa de variación do PIB e dos compoñentes da oferta (en %)

	2009	2010	2011	2012	2013	I trim. 2014
Galicia						
VEB Primario	-4,7	3,2	4,0	-0,1	-0,6	1,8
VEB Industria	-10,6	0,6	-2,8	-1,3	1,9	-2,7
VEB Construción	-4,9	-8,5	-6,7	-4,6	-4,1	-3,5
VEB Servizos	-0,9	2,3	0,4	-0,5	-1,4	1,8
PIB	-3,5	0,5	-0,5	-0,9	-1,1	0,2
España						
VEB Primario	-3,3	1,9	5,6	-10,9	1,1	6,8
VEB Industria	-11,4	7,1	2,7	-0,5	-1,2	0,7
VEB Construción	-8,2	-16,5	-9,0	-8,6	-7,7	-8,4
VEB Servizos	-0,6	1,2	1,4	-0,3	-0,5	0,8
PIB	-3,8	-0,2	0,1	-1,6	-1,2	0,5

Fonte: IGE, INE

En relación co comportamento de mercado de traballo, cómpre subliñar en primeiro lugar que a taxa de actividade mantívose estable en todo o período de crise, tanto en Galicia como en España. O feito relevante é que existe unha diferenza de máis de catro puntos nesta taxa a favor de España. Ante a forte destrución de emprego que provocou a caída da produción (a taxa de emprego pasou en Galicia do 50,1% en 2007 ao 41,4% no primeiro trimestre de 2014), a taxa de paro multiplicouse por tres na nosa comunidade autónoma e, aínda que é menor que en España, tamén o é a porcentaxe de persoas que participa no mercado de traballo. No primeiro trimestre de 2014, o lixeiro crecemento de PIB galego (0,2%) foi acompañado dun descenso

Cadro núm. 3**Taxa de actividade, emprego e paro (en %)**

	2007		2013		I trim. 2014	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Taxa de actividade	54,27	58,92	54,57	59,56	53,92	59,46
Taxa de emprego	50,12	54,05	42,52	43,86	41,41	44,05
Taxa de paro	7,64	8,26	22,07	26,36	23,20	25,93

Fonte: EPA

interanual de 22.800 ocupados, acadando a taxa de paro o 23,2%, ocupando o oitavo lugar no *ranking* da taxa de paro por comunidades autónomas.

Desde a perspectiva do gasto, apréciase que a achega negativa da demanda interna en 2013 segue sendo, como no conxunto de España, o principal elemento explicativo da desaceleración do PIB. A iso hai que engadir, en Galicia, o impacto da reactivación das importacións, variable que desde 2008 sempre se mantivo con taxas de variación negativas, pero que en 2013 creceu un 9,4%, e apenas si variou en España.

Cadro núm. 4**Taxa de variación do PIB e dos compoñentes da demanda (en %)**

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	I trim. 2014
Galicia								
Consumo dos fogares e ISFLSF	2,5	0,1	-1,7	-1,5	-1,7	-2,6	-2,3	-0,8
Gasto AAPP	6,6	5,3	3,5	0,2	-1,2	-3,3	-1,1	0,9
FBCF	3,6	-3,9	-22,1	-7,2	-18,2	-5,0	-2,7	0,2
Exportacións	6,8	-4,4	-8,3	5,2	2,7	-4,8	11,4	1,8
Importacións	4,3	-5,5	-12,1	-1,1	-6,4	-8,8	9,4	1,0
PIB	4,7	1,1	-3,5	0,5	-0,5	-0,9	-1,1	0,2
España								
Consumo dos fogares	3,5	-0,6	-3,8	0,1	-1,2	-2,8	-2,1	1,6
Gasto ISFLSF	4,5	1,3	1,8	2,7	-3,2	-0,2	-0,1	0,8
Gasto AAPP	5,6	5,9	3,7	1,5	-0,5	-4,8	-2,3	-0,2
FBCF	4,2	-4,2	-18,3	-4,2	-5,6	-7,0	-5,1	-1,1
Exportacións	6,7	-1,0	-10,0	11,7	7,6	2,1	4,9	8,1
Importacións	8,0	-5,2	-17,2	9,3	-0,1	-5,7	0,4	9,3
PIB	3,5	0,9	-3,8	-0,2	0,1	-1,6	-1,2	0,5

Fonte: IGE, INE

Gráfico 6

Evolución da taxa de variación das exportacións e importacións en Galicia (en %)





Gráfico 7

Evolución da taxa de variación das exportacións e importacións en España (en %)



Todos os compoñentes da demanda provocaron descensos no PIB, coa excepción das exportacións. En efecto, o espectacular incremento nas exportacións de bens e servizos, un 11,4%, contrarrestou o resultado do resto de variables, polo que foi a demanda externa a dinamizadora da actividade económica en Galicia.

Entre os compoñentes da demanda interna, cabe destacar a evolución da formación bruta de capital, variable cuxa traxectoria é un indicador do comportamento futuro da economía no seu conxunto. Despois dun comportamento bastante volátil, con fortes descensos en 2009 (-22,1%) e 2011 (-18,2%), esta variable freou a súa caída a partir de 2012, amosando incluso no inicio de 2014 unha taxa lixeiramente positiva en Galicia. Parece evidente que é preciso un esforzo inversor máis elevado para conseguir un crecemento estable. Pola súa banda, segue sen recuperarse o consumo dos fogares malia a mellora dos indicadores de confianza.

En canto á demanda externa, no crecemento dun 11,4% nas contas económicas galegas do valor real das exportacións, incidiron positivamente a venda de mercancías ao estranxeiro. Estas aumentaron en 2013, en termos monetarios, un 10,5% grazas ao avance das dúas partidas que concentran o 40% das vendas ou exterior, os vehículos automóbiles, cun crecemento do 28%, e pezas de vestir, cun 8%. Especificamente, este incremento susténtase na recuperación económica e da demanda dos principais países europeos compradores de ambos os produtos. As vendas a Francia, Portugal e Reino Unido, que concentran un 42% do total exportado, avanzaron un 15%, 7% e 22% respectivamente. Ademais, cabe destacar que o patrón exportador galego, aínda

que lentamente, continua a diversificarse, tanto en produtos como xeograficamente, o que constitúe unha boa nova por canto as empresas galegas están accedendo a novos nichos de mercado en países de rápido crecemento. Neste sentido, cabe destacar o incremento das vendas a Turquía, a México nun 40% e a Rusia nun 9%.

A traxectoria das exportacións galegas e, en xeral, do seu comercio co estranxeiro mostrou, do mesmo xeito que en España, unha gran volatilidade nos anos de crise. A conduta observada en 2013 (sensible aumento das exportacións e caída nas importacións) foi exactamente a contraria que a de 2012. Iso permitiu alcanzar un récord no saldo positivo da balanza comercial, 4.066,5 millóns de euros, saldo que en España segue sendo deficitario aínda que próximo ao equilibrio.


A evolución das variables económicas en 2013 produciuse nun contexto de leves tensións inflacionistas e cuns custos laborais por traballador e mes que, en Galicia, creceron en torno a un 2,5% (un 0,2% en España), debido sobre todo, ao incremento observado na actividade industrial. Esta evolución positiva seguramente se explica mellor pola perda do posto de traballo de persoas con menor cualificación que polo aumento nos custos laborais totais. De feito, os incrementos salariais pactados por convenio foron do 0,7%, taxa inferior á variación do IPC.

A taxa de variación media do IPC, en 2013, foi do 1,5% en Galicia (1,4% en España). O ano finalizou cunha taxa interanual, no mes de decembro, do 0,5%, dúas décimas máis elevada que a do conxunto de España. As partidas máis inflacionarias, a distancia considerable das demais, foron medicina, ensino e alimentos e bebidas alcohólicas.

En definitiva, 2013 pechou cunha caída na actividade, pero, como xa sinalamos, as previsións para o primeiro trimestre de 2014 apuntan un incremento do 0,2%. Non se conseguía unha taxa positiva desde o inicio de 2011 e, por cuarto trimestre consecutivo, mellorou a evolución interanual. As previsións actuais sobre a economía galega apuntan que 2014 pechará cunha variación do PIB que superará claramente o 1%. Galicia será unha das comunidades autónomas con maior taxa de crecemento grazas á recuperación da súa demanda interna e na que se manterá o dinamismo no sector exterior.

Gráfico 8

Distribución do valor (millóns de euros) das exportacións galegas por países seleccionados





The background image is a blue-tinted photograph of a modern building's interior. It features a wide staircase with a glass railing system. The architecture is characterized by clean lines and a mix of materials, including what appears to be stone or concrete for the steps and walls, and glass for the railings. The lighting is soft and even, creating a professional and contemporary atmosphere.

I. Mercado de trabajo

A evolución do mercado de traballo galego ao longo de 2013, ao igual que aconteceu a nivel nacional, seguiu a estar condicionado pola profunda recesión que estamos a atravesar, aínda que os principais indicadores parecen apuntar cara ao inicio dun cambio de tendencia, que tería comezado na última parte do ano. Segundo os datos da EPA, elaborada polo Instituto Nacional de Estatística (INE), no conxunto da economía española o proceso de destrución de emprego continuou en 2013, con 493.700 ocupados menos (-2,8%), acompañado dunha redución na actividade de 253.300 (-1,1%), o que deixou o número desempregados en 6.051.000, un 4,1% máis que en 2012. En termos interanuais, a redución na ocupación foise suavizando ao longo do ano, pasando de taxas de variación do -4,1% e o -3,4%, nos dous primeiros trimestres, ao -2,5% e -1,2%, no terceiro e cuarto, respectivamente. A poboación activa, pola súa banda, e a excepción do primeiro trimestre, no que caeu un 0,5%, mantivo un ritmo estable de redución no resto do ano, con taxas de variación do -1,2% no segundo e cuarto trimestres, e do -1,4% no terceiro. Como consecuencia, o desemprego foi moderando o ritmo de crecemento, pasando do 10,8% do primeiro trimestre ao 5,5% e o 2% do segundo e terceiro, chegando incluso a diminuír un 1,4% no cuarto. Non obstante, as caídas da poboación activa non se traduciron en aumentos similares da inactividade (esta aumentou tan só un 0,5% no conxunto do ano), o que está asociado a procesos de saída da poboación cara ao exterior, ben sexa por retorno de inmigrantes ou por emigración da poboación nacional.

O mercado de traballo galego replicou, en liñas xerais, o comportamento agregado, se ben con certos matices. A actividade reduciuse con maior intensidade que en España (-2%), cun comportamento homoxéneo ao longo do ano, mentres a ocupación caía con máis forza (40.800 ocupados menos, -3,9%). Ademais, aínda que o ritmo de destrución de emprego, ao igual que aconteceu en España, moderou a variación negativa ao longo do ano, as respectivas taxas interanuais foron superiores en Galicia en cada un dos trimestres (-4,9% e -3,5%, na primeira metade do ano, e -4,2% e -3%, na segunda). Deste xeito, o desemprego creceu por riba do que o fixo no conxunto nacional, en 14.000 (5,2%), o que deixa o número de parados estimados pola EPA en 284.600. Outro trazo diferenciador do mercado de traballo galego é o maior aumento da inactividade (1,3%). Este resultado pode ser consecuencia do menor impacto que tivera o fenómeno inmigratorio en Galicia, en relación ó conxunto do Estado, durante a anterior fase expansiva. En España o intenso proceso de destrución de emprego desde o comezo da recesión afectou de xeito importante aos inmigrantes, que en

Cadro núm. 1

Balance do mercado de traballo segundo sexo (en miles de persoas)

	2012	2013				2014	
	Media	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	I trim.
Galicia							
Homes							
Activos	700,2	686,0	686,2	684,5	675,6	683,0	670,6
Ocupados	554,6	532,0	532,5	534,1	523,6	530,0	511,9
Parados	145,6	154,0	153,6	150,4	152,0	152,5	158,6
Inactivos	447,5	458,1	455,9	455,2	462,9	458,0	465,8
Mulleres							
Activos	617,6	607,5	609,6	606,5	608,0	607,9	609,0
Ocupados	492,6	473,6	472,9	477,7	479,0	475,8	470,9
Parados	124,9	133,9	136,0	128,0	128,9	132,0	138,0
Inactivos	630,0	636,5	632,4	633,5	630,0	633,0	627,0
Total							
Activos	1.317,7	1.293,5	1.295,7	1.291,0	1.283,5	1.290,9	1.279,8
Ocupados	1.047,2	1.005,6	1.005,4	1.011,8	1.002,6	1.006,4	982,8
Parados	270,5	287,0	290,3	279,0	280,0	284,6	296,0
Inactivos	1.077,5	1.094,7	1.088,3	1.088,7	1.093,7	1.091,0	1.093,5
España							
Homes							
Activos	12.739,6	12.596,6	12.527,6	12.545,6	12.415,6	12.521,4	12.282,1
Ocupados	9.608,2	9.238,0	9.333,0	9.384,0	9.306,0	9.315,0	9.165,6
Parados	3.131,4	3.358,4	3.194,4	3.160,8	3.108,8	3.205,0	3.116,6
Inactivos	6.246,4	6.326,5	6.361,0	6.290,0	6.380,9	6.339,6	6.475,5
Mulleres							
Activos	10.704,2	10.711,8	10.680,3	10.627,8	10.655,2	10.668,8	10.601,8
Ocupados	8.024,5	7.791,9	7.827,4	7.845,2	7.828,4	7.823,0	7.785,0
Parados	2.679,6	2.919,9	2.852,9	2.782,6	2.826,8	2.845,6	2.816,7
Inactivos	9.124,9	9.098,0	9.111,0	9.133,9	9.091,4	9.108,9	9.124,0
Total							
Activos	23.443,7	23.308,0	23.207,9	23.173,4	23.070,9	23.190,2	22.883,9
Ocupados	17.632,7	17.030,2	17.160,0	17.230,0	17.135,2	17.139,0	16.950,0
Parados	5.811,0	6.278,2	6.047,3	5.943,4	5.935,6	6.051,1	5.933,3
Inactivos	15.371,3	15.424,8	15.472,8	15.423,9	15.472,3	15.448,5	15.599,7

[Continúa] ▶

Cadro núm. 1 (continuación)

Balance do mercado de traballo segundo sexo

	% variación 2013	Taxa de variación interanual (en %)				
		2013				2014
		I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	I trim.
Galicia						
Homes						
Activos	-2,4	-2,4	-2,4	-2,4	-2,6	-2,2
Ocupados	-4,3	-5,5	-3,3	-4,4	-4,0	-3,8
Parados	4,7	10,5	0,7	5,7	2,6	3,0
Inactivos	2,4	2,5	2,5	2,1	2,4	1,7
Mulleres						
Activos	-1,6	-2,1	-0,8	-1,9	-1,4	0,3
Ocupados	-3,4	-4,1	-3,7	-3,9	-1,9	-0,6
Parados	5,7	5,8	10,8	6,4	0,2	3,3
Inactivos	0,5	1,2	-0,1	0,8	0,3	-1,4
Total						
Activos	-2,0	-2,2	-1,7	-2,1	-2,1	-1,1
Ocupados	-3,9	-4,9	-3,5	-4,2	-3,0	-2,3
Parados	5,2	8,3	5,2	6,0	1,4	3,1
Inactivos	1,3	1,7	1,0	1,3	1,2	-0,1
España						
Homes						
Activos	-1,7	-1,1	-2,0	-1,9	-1,8	-2,5
Ocupados	-3,0	-4,6	-3,4	-2,7	-1,4	-0,8
Parados	2,4	10,0	2,2	0,8	-3,2	-7,2
Inactivos	1,5	0,8	2,5	1,6	1,1	2,4
Mulleres						
Activos	-0,3	0,2	-0,2	-0,8	-0,5	-1,0
Ocupados	-2,5	-3,5	-3,3	-2,2	-1,0	-0,1
Parados	6,2	11,6	9,5	3,5	0,6	-3,5
Inactivos	-0,2	-0,5	-0,2	0,2	-0,3	0,3
Total						
Activos	-1,1	-0,5	-1,2	-1,4	-1,2	-1,8
Ocupados	-2,8	-4,1	-3,4	-2,5	-1,2	-0,5
Parados	4,1	10,8	5,5	2,0	-1,4	-5,5
Inactivos	0,5	0,0	0,9	0,8	0,3	1,1

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa


moitos casos optaron por retornar aos seus países de orixe. Por este motivo, a pesares de que hai reducións na poboación activa, o número de inactivos permanece estable. En Galicia, pola contra, o aumento da inactividade vai asociado, por un lado ao envellecemento poboacional, pero tamén a un efecto desánimo consecuencia da atonía no mercado de traballo.

A análise por sexos revela que, a diferenza do acontecido en anos anteriores, a dinámica dos dous colectivos foi similar en canto ás tendencias xerais, aínda que existen certas diferenzas entre homes e mulleres. Así, a actividade diminuíu en maior medida no caso dos homes (-2,4% fronte ao -1,6% das mulleres), igual que acontece coa ocupación, que se reduciu nun 4,3% no grupo masculino e un 3,4% no feminino. O desemprego, pola contra, creceu máis no caso das mulleres (5,7% fronte a un 4,7% no dos homes). A evolución ao longo do ano tamén foi diferente por sexos, tanto na actividade como na ocupación. No caso dos homes, a actividade mantívose en taxas negativas de variación do -2,4% nos tres primeiros trimestres e do -2,6% no cuarto, mentres que a ocupación pasaba do -5,5% ao -4% entre o primeiro e o último trimestres do ano. No caso das mulleres a evolución foi menos negativa, xa que a actividade amosou en todos os trimestres taxas de diminución inferiores ás masculinas (-2,1% e -0,8% nos dous primeiros trimestres e -1,9% e -1,4% nos dous últimos) e a ocupación reduciu sensiblemente a taxa de variación do -4,1% do primeiro trimestre ao -1,9% do último. Como consecuencia, a dinámica do desemprego tamén foi diferente, aínda que cun elevado grao de volatilidade nas taxas de variación. No caso das mulleres oscilaron entre o 10,8% e o 6,4% do segundo e terceiro trimestres, e o 5,8% do primeiro e o 0,6% do último. No caso dos homes as variacións foron destacables no primeiro (10,5%) e terceiro (5,7%) trimestres, con taxas moito máis reducidas no segundo (0,7%) e no cuarto (2,6%).

Esta evolución do mercado de traballo en Galicia está a poñer de manifesto o cambio que se está a rexistrar na relación existente entre a actividade económica, o emprego e o desemprego, así como o elevado grao de asimetría nesta relación ao longo do ciclo económico. Empregando as series correspondentes á taxa de variación interanual do PIB proporcionadas pola Contabilidade Rexional, publicadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE), pódese observar como a relación entre as variacións do PIB e as do emprego mudou significativamente desde principios deste século (gráfico 1). Así, salvo trimestres illados, en 18 trimestres desde 2002, unha taxa de crecemento superior ao 2% ía acompañada de aumentos do emprego por riba do 2%. Unha vez comezada a recesión esta relación muda, de xeito que bastan taxas de crecemento negativas do 0,8% para reducir o emprego nun 2%. Esta relación asimétrica é moito máis evidente se comparamos a evolución do PIB coa da taxa de desemprego. Así, na primeira metade da pasada década as elevadas taxas de crecemento non lograron reducir a taxa de desemprego por debaixo do 6,6% (terceiro trimestre de 2007, cunha taxa de crecemento interanual do 6%), mentres que a profunda recesión, con 17 trimestres de 21 con variacións negativas do PIB, levou a taxa de desemprego a niveis por riba do 20%. Estes datos, por tanto, indican que a relación entre actividade, emprego e desemprego sufriu unha importante transformación desde o último ciclo expansivo, o que ha de

Gráfico 1

Taxa de variación do PIB, da ocupación e taxa de paro (en %) en Galicia



ser tido en conta para o deseño de políticas que traten de estimular o crecemento da produción e o emprego.

Consonte coa evolución descrita dos principais agregados, a taxa de actividade¹ reduciuse en 1,2 puntos, ata situarse no 54,2%, taxa que segue a ser claramente inferior á nacional, que en 2013 permaneceu estabilizada no 60%. Polo tanto, o diferencial entre Galicia e España aumentou en 1,2 puntos respecto ao ano anterior. Por sexos, a evolución foi diferente, xa que mentres a taxa masculina se reduciu en 1,8 puntos ata o 59,9% (6,5 puntos inferior á española), a feminina fíxoo en sete décimas, ata o 49% (cinco puntos inferior á nacional). A taxa de emprego² tamén experimentou un retroceso, neste caso de 1,7 puntos ata o 42,2%, que foi máis intenso no caso dos homes (2,3% fronte a un 1,2% de caída no grupo das mulleres, para acadar o 46,5% e 38,3% respectivamente). Estas variacións foron maiores que as rexistradas no conxunto do Estado, no que a taxa agregada se situou no 44,4%, tras diminuír seis décimas. Ademais, a redución nas taxas por sexos contrastou coa rexistrada en Galicia, xa que a masculina retrocedeu un punto (49,4%) e a feminina tres décimas


¹ A taxa de actividade defínese como o cociente entre a poboación activa e a poboación potencialmente activa, é dicir, maior de 16 anos.

² A taxa de emprego defínese como o cociente entre a poboación ocupada e a poboación potencialmente activa.


Gráfico 2

Taxas de actividade, ocupación e desemprego (en %) en Galicia


a) Taxas de actividade



b) Taxas de ocupación



c) Taxas de desemprego



(39,6%). A taxa de desemprego,³ aumentou máis en Galicia que en España (1,4 fronte a 1,1 puntos respectivamente), aínda que a galega (22%) é inferior á nacional en 4,1 puntos (26,1%). Por sexos non houbo grandes diferenzas, con aumentos de 1,5 e 1,3 puntos para homes e mulleres, de xeito que as taxas destes grupos non son moi diferentes (22,3% e 21,7%). Este aumento foi similar ao rexistrado en España no caso das mulleres, e superior no caso dos homes (nove décimas).

A análise da evolución da actividade por grupos de idade amosa que as maiores caídas se produciron no grupo de menores de 25 anos (8900 activos menos, un 10,7%), mentres que nos demais grupos a dinámica, aínda que negativa, foi máis suave. Así, no grupo central de 25 a 54 anos a caída foi do 1,4% (14.600 activos menos) e no grupo de maiores de 55 foi do 1,7% (3400). Ademais, mentres o grupo dos máis novos ofreceu un comportamento homoxéneo por sexos (caídas de 4600, un 10,3% e de 4300, un 11,1% no caso dos homes e das mulleres respectivamente), a redución no número de activos do grupo central debeuse principalmente ao grupo masculino, que reduciu o seu tamaño en 11.600 (un 2,1%), mentres no caso das mulleres a caída foi tan só do 0,6% (2900). Pola contra, no grupo de maiores de 55 anos sucedeu o contrario: dos 3400 activos menos neste grupo, 2500 foron mulleres (un 2,8% menos) e 900 homes (0,8%). Porén, a evolución das taxas de actividade dos diferentes grupos tamén foi moi distinta. A caída da taxa agregada en oito décimas agocha unha forte redución no caso dos máis novos (2,9 puntos) ata situarse no 35,2%, moi inferior ao 41,7% do conxunto nacional. Ademais a redución foi similar no caso dos homes e as mulleres (2,9 puntos en ambos os casos), con taxas respectivas do 36,9% e 33,4%. O grupo central de idade amosou un comportamento máis estable, cunha lixeira redución dunha décima ata acadar o 85,7%, un punto e medio por debaixo da media nacional. Neste caso a redución foi maior no caso das mulleres (sete décimas, cunha taxa de 81,5%) que nos dos homes (unha décima ata o 89,9%). En calquera caso, a taxa feminina está moito máis preto da media nacional (81,8%) que a masculina (92,4%), o que vén sendo un feito característico do mercado de traballo galego. No grupo de idade dos maiores de 55 anos as reducións foron moi similares en ambos os grupos (cinco e seis décimas, respectivamente), ata acadar taxas do 24,5% para os homes e do 15,9% para as mulleres, valores inferiores aos do conxunto de España (28,4% e 17,7%, respectivamente).

A caída da ocupación en 40.800 traballadores tivo un desigual impacto por grupos de idade e sexo. Ao igual que aconteceu no caso da actividade, as maiores variacións déronse no grupo dos máis novos, no que a caída foi do 18,3% (8300 ocupados menos), cun reparto equilibrado por sexos (4600 homes, un 3%, e 3700 mulleres, un 3,5%). En termos absolutos, a maior redución deuse no grupo central, cunha caída de 24.900 (3%), e un maior impacto sobre os homes (15.200, un 3,5%) que sobre as mulleres (9700, un 2,5%). Máis importante, polas consecuencias que pode ter de cara ás futuras posibilidades de reemprego, foi a significativa caída que se produciu no grupo de maiores de 55 anos (7500 ocupados menos, un 4,4% de variación), que afectou de

³ A taxa de desemprego defínese como o cociente entre a poboación parada e a poboación activa.

xeito homoxéneo aos homes (4100, un 4,4%) e ás mulleres (3400, coa mesma taxa de variación). Este grupo adoita amosar maiores dificultades de atopar un emprego, polo que a súa perda supón un risco evidente de caer en situacións de paro prolongado.

Estas dinámicas vense reflectidas nas taxas de emprego, que experimentaron diferentes evolucións en cada un destes grupos. Así, a taxa masculina caeu en 2,3 puntos, ata o 46,5% (1,6 puntos por debaixo da taxa nacional), mentres a feminina se reduciu en 1,2 puntos, ata o 38,3%. Por grupos de idade, a taxa dos máis novos é a que experimentou maiores variacións (3,3 puntos) ata situarse no 17,6%, con certas diferenzas por sexos: a masculina caía con máis intensidade que a feminina (3,6 e 2,9 puntos, respectivamente), para acadar valores do 18,1% e 17,2%. No grupo central de idade a taxa se reduciu en 1,1 puntos ata o 67,4%, 2,2 puntos por debaixo da media nacional. Esta evolución é consecuencia fundamental da redución que se rexistrou no grupo masculino (1,7 puntos, ata o 70,6%), xa que o feminino amosou unha redución moito máis suave (cinco décimas ata o 64,2%). Algo similar ocorre co grupo de maiores de 55, xa que a taxa dos homes cae o dobre que a das mulleres (-1,4 e -0,7 puntos), situándose ambas as taxas no 20,5% e no 13,7%, respectivamente.

Cadro núm. 2

Poboación activa por sexo e grupos de idade en Galicia (en miles de persoas)

	2012	2013	2014	Variación 2013-2012		TVI (%) 2014-2013
	Media anual	Media anual	I trim.	Absoluta	%	I trim.
Homes						
De 16 a 24 anos	44,3	39,0	38,1	-4,0	-10,0	-3,0
De 25 a 54 anos	547,0	536,0	528,0	-11,0	-2,0	-1,0
De 55 e máis anos	107,0	107,0	103,8	0,0	0,0	-3,0
Total	700,0	683,0	670,6	-17,0	-2,0	-2,0
Mulleres						
De 16 a 24 anos	38,0	34,0	32,6	-4,0	-11,0	-3,0
De 25 a 54 anos	490,5	487,6	489,0	-2,9	0,0	6,0
De 55 e máis anos	88,3	85,0	87,7	-2,0	-2,0	3,0
Total	617,0	607,9	609,0	-9,0	-1,0	-
Total						
De 16 a 24 anos	83,0	74,2	70,8	-8,0	-10,0	-3,0
De 25 a 54 anos	1.038,5	1.023,9	1.017,5	-14,0	-1,0	0,0
De 55 e máis anos	196,0	192,0	191,5	-3,4	-1,0	0,0
Total	1.317,7	1.290,9	1.279,8	-26,0	-2,0	-1,0

Cadro núm. 3

Poboación ocupada por sexo e grupos de idade en Galicia (en miles de persoas)

	2012	2013	2014	Variación 2013-2012		TVI (%) 2014-2013
	Media anual	Media anual	I trim.	Absoluta	%	I trim.
Homes						
De 16 a 24 anos	24,1	19,5	18,3	-4,6	-19,0	-9,0
De 25 a 54 anos	436,6	421,4	407,2	-15,2	-3,5	-2,8
De 55 e máis anos	93,8	89,7	86,5	-4,1	-4,4	-6,8
Total	554,6	530,6	511,9	-24,0	-4,3	-3,8
Mulleres						
De 16 a 24 anos	21,4	17,7	17,4	-3,7	-17,4	7,4
De 25 a 54 anos	393,7	384,0	377,6	-9,7	-2,5	-1,5
De 55 e máis anos	77,5	74,1	75,8	-3,4	-4,4	2,0
Total	492,6	475,8	470,9	-16,8	-3,4	-0,6
Total						
De 16 a 24 anos	45,6	37,2	35,7	-8,3	-18,3	-1,9
De 25 a 54 anos	830,3	805,4	784,9	-24,9	-3,0	-2,2
De 55 e máis anos	171,4	163,8	162,3	-7,5	-4,4	-2,9
Total	1.047,2	1.006,4	982,8	-40,8	-3,9	-2,3

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa

A caída na ocupación afectou a todos os sectores económicos, aínda que con diferentes intensidades. Así, novamente, o sector da construción volveu ser o que experimentou maiores caídas relativas (10.100 ocupados menos, un 12,7% de redución), en liña co acontecido a nivel nacional (redución dun 11,4%), o que evidencia, un ano máis, a magnitude do axuste no sector, que leva perdendo emprego de xeito continuado desde o comezo da crise. De feito, o sector case que reduciu á metade o seu tamaño en termos de emprego desde 2008, cunha caída de 65.000 empregos, un 48%. A industria, pola súa banda, tamén experimentou un retroceso notable en canto a ocupación, con 11.500 empregos menos, un 7%, taxa que supera a correspondente ao conxunto do Estado (5,2%). Outro fito característico do mercado laboral galego durante 2013 foi o comportamento do emprego agrario, que reduciu o seu tamaño nun 6,5% (5200 ocupados menos), porcentaxe claramente superior ao nacional (-0,9%), o que supón que do total de emprego destruído no sector no ano 2013, o 76% foi emprego galego. Os servizos foron os que mellor comportamento relativo tiveron, aínda que tamén presentaron unha caída do 1,9% (14.000 ocupados menos), dúas décimas por riba da taxa de variación en España. Como consecuencia desta dinámica, a estrutura do emprego segue a estar caracterizada por unha predominancia dos servizos

(70,5% do total), seguidos da industria (15,2%), mentres que a construción reduce a súa participación no total ata o 6,9% e a agricultura ata o 7,4%.

A análise dos datos da EPA sobre a ocupación por situación profesional revela que o autoemprego está a ser unha das vías elixidas polos traballadores para atopar unha ocupación. Así, os grupos de empresarios sen asalariados e os membros de cooperativas (outra forma de autoemprego, aínda que testemuñal desde o punto de vista da magnitude absoluta) foron os únicos que experimentaron variacións positivas ao longo de 2013, con aumentos respectivos do 1% e 1,2%. O resto de colectivos amosa caídas, que son especialmente significativas no caso dos asalariados (-8% no sector privado e -4,3% no sector público), os empresarios empregadores (-7,7%) e as axudas familiares (-20,9%). Desde o punto de vista das variacións absolutas, as maiores caídas tamén se deron no colectivo de asalariados (34.800 no sector público e 15.400 no privado) e no de empresarios empregadores (5400). Como resultado, a taxa de asalariación da poboación ocupada (porcentaxe de asalariados sobre o total de ocupados) permaneceu practicamente constante respecto a 2012, situándose no 77%, tres décimas por debaixo da do ano precedente, con diferenzas apreciables por sexos (taxa feminina do 80,4% fronte a un 74% dos homes).

A taxa de temporalidade dos asalariados situouse no conxunto do ano no 22,8%, unha décima menos que en 2012 e tres décimas por debaixo da media nacional, o que indica que un dos principais problemas do mercado laboral en España segue sen resolverse. As empresas tomaron a vía da temporalidade como unha opción para gañar flexibilidade na contratación (as indemnizacións ao remate do contrato son inferiores aos custos de despedimento asociados aos contratos indefinidos), pero esta estratexia pode xerar problemas de precariedade laboral e baixa produtividade. Por sexos, a temporalidade afecta en maior medida ás mulleres (taxa do 24,1%) que aos homes

Gráfico 3

Estrutura sectorial do emprego en Galicia. Ano 2013





Gráfico 4

Estrutura do emprego por situación profesional en Galicia. Ano 2013



(21,5%), aínda que a dinámica ao longo de 2013 foi moi diferente, ao reducirse a taxa feminina en 1,4 puntos e aumentar a masculina nun punto.

A evolución conxunta de actividade e ocupación ten o seu reflexo último no desemprego, que aumentou en 14.000 ao longo do ano, un 5,2%. Así, no grupo de 25 a 54 anos o desemprego medrou en 10.500 (un 5% respecto a 2013), mentres que no de maiores de 55 anos fíxoo en 4200, un 16,9%. O grupo dos menores de 25 anos, pola contra, viu como se reducía o desemprego en 600, un 1,5%. Esta redución, non obstante, está máis relacionada coa caída na actividade que cun aumento da ocupación. Por sexos, o aumento no paro foi lixeiramente máis intenso no caso das mulleres (5,7%, 7200 paradas máis) que no dos homes (4,7%, con 6900 parados máis), aínda que se deron claras diferenzas por grupos de idade. Así, mentres no grupo masculino de 16 a 24 anos aumentou o desemprego nun 0,1%, no caso das mulleres reduciuse un 3,3%. No grupo central de idade o aumento do paro foi maior no caso das mulleres (7% fronte a 3,2%), mentres que no grupo de maiores de 55 ocorreu o contrario, cun aumento no caso dos homes do 23,2% que contrasta co avance do 8,9% das mulleres. A análise da variación interanual do desemprego por grupos de idade pon de manifesto tendencias preocupantes. Por unha banda, a nivel agregado confirmábase un descenso no ritmo de crecemento do desemprego, pasando do 8,3% do primeiro trimestre ao 1,4% do último. Non obstante, esta dinámica é moi dispar por grupos de idade. No caso dos menores de 25 anos as taxas comezan sendo positivas a principios de ano (3,9% e 2,2%) na primeira metade, para pasar a ser negativas nos dous últimos trimestres (-5,9% e -5,6% respectivamente). Esta evolución vén explicada polo grupo feminino, que amosa taxas de variación negativas na última parte de ano do -12,5% e o -15,6%, fronte á variación no grupo masculino, que foi do 0,5% e o 3,6%. Por outra banda, no grupo de maiores de 55 anos as taxas de crecemento do paro foron crecentes ao longo do ano, pasando do 5,8% do primeiro trimestre e o 15,4% do segundo ao 24,3% e o 21,5% nos dous últimos. Polo tanto aínda que os datos xerais apuntan cara a un descenso no ritmo de crecemento do desemprego, a desagregación por grupos de idade fainos matizar as conclusións. Por unha banda, no grupo dos máis novos o descenso no paro vén explicado por caídas na actividade e non por un aumento na ocupación. En segundo lugar, o paro dos maiores de 55 anos aumenta a ritmo crecente ao longo do ano, feito preocupante pola baixa taxa de reemprego dos traballadores maiores, o que pode abocalos a situacións de desemprego prolongado.

O reflexo conxunto da evolución da actividade e do desemprego pódese analizar a través da taxa de desemprego, que en todos os grupos de idade experimentou aumentos. Así, se a taxa do conxunto de Galicia se situou no 22%, a masculina fíxoo no 22,3% e a feminina no 21,7%, con aumentos respectivos de 1,5 puntos. No caso dos máis novos, as taxas son moito máis elevadas, acadando un moi preocupante 49,9% para o conxunto (4,7 puntos máis), o 51% para os homes (5,3 puntos de aumento) e o 48,7% para as mulleres (catro puntos de avance). O grupo central de idade ten unha dinámica máis suave, con taxas para o conxunto do 21,3% (aumento de 1,3 puntos), do 24,1% para os homes e o 21,4% para as mulleres (con crecementos respectivos de 1,3 e 1,1 puntos). No grupo dos maiores de 55 as taxas son sensiblemente inferiores

(15,1% para o total, 16,3% para os homes e 13,6% para as mulleres), aínda que o aumento que se produciu foi significativo (2,4 puntos para o conxunto, 3,2 para os homes e 1,4 para as mulleres).

Unha das consecuencias que está a ter esta dinámica do desemprego é o agravamento do fenómeno do paro de longa duración, traballadores que permanecen nesta situación durante máis dun ano. Este fenómeno é importante porque se a situación de paro se prolonga no tempo por períodos longos, o traballador, por unha banda, perde a motivación para a busca de emprego e, polo tanto, pode optar por abandonar o mercado de traballo debido a un efecto desánimo. Ao mesmo tempo, as cualificacións e habilidades dos traballadores desempregados vanse depreciando co paso do tempo, o que dificulta o reemprego. Por este motivo é preocupante que máis da metade dos desempregados en Galicia (57,4%) levasen nesa situación máis dun ano (22,2% entre un e dous anos, e o 35,2% máis de dous anos). Ademais, e comparando respecto a anos anteriores, estase a reducir a porcentaxe de parados que leva desempregados menos dun ano (do 45,2% en 2012 ao 38,4% en 2013) e está aumentando a porcentaxe dos desempregados de longa duración (do 50,3% de 2012 ao mencionado 57,4%). O grao de rotación a curto prazo dos desempregados (parados que perden o seu emprego e volven atopar un novo traballo) é moi baixo (acorde cunha situación de


Cadro núm. 4

Desempregados por sexo e grupos de idade en Galicia (en miles de persoas)

	2012	2013	2014	Variación 2013-2012		TVI (%) 2014-2013
	Media anual	Media anual	I trim.	Absoluta	%	I trim.
Homes						
De 16 a 24 anos	20,2	20,2	19,8	0,0	0,1	3,1
De 25 a 54 anos	111,3	114,9	121,5	3,6	3,2	1,3
De 55 e máis anos	14,1	17,4	17,4	3,3	23,2	17,6
Total	145,6	152,5	158,6	6,9	4,7	3,0
Mulleres						
De 16 a 24 anos	17,4	16,8	15,2	-0,6	-3,3	-14,1
De 25 a 54 anos	96,8	103,6	111,2	6,8	7,0	5,4
De 55 e máis anos	10,7	11,7	11,8	1,0	8,9	11,3
Total	124,9	132,1	138,3	7,2	5,7	3,3
Total						
De 16 a 24 anos	37,6	37,0	35,0	-0,6	-1,5	-5,1
De 25 a 54 anos	208,1	218,6	232,7	10,5	5,0	3,2
De 55 e máis anos	24,9	29,1	29,2	4,2	16,9	15,0
Total	270,5	284,6	296,9	14,0	5,2	3,1

Gráfico 5

Desemprego rexistrado en Galicia



crise xeneralizada), e con valores que van decrecendo no tempo. Así, en 2012 o 4,5% do total de desempregados xa atopara emprego, mentres que en 2013 esta porcentaxe caeu ao 4,2%.

Os datos de desemprego rexistrado nas oficinas públicas de emprego, proporcionados polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) ofrecen unha imaxe complementaria á da EPA.⁴ Para o conxunto do ano, o desemprego rexistrado aumentou en 5481 persoas, un 2%, que contrasta co forte incremento do 12,1% rexistrado no ano precedente. Ademais, esta desaceleración do desemprego rexistrado foise acentuando ao longo do ano. Así, nos primeiros seis meses do ano as taxas interanuais aínda que positivas, foron cada vez máis pequenas, pasando do 7,2% de xaneiro ao 1,6% de xuño. Na segunda metade do ano as variacións interanuais movéronse no contorno do 0%, para acabar sendo negativas (-2,1% e -2,8%) nos dous últimos meses do ano. Isto suxire que, a pesares de que os datos da EPA e do desemprego rexistrado non son comparables, si están a indicar dinámicas similares no mercado de traballo, por canto

⁴ Estas dúas fontes estatísticas son metodoloxicamente diferentes (a EPA é unha enquisa, polo que os datos son obtidos por mostraxe, mentres que os datos de paro rexistrado son datos administrativos), e as definicións empregadas por ambas as operacións estatísticas para definir un parado son distintas. Isto explica por que existen disparidades nos datos proporcionados por ambas as fontes, o que nos recorda que non deben ser comparadas.

parece que o número de desempregados moderou o seu crecemento ao longo do ano. Isto non implica necesariamente unha mellora na situación do mercado laboral (de feito, xa indicamos que o ritmo de variación da ocupación non mellorou substancialmente ao longo do ano), e pode ser un sinal dun efecto de desánimo importante que provocaría, ben unha retirada do mercado laboral de moitos traballadores desempregados, ou ben a saída cara ao exterior en busca de oportunidades laborais.

Os datos da EPA correspondentes ao primeiro trimestre de 2014 parecen confirmar para o conxunto nacional as tendencias apuntadas, é dicir, unha moderación no ritmo de destrución de emprego e unha aceleración no ritmo de redución do desemprego. Así, mentres a actividade continuou a diminuír (-1,8%), a ocupación facíao tan só nun 0,5% (a taxa máis baixa dos últimos anos), o que implicou un descenso no desemprego do 5,5%. Por xénero, ademais, déronse fortes diferenzas, xa que a caída do desemprego masculino duplicou a taxa de redución do feminino (7,2% fronte a 3,5%). En Galicia, pola súa banda, aínda que tamén se reduciu o ritmo de destrución de emprego, o paro acelerou o ritmo de crecemento respecto do último trimestre de 2013. Mentres a actividade caía un 1,1% (-2,2% no caso dos homes e aumentaba un 0,3% no das mulleres), o emprego reducíase nun 2,3%, afectando especialmente aos homes (-3,8% fronte ao -2,3% das mulleres). Como consecuencia, o desemprego aumentou un 3,1%, tanto no grupo dos homes (3%) como no das mulleres (3,1%). En suma, estes datos indican que o ciclo do mercado laboral galego segue a ser diferente do nacional, e serán os datos da EPA correspondentes ao resto do ano 2014 os que confirmen ou refuten estas tendencias.

A situación laboral dos traballadores novos

Un dos problemas máis importantes aos que ten que facer fronte calquera goberno hoxe en día é a situación laboral dos traballadores máis novos (menores de 25 anos), xa que presentan taxas de desocupación intolerables nunha sociedade moderna. As consecuencias deste problema son visibles tanto a curto como a longo prazo. Por unha banda, a ausencia de oportunidades laborais para este colectivo pode forzalos a buscar alternativas laborais fóra de Galicia e de España, o que pode resultar nun risco de perder parte da poboación activa máis educada, precisamente a máis motivada para emigrar. Por outra banda, a tardía entrada destes traballadores no emprego fai complicada a súa emancipación e a formación dunha traxectoria vital, o que pode ter efectos sobre a (xa baixa) natalidade, o futuro financiamento do sistema público de pensións, etc. Polo tanto, é necesaria a aplicación de políticas que traten de mellorar as perspectivas laborais deste grupo de traballadores.

Segundo os datos da EPA o número de activos no grupo de 16 a 24 anos diminuíu en 8900 (un 10,7%) entre 2012 e 2013, dos que 4600 eran homes e 4300 mulleres. Podemos pensar en dous posibles destinos para estes traballadores: a inactividade ou

a emigración. Desafortunadamente a EPA non proporciona datos de inactividade desagregados por grupos de idade, pero si temos acceso aos datos por tipo de inactividade. Se a saída de traballadores novos do mercado laboral se está a producir porque se están a incorporar a procesos regrados de educación, a situación non sería preocupante, xa que indicaría unha acumulación de capital humano que axudaría ao proceso de recuperación económica, cunha poboación activa máis formada. Non obstante, os datos da EPA indican que o número de inactivos por motivos de estudo está a decrecer en Galicia un 5,5% respecto a 2012, en liña co que acontece en España, onde cae un 6,3%. Por outra banda, a hipótese de que estes traballadores están a marchar fóra de Galicia para buscar oportunidades laborais debería aparecer reflectida nas variacións da poboación en residencia que proporciona a EPA. Así, obsérvase que a poboación entre 16 e 35 anos descendeu en Galicia durante o último ano en 27.100, un 4,6%. Esta variación foi especialmente intensa no grupo de 20 a 24 anos (3200, un -3,1%) e no de 25 a 34 anos (20.000, un -5,4%), os grupos xa educados e con maior propensión a emigrar. Ademais, a hipótese de que estas variacións reflicten un efecto puramente demográfico de transvasamento da poboación a tramos de idade superiores a medida que envellece queda desbotada, ao comprobar que o grupo de idade de 35 a 44 anos aumentou o seu tamaño en 1100, só un 0,2%. Polo tanto, estes datos de forma conxunta amosan unha imaxe preocupante. Os resultados provisionais da Estadística de Migraciones publicada polo INE complementan esta análise e indican que, no primeiro semestre de 2013 (único dato definitivo dispoñible do ano), un total de 2420 persoas entre 20 e 35 anos emigraron cara a outras comunidades autónomas, e 2100 fixérono cara ao estranxeiro. Aínda que ambas fontes estatísticas non son comparables, si parecen indicar que a magnitude do problema é importante.

Outro dos obstáculos aos que se enfrenta o segmento de poboación máis nova prodúcese ao incorporárense efectivamente ao mercado de traballo, xa que atopan emprego con dificultade (taxas de paro no contorno do 50%) e, no caso de atopar, ocupación, esta adoita ser de baixa calidade. Os datos da EPA amosan que ao longo do ano 2013 o colectivo de menores de 25 anos foi o máis afectado pola destrución de emprego, cun resultado neto de 8300 ocupados menos (-18,3%). Ademais, o tipo de emprego ao que adoitan acceder estes traballadores é esencialmente temporal. A taxa de temporalidade do colectivo entre 16 e 24 anos foi, en 2013, do 68% (máis de tres veces a taxa do conxunto da economía galega e, se estendemos a análise aos traballadores de ata 29 anos, esta taxa segue a ser moi alta (52,1%). En calquera caso, estes datos indican os elevados niveis de precariedade aos que se teñen que enfrontar os máis novos. Por outra parte, esta ocupación é en moitos casos fortemente estacional, xa que no terceiro trimestre prodúcese unha elevación na ocupación deste grupo, explicado polo período de verán. O sector onde maioritariamente atopan emprego os novos é o de servizos (74,6% en 2013), seguido da industria (13,1%) e a agricultura (6,4%). Polo tanto parece que a construción, logo do profundo reaxuste que está a experimentar, deixou de ser un sector reclamo para os máis novos no mercado de traballo.

A dinámica territorial do mercado de traballo

Como vén sucedendo habitualmente, a dinámica do mercado de traballo galego agocha fortes diferenzas por provincias, reflexo lóxico de diferentes realidades demográficas e económicas. Isto tradúcese en desiguais evolucións da actividade, ocupación e paro. Así, o número de activos reduciuse en todas as provincias, especialmente en Ourense (6200 activos menos, un 4,3%), A Coruña (12.200, un 2,2%) e Pontevedra (8200, un 1,8%), mentres Lugo amosaba un comportamento máis suave, con 200 activos menos (un 0,2%). As taxas de actividade foron menores en Lugo e Ourense (52% e 47,9% respectivamente) que na franxa atlántica (55,3% na Coruña e 55,9% en Pontevedra), o que indica un maior dinamismo nestas últimas. En calquera caso, estas taxas amosaron lixeiras reducións (un punto na Coruña, seis décimas en Ourense e 1,6 puntos en Pontevedra) coa excepción de Lugo, onde avanzou en catro décimas. Os niveis de ocupación, pola súa banda, caeron de xeito forte nas catro provincias, especialmente en Ourense, cunha variación de 9100 ocupados menos, un 8,1%. A Coruña perdeu 19.700 (4,3%) e Lugo 4700 (3,5%), mentres Pontevedra foi a provincia menos afectada pola destrución de emprego (7300, un 2,1%). As taxas de emprego, porén, reducíronse en todas as provincias, de xeito que acadan o 44,1% na Coruña, o 42,1% en Lugo, o 36,4% en Ourense e o 42,1% en Pontevedra, é dicir, de novo parece repetirse o patrón interior-costa atlántica. A destrución de emprego descrita amosa tamén importantes diferenzas sectoriais entre as catro provincias. O sector agrario perdeu un total de 5200 postos de traballo, que se repartiron entre os 2700 da Coruña (2,7% de variación), 2100 en Ourense (30,1%) e 1800 en Pontevedra (8,5%). Lugo, pola súa banda, foi a única provincia cunha variación positiva de 1400 ocupados máis, un 5,8%. A ocupación na industria, por outra banda, caeu con forza na Coruña (6600 empregos menos, un 10,2%), Lugo (2300, un 14,5%) e Ourense (2600, un 13,3%), mentres que en Pontevedra a variación negativa foi moi leve (200 ocupados menos, un 0,3%). Algo similar ocorre coa construción, que diminúe con forza en Ourense (2700, un 25,5%), Lugo (1900, un 18,9%) e A Coruña (5400, un 16%), en tanto que Pontevedra experimenta unha caída de tan só 100 ocupados (0,3%). En canto aos servizos, a provincia na que teñen un comportamento relativo menos negativo é A Coruña, onde a caída foi de 5000 (1,5%), mentres que no resto de provincias as variacións foron do -2,4% en Ourense (1800 ocupados menos), -2,3% en Lugo (1900) e -2,2% en Pontevedra (5200). En definitiva, a diferenza do acontecido no ano precedente, a provincia de Pontevedra experimentou un mellor comportamento relativo en termos de ocupación, fundamentalmente explicado polo emprego non agrario (que cae só un 1,7%) mentres que o deterioro do emprego en Ourense foi moi acusado.

Como consecuencia desta evolución, a composición sectorial do emprego non sufriu cambios relevantes. A importancia en termos de ocupación do sector primario, a pesar de ser superior á media nacional, é, en liñas xerais, reducida, a excepción de Lugo, onde supón o 20,1% do total. No resto de provincias o sector móvese entre o 5,7% e 5,6% de Pontevedra e A Coruña e o 4,6% de Ourense. A industria, pola súa parte, oscila entre os relativamente elevados valores de Pontevedra (19,2%) e Ourense

Cadro núm. 5

Ocupación por sectores económicos e provincias (en miles de persoas)


	2012	2013	Variación 2013-2012	
	Media anual	Media anual	Absoluta	%
A Coruña				
Agricultura	27,0	24,3	-2,7	-10,1
Industria	64,0	57,4	-6,6	-10,2
Construción	33,9	28,5	-5,4	-16,0
Servizos	328,3	323,3	-5,0	-1,5
Non-agrario	426,1	409,1	-17,0	-4,0
Total	453,1	433,4	-19,7	-4,3
Lugo				
Agricultura	24,3	25,7	1,4	5,8
Industria	15,5	13,3	-2,3	-14,5
Construción	9,8	7,9	-1,9	-18,9
Servizos	83,1	81,1	-1,9	-2,3
Non-agrario	108,4	102,3	-6,1	-5,6
Total	132,7	128,0	-4,7	-3,5
Ourense				
Agricultura	6,8	4,8	-2,1	-30,1
Industria	19,6	17,0	-2,6	-13,3
Construción	10,5	7,8	-2,7	-25,5
Servizos	76,1	74,2	-1,8	-2,4
Non-agrario	106,1	99,0	-7,1	-6,7
Total	112,9	103,8	-9,1	-8,1
Pontevedra				
Agricultura	21,4	19,6	-1,8	-8,5
Industria	65,8	65,7	-0,2	-0,3
Construción	25,2	25,1	-0,1	-0,6
Servizos	236,0	230,8	-5,2	-2,2
Non-agrario	327,0	321,6	-5,4	-1,7
Total	348,4	341,2	-7,3	-2,1
Galicia				
Agricultura	79,6	74,4	-5,2	-6,5
Industria	164,9	153,3	-11,6	-7,0
Construción	79,4	69,3	-10,1	-12,7
Servizos	723,4	709,5	-14,0	-1,9
Non-agrario	967,6	932,0	-35,6	-3,7
Total	1.047,2	1.006,4	-40,8	-3,9

(16,4%) e os máis reducidos da Coruña (13,2%) e Lugo (10,4%). A construción, despois do intenso proceso de reaxuste que leva sufrido desde o comezo da recesión, reduciu notablemente o seu peso no total, de xeito que hoxe en día representa o 7,5% en Ourense, o 7,4% en Pontevedra, o 6,6% en A Coruña e o 6,2% en Lugo. Os servizos, polo tanto, son os que concentran a maior parte da poboación ocupada en Galicia, oscilando o seu peso entre o 63,4% e o 67,6% de Lugo e Pontevedra, respectivamente, ata o 71,5% de Ourense e o 74,6% da Coruña.

A información proporcionada pola EPA pode ser complementada polos datos de afiliación á Seguridade Social desagregados por provincias. Entre 2012 e 2013 produciuse unha caída xeneralizada do número de traballadores afiliados en alta en todas as provincias, con taxas de variación que oscilan entre o -2,2% en Ourense, o -2,6% na Coruña, o -3,2% en Pontevedra e o -3,6% en Lugo. Dentro do réxime xeral (que engloba o 74% do total de afiliados) as variacións foron intensas en Lugo (caída do 4,6%) e Pontevedra (-3,6%), mentres que A Coruña reducía o número de afiliados nun 3,3% e Ourense presentaba a taxa máis baixa, un -2,7%. O réxime de autónomos (que representa arredor do 23% do total de afiliados) amosou no conxunto de Galicia unha redución do 0,9%, que se repartiu nas catro provincias de xeito desigual. Mentres Lugo e Pontevedra rexistraron taxas de variación similares (-1,3%), Ourense e A Coruña presentaron taxas máis reducidas (-0,8% e -0,4% respectivamente). En calquera caso, para todos os réximes, e en todas as provincias, constátase unha melloría nas taxas

Gráfico 6

Taxas de desemprego provinciais (en %)



de variación interanuais a medida que avanzou o ano, o que parece confirmar que o proceso de destrución de emprego puido tocar chan ao longo do ano 2013.

A evolución do desemprego tamén presentou fortes diferenzas por provincias. Segundo os datos da EPA, a única onde se reduciu o número de desempregados foi en Pontevedra (900, un 0,8% menos), xa que nas demais os aumentos oscilaron entre o 7,4% da Coruña, o 9,9% de Ourense e o 17,5% de Lugo. A dinámica do desemprego en Pontevedra está relacionada coa retirada da poboación activa de traballadores desempregados, xa que, como describimos anteriormente, a creación de emprego na provincia foi negativa. Como consecuencia destas dinámicas, as taxas de desemprego provinciais presentaron variacións positivas, aínda que o aumento en Pontevedra foi tan só de dúas décimas, ata situarse no 24,7%. No resto, as maiores subas déronse en Ourense (3,1 puntos ata o 24,1%), Lugo (2,9 puntos ata o 19%) mentres que A Coruña incrementou a súa taxa en 1,8 puntos ata o 20,2%.

Os efectos da reforma laboral sobre a contratación: unha primeira avaliación

En febreiro de 2012 o Goberno de España aprobaba o R D Lei 3/2012 de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral. A premisa era que o mercado de traballo español presentaba un elevado número de rixideces que era necesario corrixir co obxectivo de fomentar máis e mellor emprego, así como dotar as empresas dun maior grao de flexibilidade para afrontar os retos da recuperación. As medidas adoptadas foron dirixidas en varias direccións: fomento da contratación indefinida, cambios na intermediación laboral, mobilidade e modificación das condicións de traballo, expedientes de regulación de emprego (tanto no relativo á suspensión do contrato, a redución da xornada ou ao despedimento colectivo), nova regulación do despedimento obxectivo e da extinción do contrato de traballo, así como dotar as empresas de maior flexibilidade na aplicación dos convenios colectivos.

Sen entrar a valorar o fondo da cuestión (a necesidade dunha reforma deste tipo), si parece interesante facer unha primeira valoración dos resultados nun dos seus obxectivos, o fomento da contratación indefinida. Neste sentido a reforma propoñía cinco grandes liñas de actuación: favorecer os autónomos e as pemes coa creación do contrato indefinido de apoio aos emprendedores, impulsar o traballo a tempo parcial como mecanismo de reparto do emprego, regulábase o traballo a distancia como vía para favorecer a flexibilidade na organización das empresas, bonificábase a transformación de contratos temporais de prácticas, relevo e substitución en indefinidos (só no caso das pemes) e limitábase o encadeamento de contratos temporais.

A Estadística de Contratos, elaborada polo Sistema Público de Emprego Estatal (SEPE) permite analizar a evolución das diferentes figuras contractuais e, polo tanto, facer unha primeira avaliación sobre o éxito deste aspecto da reforma laboral de 2012.

Cadro núm. 6

Contratos rexistrados segundo tipo en Galicia

	Núm. de contratos			Variación (%)	
	2011	2012	2013	2012-2011	2013-2012
Indefinidos					
Bonificados/Non bonificados	28.028	30.125	31.194	7,5	3,5
Discapacitados	451	384	326	-14,9	-15,1
Total indefinidos	28.479	30.509	31.520	7,1	3,3
Temporais					
Obra ou servizo	231.453	228.635	255.809	-1,2	11,9
Eventuais por circunstancias da produción	272.147	278.613	293.771	2,4	5,4
Interinidade	85.853	76.194	73.639	-11,3	-3,4
Discapacitados	913	774	878	-15,2	13,4
Inserción	-	-	-	-	-
Substitución	1.087	984	740	-9,5	-24,8
Xubilación parcial	1.558	1.624	909	4,2	-44,0
Substitución por xubilación aos 64 anos	102	120	28	17,6	-76,7
Temporais formativos					
■ Prácticas	3.028	2.327	2.738	-23,2	17,7
■ Formación	4.872	5.258	8.355	7,9	58,9
Total temporais	601.013	594.529	636.867	-1,1	7,1
Outros	16.794	15.707	16.120	-6,5	2,6
Total contratos	646.286	640.745	684.507	-0,9	6,8

Fonte: SEPE, Estadística de contratos

Segundo esta fonte estatística o número total de contratos rexistrados en Galicia durante 2013 foi de 684.507, un 6,8% máis que no ano precedente, rompendo coa evolución negativa que presentaba esta serie. A contratación indefinida aumentou un 3,5%, taxa de crecemento moi inferior á rexistrada no ano precedente (7,5%), polo que non se pode afirmar que as novas posibilidades de contratación á disposición das empresas estean a fomentar unha contratación máis estable. Os contratos temporais, pola súa banda, aumentaron un 7,1%, cifra que contrasta coa caída do 1,1% que se rexistrara en 2012. Polo tanto, os datos indican que o crecemento da contratación estase dando, fundamentalmente, a través de figuras temporais, indo polo tanto na dirección contraria á deseñada na reforma. Ademais, do total de contratos, os indefinidos reduciron o seu peso, pasando do 4,7% en 2012 ao 4,6% en 2013.

Dentro da contratación temporal, as figuras relacionadas coa inserción laboral diminuíron notablemente a súa importancia. Así, o contrato de relevo cae nun 24,8%, o de xubilación parcial un 44% e o de substitución por xubilación aos 64 anos un 76,7%, se ben hai que indicar que estes contratos representan unha parte ínfima

respecto do total. Un aspecto esperanzador é a evolución dos contratos temporais formativos, que serven de vía de entrada para os traballadores máis novos no mercado de traballo: este tipo de contratos (prácticas e de formación) sumaron un total de 11.093, o que supuxo un aumento do 46,3%. As dúas figuras máis habituais dentro do grupo dos contratos temporais (obra ou servizo e eventuais por circunstancias da produción) presentaron aumentos respectivos do 11,9% e o 5,4%, representando entre ambos o 80% do total de contratos rexistrados.

Por outra banda, ao longo do ano transformáronse en indefinidos un total de 22.271 contratos temporais, principalmente contratos de obra e servizo (5903) e eventuais por motivos da produción (14.526). Isto supón un aumento respecto a 2012 de tan só o 3,1%, o que de novo pon de manifesto que outro dos obxectivos perseguidos pola reforma laboral non se acadou. Ademais, os contratos a tempo parcial reducíronse respecto a 2012 en 8257, polo que tampouco parece que este aspecto da reforma estea a lograr os resultados desexados.

A gran recesión e os salarios en Galicia

Unha das principais consecuencias que a crise está a ter sobre o mercado laboral é a moderación salarial, necesaria para poder mellorar a competitividade empresarial e evitar a destrución de emprego. Non obstante, esta moderación, que pode permitir a continuidade das empresas en dificultades, e mesmo pode axudar a mellorar a lograr a apertura externa dos diferentes sectores, pode ter consecuencias macroeconómicas negativas importantes vía redución da capacidade de gasto por parte dos traballadores, que diminuírían deste xeito a súa demanda efectiva, e a través dun maior grao de desigualdade na distribución dos ingresos.

A análise da evolución dos salarios na economía española, e da galega en particular, durante o ano 2013 vese complicada pola ausencia de estatísticas de salarios conxunturais, é dicir, referidas a este ano. Por este motivo debemos acudir a dúas fontes alternativas, que non miden exactamente os niveis salariais, pero si permiten unha aproximación cara ao problema que estamos a describir.

En primeiro lugar, a Estadística de Convenios Colectivos, publicada polo Ministerio de Emprego, permite analizar a evolución do aumento salarial pactado nos diferentes tipos de convenios no conxunto dun determinado ano (o ministerio deixou de publicar en 2013 os datos mensuais desagregados por comunidades autónomas, polo que nos temos que centrar nos datos anuais). Neste sentido, desde o comezo da recesión a finais do ano 2007, o aumento salarial pactado, tanto nos convenios de empresa como nos convenios de ámbito superior (sector, comunidade autónoma, etc.), non deixou de reducir o seu valor, mostra clara do intenso proceso de moderación salarial experimentado na economía galega desde entón. Así, se en 2007 o aumento salarial atopaba un pico, que se situaba no 5% para o total de convenios (3,8% para os convenios de


Cadro núm. 7**Custo laboral por traballador, sector de actividade e compoñentes do custo**
(en euros)

	2012	2013	Variación 2013-2012	
	Media anual	Media anual	Absoluta	%
Industria				
Custo total	2.206,2	2.260,2	54,0	2,4
Custo salarial total	1.618,1	1.656,0	37,9	2,3
Custo salarial ordinario	1.434,2	1.447,2	13,0	0,9
Outros custos	588,1	604,2	16,1	2,7
Custo por percepcións non-salariais	89,4	85,3	-4,1	-4,5
Custo por cotizacións obrigatorias	514,5	528,2	13,8	2,7
Subvencións e bonificacións da S. Social	15,7	9,4	-6,4	-40,4
Construción				
Custo total	2.516,4	2.630,9	114,6	4,6
Custo salarial total	1.835,0	1.914,3	79,2	4,3
Custo salarial ordinario	1.564,4	1.617,5	53,0	3,4
Outros custos	681,3	716,6	35,3	5,2
Custo por percepcións non-salariais	107,5	104,2	-3,3	-3,1
Custo por cotizacións obrigatorias	595,3	621,5	26,2	4,4
Subvencións e bonificacións da S. Social	21,6	9,1	-12,5	-57,8
Servizos				
Custo total	2.414,2	2.416,4	2,2	0,1
Custo salarial total	1.646,7	1.639,8	-6,9	-0,4
Custo salarial ordinario	1.421,7	1.428,5	6,8	0,5
Outros custos	767,5	776,6	9,1	1,2
Custo por percepcións non-salariais	192,7	183,8	-9,0	-4,7
Custo por cotizacións obrigatorias	590,8	602,3	11,5	2,0
Subvencións e bonificacións da S. Social	16,0	9,5	-6,5	-40,5
Total				
Custo total	2.103,7	2.148,7	45,0	2,1
Custo salarial total	1.559,4	1.590,6	31,2	2,0
Custo salarial ordinario	1.402,1	1.404,9	2,8	0,2
Outros custos	544,2	558,1	13,8	2,5
Custo por percepcións non-salariais	73,2	70,8	-2,5	-3,4
Custo por cotizacións obrigatorias	485,2	496,7	11,5	2,4
Subvencións e bonificacións da S. Social	14,2	9,4	-4,8	-33,7

Fonte: INE, Encuesta Trimestral de Costes Laborales

Gráfico 7

Aumento salarial pactado nos convenios colectivos en Galicia



empresa e 5,1% para os convenios dou-
tro ámbito), en 2013, tomando o dato co-
rrespondente aos convenios asinados ata
decembro dese ano, o aumento salarial
situouse no 0,66% para o total (1,69%
para os convenios de empresa e 0,53%
para os de ámbito superior).

Outra fonte estatística alternativa
para analizar a evolución dos salarios é a
Encuesta Trimestral de Costes Laborales,
elaborada polo INE, e que ofrece informa-
ción sobre a evolución dos custos laborais
nas empresas dos sectores de industria,
construción e de servizos. Segundo esta
enquisa, entre 2012 e 2013, o custo labo-
ral total aumentou en Galicia nun 2,4%,
especialmente nos sectores de industria
(4,6%) e servizos (2,1%), mentres na
construción o custo total permanecía
practicamente constante, cun avance de
tan só o 0,1%. Dentro dos custos totais,

o custo salarial total comprende o salario base percibido polo traballador, os comple-
mentos salariais, os pagos por horas extraordinarias e os pagos atrasados, todo en
termos brutos, é dicir, antes de facer os pagos correspondentes á Seguridade Social por
parte do traballador ou as retencións fiscais. Este custo salarial aumentou entre 2012 e
2013 tan só un 0,9%, mentres que no ano precedente caera un 0,9%. Por sectores, os
aumentos foron máis reducidos nos servizos (0,2%) e na construción (0,5%), mentres
a industria experimentou un avance do 3,4%. Desde esta perspectiva, estes datos
confirman un proceso de moderación no crecemento dos custos salariais das empresas
nos últimos anos. Queda por determinar que efecto xerará este proceso nos ingresos
dos traballadores e na súa distribución, análise que non poderá ser desenvolvida ata
dispoñer das estatísticas necesarias para iso.



The image is a full-page background photograph with a blue color overlay. It depicts a modern architectural interior. In the foreground, there are wide, light-colored stone or concrete steps leading upwards. To the right, a glass railing with a dark metal handrail runs along the edge of the steps. In the background, a staircase with a curved glass balustrade is visible, leading to an upper level. The ceiling is a grid of recessed lighting panels. The overall atmosphere is clean, minimalist, and professional.

II. Agricultura

Algúns acontecementos relevantes en 2013

Aprobación da reforma da PAC 2014-2020 e acordos sobre a súa aplicación en España

Aprobación final da reforma da PAC 2014-2020

En *A Economía Galega. Informe 2012* referímonos ás negociacións sobre a reforma da PAC para o período 2014-2020 que estaban en marcha entre o Parlamento Europeo e o Consello a partir das propostas da Comisión. Con posterioridade, en setembro de 2013 esas tres institucións alcanzaron un acordo sobre o contido da reforma, acordo que se plasmou nos catro regulamentos de base da PAC publicados no *Diario Oficial* da Unión Europea o 20 de decembro: pagamentos directos, medidas de mercado, desenvolvemento rural e cuestións horizontais.

Sen entrar no pormenor da reforma, cómpre dicir que se manteñen os dous elementos centrais que formaban parte da proposta inicial da Comisión. En primeiro lugar, no que se refire á regulación dos mercados, a liberalización segue sendo o principio director. Por outra parte, respecto ás axudas directas á renda, confírmase a desaparición do actual sistema e a súa substitución por un novo, aínda que a demora en pechar as negociacións vai facer que este non entre en vigor ata 2015. O novo sistema contempla distintos pagamentos directos, entre os que cada estado debe distribuír, cunha importante marxe de autonomía, a cantidade global asignada para este fin polo orzamento comunitario:

- a. As axudas que deben aplicarse obrigatoriamente son: pagamento de base (entre o 40% e o 70% da suma asignada a cada estado); *greening* ou pagamento aos agricultores que respecten prácticas beneficiosas para o ambiente (30%); axuda a agricultores mozos (ata o 2% do total das axudas); réxime simplificado para os pequenos agricultores (ata o 10%).
- b. A iso únense outras axudas de aplicación optativa: pagamento para os agricultores en zonas con condicionantes naturais específicos (ata o 5%); axudas asociadas á produción (ata o 13%, máis un 2% para proteaxinosas); e pagamento redistributivo para as primeiras hectáreas de cada explotación (ata o 30% da suma total).

Precisamente é no sistema de axudas onde hai máis diferenzas entre o acordo final e as propostas da Comisión, tendo os cambios unha liña común: posibilitar que os estados que o desexen manteñan na maior medida posible o statu quo no reparto interno das axudas, tanto entre produtores como entre territorios. Neste sentido cabe destacar os seguintes puntos introducidos ao longo das negociacións:

1. Posibilitábase que os estados, en vez de asignar dereitos de axuda a todas as hectáreas declaradas o ano de entrada en vigor do novo sistema (2015), limiten esa superficie en función de datos históricos.
2. O acordo limita a igualación nos pagamentos por hectárea dentro de cada estado ou rexión; de tal modo que esa *converxencia interna* só teña que darse de modo parcial.
3. Suavízanse as condicións para acceder ao novo *pagamento verde* ou *greening*.
4. A redución dos pagamentos aos maiores perceptores (por enriba de 150.000 euros) suavízase de modo substancial, e elimínase o tope máximo de 300.000 euros para as axudas por explotación.
5. Para compensar en parte o anterior, aceptouse a proposta francesa dun *pagamento redistributivo*, que posibilita incrementar as axudas ás primeiras 50 hectáreas de cada explotación.

Ademais, a definición de *agricultor activo* quedou restrinxida a unha listaxe negativa de persoas xurídicas (aerportos, campos de golf...) que non poderán beneficiarse das axudas da PAC, deixando a cada estado a posibilidade de establecer unha definición máis restritiva.

As decisións sobre a aplicación desta reforma en España

Os regulamentos comunitarios desta reforma da PAC deixan importantes decisións en mans dos estados, sobre todo no que se refire á distribución das axudas directas e ao destino dos fondos de desenvolvemento rural. En España non se coñecen aínda todos os detalles sobre o modelo de aplicación, pero os acordos das conferencias sectoriais celebradas en xullo de 2013 e xaneiro de 2014 concretaron bastantes aspectos. Comezando polas axudas directas do primeiro pilar da PAC, cabe salientar as seguintes decisións:

1. A superficie que se beneficiará das axudas a partir de 2015 vaise limitar ás hectáreas declaradas en 2013.
2. Para a xestión das axudas aplicárase un modelo de *rexionalización*, no que cada rexión estará composta por tipos de superficies que en 2013 tivesen pagamentos por hectárea similares. Non se trata, pois, de rexións con continuidade xeográfica, senón que en cada unha poden estar produtores e leiras de comunidades autónomas distintas, sendo o criterio que partan dunha axuda por hectárea similar. A previsión do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA) é que España se divida en 22 ou 24 *rexións virtuais*.

3. A igualación das axudas por hectárea dentro de cada unha desas rexións vai ser a mínima permitida pola normativa comunitaria. As explotacións que reciben menos do 90% da media rexional beneficiaranse dun aumento gradual, de tal forma que se corrixa un terzo da diferenza de aquí a 2019; coa condición adicional de que todas deben alcanzar como mínimo o 60% da media rexional. Ese sistema aplicarase tanto ao pagamento de base como ao *pagamento verde*.

4. Acordouse reservar o 2% dos fondos para o pagamento a agricultores mozos, non activar, en cambio, as axudas a zonas con condicionantes naturais específicos e aplicar o réxime simplificado para pequenos agricultores aos que cobren menos de 1250 euros.

5. Na liña de alterar o menos posible o reparto das axudas, non se poñerá en marcha o pagamento adicional ás primeiras hectáreas de cada explotación. Por outra parte, non se realizarán transvases de fondos entre axudas directas e política de desenvolvemento rural.

6. O 12,08% dos fondos (584,9 millóns de euros anuais) vanse destinar a axudas vinculadas á produción concentradas nos seguintes sectores: 187,7 millóns para vacas de cría, 154,9 para ovino, 93,6 para vacún de leite, 44,5 para cultivos proteicos e 40,1 para vacún de engorde.

7. No que respecta á definición de *agricultor activo*, acordouse excluír das axudas directas as persoas para as que os subsidios supoñan máis do 80% dos ingresos agrarios, sen establecer, en cambio, ningún requisito sobre o peso dos ingresos agrarios na renda total.

En conxunto, o modelo de aplicación da reforma da PAC polo que se optou en España aparece marcado por un criterio esencial: manter o statu quo na distribución das axudas directas, tanto entre territorios como entre explotacións. Nesa liña vai o (complexo) modelo de rexionalización, a limitación ao mínimo posible da igualación das axudas por hectárea, a definición ampla de *agricultor activo* ou a renuncia a introducir un maior recorte dos pagamentos por enriba de 150.000 euros. E na mesma dirección hai que situar a decisión de non aplicar o pagamento adicional ás primeiras hectáreas de cada explotación. O resultado desde a perspectiva galega é que o noso sector agrario vai continuar recibindo unha porcentaxe das axudas da PAC que chegan a España (ao redor do 3%) moi inferior ao seu peso na produción, o emprego ou o número de explotacións (entre 7% e 9% do total español). No lado positivo, cabe mencionar o incremento das axudas acopladas no vacún de leite; aínda que está por ver o que sucede cos outros pagamentos nestas explotacións.

No que respecta á política de desenvolvemento rural, a conferencia sectorial de xaneiro de 2014 decidiu o reparto dos fondos do FEADER entre as comunidades autónomas. Para Galicia a cantidade é similar en euros correntes á do período 2007-2013. Pero hai que ter en conta que esa estabilidade dos fondos europeos vaise acompañar dunha redución substancial do cofinanciamento achegado pola Administración central e en menor medida o da Xunta de Galicia. Deste modo, o Programa de Desenvolvemento

Rural de Galicia 2014-2020 contará cun volume total de fondos inferior nun 20% aos programados inicialmente no período 2007-2013 (ao redor de 1500 millóns de euros). Esa redución dos fondos dota, se cabe, de maior relevancia o contido do programa que debe elaborar agora o Goberno galego, cuxo acerto dependerá da orde de prioridades á hora de destinar eses fondos.

O sector lácteo, ás portas da desaparición do sistema de cotas

A conxuntura favorable do sector en 2013


A campaña láctea 2014-2015, que acaba de comezar o 1 de abril de 2014, será a última na que estea en vigor o sistema de cotas. O 31 de marzo de 2015 poñerase punto final a ese sistema de control da produción instaurado en 1984. Esa desaparición veu precedida dun proceso de *aterraxe suave*, cun incremento gradual do volume das cotas desde 2008.

O contexto no que se inicia a última campaña con cotas é mellor, tanto na Unión Europea como en Galicia, ao que sufriu o sector nos anos anteriores. Rompendo cos baixos prezos que viñan manténdose desde 2009, na segunda metade de 2012 iniciouse unha recuperación dos prezos percibidos polos produtores galegos que proseguiu ao longo de 2013, de tal forma que o prezo medio cobrado en decembro de 2013 superou en case 8 céntimos de euro/litro o do mesmo mes do exercicio anterior (gráfico 1). Esta alza non é exclusiva de Galicia, senón que forma parte dunha tendencia xeral a

Gráfico 1

Evolución mensual dos prezos do leite ao produtor

(céntimos de euro/litro para Galicia e España; céntimos/kg para a Unión Europea)



escala europea. De feito, os gandeiros galegos seguen sendo, dentro das zonas que concentran a produción láctea española (Galicia, Castela e León, Cataluña, Asturias, Andalucía e Cantabria), os que reciben prezos máis baixos.¹ E na comparación coa media da Unión Europea, as nosas explotacións pasaron de cobrar un prezo superior durante boa parte da campaña 2009-2010 a ter nos anos recentes un prezo inferior (gráfico 1).

A orixe da alza recente dos prezos hai que buscala na conxuntura do mercado mundial. A liberalización da política láctea da Unión Europea, derivada das sucesivas reformas da PAC a partir de 2003, fixo que a evolución do mercado comunitario estivese cada vez máis ligada aos mercados internacionais, uns mercados caracterizados


pola crecente volatilidade. Pois ben, neles obsérvase, a partir da segunda metade de 2012, unha forte alza nas cotizacións das principais *commodities* lácteas (manteiga e leite en PO, sobre todo), polo aumento do consumo e a redución das exportacións de Oceanía, sendo isto o que explica esencialmente a elevación dos prezos percibidos polos gandeiros na Unión Europea. Queda por ver a duración desta situación. Ao respecto hai que sinalar que no segundo trimestre de 2014 comezou a constatare unha caída das cotizacións internacionais deses produtos industriais, o que pode ser unha simple oscilación estacional ou marcar o inicio dun novo ciclo baixista.

Ademais da conxuntura favorable do prezo do leite, a situación dos gandeiros galegos nos últimos meses tamén mellorou pola redución dos custos da alimentación animal. Segundo datos do Ministerio

de Agricultura, ao longo de 2013 o prezo da ración completa para vacún de leite reduciuse en máis do 10%, unha tendencia que proseguiu nos meses iniciais de 2014. O abaratamento dos alimentos comprados ten un significativo impacto na conta de resultados das explotacións lácteas, ao tratarse da principal partida dos custos: en 2011 a compra de alimentos supoñía o 41% dos custes de produción, sen incluír o custo de oportunidade dos factores familiares.²

Gráfico 2

Evolución das entregas de leite axustadas por materia graxa
(variación en cada campaña respecto da campaña anterior)



¹ MAGRAMA-FEGA (2014): *Informe de precios. Importes abonados declarados período 2013-2014 abril-marzo*.

² Barbeyto, F, e C. López (2013): *Resultados técnico-económicos das explotacións de vacún de leite en Galicia 2011*, Consellería do Medio Rural e do Mar, Santiago de Compostela.

Esa favorable conxuntura para a renda dos gandeiros estimulou que estes incrementasen de forma significativa as súas entregas de leite á industria, acelerando a tendencia expansiva dos últimos anos. Así, na campaña 2013-2014 que acaba de concluír, as explotacións galegas aumentaron as entregas en case un 4%, en contraste co práctico estancamento no resto do estado (gráfico 2). Nas últimas catro campañas o volume de entregas en Galicia aumentou a un ritmo notablemente superior á media española, facendo que a participación na produción láctea do Estado se elevase do 37,2% en 2009-2010 ao 38,8% en 2013-2014.

Esa dinámica da produción aproxima o comportamento galego ao das principais zonas lácteas da Unión Europea e parece avalar o potencial das nosas explotacións nun horizonte sen cotas. Segundo os datos da Comisión Europea,³ nos primeiros once meses da campaña 2013-2014 as entregas aumentaron un 6,6% en Bélxica, 5,9% en Holanda, 4,6% no Reino Unido, 4,6% en Irlanda, 3,1% en Dinamarca, 2,9% en Alemaña ou 1,6% en Francia. Trátase da resposta ante a conxuntura dos prezos, pero tamén do comportamento dunhas explotacións que están anticipando a desaparición das cotas. Neste sentido, os datos confirman a tendencia prevista por numerosos estudos: nun horizonte sen cotas, a produción láctea da Unión Europea vai tender a concentrarse naquelas zonas con maiores vantaxes competitivas; ben polos menores custos, ben pola proximidade aos centros de consumo e/ou por contar cunha industria máis sólida. Os datos recentes para Galicia invitan á esperanza; pero todo vai depender de se o dinamismo das explotacións vai acompañado dun reforzamento do sector industrial e unha mellor organización da cadea.

A fin do proxecto de Alimentos Lácteos

No informe anterior referímonos a que a continuidade de Alimentos Lácteos S. L. estaba pendente de que se concretase o apoio financeiro ao seu plan de viabilidade, que, de non producirse, levaría á liquidación deste proxecto impulsado no seu momento pola Xunta de Galicia. Desgraciadamente o tempo veu confirmar o que titulamos como *crónica dunha morte anunciada*. No proceso de liquidación coñeceuse, segundo o administrador concursal, que a empresa estaba en situación de quebra desde finais de 2010 e que, pese a iso, os xestores mantiveron a actividade, o que levou a que continuase acumulando perdas durante case tres anos. Esta morte supón non só un paso atrás na consolidación dunha industria láctea galega de base cooperativa, senón un duro golpe económico para algunha das cooperativas implicadas e para un importante número de gandeiros que quedaron sen cobrar parte do leite entregado.

³ Estes datos proceden do Observatorio do Mercado Lácteo posto en marcha pola Comisión: http://ec.europa.eu/agriculture/milk-market-observatory/index_en.htm.

Os lentos avances na organización da cadea: os contratos lácteos

No *Informe 2011* aludimos á aprobación dun regulamento comunitario sobre as relacións contractuais no sector lácteo, que contempla a posibilidade de que os estados membros convertan en obrigatorios os contratos por escrito de compravenda de leite e que abre a vía para que as organizacións de produtores negocien eses contratos, incluído o prezo.⁴ Esas disposicións foron recollidas posteriormente no novo regulamento que establece unha organización común dos mercados dos produtos agrarios,⁵ no marco da reforma da PAC 2014-2020.

A aplicación desas disposicións en España tivo lugar a través do Real Decreto 1363/2012, que veu substituír unha norma previa, o Real Decreto 460/2011, e regula o recoñecemento das organizacións de produtores e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e define as condicións de contratación. Entre outras disposicións, este RD establece a obrigatoriedade dos contratos escritos, fixando a súa duración mínima nun ano (a non ser que o produtor renuncie a iso), define as condicións nas que as organizacións de produtores poderán negociar os contratos, e recoñece a Organización Interprofesional Láctea (INLAC) como a competente para procesar os datos sobre os contratos e publicalos, para elaborar contratos tipo e para publicar indicadores de mercado que poidan servir de referencia na negociación de prezos.

Partindo desa normativa, nos dous últimos anos a INLAC elaborou un modelo tipo para o contrato de subministro de leite, asinou co Ministerio de Agricultura un acordo para a creación da base de datos denominada GECOLE sobre contratos no sector lácteo, e vén publicando na súa web tres modelos de referenciación dos prezos do leite encargados a entidades independentes: o denominado índice *Vaca A*, elaborado polo Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela, e os índices *Vaca B* e *Vaca C*, elaborados pola consultora ABN Métrics.

Segundo a base de datos GECOLE, en marzo de 2014 o 80,3% dos gandeiros en activo en España tiñan un contrato asinado. Pero a duración media dos contratos é de 5,6 meses, 8,1 meses cando o receptor é unha cooperativa e 4,5 cando non; neste último conxunto máis da metade dos contratos teñen unha duración inferior a tres meses. Nunha visión global, a pesar dos avances no volume de leite entregado baixo contratos, persisten fortes dúbidas sobre a capacidade real dos produtores e as súas organizacións para negociar as súas condicións, sendo habituais as denuncias de que esas condicións son impostas unilateralmente pola industria. En conxunto, son aínda limitados, en España e en Galicia, os avances na organización das relacións entre gandeiros e industrias e na articulación da cadea láctea, tarefa imprescindible para dotar dunha mínima estabilidade o sector ante a desaparición das cotas.

⁴ Regulamento (CE) 261/2012 do Parlamento e do Consello de 14 de marzo de 2012.

⁵ Regulamento 1308/2013, publicado o 20 de decembro de 2013.

A dinámica do complexo agroalimentario no período 2000-2011

O IGE actualizou recentemente as Contas Económicas de Galicia con base 2008, incorporando as cifras de 2011 ademais de revisar as estimacións para os exercicios anteriores. Desta forma contamos cunha serie homoxénea referida ao período 2000-2011 para 77 ramas de actividade, o que permite ter unha panorámica da evolución do complexo agroalimentario nestes anos. Das 77 ramas incluímos neste complexo 6: agricultura, gandería, caza e servizos relacionados; procesamento e elaboración de carne e preparación de produtos cárnicos; fabricación de produtos lácteos; fabricación de produtos para a alimentación animal; outras industrias alimentarias e fabricación de bebidas.

O complexo de produción agroalimentario así definido mantén un peso importante na economía galega: en 2011 supón o 4,2% do PIB e o 7,1% do emprego. Ademais, nos últimos anos mostra unha mellor capacidade para afrontar o contexto de crise, seguramente por tratarse de bens cunha baixa elasticidade-renda (cuxa demanda se ve menos afectada pola caída da renda dos fogares); o que fixo mesmo que desde 2009 aumentase a súa importancia relativa no conxunto da economía (cadros 1 e 2).

A primeira das ramas, agricultura e gandería, é a de maior peso económico, achegando case as dúas terceiras partes do VEB do complexo. Ademais, a inclusión do ano 2011 confirma o apuntado no anterior informe: nos anos recentes o sector agrario gaña peso en comparación coa industria agroalimentaria, invertendo a tendencia

Cadro núm. 1

Evolución do valor engadido do complexo agroalimentario de Galicia. Período 2000-2011

	2000	2002	2004	2006	2008	2009	2010*	2011*
Millóns de euros correntes								
Agricultura, gandería e caza	1.048,5	1.293,0	1.357,3	1.290,7	1.570,6	1.360,4	1.337,1	1.395,6
Industria agroalimentaria	607,5	664,8	791,6	865,5	928,4	833,7	782,8	776,0
Industria cárnica	122,6	116,6	142,1	145,9	136,8	162,0	138,9	165,4
Industria láctea	116,7	167,8	170,4	176,1	192,8	138,3	107,2	80,3
Industria alimentación animal	59,7	58,0	87,0	128,9	116,1	85,8	83,7	75,5
Outras industrias alimentarias	207,2	211,0	224,7	240,4	310,7	244,6	227,1	231,0
Industria de bebidas	101,3	111,4	167,3	174,1	172,1	203,1	225,9	223,9
Total complexo agroalimentario	1.656,1	1.957,8	2.148,8	2.156,2	2.499,0	2.194,1	2.119,9	2.171,7
% sobre o total da economía galega								
Agricultura, gandería e caza	3,4	3,7	3,4	2,8	3,0	2,6	2,6	2,7
Industria agroalimentaria	2,0	1,9	2,0	1,9	1,8	1,6	1,5	1,5
Total complexo agroalimentario	5,4	5,6	5,4	4,7	4,7	4,2	4,1	4,2

*Os datos dos anos 2010 e 2011 son provisionais.

Fonte: Elaboración propia a partir de

■ IGE, Contas Económicas de Galicia. Base 2008. Serie 2000-2011

Cadro núm. 2

Evolución do emprego no complexo agroalimentario de Galicia. Período 2000-2011

	2000	2002	2004	2006	2008	2009	2010	2011
Postos de traballo (miles)								
Agricultura, gandería e caza	130,3	102,6	93,2	77,4	63,9	61,4	61,5	59,7
Industria agroalimentaria	17,9	17,1	18,0	19,3	20,2	21,2	20,9	20,6
Industria cárnica	3,9	4,5	4,8	4,6	3,9	4,4	4,0	4,1
Industria láctea	1,7	2,0	2,0	2,2	2,0	2,1	1,9	2,0
Industria alimentación animal	1,2	1,0	1,1	1,2	1,4	1,3	1,4	1,3
Outras industrias alimentarias	9,2	7,6	7,8	9,0	10,2	10,7	10,8	10,6
Industria de bebidas	1,8	2,1	2,3	2,4	2,8	2,7	2,8	2,7
Total complexo agroalimentario	148,2	119,7	111,2	96,8	84,1	82,5	82,4	80,3
% sobre o total da economía galega								
Agricultura, gandería e caza	11,9	9,1	8,0	6,3	5,0	5,1	5,3	5,3
Industria agroalimentaria	1,6	1,5	1,6	1,6	1,6	1,7	1,8	1,8
Total complexo agroalimentario	13,5	10,6	9,6	7,9	6,6	6,8	7,1	7,1

Fonte: Elaboración propia a partir de:
 ■ IGE, Contas Económicas de Galicia. Base 2008. Serie 2000-2011

previa e o que constitúe a evolución habitual nos países desenvolvidos. Sen dúbida, a crise económica non é allea a esa dinámica e parece estar afectando de forma máis intensa ás ramas dedicadas á transformación de produtos agrarios que á propia agricultura. Isto reflíctese en que o valor engadido da industria agroalimentaria diminuíu no período 2008-2011 nun 16% en euros correntes, en tanto que no sector agrario a caída foi do 11% (cadro 1).

No que respecta ao emprego, o feito máis salientable é que durante este decenio continuou a forte ritmo a caída do emprego agrario, que só se viu freada desde 2009 pola crise económica e as crecentes dificultades para encontrar oportunidades laborais noutros sectores. Con todo, en 2011 a agricultura seguía absorbindo as tres cuartas partes do emprego total do complexo. Se nos centramos na etapa de crise, conséntase unha moderada redución do emprego no sector agrario e unha estabilidade na industria agroalimentaria, en contraste coa notable caída do emprego total na economía galega. O resultado é que o peso relativo do complexo en termos de emprego aumentou do 6,6% do total de Galicia en 2008 ao 7,1% en 2011 (cadro 2).

En calquera caso, os datos recentes non alteran a debilidade estrutural do noso complexo agroalimentario sinalada en informes anteriores: o escaso desenvolvemento da agroindustria. As cifras de 2011 corroboran esta fotografía, que se plasma en que o valor engadido pola agroindustria non alcanza o 60% do agrario. Un dato que contrasta co dos países do noso contorno, nos que o habitual é que o VEB xerado na transformación das materias primas agrarias sexa superior ao da propia agricultura.

Como temos sinalado, esta debilidade estrutural explícase por dous factores: a saída fóra de Galicia sen elaborar dunha parte da produción primaria e a especialización da nosa agroindustria en produtos de escaso valor engadido. Este problema afecta especialmente ás principais producións gandeiras (leite e carne), e dá lugar a un feito rechamante: a pesar da especialización gandeira do agro galego, non son as ramas industriais relacionadas con estas producións (industria cárnica, láctea e de alimentación animal) as que teñen maior peso económico; este lugar é ocupado polas *outras industrias alimentarias* e a *industria de bebidas*, que en conxunto achegan máis da metade do VEB e do emprego da industria agroalimentaria (cadros 1 e 2).

Tendencias a medio prazo do sector agrario (1990-2012)

Nos dous informes anteriores ofrecemos un balance sobre a dinámica das macromagnitudes do sector agrario galego no período 1990-2008, tomando como base a información estatística dispoñible que estaba integrada por dúas series: a serie publicada polo Ministerio de Agricultura para o decenio 1990-2000 e as estimacións anuais da Consellería do Medio Rural para o período 2000-2008. No último ano viron a luz novos datos que permiten actualizar esa análise ata 2011. Por un lado, o IGE publicou as Contas Económicas de Galicia para o período 2000-2011; uns datos, examinados na alínea anterior, que, sen ofrecer para a agricultura unhas contas detalladas, si permiten aproximarse á evolución das magnitudes básicas (produción e renda), enlazando coa serie da Consellería do Medio Rural. Por outra parte, despois dunha década sen achegar esta información, o MAGRAMA fixo pública unha estimación das Cuentas Económicas de la Agricultura por comunidades autónomas para 2011.⁶

Apoiándonos nesas cifras, imos achegar unha imaxe actualizada das tendencias a medio prazo do noso sector agrario, concretamente para o período 1990-2011, completándoa co que indican para 2012 as nosas propias estimacións. Con isto, trátase de resumir a dinámica do sector nos dous últimos decenios para contextualizar a análise que efectuamos despois sobre a súa conxuntura en 2013.

Tendencias globais no período 1990-2011

No gráfico 3 recolleemos a evolución anual das macromagnitudes básicas do sector agrario galego en termos reais no período 1990-2011, que se obtén tomando as series do MAGRAMA (1990-2000) e a Consellería do Medio Rural (2000-2008) e enlazando

⁶ MAGRAMA: *Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados regionales 2011* (<http://www.magrama.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/economia/cuentas-economicas-agricultura/#para4>).


esta última cos datos do IGE para os anos 2008-2011.⁷ Fixándonos nas tendencias no conxunto do período, aparecen definidas tres notas:

- O volume da produción agraria incrementouse neses 21 anos en case un 30% (29,6%), o que supón unha taxa media acumulativa anual do 1,2%.
- Ese crecemento moderado do *output* acompañouse, porén, dunha diminución da renda agregada (-20,4%) que tivo a súa orixe en dous factores: o notable aumento dos consumos intermedios e as amortizacións do capital fixo, e a dinámica desfavorable dos prezos (só compensada en parte pola alza das subvencións).
- O terceiro feito a salientar é o fortísimo axuste demográfico, que se concreta en que a poboación ocupada reduciuse a menos dun cuarto do seu volume inicial (-78%). Isto posibilitou que, a pesar do descenso da renda global, a renda por ocupado experimentase un incremento espectacular: multiplicouse (en euros constantes) por 3,6 no período 1990-2011 (gráfico 3).

O cadro 3 permite situar esas tendencias no contexto español, a partir das macromagnitudes en termos correntes publicadas polo MAGRAMA para 1990, 2000 e

Gráfico 3

Evolución en termos reais da produción, da renda e da renda por ocupado no sector agrario galego (índices: base 1990 = 100)



Fonte: Series do MAGRAMA (1990-2000) e Consellería do Medio Rural - IGE (2000-2011)

⁷ As cifras de produción están expresadas en termos reais (descontando a variación dos prezos percibidos), e as relativas á renda agraria en moeda constante (deflactadas polo IPC). Convén lembrar que todos os datos se refiren á rama «Agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionadas», e que a produción aparece medida a prezos básicos (suma dos prezos ao produtor máis as subvencións ligadas directamente aos produtos).

Cadro núm. 3

Evolución das macromagnitudes do sector agrario galego e do seu peso na agricultura española

Período 1990-2011 * (valores correntes)

	Millóns de euros correntes							Poboación ocupada (miles)	Renda agraria/ ocupado (miles de euros)
	(A) Producción agraria	(B) Consumos intermedios	(C = A-B) VEB a prezos básicos	(D) Amortizacións (consumo de capital fixo)	(E) Outras subvencións á produción	(F) Outros impostos sobre a produción	Renda agraria (VENcf) (C-D+E-F)		
Cifras absolutas									
1990	1.470,8	505,0	965,7	181,2	17,9	1,5	800,8	292,4	2,7
2000	1.653,7	788,3	865,4	266,1	23,9	2,0	621,1	140,0	4,4
2011	3.078,5	1.645,8	1.432,7	400,7	245,8	10,5	1.267,4	64,3	19,7
% variación									
1990-2000	12,4	56,1	-10,4	46,8	33,2	27,9	-22,4	-52,1	62,0
2000-2011	86,2	108,8	65,6	50,6	930,4	429,2	104,0	-54,1	344,3
1990-2011	109,3	225,9	48,4	121,1	1.272,8	577,1	58,3	-78,0	619,6
Galicia / España (%)									
1990	6,0	5,7	6,2	9,2	6,1	3,0	5,8	21,0	27,7
2000	4,6	5,9	3,8	9,6	1,8	1,5	2,9	14,5	20,2
2011	7,5	8,3	6,7	8,5	4,1	4,0	5,7	8,9	64,4

* Rama agricultura, gandería, caza e actividades dos servizos relacionados.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

■ MAGRAMA: *Evolución de las macromagnitudes agrarias regionales 1990-2000; Cuentas Económicas de la Agricultura.*■ *Resultados nacionales 1990-2013; Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados regionales 2011*

■ INE: EPA

2011. As conclusións, que veñen precisar o diagnóstico ofrecido en informes anteriores, poden resumirse así:

- O valor da produción agraria rexistrou en Galicia no período 1990-2011 un crecemento maior que en España, facendo que o peso na produción española se elevase do 6% en 1990 ao 7,5% en 2011.
- Isto acompañouse dun incremento moito máis forte dos consumos intermedios (o gasto das explotacións na compra de *inputs*); provocando que o peso relativo da agricultura galega no VEB agrario español ascendese en moita menor medida: do 6,2% ao 6,7%.
- Se a iso unimos a carga das amortizacións do capital fixo e o aumento moito menor das subvencións en Galicia, o resultado é que, a pesar do maior crecemento da produción, a renda agraria rexistrou aquí unha evolución similar ou mesmo lixeiramente peor: a participación na renda agraria de España baixou do 5,8% en 1990 ao 5,7% en 2011.

- Cunha dinámica produtiva mellor e un comportamento similar da renda agregada, a principal singularidade do sector en Galicia estivo na intensidade do axuste demográfico. Se en 1990 a nosa agricultura xeraba o 5,8% da renda agraria española contando co 21% dos agricultores, en 2011 mantén un peso similar na renda (5,7%), pero co 8,9% da poboación ocupada agraria (peso 2,5 veces menor ao de dúas décadas atrás). Isto posibilitou unha notable converxencia da renda por ocupado: do 27,7% ao 64,4% da media española. Non obstante, hai que resaltar que o baixísimo nivel de partida fai que, a pesar desa converxencia, a renda media de cada agricultor galego se limite en 2011 aos dous terzos da que se alcanza en España (cadro 3).

As distintas etapas dentro do período 1990-2011

As tendencias globais que acabamos de resumir agachan unha dinámica totalmente contraposta entre as dúas décadas aí incluídas: un comportamento negativo e moito peor que en España nos anos noventa, década na que se reduciu á metade o peso do agro galego na renda agraria española e se deteriorou o nivel relativo da renda por ocupado; unha evolución en cambio positiva e netamente mellor que a estatal no período 2000-2011, o que posibilitou unha recuperación do peso da nosa agricultura e unha mellora substancial da renda por traballador (cadro 3). Nunha análise máis detallada, constátase a existencia dentro do período 1990-2011 de cinco etapas claramente diferenciadas na dinámica do sector agrario galego (gráfico 3):

- A primeira metade dos noventa (1991-1995) caracterizouse por unha significativa alza da renda do sector que, dada a diminución da man de obra, se traduciu nun aumento moito maior da renda por ocupado (esta incrementouse nun 60% nos cinco anos).
- A evolución modificouse por completo no quinquenio 1996-2000: nestes cinco anos a renda agraria sufriu unha forte caída, o que provocou que, a pesar da redución da man de obra, a renda por ocupado descendese (nun 30% no conxunto dos cinco anos).
- Despois desa fonda crise, a dinámica do sector presenta signos de mellora no quinquenio 2001-2005: a renda agregada seguiu baixando, pero a un ritmo moito menor o que, unido ao rápido descenso da poboación ocupada, posibilitou unha recuperación da renda por traballador.
- A cuarta etapa correspóndese co trienio 2006-2008. Nestes anos a mellora moderada do quinquenio anterior deixou paso a unha dinámica moito máis favorable, a máis favorable das dúas últimas décadas: a renda agraria rexistrou un incremento no trienio do 23,6%, o que posibilitou que a renda por ocupado crecese case un 60%.
- Finalmente, a quinta etapa comprende o trienio 2009-2011, no que o sector agrario galego pasou a rexistrar, de novo, un comportamento desfavorable, como

non sucedía desde comezos da década. A crise de rendas iniciada a nivel europeo en 2008, que nese ano afectara de forma moderada ao noso agro, acentuouse notablemente en 2009 alcanzando unha intensidade superior á media española e europea. E esa crise prolongouse a 2010 e foi seguida dunha recuperación en 2011 moi débil. O resultado é que no trienio 2009-2011 o sector sufriu en Galicia un descenso da renda agregada e mesmo da renda por ocupado (-9% nos tres anos), e viu deteriorarse a posición relativa no contexto español e da Unión Europea.

En conxunto, pois, o balance global do período 1990-2011 aparece ensombrecido pola dinámica moi negativa da segunda metade dos noventa e en menor medida do trienio 2009-2011; mentres que na primeira metade dos noventa e na maior parte da década dos 2000 (especialmente no trienio 2006-2008) o sector presenta un comportamento positivo dos ingresos.

Actualización coas estimacións para 2012

As estimacións propias que elaboramos para 2012, que aparecen resumidas no cadro 4 e no gráfico 5, permiten actualizar as tendencias a medio prazo completando

Cadro núm. 4

Evolución da renda global e da renda por ocupado no sector agrario en Galicia, España e a Unión Europea
Cifras referidas á metodoloxía SEC-95. Taxas de variación anual (en %)

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Galicia									
Renda agraria ¹	-4,9	14,7	14,5	-5,9	-12,9*	-3,5*	1,0*	2,2*	1,9*
Man de obra (ocupados)	-11,7	-7,6	-8,4	-8,2	-4,1	-1,4	-1,9	-8,5	-5,1
Renda/ocupado	7,7	24,1	25,0	2,4	-9,2*	-2,2*	2,9*	11,7*	7,3*
España									
Renda agraria ¹	-13,0	-4,8	10,6	-14,0	-7,4	7,8	-7,4	2,2	7,2
Man de obra (UTA)	-1,5	-0,4	-1,5	-5,3	-3,9	-2,3	-4,5	-1,4	-2,5
Renda/UTA	-11,7	-4,5	12,4	-9,2	-3,7	10,3	-3,0	3,7	9,9
Unión Europea²									
Renda agraria ¹	-8,6	1,8	4,8	-6,3	-12,4	14,2	5,4	-0,2	-2,1
Man de obra (UTA)	-2,2	-1,6	-5,5	-2,1	-2,3	-2,5	-2,7	-0,2	-0,9
Renda/UTA	-6,3	3,3	10,4	-4,3	-10,0	17,1	8,3	0,0	-1,3

¹ VENcf en moeda constante.

² Ata 2006, UE-15; de 2007 a 2012, UE-27; a partir de 2013, UE-28.

* Estimacións propias (para 2009-2011, baseadas nas *Contas Económicas* do IGE).

Fonte: Elaboración propia a partir de:

■ Eurostat, Economic Accounts for Agriculture

■ MAGRAMA, Cuentas Económicas de la Agricultura

■ Consellería do Medio Rural e do Mar, *Macromagnitudes agrarias 2000-2005 e Contas Económicas da Agricultura 2006-2008*

■ IGE, *Contas económicas de Galicia. Base 2008. Serie 2000-2011*

■ INE, Encuesta de Población Activa

a serie para o período 1990-2012. Pois ben, estes cálculos, que deben tomarse con precaución en espera de cifras oficiais, apuntan cara á consolidación en 2012 da débil recuperación da renda do sector iniciada o ano anterior. E iso, unido á intensa diminución da man de obra que para este exercicio indican os datos da EPA, deu como resultado un forte incremento da renda por ocupado, posibilitando que esta recuperase o nivel de 2008 (gráfico 5). En consecuencia, a incorporación deste último ano non altera no substancial o diagnóstico sobre as tendencias a medio prazo, pero si mellora algo os resultados expostos para o período 1990-2011.

A conxuntura do sector en 2013: unha visión global

Evolución na Unión Europea e en España


No informe anterior demos conta da evolución moi favorable que caracterizou a agricultura europea no bienio 2010-2011: despois da forte caída sufrida en 2008 e 2009 (-4,3% e -10%, respectivamente), a renda agraria por unidade de traballo (UTA) experimentou na UE-27 en 2010 unha vigorosa recuperación (17,1%, segundo a última revisión), que proseguiu aínda que a un ritmo menor en 2011 (8,3%). Tamén sinala-

mos alí que esa dinámica positiva cesou en 2012, deixando paso a un estancamento deste índice (0%). Pois ben, o cambio de conxuntura acentuouse en 2013. De acordo coas estimacións provisionais de Eurostat,⁸ a renda agraria en euros constantes rexistrou este ano, tanto na UE-27 como na UE-28 (incluíndo Croacia), unha caída do 2,1%, o que, a pesar da leve diminución da man de obra (-0,9%), deu como resultado un descenso da renda por UTA (-1,3%). Deste modo, púxose fin a tres anos de recuperación dos ingresos dos agricultores (cadro 4 e gráfico 4).

En calquera caso, as oscilacións recentes insírense nunha dinámica a medio prazo caracterizada polo notable incremento da renda por traballador na agricultura europea, sobre todo se o situamos no contexto de crise económica que vive Europa

Gráfico 4

Taxa de variación anual da renda agraria por ocupado en termos reais (en %)



⁸ EUROSTAT: *Communiqué de presse 193/2013*, 13 de decembro de 2013.

desde 2007. En concreto, a renda agraria por UTA alcanza na UE-27 en 2013 un nivel superior nun 7,8% ao de 2007, e acumula no conxunto do período 2000-2013 un crecemento (sempre en euros constantes) do 30,4% (gráfico 5). Trátase dunha mellora non espectacular, pero si apreciable, especialmente se temos en conta o que está sucedendo noutros sectores da economía.


A lixeira caída da renda por UTA no conxunto da Unión Europea en 2013 esconde dinámicas sumamente dispares por países. Este indicador diminuíu en 13 dos 28 estados membros, destacando os descenso rexistrados en Alemaña (-10%), Croacia (-16,2%), Francia (-16,4%) e Estonia (-17,2%). Mentres que nos 15 estados restantes aumentou, salientando as alzas próximas ou superiores ao 10% en Italia (8,9%), España (9,9%), Romanía (10,4%) e Holanda (11,4%).

A mellora da renda agraria constatada no trienio 2010-2012 tiña a súa orixe principal no comportamento favorable dos prezos, que sucedeu ao seu acusado deterioro en 2008 e 2009. Tanto en 2010 como en 2011 e 2012 asistimos a unha importante alza dos prezos percibidos polos agricultores, a taxas claramente por enriba do deflactor do PIB, do que se derivou un aumento deses prezos en termos reais (5,5%, 5,7% e 5,2%, respectivamente). E iso acompañouse tamén, excepto en 2011, dunha mellora da relación real de intercambio, a ratio prezos percibidos/prezos pagados. Partindo desas tendencias previas, a principal novidade en 2013 foi o cese da dinámica favorable dos prezos, debido á caída dos prezos percibidos nas producións vexetais (en particular nos cereais e as oleaxinosas). Este deterioro dos prezos contrarrestou o moderado crecemento da produción, levando á redución da renda do sector.

Con algo máis de detalle, podemos resumir así o balance da agricultura europea en 2013: a produción rexistrou un crecemento do 1,3% (fronte á caída do 3% en 2012), resultado do aumento da produción vexetal (2,7%) e a estabilidade da animal, ademais, a expansión algo menor do volume dos consumos intermedios (0,8%) posibilitou un incremento tamén do VEB real (1,5%); esa dinámica moderadamente favorable no plano produtivo acompañouse, non obstante, dunha caída dos prezos percibidos (-1,2%), debido ao descenso dos prezos agrícolas (-3,7%) só compensado, en parte, pola alza dos gandeiros (1,6%), o que, a pesar da estabilidade do custo dos insumos, orixinou un deterioro tamén da relación real de intercambio. O resultado dese

Gráfico 5

Evolución da renda agraria por ocupado en termos reais
(índices: base 2000 = 100)



comportamento negativo dos prezos foi que, a pesar do incremento da produción, a renda agraria sufriu unha diminución (-2,1%) que levou tamén a unha baixa da renda por traballador (-1,3%). Cómpre sinalar, iso si, que esta evolución global esconde dinámicas moi diversas nas distintas ramas ou orientacións produtivas.

A agricultura española viña dunha dinámica no cuatrienio 2008-2011 claramente peor que a europea, posto que sufriu en 2008-2009 unha caída da renda por UTA similar, e iso foi seguido dunha recuperación en 2010 moito menos vigorosa que na UE-27, recuperación que cesou por completo en 2011. Esa dinámica relativa inverteuse en 2012, ao coincidir o estancamento da renda na agricultura europea cun aumento significativo en España (cadro 4 e gráfico 4). A pesar de todo, en 2012 a renda por traballador seguía sendo no sector agrario español un 3% inferior á de 2007, os niveis previos á crise de 2008-2009; en tanto que na UE-27 superaba eses niveis nun 9% (gráfico 5).

Con eses antecedentes, hai que salientar a alza experimentada aquí polos ingresos do sector en 2013, en contraste co deterioro a nivel comunitario. Segundo as estimacións publicadas polo MAGRAMA,⁹ que despois nutren as cifras de Eurostat, a renda global da agricultura española rexistrou en 2013 un crecemento do 7,2% (2,2% en 2012); e a iso uniuse unha certa aceleración da diminución da man de obra (-2,5%, fronte a -1,4% o ano anterior). O resultado é que a renda por UTA incrementouse nun 9,9%, crecemento que case triplica o do exercicio anterior (3,7%) e contrasta coa caída na UE-28 (-1,3%) (cadro 4 e gráfico 4). De feito, España sitúase este ano entre os tres estados membros cun maior aumento dese indicador, só superado por Holanda e Romanía.

A dinámica positiva nos anos recentes non foi, porén, suficiente para alterar unhas tendencias a medio prazo moito peores que a media europea. En concreto, no período 2000-2013, mentres que na UE-27 a renda agraria por UTA aumentou un 30,4%, en España o incremento limitouse ao 10,5% (gráfico 5). E se ampliamos o horizonte temporal constátase que a mellora dos últimos anos unicamente posibilitou que a renda por traballador na agricultura española volvese en 2013 a un nivel similar ao de 1996. Polo tanto, con fortes oscilacións conxunturais, ese indicador permaneceu nas dúas últimas décadas estancado.

Centrándonos na conxuntura en 2013, nun plano cualitativo o sector agrario español participou das tendencias a escala europea: expansión da produción e caída moderada dos prezos percibidos. Se o resultado final foi moito mellor (aumento da renda nun 7,2%, fronte á caída do 2,1% na UE-28), isto explícase esencialmente por un factor: o maior incremento da produción agraria (5,5% fronte a 1,3%), debido ao crecemento máis forte en España do *output* vexetal (10,6%, fronte ao 2,7%). Con algo máis de detalle, podemos resumir así a dinámica do sector agrario español en 2013:¹⁰

⁹ MAGRAMA (2014): *Renta agraria año 2013*. Segunda estimación. Xaneiro, 2014 (http://www.magrama.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/CEA_2013_2%C2%AA_Estimaci%C3%B3n_enero_2014_tcm7-313546.pdf).

¹⁰ MAGRAMA (2014): *Renta agraria año 2013*. Segunda estimación. Xaneiro, 2014.

- A produción incrementouse nun 5,5%; o que, unido ao aumento moderado do volume dos consumos intermedios (1,9%), posibilitou un crecemento maior do VEB real (8,9%).
- Esa forte expansión do *output* acompañouse dun comportamento lixeiramente desfavorable dos prezos, ao diminuíren os prezos percibidos (máis exactamente os prezos básicos) nun 0,5% e a pesar do descenso similar dos prezos pagados (-0,5%). En suma, asistimos a unha leve caída dos prezos básicos en termos reais e a unha estabilidade da relación real de intercambio.
- Se ao anterior unimos un incremento das amortizacións superior ao das *outras subvencións* (subsídios non ligados a produtos), o resultado final foi un notable crecemento da renda agraria en euros constantes (7,2%) se ben lixeiramente inferior ao do VEB (8,9%).

Comparado con 2012 a conxuntura presenta importantes novidades: por un lado, ten lugar unha notable mellora da dinámica produtiva, ao pasar dunha caída do *output* do 4,2% a un aumento do 5,5% en 2013; simultaneamente rexistrouse un deterioro nos prezos, posto que a forte alza dos prezos básicos en 2012 (8,8%) deixou paso a un leve descenso (-0,5%), compensado só en parte pola moderación do custo dos insumos. O saldo final foi claramente favorable: dun crecemento da renda agraria do 2,2% en 2012 pasouse ao 7,2% en 2013.

Cómpre matizar finalmente que a alza global dos ingresos dos agricultores en España ese ano esconde dinámicas moi desiguais por orientacións produtivas. Nas ramas agrícolas rexistrouse un forte incremento da produción (10,6%) acompañado dun descenso dos prezos (-2,4%). Mentres que o contrario sucedeu nas gandeiras: caída do *output* (-2%) e moderado aumento dos prezos (2,6%). O resultado foi un importante crecemento do valor da produción, e polo tanto dos ingresos dos agricultores, nas ramas agrícolas (7,9%); especialmente nas explotacións de cereais, patacas, froitas e viño. En tanto que nas ramas gandeiras ese crecemento foi globalmente moi pequeno (0,6%) e con comportamentos moi dispares: notable alza dos ingresos das explotacións lácteas e das especializadas no porcino, aumento modesto nas de vacún de carne e caída nas restantes producións gandeiras, especialmente nos ovos.

A dinámica do sector agrario galego en 2013

En Galicia non contamos polo momento con ningunha estimación oficial das contas económicas do sector agrario en 2013.¹¹ Pero a información dispoñible, sobre a

¹¹ Para os dous últimos anos (2012 e 2013) existen datos (do IGE e do INE) sobre a evolución do VEB das ramas agraria e pesqueira. Pero estes, ademais de limitárense a esa variable, non son directamente utilizables aos nosos efectos ao incluíren tamén a pesca, que en Galicia achega ao redor do 35% do VEB do sector primario.

dinámica das principais producións e os prezos percibidos e pagados, permite construír unha aproximación relativamente sólida ao balance do exercicio.

Para contextualizar a conxuntura recente hai que comezar sinalando que a agricultura galega participou nos anos 2008-2011 das tendencias a nivel europeo e español que acabamos de resumir: caída da renda no bienio 2008-2009, recuperación en 2010-2011. Pero fíxoo con notables especificidades, que deixan un saldo global máis negativo: a diminución da renda por ocupado no bienio 2008-2009 foi algo máis moderada que en España e na Unión Europea, pero a caída prolongouse aquí a 2010 e foi seguida dunha recuperación en 2011 moi débil. Só en 2012, cando a recuperación comezaba a esgotarse a nivel europeo, asistimos en Galicia a unha dinámica algo máis favorable. Segundo as nosas estimacións máis recentes, a renda agregada do sector rexistrou este ano un crecemento (2,2%) similar á media española. E iso, unido á intensa diminución da man de obra que indican os datos da EPA (-8,5%), deu como resultado un incremento da renda por ocupado considerable (11,7%), que triplica o constatado na agricultura española (3,7%) e contrasta co seu estancamento na Unión Europea (cadro 4 e gráfico 4). O saldo final é que o sector agrario galego superou por fin no 2012 o nivel da renda por traballador que tiña en 2007, antes da crise iniciada en 2008. Aínda que o aumento resultante para o conxunto do quinquenio 2008-2012 (4,5%) seguía estando por baixo do rexistrado na UE-27 (9,2%) (gráfico 5).

Partindo desas tendencias previas, a información coa que contamos apunta a que a recuperación de 2012 proseguíu a un ritmo similar en 2013. O que constitúe unha evolución positiva se a comparamos coa caída dos ingresos na agricultura europea, pero está lonxe do crecemento que estes experimentaron en España. Concretamente, segundo os nosos cálculos, a renda do sector agrario galego rexistrou este ano un incremento (1,9%) similar ao de 2012 (2,2%), pero que supón só un cuarto do constatado na agricultura española (7,2%). Simultaneamente, se nos fiamos das cifras da EPA, deuse por segundo ano consecutivo unha intensa caída da poboación ocupada no sector (-5,1%). O resultado foi un aumento notable da renda por ocupado (7,3%), aínda que claramente inferior, a pesar da caída máis intensa da man de obra, ao que se deu en España (9,9%) (cadro 4 e gráfico 4).

A eses resultados chegouse, ademais, por un camiño un pouco diferente. Se o crecemento da renda agraria en España se apoiou na expansión dos volumes de produción, especialmente en certos cultivos, ao mesmo tempo que se daba un lixeiro deterioro dos prezos, a conxuntura galega presenta importantes especificidades: o incremento do *output* agrario foi aquí moi pequeno; mentres que se mantivo en cambio un comportamento moderadamente favorable dos prezos. Con algo máis de detalle, podemos sintetizar así a conxuntura do sector agrario en Galicia en 2013:¹²

- O *output* do sector rexistrou un leve crecemento (que estimamos no 0,4%), apoiado exclusivamente na lixeira expansión da produción gandeira (0,7%) o que, dada a estabilidade do volume dos consumos intermedios, posibilitou un

¹² Os datos que serven de base a este balance poden verse nos epígrafes posteriores do capítulo.

incremento algo maior (0,6%) do VEB real a prezos básicos. Neste punto os nosos cálculos levan a unha cifra algo mellor que a subministrada polas Contas Económicas trimestrais do IGE, que estiman para o VEB das ramas agraria e pesqueira unha caída do 0,6%, aínda que, en sintonía co noso diagnóstico, recollen unha variación positiva nos dous últimos trimestres (cadro 5).

■ O leve crecemento do *output* acompañouse dunha alza dos prezos percibidos en termos nominais (3,5%) por enriba da do IPC, o que implicou unha moderada alza deses prezos en euros constantes (1,9%). E iso, unido á estabilidade do custo dos insumos (-0,2% en termos nominais), configurou unha dinámica dos prezos moderadamente positiva para os agricultores, posto que confluía o aumento dos prezos percibidos cunha mellora da ratio prezos percibidos/prezos pagados (3,6%).

■ A conxunción do pequeno aumento da produción e a mellora máis significativa dos prezos levou ao resultado antes sinalado: un crecemento da renda agraria en euros constantes que estimamos no 1,9%.

Comparado con 2012, asistimos a unha lixeira mellora na dinámica produtiva, posto que o leve descenso da produción agraria nese ano que indican os nosos cálculos máis recentes (-0,6%) deixou paso a un incremento de magnitude similar en 2013 (0,4%). Pero iso viuse contrarrestado polo comportamento menos favorable dos prezos, ao frearse a alza dos prezos percibidos (do 8,7% en 2012 ao 3,5% en 2013). O resultado foi un crecemento da renda do sector (1,9%) similar ao do exercicio anterior (2,2%).

Esas son as tendencias globais. Ao igual que sinalamos para España, o incremento da renda agregada do sector esconde conxunturas moi dispares por orientacións produtivas. No caso galego hai que destacar sobre todo a notable mellora dos ingresos que experimentaron en 2013 as explotacións lácteas, e, a outro nivel, tamén os produtores de patacas. Mentres que a evolución foi moito menos favorable (moveuse entre un pequeno aumento e un descenso) nas ramas cárnicas, deuse unha forte caída dos ingresos para as explotacións de ovos. Polo tanto, a conxuntura moi favorable do sector lácteo, que destacamos ao inicio do capítulo, non é aplicable a todas as orientacións produtivas.

Cadro núm. 5

Variación real do VEB a prezos básicos das ramas agraria e pesqueira. Taxas de crecemento interanuais (en %) Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

	Galicia	España
2010	3,2	1,9
2011	4,0	5,6
2012	-0,1	-10,9
2013	-0,6	1,1
I trimestre	-3,5	-4,1
II trimestre	-0,7	3,9
III trimestre	0,4	0,9
IV trimestre	1,3	4,1

Fonte: IGE e INE

Evolución da produción

Estrutura da produción agraria

No cadro 6 recolleemos a evolución da estrutura da produción agraria en Galicia no período 1990-2011, incorporando as cifras para este último ano publicadas recentemente polo MAGRAMA. A principal novidade destacable na etapa recente é a perda de peso relativo da produción gandeira que se deu entre 2008 e 2011, debido, en gran medida, á acusada baixa nestes anos do prezo do leite. Así, as ramas animais pasaron de achegar o 66,6% do valor da produción agraria en 2008 ao 56,9% en 2011, unha caída en dez puntos dos que oito corresponden ao leite, acompañándose isto dun aumento paralelo do peso das producións vexetais (do 28,7% ao 38,9%).

A pesar deses cambios conxunturais, moi influídos polo comportamento a curto prazo dos prezos dos diferentes produtos, en 2011 o agro galego continuaba presentando unha nidia especialización gandeira, que contrasta coa especialización agrícola da agricultura española. O peso relativo dos dous subsectores móvese en ambos espazos nunha relación aproximada de 60/40, pero con porcentaxes inversas nun e outro caso. No ámbito agrícola Galicia só rexistra un peso maior que en España, e polo tanto un índice de especialización superior a 1, nas patacas e as plantas forraxeiras, mentres que a especialización gandeira do agro galego se centra principalmente no leite e, en menor medida, na carne de bovino, as aves e os coellos, rexistrando, en cambio, un peso inferior á media española, unha desespecialización relativa, nos ovos e as restantes producións cárnicas (porcino, equino e ovino-cabrún) (cadro 6).

Partindo desa estrutura da produción agraria, do peso económico das distintas ramas, imos examinar a evolución rexistrada en 2013 polas principais producións agrícolas e gandeiras.

Evolución das principais producións agrícolas (en volume)

Segundo as estimacións iniciais de Eurostat, o ano 2013 pechouse na UE-28 cun crecemento moderado da produción vexetal (2,7%), crecemento que foi moito maior en España, alcanzando, de acordo co MAGRAMA, o 10,6%, grazas sobre todo á expansión das colleitas de cereais, oleaxinosas, froitas e viño.

En Galicia, pola contra, os *Avances de superficies y producciones de cultivos* do MAGRAMA¹³ mostran comportamentos dispares duns a outros cultivos. No lado positivo hai que mencionar o incremento, a taxas en xeral modestas, da produción de cereais, millo forraxeiro, patacas e froitas. Mentres que, en sentido contrario, deuse unha caída nas hortalizas e unha estabilidade da colleita de viño (cadro 7). Ponderando esas

¹³ MAGRAMA: *Avances de superficies y producciones de cultivos. Cuadernos mensuales* (<http://www.magrama.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/agricultura/avances-superficies-producciones-agricolas/>).

Cadro núm. 6

Evolución da estrutura da produción agraria en Galicia 1990-2011; comparación con España

	Estrutura en %					Índices de especialización de Galicia *	Peso de Galicia no total de España (%)
	Galicia				España		
	1990	2000	2008	2011	2011		
Produción vexetal	35,2	33,1	28,7	38,9	59,0	0,7	5,0
Cereais	1,2	3,0	1,4	1,6	10,9	0,1	1,1
Plantas industriais ¹	1,0	0,2	0,7	0,4	2,7	0,2	1,2
Plantas forraxeiras	8,5	7,0	3,8	9,6	5,2	1,9	14,0
Hortalizas ²	7,2	8,5	10,3	8,6	15,9	0,5	4,1
Patacas	10,5	4,0	3,5	5,0	1,2	4,1	30,5
Froitas ³	3,6	5,9	5,9	11,2	16,0	0,7	5,3
Víño e mosto	2,8	3,9	2,1	2,4	2,4	1,0	7,5
Outros	0,3	0,6	1,0	0,0	4,7	0,0	0,0
Produción animal	61,8	66,2	66,6	56,9	37,0	1,5	11,6
Carne e gando	32,3	28,7	33,5	31,9	28,1	1,1	8,5
Bovino	16,3	11,5	15,8	12,5	6,1	2,0	15,4
Porcino	7,0	5,3	7,5	5,4	13,5	0,4	3,0
Equino	0,1	0,0	0,0	0,1	0,2	0,5	3,8
Ovino e caprino	1,1	0,5	0,2	0,2	2,3	0,1	0,7
Aves	6,9	9,4	9,0	12,7	5,5	2,3	17,4
Coellos e outros	1,0	2,0	1,0	1,0	0,6	1,8	13,5
Produtos animais	29,4	37,5	33,0	25,1	9,0	2,8	21,0
Leite	24,1	32,2	30,8	22,9	6,1	3,8	28,3
Ovos	5,1	3,0	2,1	2,0	2,4	0,8	6,2
Outros	0,3	2,3	0,1	0,2	0,5	0,4	2,9
Servizos e actividades secundarias non agrarias	3,1	0,7	4,7	4,2	4,0	1,0	7,8
Produción rama agraria	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	1,0	7,5

¹ Inclúe: remolacha, tabaco, algodón, xirasol e tamén as leguminosas en gran.

² Inclúe: flores e plantas de viveiro.

³ Inclúe: froitas frescas, cítricos e uvas.

* Relación entre o peso relativo de cada produción en Galicia e o que ten en España.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

■ MAGRAMA, *Evolución de las macromagnitudes agrarias regionales 1990-2000; Cuentas Económicas de la Agricultura.*

Resultados nacionales 1990-2013; e Cuentas Económicas de la Agricultura. Resultados regionales 2011

■ Consellería do Medio Rural e do Mar, *Macromagnitudes agrarias 2000-2005 e Contas Económicas da Agricultura 2006-2008*

Cadro núm. 7

Evolución das principais producións agrícolas en volume en Galicia *

	Produción (miles de toneladas)					Taxas de variación anual (%)			
	2009	2010	2011	2012	2013	2009/10	2010/11	2011/12	2012/13
Cereais en gran	199,9	224,4	169,5	192,0	198,6	12,3	-24,5	13,3	3,4
■ Trigo	50,2	75,2	33,8	37,0	40,5	49,8	-55,1	9,6	9,3
■ Centeo	17,2	21,1	8,3	8,1	8,1	22,7	-60,7	-2,2	0,1
■ Millo	132,5	128,1	127,4	146,9	150,0	-3,3	-0,5	15,2	2,1
Leguminosas en gran	3,5	2,6	2,6	3,2	3,1	-25,7	0,0	23,1	-3,1
Patacas	537,1	498,7	454,5	451,8	466,1	-7,1	-8,9	-0,6	3,2
Millo forraxeiro	2.528,3	2.589,3	2.069,0	2.269,1	2.515,2	2,4	-20,1	9,7	10,8
Hortalizas	352,0	356,0	332,7	338,2	317,9	1,1	-6,5	1,6	-6,0
■ Col e repolo	80,6	91,6	72,4	62,4	58,3	13,6	-21,0	-13,8	-6,6
■ Leituga	24,4	20,2	19,1	20,3	19,1	-17,2	-5,4	6,1	-5,6
■ Tomate	103,3	128,0	114,3	112,2	100,0	23,9	-10,7	-1,8	-10,9
■ Pemento	46,8	49,3	70,3	63,2	64,0	5,3	42,6	-10,1	1,3
■ Cebola	40,4	26,9	25,9	41,1	34,7	-33,4	-3,7	58,7	-15,6
■ Feixón verde	56,5	40,0	30,7	39,0	41,8	-29,2	-23,3	27,0	7,2
Froitas	140,6	139,6	149,9	174,2	178,4	-0,7	7,4	16,2	2,4
■ Mazá para sidra	66,3	67,6	72,2	79,9	83,6	2,0	6,8	10,7	4,6
■ Mazá de mesa	61,9	61,5	65,6	80,8	82,4	-0,6	6,7	23,2	2,0
■ Pera	12,4	10,5	12,1	13,5	12,4	-15,3	15,2	11,6	-8,1
Viño (en miles de hl)	887,7	908,9	1.478,1	740,9	737,5	2,4	62,6	-49,9	-0,5

* Os datos de 2012 son provisionais e os de 2013 constitúen avances.

Fonte: MAGRAMA, *Anuario de Estadística e Avances de superficies y producciones agrícolas*

variacións co peso económico dos distintos cultivos, estimamos que o resultado foi un estancamento da produción vexetal (-0,1%), en aberto contraste coa súa expansión a nivel español e europeo.

Evolución das principais producións gandeiras (en volume)

No ámbito gandeiro, 2013 caracterizouse na Unión Europea por unha estabilidade da produción, en tanto que para España os datos do MAGRAMA apuntan a un claro descenso (-2%). En Galicia o ano tivo como protagonista a aceleración do crecemento da produción láctea, que segundo os datos sobre as entregas de leite á industria alcanzou unha taxa do 3,9%, sendo interesante mencionar tamén o novo incremento na carne de ave (2,4%). Pero o favorable comportamento desas dúas ramas viuse contrarrestado en boa medida pola caída das restantes producións cárnicas; tanto aquelas

Cadro núm. 8

Evolución das principais producións gandeiras en volume en Galicia

	Volume de produción en cada ano							% variación 1985/ 2013*
	1985	1995	2005	2010	2011	2012	2013*	
Leite de vaca ¹	1.644,5	2.110,7	2.258,1	2.337,6	2.472,0	2.432,8	2.527,7	53,7
Carne de vacún ²	52,5	65,6	96,1	88,4	89,1	91,2	88,6	68,8
Carne de porcino ²	85,6	75,6	101,6	78,5	77,0	75,1	71,7	-16,2
Carne de ave ²	92,6	111,0	163,4	175,4	167,7	176,2	180,4	94,9
Carne de ovino ²	0,9	0,4	0,6	0,4	0,4	0,3	0,3	-65,5
Carne de caprino ²	0,3	0,3	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	-83,2
Carne de coello ²	10,1	4,7	6,7	11,9	12,6	13,2	13,1	30,0
Ovos ³	122,5	74,3	58,9	53,3	52,9	51,8	-	-57,7

	Taxa de variación acumulativa anual (%)						Galicia/ España (%)	
	1985/1995	1995/2005	2005/2010	2010/2011	2011/2012	2012/2013	1985	2013*
Leite de vaca ¹	2,5	0,7	0,7	5,8	-1,6	3,9	26,9	38,8
Carne de vacún ²	2,3	3,9	-1,7	0,8	2,4	-2,8	13,1	15,2
Carne de porcino ²	-1,2	3,0	-5,0	-1,9	-2,4	-4,5	7,4	2,1
Carne de ave ²	1,8	3,9	1,4	-4,4	5,0	2,4	11,4	13,2
Carne de ovino ²	-7,8	3,4	-6,5	-4,5	-8,1	-11,1	0,7	0,3
Carne de caprino ²	-1,6	-5,3	-11,8	-8,9	-12,2	-20,4	3,7	0,6
Carne de coello ²	-7,3	3,6	12,1	5,8	4,9	-0,4	12,9	20,9
Ovos ³	-4,9	-2,3	-2,0	-0,7	-2,2	-	13,9	5,4

* Para os ovos o período é 1985-2012. A produción de leite en 2013 é unha estimación a partir dos datos sobre as entregas oficiais declaradas na campaña 2013-2014 (variación nesta campaña respecto á campaña anterior).

¹ Millóns de litros.

² Miles de toneladas.

³ Millóns de dúcias.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

■ MAGRAMA, *Anuario de Estadística, Boletín Mensual de Estadística, Encuesta de Sacrificio de Ganado e Estadística Láctea*

■ Consellería do Medio Rural e do Mar, *Anuario de Estadística Agraria*

cun peso moi limitado no noso agro (ovino e caprino), como outras cunha importancia económica considerable (coellos, porcino e sobre todo bovino) (cadro 8).

Se ponderamos esas taxas de variación co peso de cada rama no valor da produción, obtemos un crecemento do *output* gandeiro que estimamos tan só do 0,7%, unha taxa próxima á estabilidade rexistrada na Unión Europea, pero que contrasta positivamente coa súa caída en España. Nunha imaxe recapitulativa temos, en definitiva, que a dinámica produtiva do sector agrario galego estivo definida en 2013 polo estancamento da produción agrícola e o leve aumento da gandeira. O resultado foi un incremento do *output* global do sector agrario de moi escasa entidade (0,4%),


inferior ao que se deu na UE-28 (1,3%) e a enorme distancia do constatado en España (5,5%). A diferenza cos espazos do noso contorno, como acabamos de ver, debeuse ao estancamento da produción agrícola ou vexetal.

Prezos percibidos e prezos pagados polos agricultores

O pequeno aumento da produción acompañouse en 2013 dun comportamento dos prezos moderadamente favorable para os agricultores galegos, ao confluír un incremento dos prezos percibidos (3,5%) por enriba do IPC (1,5%) e unha estabilidade dos prezos pagados (-0,2%). Deste modo, por segundo ano consecutivo, asistimos a

Gráfico 6

Evolución das relacións de prezos dos agricultores galegos
(índices: base 1985 = 100)



unha mellora tanto da relación prezos percibidos/IPC, o nivel dos prezos percibidos en euros constantes (1,9%), como da ratio prezos percibidos/prezos pagados (3,6%) (cadro 10 e gráfico 6). Esta constitúe a base principal da recuperación da renda agraria nos dous últimos anos.

Eses datos globais esconden, porén, dinámicas moi diversas dunhas a outras ramas e, polo tanto, para as explotacións das diferentes orientacións produtivas. As producións agrícolas volveron rexistrar en 2013, como vén sucedendo desde 2010, un importante aumento dos prezos (7,8%), destacando as alzas nas patacas, froitas e hortalizas. Mentres que no ámbito gandeiro o incremento foi en conxunto inferior (3,6%), posto que a notable alza dos prezos do leite, o porcino e en menor medida a carne de bovino e os coellos, acompañouse dunha caída na carne de ave, ovino, caprino e sobre todo nos ovos.

O que si beneficiou de modo xeral as explotacións de todas as orientacións produtivas foi a moderación este ano do custo dos insumos: na maioría deles os prezos permaneceron estables ou diminuíron, cumprindo sinalar tan só as alzas moderadas nos produtos fito e zosanitarios e na conservación e reparación de maquinaria (cadro 9).

Cadro núm. 9

Porcentaxe de variación dos prezos percibidos e pagados polos agricultores en Galicia

	2008/2009	2009/2010	2010/2011	2011/2012	2012/2013
A. Prezos percibidos*					
Produtos agrícolas	-21,2	21,5	4,1	20,3	7,8
Cereais	-24,8	14,3	26,1	10,1	-15,6
Leguminosas	-0,7	-12,6	6,1	8,2	6,9
Patacas	-35,7	70,3	-17,5	15,7	40,2
Cítricos	-18,4	15,1	-20,5	-5,1	16,4
Froitas non cítricas	-14,6	7,1	-1,1	3,9	13,4
Hortalizas	-10,3	22,0	-23,7	5,8	7,2
Viño e subprodutos	-24,9	6,4	13,3	46,6	-6,5
Flores e plantas ornamentais	18,3	-4,1	-4,0	17,1	5,8
Cultivos forraxeiros	-13,3	-20,1	19,9	18,8	-0,3
Produtos animais	-9,0	-2,5	7,5	7,0	3,6
Leite	-19,0	-0,8	4,0	0,4	10,4
Carne e gando bovino	2,7	-3,5	7,9	10,5	3,3
Carne e gando porcino	-4,0	4,3	7,2	8,8	8,8
Carne e gando aviar	-1,5	-4,2	18,2	8,5	-3,4
Carne e gando ovino	4,6	-2,1	11,1	2,4	-6,0
Carne e gando caprino	-1,7	-3,3	9,0	-1,2	-0,6
Carne e gando coellos	0,1	-3,1	8,4	-0,4	5,2
Ovos	7,6	-17,4	5,4	45,5	-30,1
Produtos forestais	-7,9	1,6	1,7	-7,6	-9,1
Índice xeral de prezos percibidos	-12,2	4,0	3,4	8,7	3,5
B. Prezos pagados**					
Sementes selectas e pés	-2,7	-6,2	5,8	5,2	0,2
Alimentos para o gando	-16,0	3,2	15,4	7,2	-0,0
Fertilizantes	-17,1	-11,8	21,4	4,7	-3,2
Enerxía e lubricantes	-20,4	19,5	19,2	7,8	-1,0
Protección fitopatolóxica	3,1	0,2	-0,5	1,4	3,1
Tratamentos zosanitarios	2,8	0,2	0,0	0,7	1,2
Conservación e reparación de maquinaria	4,6	0,4	1,7	0,4	1,6
Conservación e reparación de edificios	4,4	1,8	2,2	0,6	-1,7
Índice xeral de prezos pagados	-13,1	4,2	13,3	6,0	-0,2

* Evolución dos prezos por grupos de produtos no conxunto de España, e variación dos índices de prezos por subsectores que resulta para Galicia ao aplicarlle á evolución anterior a estrutura da produción agraria galega.

** Evolución dos prezos dos diversos *inputs* correntes no conxunto de España, e variación do índice xeral de prezos pagados que resulta para Galicia ao aplicarlle á evolución anterior a estrutura dos consumos intermedios da nosa agricultura.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

■ MAGRAMA, *Precios percibidos, pagados y salarios agrarios*

■ Consellería do Medio Rural e do Mar, *Anuario de Estadística Agraria*

Cadro núm. 10

Evolución dos índices de prezos percibidos e pagados polos agricultores galegos

	Índice xeral de prezos percibidos ¹	Índice xeral de prezos pagados ¹	IPC	Prezos percibidos/ Prezos pagados	Prezos percibidos/ IPC
1985	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
1986	110,5	102,7	109,1	107,5	101,2
1987	113,1	103,2	115,2	109,5	98,1
1988	119,2	104,4	121,2	114,2	98,4
1989	132,6	105,8	130,0	125,4	102,0
1990	128,3	108,4	138,5	118,4	92,6
1991	127,2	110,4	146,7	115,2	86,7
1992	116,2	112,5	154,7	103,3	75,1
1993	123,8	116,6	162,0	106,1	76,4
1994	147,8	118,9	170,3	124,2	86,8
1995	154,2	125,0	178,3	123,4	86,5
1996	147,2	129,6	184,5	113,5	79,8
1997	149,1	133,9	188,0	111,4	79,3
1998	152,9	132,6	191,7	115,3	79,8
1999	150,8	132,4	196,5	113,9	76,7
2000	158,0	140,6	203,0	112,4	77,9
2001	165,4	143,3	210,1	115,5	78,7
2002	156,7	147,3	218,0	106,4	71,9
2003	165,6	151,0	223,1	109,7	74,3
2004	168,1	159,1	230,4	105,6	73,0
2005	162,0	160,3	238,1	101,1	68,1
2006	168,6	165,1	246,5	102,1	68,4
2007	186,6	179,7	252,6	103,9	73,9
2008	191,4	208,2	263,3	91,9	72,7
2009	168,0	180,9	261,7	92,8	64,2
2010	174,8	188,5	266,7	92,7	65,5
2011	180,7	213,6	275,7	84,6	65,5
2012	196,4	226,4	282,2	86,7	69,6
2013	203,2	226,0	286,5	89,9	70,9

[Continúa] ►

Cadro núm. 10 (continuación)**Evolución dos índices de prezos percibidos e pagados polos agricultores galegos**

	Índice xeral de prezos percibidos ¹	Índice xeral de prezos pagados ¹	IPC	Prezos percibidos/ Prezos pagados	Prezos percibidos/ IPC
% variación					
2008/2009	-12,2	-13,1	-0,6	1,0	-11,7
2009/2010	4,0	4,2	1,9	-0,1	2,1
2010/2011	3,4	13,3	3,4	-8,8	-0,0
2011/2012	8,7	6,0	2,4	2,5	6,2
2012/2013	3,5	-0,2	1,5	3,6	1,9

¹ Para os anos 1985-1987 tomamos os índices correspondentes a Galicia, tal como foron elaborados no *Informe 1988*. Para os anos posteriores os índices de prezos percibidos e prezos pagados que ofrecemos son os que resultan de imputarlle os índices sectoriais españois (para os diferentes produtos agrarios e as diversas partidas dos consumos intermedios) á estrutura da produción e dos consumos intermedios da agricultura galega.

Fonte: Elaboración propia a partir de:

■ IDEGA, *A Economía Galega. Informe 1988 e Informe 1991-1992*

■ MAGRAMA, *Precios percibidos, pagados y salarios agrarios*

■ Consellería do Medio Rural e do Mar, *Anuario de Estadística Agraria*

■ INE

Poboación ocupada

O intenso axuste demográfico que vén caracterizando a agricultura galega nas tres últimas décadas freouse de forma considerable coa actual crise económica. En concreto, a diminución da poboación ocupada no sector, despois de alcanzar un ritmo medio anual do 8,6% durante a fase de expansión económica de 1995-2007, freouse ata o 4% en 2009 e taxas inferiores ao 2% en 2010 e 2011 (cadro 11). Os datos viñan corroborar o que cabería agardar a priori: o acusado deterioro do mercado de traballo derivado da crise, ao reducir de modo drástico as oportunidades de emprego noutras actividades, provocou o freo ou cese total dos transvasamentos procedentes da agricultura e mesmo orixinou o retorno dalgunhas persoas ao agro. De feito, a caída rexistrada pola poboación ocupada agraria en 2010 e 2011 foi moi inferior á que se deriva dos factores puramente demográficos (as xubilacións de agricultores de idade avanzada), do que cabe deducir que neses anos se tería producido un retorno neto de traballadores ao campo.

Nos dous últimos anos, non obstante, as estimacións da EPA apuntan a unha reactivación do descenso da man de obra no sector, que alcanzou en 2012 unha taxa do 8,5% (similar á do período de expansión 1995-2007) e en 2013 situouse no 5,1% (cadro 11). Esta evolución, en principio sorprendente, requiriría estudos máis detallados para precisar a súa veracidade e os posibles factores explicativos. Pola nosa parte limitáronos a apuntar dúas notas adicionais: a caída nestes anos está alcanzando as taxas máis elevadas nos segmentos novos, por debaixo de 45 anos, e está afectando con maior intensidade as mulleres. En consecuencia, se os datos da EPA reflicten unha evolución real, estarían indicando unha reactivación das saídas do agro sobre todo por parte das mulleres novas e no inicio da vida adulta. Algo rechamante, dada a

situación do mercado laboral, pero, en todo caso, de enorme gravidade para o futuro demográfico do sector. Ao respecto convén apuntar dous datos: en 2013 unicamente quedan na agricultura galega 56.300 persoas ocupadas, o 13,6% (1 de cada 8) das que había en 1985; ademais, dese total un terzo ten máis de 55 anos, o que duplica os menores de 35 anos (16,2%).

Cadro núm. 11

Evolución da poboación ocupada no sector agrario en Galicia e España (medias anuais)

	Galicia		España	
	Número (miles)	Índices (1985=100)	Número (miles)	Índices (1985=100)
1985	415,1	100,0	1829,6	100,0
1986	373,1	89,9	1638,4	89,5
1987	354,2	85,3	1612,3	88,1
1988	355,4	85,6	1591,3	87,0
1989	330,2	79,5	1496,2	81,8
1990	292,4	70,4	1391,2	76,0
1991	260,2	62,7	1251,7	68,4
1992	239,2	57,6	1167,1	63,8
1993	240,5	57,9	1107,8	60,5
1994	221,1	53,3	1072,2	58,6
1995	223,9	53,9	1040,1	56,8
1996	203,2	48,9	1015,8	55,5
1997	168,3	40,5	1021,1	55,8
1998	152,7	36,8	1026,5	56,1
1999	139,3	33,5	989,5	54,1
2000	140,0	33,7	964,6	52,7
2001	124,1	29,9	981,8	53,7
2002	112,8	27,2	940,7	51,4
2003	106,6	25,7	942,9	51,5
2004	101,8	24,5	937,6	51,2
2005	89,8	21,6	940,6	51,4
2006	83,0	20,0	893,0	48,8
2007	76,0	18,3	873,4	47,7
2008	69,8	16,8	771,1	42,1
2009	67,0	16,1	743,6	40,6
2010	66,0	15,9	755,3	41,3
2011	64,8	15,6	725,9	39,7
2012	59,3	14,3	712,8	39,0
2013	56,3	13,6	707,9	38,7

[Continúa] ►

Cadro núm. 11 (continuación)

Evolución da poboación ocupada no sector agrario en Galicia e España
(medias anuais)

	Galicia		España	
	Número (miles)	Índices (1985=100)	Número (miles)	Índices (1985=100)
Taxas de variación media acumulativa anual (en %)				
1985/1992		-7,6		-6,2
1992/1995		-2,2		-3,8
1995/2007		-8,6		-1,4
2007/2013		-4,9		-3,4
% variación anual na etapa máis recente				
2009/2010		-1,4		1,6
2010/2011		-1,9		-3,9
2011/2012		-8,5		-1,8
2012/2013		-5,1		-0,7

Fonte:

■ INE: Encuesta de población activa

■ IGE: Enquisa de Poboación Activa en Galicia

Censos gandeiros**Gando bovino: evolución do censo e do número de explotacións**

Os datos de 2012 do Rexistro de Bovino da Consellería do Medio Rural e do Mar (últimos ofrecidos por esta fonte) confirman a imaxe de estabilidade no rabaño de vacas que vén constatándose a partir de 2006, tras a forte caída dos anos anteriores. Seguindo coa dinámica da etapa recente, en 2012 o número total de vacas reduciuse, pero de forma moi lixeira, a un ritmo notablemente inferior ao rexistrado na primeira metade da pasada década (cadro 12).

Esa estabilización do censo nos anos recentes estase acompañando dun freo da desaparición de explotacións, que se reflicte en que pasamos dunha taxa anual de redución de -7,1% no período 2000-2006 ao -4,7% no 2006-2013. Posiblemente a crise económica, ao reducir as posibilidades de encontrar emprego fóra da agricultura, contribuíse a frear desde 2008 esa desaparición de unidades produtivas. A este factor debemos sumarlle no caso do sector lácteo os cambios no sistema de xestión das cotas: a prohibición da compravenda de cotas sen explotación a partir de 2005, ao que se veu unir a non aplicación de plans de abandono da produción láctea por parte da Administración nos últimos anos. Todo iso está levando, reiteramos, a un freo da desaparición de explotacións con gando bovino, aínda que este proceso continúa alcanzando un ritmo importante: unha taxa próxima ao 5% anual no período 2006-2013, o que implica a perda de 1500 a 2000 explotacións cada ano (cadro 12).

Cadro núm. 12**Evolución do número de explotacións con vacas e do censo de vacas por tipos en Galicia. Período 2000-2012**

	Número de explotacións con vacas (miles)	Vacas de muxidura (miles)	Vacas que non se moxen (miles)	Número total de vacas (miles)	Número de vacas/ explotación
2000	73,4	447,4	251,9	699,3	9,5
2001-2002	63,4	508,2	246,3	754,5	11,9
2006	47,2	340,4	217,3	557,7	11,8
2007	44,2	337,0	218,0	555,0	12,6
2008	41,9	339,4	221,7	561,1	13,4
2009	40,6	334,8	220,6	555,5	13,7
2010	38,7	328,6	224,8	553,4	14,3
2011	36,9	327,1	221,6	548,6	14,9
2012	35,3	325,8	217,0	542,8	15,4
Taxas de variación acumulativa anual (%)					
2000/ 2012	-5,9	-2,6	-1,2	-2,1	4,1
2000/ 2006	-7,1	-4,5	-2,4	-3,7	3,7
2006/ 2012	-4,7	-0,7	-0,0	-0,4	4,5

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar; Rexistro de explotacións de bovino

Esa desaparición sigue afectando especialmente ás unidades de menor dimensión, aquelas que non alcanzan as dez vacas: en 2003 estas eran o 64% do total, mentres que en 2013 non alcanzan o 55% (cadro 13). Non obstante, no período 2003-2012 o número de explotacións diminuíu, a ritmos diversos, en todos os estratos por baixo de 100 vacas. Máis significativa, se cabe, é a concentración cada vez maior do censo nas granxas de maior dimensión. Así, as explotacións con 30 ou máis vacas, sendo o 15% do total, unhas 5300 en cifras absolutas, concentran hoxe máis da metade dos animais; e aquelas con 50 ou máis vacas, o 5,6% das explotacións, posúen case o 30% do rabaño. No extremo contrario, as de menos de dez vacas, que constitúen aínda máis da metade das explotacións, teñen só o 13% das vacas. Ademais, co paso dos anos observamos que o limiar de viabilidade foi elevándose de forma notable. De tal modo que, se a comezos de século aumentaba o número de explotacións en todos os estratos por riba das 30 vacas, nos últimos anos ese incremento só ten lugar no estrato de maior dimensión, as unidades produtivas con 100 ou máis vacas (cadro 13).

Cadro núm. 13

Evolución da estrutura dimensional das explotacións de bovino en Galicia. Período 2003-2012

A. Evolución						
Tamaño (número de vacas)	Número de explotacións (miles)			Número de vacas (miles)		
	2003	2012	Taxa de variación anual (%)	2003	2012	Taxa de variación anual (%)
1-9	40,5	19,4	-7,9	130,3	72,0	-6,4
10-19	10,6	6,8	-4,8	147,4	95,9	-4,7
20-29	5,6	3,8	-4,0	133,1	92,4	-4,0
30-49	4,6	3,3	-3,7	174,0	123,6	-3,7
50-99	1,9	1,6	-2,0	123,7	105,5	-1,7
>=100	0,3	0,4	2,3	42,3	53,4	2,6
< 30	56,7	30,0	-6,8	410,7	260,3	-4,9
>= 30	6,8	5,3	-2,9	340,0	282,5	-2,0
Total	63,5	35,3	-6,3	750,7	542,8	-3,5

B. Distribución porcentual				
Tamaño (número de vacas)	Explotacións		Vacas	
	2003	2012	2003	2012
1-9	63,7	54,8	17,4	13,3
10-19	16,7	19,4	19,6	17,7
20-29	8,7	10,9	17,7	17,0
30-49	7,3	9,3	23,2	22,8
50-99	3,0	4,6	16,5	19,4
>=100	0,5	1,0	5,6	9,8
< 30	89,2	85,1	54,7	48,0
>= 30	10,8	14,9	45,3	52,0
Total	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar, Rexistro de explotacións de bovino

Gando porcino

No gando porcino as cifras de 2013 confirman a lixeira recuperación, tanto dos efectivos totais como do número de porcos de cebo, que se vén observando desde 2011. Porén, o número de porcas reprodutoras descende lixeiramente. En conxunto, o rabaño galego de porcino mantense en cifras moi superiores ás do período 2000-2008, se ben notablemente afastadas aínda das que había a mediados da década de 1980, no momento da integración europea (cadro 14).

Como consecuencia desa evolución, o peso do rabaño galego no total español aumentou lixeiramente nos últimos anos, pero continúa moi lonxe (menos da metade) do que alcanzaba tres décadas atrás, debido, fundamentalmente, ao acusado aumento que registrou nestes decenios o censo de porcino no resto do Estado (cadro 14).

Cadro núm. 14

Evolución do censo de gando porcino en Galicia (maio de cada ano)

	1987*	1997*	2007*	2008*	2009	2010	2011	2012	2013
Miles de cabezas									
Porcos da ceba	436,0	239,6	201,9	308,6	443,7	401,9	418,4	423,6	437,7
Porcas reprodutoras	182,8	121,8	95,6	83,0	114,0	97,8	113,3	109,8	107,9
Total	1.589,9	1.013,7	799,0	821,9	1.174,5	1.034,3	1.055,9	1.072,4	1.092,8
Índices (1987=100)									
Porcos da ceba	-	55,0	46,3	70,8	101,8	92,2	96,0	97,2	100,4
Porcas reprodutoras	-	66,6	52,3	45,4	62,4	53,5	62,0	60,1	59,0
Total	-	63,8	50,3	51,7	73,9	65,1	66,4	67,4	68,7
Galicia/España (%)									
Porcos da ceba	8,5	3,7	1,9	3,1	4,2	4,3	4,2	4,5	4,6
Porcas reprodutoras	9,2	5,7	3,5	3,3	4,6	3,9	4,7	4,7	4,8
Total	9,8	5,4	3,0	3,3	4,5	4,2	4,1	4,3	4,4

*Os resultados de 1987, 1997, 2007 e 2008 corresponden ao mes de abril.
Fonte: MAGRAMA, *Anuario de Estadística e Encuestas ganaderas*



The image is a full-page background photograph with a blue color overlay. It depicts a modern architectural interior. In the foreground, there are wide, light-colored stone or concrete steps leading up. To the right, a glass railing with a dark metal handrail runs along the edge of the steps. In the background, a staircase with a curved glass railing is visible, leading to an upper level. The ceiling is a grid of recessed lighting panels. The overall atmosphere is clean, minimalist, and professional.

III. Pesca e marisqueo

III.1. Pesca

Introdución

No ano 2013 rematáronse as negociacións para a reforma da política pesqueira comunitaria (PPC) e para o novo fondo europeo marítimo e da pesca (FEMP). A PPC refórmase cada dez anos segundo o disposto no tratado da Unión Europea. A nova PPC entrou en vigor en xaneiro de 2013 e non será reformada ata o ano 2022.

A PPC é unha das poucas políticas nas que as institucións da Unión Europea (Comisión Europea, Parlamento e Consello Europeo) teñen competencias totais e determinan aspectos claves para o sector galego como as capturas, as normas de descartes pesqueiros, a comercialización pesqueira, as negociacións internacionais e os supostos nos que o sector pesqueiro pode recibir axudas do Estado.

Debido á importancia da reforma da PPC para todos os sectores e actividades do complexo económico da pesca en Galicia, comezamos este informe coa referencia ás disposicións da nova PPC relevantes para o sector pesqueiro galego. A continuación abórdase a descrición da frota e a produción pesqueira de Galicia no momento actual e a súa evolución recente, para rematar tratando polo miúdo outros acontecementos destacables ao longo do ano 2013.

A nova PPC: implicacións para a pesca galega (2013-2022)

1. O principal obxectivo da xestión da pesca na nova PPC é garantir altos rendementos ao longo prazo para todas as poboacións pesqueiras. É o que se coñece como rendemento máximo sostible (RMS) dos stocks pesqueiros. O RMS acadarase, se é posible, en 2015, e o prazo máximo é 2020 para todas as pesquerías da UE.

2. Outro obxectivo clave é reducir ao mínimo, ou evitar, as capturas non desexadas mediante a introdución gradual da obriga de desembarque.

3. O descarte é a práctica de devolver ao mar as capturas non desexadas, vivas ou non, por non acadar a talla, porque o pescador non dispón de cota ou por determinadas normas de composición das capturas. A nova PPC elimina este estrago introducindo a obriga de desembarque. Esta novidade favorece unha maior selectividade e unha maior fiabilidade dos datos sobre as capturas. Para facilitar a adaptación dos pescadores ao cambio, a obriga irase introducindo paulatinamente, entre 2015 e 2019, en toda a pesca comercial (especies suxeitas a TAC ou a tallas mínimas) en augas da Unión Europea. Todas as capturas deberán conservarse a bordo, desembarcarse e deducirse

das cotas. O pescado de talla inferior á regulamentaria non poderá comercializarse para o consumo humano.

4. Destaca tamén a introdución da rexionalización e o aumento do proceso de consulta coas partes interesadas. Cando se aplica a rexionalización, os países da Unión Europea con interese directo de xestión poden acordar presentar recomendacións conxuntas para lograr os obxectivos do plan ou medida. As recomendacións teñen que ser compatibles cos obxectivos da PPC e ser, polo menos, tan estritas como as medidas da normativa da Unión Europea. Antes de presentalas á Comisión, deben consultar aos consellos consultivos pertinentes. Se se cumpren todas estas condicións, a Comisión pode adoptar unha acta que transforme as recomendacións conxuntas en lexislación da Unión Europea aplicable a todas as frotas nunha determinada rexión.

5. Acceso ás zonas de pesca e protección da actividade da frota costeira artesanal. Como norma xeral, os buques pesqueiros inscritos no rexistro da frota pesqueira da Unión Europea teñen igualdade de acceso a todas as augas e recursos da Unión Europea, con independencia de nacionalidade ou tipo de frota. Normalmente, o acceso ós caladoiros autorízase mediante unha licenza de pesca. Na nova PPC, hai dúas excepcións temporais a esta norma. Nas augas situadas a menos de 12 millas mariñas da costa, os países da Unión Europea correspondentes poden limitar o acceso aos buques que traballan tradicionalmente nesas augas. En xeral, estas restricións dan acceso preferente aos buques que traballan tradicionalmente nesas augas partindo de portos próximos. Nas augas situadas ata 100 millas mariñas da costa das rexións ultraperiféricas de Europa, o acceso pode restrinxirse aos buques matriculados nos portos deses territorios e aos que traballan tradicionalmente nesas augas. As excepcións expiran en 2022.

6. Acordos de pesca sostibles con terceiros países. Negóciaos e celébraos a Comisión no nome da Unión Europea. O seu obxectivo é permitir aos buques da Unión Europea pescar poboacións excedentarias na zona económica exclusiva deses países, nun marco regulado xuridicamente. A PPC neste ámbito incorpora estes novos obxectivos:

- a. Mellorar o coñecemento científico no marco dos acordos e ofrecer máis información sobre o esforzo pesqueiro xeral en augas dos países asociados.
- b. Consolidar o goberno dos acordos e incluír unha cláusula para protexer os dereitos humanos e aumentar gradualmente a contribución dos armadores da Unión Europea aos custos de acceso.
- c. Fomentar a pesca sostible en augas dos países asociados centrando máis e supervisando mellor o apoio sectorial da Unión Europea.

Os acordos pesqueiros quedan agrupados en dúas categorías:

1. Acordos atuneiros: autorizan aos buques da Unión Europea a seguir as poboacións migratorias de túnidos nos seus desprazamentos polas augas de África e o océano Índico. Son moi importantes para as frotas de Vigo e A Guarda, así como para o abastecemento de materia prima na industria conserveira no Barbanza.

2. Acordos mixtos: conceden acceso a moi diversas poboacións na zona económica exclusiva do país. Estes son importantes para a frota conxeladora de Vigo e A Coruña e para a industria conxeladora do Morrazo.

A cambio dos dereitos de pesca, a UE aboa aos países asociados unha contrapartida financeira que se divide en pago por licenzas de pesca e apoio financeiro sectorial. O apoio sectorial destínase a fomentar o desenvolvemento da pesca sostible nos países asociados, potenciando a súa capacidade administrativa e científica ao centrarse na xestión, a supervisión, o control e a vixilancia da pesca sostible.

7. Por outra banda, no ámbito dos mercados acordáronse diferentes aspectos relativos ao Regulamento da organización común dos mercados. Entre eles destaca a importancia dun tratamento homoxéneo para todos os produtos da pesca e da acuicultura comercializados na Unión Europea, que constitúe unha das principais demandas de Galicia.

8. Finalmente, aprobouse o fondo para a apoiar a posta en marcha da nova PPC e política marítima integrada, FEMP, cun presuposto de 6500 millóns de euros para 2014-2020.

Frota pesqueira

As características máis salientables da frota pesqueira galega son a súa gran diversidade tanto en artes de pesca empregadas coma en especies obxectivo capturadas, e a súa presenza en case todos os caladoiros importantes do mundo, tanto os situados en augas nacionais ou comunitarias, coma os localizados en augas internacionais ou nas de terceiros países non membros da Unión Europea. O cadro 1 amosa a dimensión do sector pesqueiro galego en relación co español e co da Unión Europea. A frota galega está composta por 4547 unidades, tal como se reflicte nos cadros 1 e 2. O número de tripulantes ocupados na frota ascende a 11.626.

A frota pode clasificarse, en función da distribución xeográfica da actividade pesqueira, en tres grandes grupos de embarcacións: frota do caladoiro nacional, frota de altura ou comunitaria e frota de grande altura ou internacional (cadro 2).

A frota do caladoiro nacional ou Cantábrico noroeste é con moita diferenza a máis numerosa (4358 embarcacións, o 95,8% da frota galega). Traballa habitualmente en augas próximas do Atlántico e do Cantábrico con embarcacións de pesca e marisqueo de pequeno porte que empregan as modalidades de arrastre, artes menores, cerco, palangre de fondo, palangre de superficie, rascos e volantas. Os buques con autorizacións para a pesca de palangre de fondo e palangre de superficie non traballan a totalidade do ano neste caladoiro, posto que temporalmente poden pescar fóra destas augas baixo a pertinente autorización. As embarcacións do caladoiro nacional teñen unha capacidade media de 11,30 GT e unha potencia media de 34,12 Kw. Esta frota xera

Cadro núm. 1**Dimensión do sector pesqueiro galego en relación co español e coa UE-28. Ano 2013¹**

	UE-28	España	Galicia	% Galicia/ España	% Galicia/ UE-28
Frota²					
Núm. de barcos	87.445	9.895	4.547	46,0	5,2
Capacidade (miles de GT)	1.725	379	151	39,8	8,8
Potencia motor (miles de Kw)	6.682	858	275	32,1	4,1
Produción					
Valor dos desembarques (millóns de euros)	6.272	1.596	909	57,0	14,5
Consumo³					
Quilogramos por persoa e ano	23,1	39,8	52,3	-	-
Renda⁴					
Valor engadido da pesca e acuicultura/PIB (%)	0,05	0,19	1,29	-	-

¹ *Facts and Figures on the Common Fisheries Policy, 2014*. Comisión Europea.² Na frota non se consideran os buques auxiliares de cultivos mariños.³ Consumo per cápita = subministración dispoñible de produtos pesqueiros por persoa e ano.⁴ No peso relativo do sector respecto do PIB considéranse conxuntamente pesca e acuicultura.

Fonte: Elaboración propia a partir da Comisión Europea, INE, IGE e Consellería do Mar

a meirande parte do emprego pesqueiro directo en Galicia, con catro de cada cinco postos de tripulante, e o valor de facturación máis alto da frota galega, con preto dun 40% do total da pesca extractiva.

Dentro do grupo de buques do caladoiro nacional, o segmento máis importante é o de artes menores, que constitúe unha numerosa frota de pequenas embarcacións (3996 unidades censadas, cunha capacidade media de 2,16 GT e unha potencia media de 17,86 Kw). Traballa principalmente nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, onde practica unha pesca multiespecífica cunha ampla variedade de artes (trasmallos, miños, palangrillos, marisqueo a flote ou diferentes tipos de nasas) que utiliza de xeito estacional en función da especie obxectivo. Este estrato xera ocupación para o 57% dos tripulantes da frota galega, cunha media de 1,65 tripulantes por embarcación, a maioría autónomos, e é tamén o segmento máis importante do caladoiro nacional en termos de facturación. Estes datos sitúan a frota de baixura como un sector estratéxico de grande importancia social para as poboacións costeiras galegas.

A frota de altura está constituída por 79 buques (o 1,8% da frota) cunha capacidade media de 290,01 GT e unha potencia media de 421,27 Kw, e traballa habitualmente en augas doutros países da Unión Europea. A frota de grande altura conta cun total de 114 buques (o 2,4% da frota), cunha capacidade media de 691,89 GT e unha potencia media de 815,66 Kw, e opera en augas internacionais e de terceiros países. Debido ás grandes dimensións destes buques, esta frota representa o 49% da tonelaxe do total da frota galega pese a contar con menos do 3% das embarcacións rexistradas

Cadro núm.2

Frota pesqueira en Galicia. Datos de maio de 2014

	Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (KW)	Estimación do emprego
Caladoiro nacional (Cantábrico noroeste)						
Arrastre	82	11.591	18.619	36.513	26.852	700
Artes menores	3.996	9.884	8.630	97.172	71.460	6.593
Cerco	155	4.735	6.123	33.323	24.506	1.260
Palangre de fondo	25	860	1.265	4.764	3.504	194
Palangre de superficie	60	6.883	12.570	24.319	17.884	512
Rascle	5	119	128	590	434	34
Volanta	31	998	1.901	5.536	4.071	211
Total	4.354	35.069	49.236	202.217	148.710	9.506
Pesqueira comunitaria (altura)						
NEAFC < 100 TRBs	6	448	882	2.107	1.549	73
NEAFC arrastre	31	6.355	10.214	18.901	14.414	310
NEAFC palangre de fondo	39	6.556	11.191	22.280	16.385	473
Portugal	3	407	625	1.267	932	30
Total	79	13.766	22.911	44.555	33.280	885
Pesqueira internacional (grande altura)						
Bacallaeiros	3	2.303	3.732	7.104	5.224	47
Cerco	3	5.565	8.002	13.525	9.946	47
Conxeladores	15	12.388	19.529	30.109	22.142	236
NAFO conxeladores	17	11.518	19.517	25.110	18.466	267
Palangre de superficie	76	15.677	28.095	50.595	37.208	638
Total	114	47.452	78.876	126.442	92.986	1.235
Total xeral	4.547	96.286	151.023	373.214	274.976	11.626
Acuicultura/Auxiliar bateas	1.273	-	-	-	-	-

* Tonelaxe bruta (*Gross tonnage*).

Fonte: Elaboración propia a partir da Consellería do Medio Rural e do Mar: *Rexistro de buques pesqueiros*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>)

en portos galegos. As frots de altura e grande altura xeran, aproximadamente, a partes iguais, o 20% da ocupación na pesca. As tripulacións son máis numerosas que as do caladoiro nacional, debido ás dimensións dos buques e aos longos períodos de marea. Alcanzan os 11 tripulantes de media por buque, cun máximo de 16 tripulantes no caso dos estratos de arrastre e cerco de pesqueiras internacionais.

Distribución da frota e emprego pesqueiro nas diferentes zonas costeiras de Galicia

A distribución ao longo da costa da frota galega e o emprego pesqueiro non é uniforme. Os distintos portos e zonas costeiras especialízanse en tipos de frota característicos. Así, vemos por exemplo que a frota de grande altura se concentra na zona I (ría de Vigo), a de altura ten unha importante presenza na zona IX (Mariña lucense), e a frota do caladoiro nacional ten o seu principal núcleo na zona III (ría de Arousa).

A zona I (ría de Vigo) ten o porto pesqueiro de Vigo como principal base de operacións. Este porto acumula o 45% de toda a tonelaxe da frota galega e o 36% da potencia total con só o 16% do número de buques, debido á presenza anteriormente mencionada da frota de grande altura, composta polos buques de maiores dimensións, capacidade e potencia. A actividade desta frota está supeditada á participación da Unión Europea en organizacións pesqueiras internacionais e á firma de acordos pesqueiros con terceiros países con recursos de interese nas súas augas. A frota de grande altura componse dos seguintes segmentos de frota: os cerqueiros conxeladores, dedicados á captura de túnidos, que son os buques de maior porte (unha unidade,

Cadro núm. 3

Frota pesqueira na zona I (ría de Vigo). Datos de maio de 2014

Descrición (caladoiro e arte de pesca)		Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (KW)	Estimación do emprego
Pesqueira internacional (grande altura)							
Arrastre	Bacallaeiros	3	2.301	3.732	7.104	5.224	47
	Conxeladores	7	5.655	9.208	13.987	10.286	110
	NAFO conxeladores	15	10.410	17.480	21.915	16.116	236
Cerco		1	1.582	2.082	2.941	2.163	16
Palangre de superficie		57	10.709	19.158	35.915	26.398	479
Pesqueira comunitaria (altura)							
Arrastre	NEAFC arrastre	18	3.655	5.860	10.861	7.987	180
Caladoiro nacional (Cantábrico noroeste)							
Arrastre		1	120	201	360	265	9
Artes menores		571	1.373	1.067	16.107	11.839	942
Cerco		30	724	934	6.413	4.714	244
Palangre de superficie		41	4.693	8.560	17.205	12.653	350
Enmallada	Rascle	1	40	41	230	169	7
Totais		745	41.262	68.322	133.038	97.813	2.619
Buques dedicados a acuicultura/Auxiliares		103	-	-	-	-	-

* Tonelaxe bruta (Gross tonnage).

Fonte: Elaboración propia a partir da Consellería do Medio Rural e do Mar: *Restro de buques pesqueiros*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>)

capacidade de 2082 GT e potencia de 2163 Kw); seguidos polos bacallaeiros, que traballan principalmente en Noruega (tres unidades, capacidade media de 1244 GT e potencia media de 1741 Kw); os arrasteiros conxeladores que operan no Atlántico suroeste (incluíndo Arxentina e as Malvinas), Senegal e Mauritania que capturan raias, camarón, pescadas, luras, etc. (sete unidades, 1315 GT e 1469 Kw); os arrasteiros conxeladores que capturan fletán negro no Atlántico noroeste (NAFO) (15 unidades, 1165 GT e 1074 Kw); e, por último, o estrato máis numeroso, composto polos palangreiros de superficie que teñen como especies obxectivo peixe espada, túnidos e escualos (57 unidades, 336 GT e 463 Kw). A frota de altura opera na área NEAFC (principalmente no Gran Sol), captura principalmente pescada, peixe sapo, rapante e cigala, e está composta por 18 arrasteiros (capacidade media de 326 GT e potencia media de 444 Kw). A frota do caladoiro nacional é a máis numerosa (644 unidades, capacidade media de 97 GT e potencia media de 184 Kw), principalmente o segmento de artes menores. O emprego estimado na zona I é de 2619 persoas.

A zona II (ría de Pontevedra) ten en Marín o seu principal porto. Representa o 7,9% da frota galega en número de buques e o 7,7% en tonelaxe. Existe unha frota de grande altura con base no porto de Marín, composta por sete conxeladores (capacidade media de 1069 GT e potencia media de 1217 Kw) e un palangreiro de superficie (627 GT, 359 Kw); outra de altura composta por cinco arrasteiros (capacidade media de 236 GT e potencia media de 335 Kw), dos cales tres traballan en augas de xurisdición portuguesa, e outros dous fano na área NEAFC; e outra frota moito máis numerosa

Cadro núm. 4

Frota pesqueira na zona II (ría de Pontevedra). Datos de maio de 2014

Descrición (caladoiro e arte de pesca)	Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (KW)	Estimación do emprego
Pesqueira internacional (grande altura)						
Arrastre	Conxeladores	5	3.409	5.600	8.568	79
	NAFO conxeladores	2	1.101	2.035	3.194	31
Palangre de superficie	1	234	627	488	359	8
Pesqueira comunitaria (altura)						
Arrastre	NEAFC arrastre	2	347	527	978	20
	Portugal	3	407	625	1.267	30
Caladoiro nacional (Cantábrico noroeste)						
Arrastre	8	944	1.463	3.024	2.224	68
Artes menores	340	999	787	10.786	7.927	561
Palangre de fondo						
Totais	361	7.441	11.663	28.304	20.810	798
Buques dedicados a acuicultura/Auxiliares	84	-	-	-	-	-

* Tonelaxe bruta (*Gross tonnage*).

Fonte: Elaboración propia a partir da Consellería do Medio Rural e do Mar: *Restro de buques pesqueiros*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>)

(348 unidades) que faena no caladoiro nacional. O emprego estimado nesta zona é de 798 persoas.

A zona III (ría de Arousa) é a que concentra o maior número de embarcacións en Galicia, cun total de 1724 (o 38% dos barcos galegos). O porto de Ribeira é o máis significativo de Galicia para a frota do caladoiro nacional, no que faena o 99% dos barcos desta zona. A maior parte pertencen ao segmento de artes menores (capacidade media de 1,5 GT e potencia media de 13,94 Kw), que operan principalmente en augas interiores da ría ou en zonas moi próximas á costa con artes de nasas, liñas ou enmalle. Existen tamén arrasteiros de litoral (33 unidades), que teñen o seu principal porto base en Ribeira. Outras frotas son a de altura (cinco palangreiros de fondo que operan en NEAFC) e a de grande altura (tres conxeladores, dous cerqueiros conxeladores e seis palangreiros de superficie). O emprego estimado nesta zona é de 3448 persoas, concentrando o 29,7% do emprego pesqueiro galego.

As zonas IV (ría de Muros), V (Fisterra) e VI (Costa da Morte) representan xuntas unha pequena porcentaxe da capacidade pesqueira da frota galega (un 5,9% da tonelaxe total), a pesar da importancia social da actividade pesqueira para as comunidades costeiras nesta área. Contan, respectivamente, co 13,6%, o 3,1% e o 6,3% do número de embarcacións de Galicia, e traballan todas no caladoiro nacional, agás un palangreiro de fondo de Fisterra que o fai na área NEAFC. A maior parte da frota nestas zonas pertence ao grupo de artes menores, destacando tamén o cerco en Muros

Cadro núm. 5

Frota pesqueira na zona III (ría de Arousa). Datos de maio de 2014

Descrición (caladoiro e arte de pesca)	Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (KW)	Estimación do emprego
Pesqueira internacional (grande altura)						
Arrastre Conxeladores	3	3.321	4.720	7.554	5.555	47
Cerco	2	3.983	5.920	10.584	7.783	31
Palangre de superficie	6	1.106	2.289	3.244	2.386	50
Pesqueira comunitaria (altura)						
Palangre de fondo NEAFC palangre de fondo	5	816	1.671	3.354	2.465	61
Caladoiro nacional (Cantábrico noroeste)						
Arrastre	33	4.781	7.450	15.850	11.656	282
Artes menores	1.642	3.049	2.471	31.135	22.884	2.709
Cerco	31	921	1.402	6.463	4.750	252
Palangre de fondo	2	61	82	306	225	16
Totais	1.724	18.039	26.004	78.490	57.705	3.448
Buques dedicados a acuicultura/Auxiliares	892	-	-	-	-	-

* Tonelaxe bruta (*Gross tonnage*).

Fonte: Elaboración propia a partir da Consellería do Medio Rural e do Mar: *Restro de buques pesqueiros*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>)

Cadro núm. 6

Frota pesqueira nas zonas IV (Muros), V (Fisterra) e VI (Costa da Morte). Datos de maio de 2014

Descrición (caladoiro e arte de pesca)	Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (KW)	Estimación do emprego
Pesqueira comunitaria (altura)						
Palangre de fondo NEAFC < 100 TRB	1	83	163	442	325	12
Caladoiro nacional (Cantábrico noroeste)						
Arrastre	12	1.637	2.576	4.594	3.377	102
Artes menores	960	2.752	2.710	23.209	17.058	1.584
Cerco	46	1.649	1.989	10.509	7.549	374
Palangre de fondo	12	510	700	2.708	1.991	93
Enmallada Á liña	13	455	784	2.075	1.526	89
Totais	1.044	7.086	8.922	43.537	31.827	2.254
Buques dedicados a acuicultura/Auxiliares	31	-	-	-	-	-

* Tonelaxe bruta (*Gross tonnage*).Fonte: Elaboración propia a partir da Consellería do Medio Rural e do Mar: *Rexistro de buques pesqueiros*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>)

(22 unidades) e na Costa da Morte (24 unidades). O emprego estimado nestas zonas é de 2254 persoas. No cadro 6 amósanse os datos conxuntos das tres zonas.

A zona VII (A Coruña-Ferrol) ten como porto máis importante o da Coruña e conta co 7,4% da frota galega en número de buques e co 5,2% en tonelaxe. Existe unha frota de grande altura, composta por cinco palangreiros de superficie (capacidade media de 461 GT e potencia media de 580 Kw), outra de altura composta por cinco arrasteiros (capacidade media de 348 GT e potencia media de 495 Kw), e a frota do caladoiro nacional, con 327 embarcacións (capacidade media de 94 GT e potencia media de 175 Kw). Cabe salientar que o bacallaeiro e o palangreiro de fondo que en abril de 2013 formaban parte desta frota xa non figuran no actual Rexistro de Buques Pesqueiros (maio de 2014). O emprego estimado nesta zona é de 843 persoas.

A zona VIII (Cedeira) ten Cedeira como porto principal e representa o 2,9% en número das embarcacións galegas e o 1,4% en tonelaxe. Conta cunha pequena frota de altura, composta por tres palangreiros de fondo (capacidade media de 102 GT e potencia media de 304 Kw), ademais da frota do caladoiro nacional (capacidade media de 36 GT e potencia media de 112 Kw) na que predominan as artes menores. O emprego pesqueiro estimado nesta zona é de 424 persoas.

A zona IX (Mariña lucense) ten Celeiro e Burela como portos máis representativos, que albergan unha das frotas máis importantes de Galicia. Trátase da frota de altura que opera en augas do Gran Sol, coas modalidades de arrastre e palangre de fondo, e que usa un sistema de dereitos individuais transferibles. Os arrasteiros de altura (capacidade media de 354 GT e potencia media de 461 Kw) dedícanse, principalmente, á captura de pescada, peixe sapo, rapante e cigala, que desembarcan maioritariamente en

Cadro núm. 7

Frota pesqueira na zona VII (A Coruña-Ferrol). Datos de maio de 2014

Descrición (caladoiro e arte de pesca)		Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (KW)	Estimación do emprego
Pesqueira internacional (grande altura)							
Arrastre	Bacallaeiros	0	0	0	0	0	0
Palangre de superficie		5	1.421	2.306	3.946	2.902	42
Pesqueira comunitaria (altura)							
Palangre de fondo	NEAFC palangre de fondo	0	0	0	0	0	0
Arrastre	NEAFC arrastre	5	1.142	1.738	3.370	2.477	50
Caladoiro nacional (Cantábrico noroeste)							
Arrastre		9	1.314	2.188	4.413	3.245	77
Artes menores		295	841	731	8.465	6.222	487
Cercos		23	676	814	4.524	3.325	187
Palangre de fondo		0	0	0	0	0	0
Totais		337	5.393	7.777	24.717	18.171	843
Buques dedicados a acuicultura/Auxiliares		162	-	-	-	-	-

* Tonelaxe bruta (Gross tonnage).

Fonte: Elaboración propia a partir da Consellería do Medio Rural e do Mar: *Restro de buques pesqueiros*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>)

Cadro núm. 8

Frota pesqueira na zona VIII (Cedeira). Datos de maio de 2014

Descrición (caladoiro e arte de pesca)		Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (KW)	Estimación do emprego
Pesqueira comunitaria (altura)							
Palangre de fondo	NEAFC palangre de fondo	2	156	217	852	627	24
	NEAFC < 100 TRB	1	50	95	402	296	12
Caladoiro nacional (Cantábrico noroeste)							
Artes menores		98	341	292	3.024	2.223	162
Cercos		6	234	333	1.826	1.342	49
Palangre de fondo		7	193	318	1.145	842	54
Enmallada	Rascle	3	61	65	240	176	20
	Á liña	15	419	837	2.744	2.017	102
Totais		132	1.454	2.157	10.233	7.522	424
Buques dedicados a acuicultura/Auxiliares		1	-	-	-	-	-

* Tonelaxe bruta (Gross tonnage).

Fonte: Elaboración propia a partir da Consellería do Medio Rural e do Mar: *Restro de buques pesqueiros*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>)

Cadro núm. 9

Frota pesqueira na zona IX (Mariña lucense). Datos de maio de 2014

Descrición (caladoiro e arte de pesca)	Número de barcos	Capacidade (TRB)	GT*	Potencia (CV)	Potencia (KW)	Estimación do emprego	
Pesqueira internacional (grande altura)							
Palangre de superficie	7	2.190	3.712	6.999	5.147	59	
Pesqueira comunitaria (altura)							
Palangre de fondo	NEAFC palangre de fondo	37	5.927	10.017	19.739	11.750	448
	NEAFC <100 TRB	4	315	623	1.263	929	48
Arrastre	NEAFC arrastre	7	1.426	2.477	4.391	3.227	70
Caladoiro nacional (Cantábrico noroeste)							
Arrastre		19	2.768	4.724	8.271	6.079	162
Artes menores		90	526	567	4.442	3.265	149
Cerco		8	354	427	2.076	1.526	65
Palangre de fondo		4	95	164	603	444	31
Palangre de superficie		18	2.147	3.942	6.993	5.140	154
Enmallada	Á liña	3	118	285	686	504	20
Totais		197	15.866	26.938	55.463	38.011	1.207

* Tonelaxe bruta (*Gross tonnage*).Fonte: Elaboración propia a partir da Consellería do Medio Rural e do Mar: *Restro de buques pesqueiros*, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>)

Celeiro, Burela e Vigo. Os palangreiros de fondo (capacidade media de 213 GT e potencia media de 275 Kw) teñen a pescada como principal especie obxectivo. Existe, ademais, unha frota de grande altura, composta por sete palangreiros de superficie (capacidade media de 530 GT e potencia media de 735 Kw) e 142 unidades que operan no caladoiro nacional. O emprego pesqueiro estimado nesta zona é de 1207 persoas e representa o 10,3% do total.

Produción pesqueira

A produción do sector pesqueiro caracterízase pola gran cantidade de puntos de descarga e venda, non sempre baixo a mesma xurisdición. A maioría das vendas de peixes e mariscos capturados pola frota con porto base en Galicia realízanse a través das lonxas. Existen empresas pesqueiras galegas que teñen unhas canles de comercialización totalmente distintas, xa que os peixes e mariscos conxelados non se canalizan polas lonxas dos portos galegos.

De acordo cos datos publicados pola plataforma Pescadegalicia, o volume de pesca fresca (peixe e marisco) puxada nas lonxas galegas durante 2013 foi de 163.434 toneladas e supuxo o oitavo maior rexistro de produción desde 1999 (cadro 10). En

termos monetarios, os desembarques en 2013 acadaron unha cotización media de 2,53 euros por quilogramo, o que supuxo un valor anual total de 413,4 millóns de euros. Os prezos medios da pesca fresca subiron un 0,4% en relación con 2012 nas lonxas galegas.

Como xa ocorrera no exercicio anterior, este caracterizouse por un descenso xeneralizado respecto ao ano precedente tanto nas cantidades vendidas de produtos pesqueiros frescos coma no valor adquirido na primeira venda nas lonxas e centros de venda autorizados. Así, atopámonos con que a comparativa entre 2012 e 2013 mes a mes foi positiva a favor da facturación en 2012 en todos os meses agás nos de xaneiro, abril, xullo, novembro e decembro, e como resultado aparecen 11.570 toneladas e 27,1 millóns de euros de diferencial negativo (cadro 11).

No cadro 11 amósase a evolución mensual das vendas de peixes e mariscos frescos nas lonxas galegas durante os anos 2012 e 2013. Xullo foi o mes de 2013 que rexistrou maior produción, mentres que decembro foi o menos produtivo. Non obstante, decembro foi o mes con maior facturación e con máximos prezos medios de primeira venda, moi por enriba dos prezos medios doutros meses, debido á forte demanda e menor oferta en inverno, particularmente no período de Nadal. A pesca fresca (peixe e marisco) poxada nas lonxas galegas durante 2013 foi de 163.434 toneladas. En termos monetarios, os desembarques en 2013 acadaron unha cotización media de 2,53 euros por quilogramo, o que supuxo un valor anual total de 413,4 millóns de euros. Os prezos medios soben de forma moi lixeira (cadro 12). A pesca fresca comercialízase a través das 62 lonxas distribuídas ao longo da toda a costa galega e concéntrase nunhas lonxas que tenden a marcar os prezos de referencia. As de maior produción son A Coruña con 39.935 toneladas en 2013, seguida de Vigo con 33.043 toneladas. Porén, en termos monetarios, Vigo foi a lonxa que acadou un maior valor anual, con 100,75 millóns de euros, fronte aos 83 millóns acadados na lonxa da Coruña.

En canto á distribución territorial, na provincia de Pontevedra están emprazadas 21 lonxas, entre as que destaca especialmente a lonxa do porto de Vigo (cadros 13, 14 e 15). A produción total da provincia en 2013 foi de 43.717 toneladas, a facturación de 148,50 millóns de euros, e o prezo medio de 3,40 euros. As especies que se

Cadro núm. 10

Evolución da pesca fresca vendida nas lonxas galegas

	Cantidade (t)	Valor (miles de euros)	Prezo (euros/kg)
1999	156.282	368.593	2,36
2000	145.302	350.969	2,42
2001	142.871	354.862	2,48
2002	128.029	329.124	2,57
2003	124.680	335.071	2,69
2004	149.733	383.441	2,56
2005	158.625	403.151	2,54
2006	169.327	432.726	2,56
2007	172.249	463.430	2,69
2008	173.569	451.323	2,60
2009	195.785	422.373	2,16
2010	187.395	458.381	2,45
2011	183.501	474.847	2,59
2012	175.004	440.534	2,52
2013	163.434	413.422	2,53

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Medio Rural e do Mar: Estatísticas de produción pesqueira, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>)

Cadro núm. 11**Peixe fresco comercializado en primeira venda en Galicia**

2012	Cantidade	Valor	Prezos	2013	Cantidade	Valor	Prezos
	(t)	(miles de euros)	(euros/kg)		(t)	(miles de euros)	(euros/kg)
Xaneiro	13.241	33.024	2,49	Xaneiro	11.022	34.686	3,15
Febreiro	11.830	30.694	2,59	Febreiro	11.277	28.817	2,56
Marzo	23.295	47.076	2,02	Marzo	13.798	32.212	2,33
Abril	11.147	31.904	2,86	Abril	13.098	33.283	2,54
Maio	14.247	33.580	2,36	Maio	12.688	31.434	2,48
Xuño	13.904	33.477	2,41	Xuño	12.049	27.428	2,28
Xullo	14.696	39.246	2,67	Xullo	18.609	39.266	2,11
Agosto	15.384	39.896	2,59	Agosto	16.095	36.682	2,28
Setembro	14.811	33.554	2,27	Setembro	15.946	33.460	2,10
Outubro	17.366	38.452	2,21	Outubro	15.077	34.893	2,31
Novembro	14.075	33.783	2,40	Novembro	12.892	36.722	2,85
Decembro	10.201	40.550	3,98	Decembro	10.883	44.538	4,09

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Medio Rural e do Mar: Estatísticas de produción pesqueira, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>)

Cadro núm. 12**Produción pesqueira total por zonas. Ano 2013**

Lonxa	Cantidade	Valor	Prezos
	(t)	(miles de euros)	(euros/kg)
Zona I - Ría de Vigo	34.539	110.444	3,20
Zona II - Pontevedra	5.262	12.973	2,47
Zona III - Arousa	32.453	65.300	2,01
Zona IV - Muros	10.979	19.505	1,78
Zona V - Fisterra	869	3.164	3,64
Zona VI - Costa da Morte	3.354	6.756	2,01
Zona VII - A Coruña-Ferrol	40.725	87.384	2,15
Zona VIII - Cedeira	1.499	5.717	3,81
Zona IX- Mariña lucense	33.754	102.178	3,03
Totais	163.434	413.421	2,53

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Medio Rural e do Mar: Estatísticas de produción pesqueira, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>)

Cadro núm. 13**Produción pesqueira na zona I (ría de Vigo)**
Ano 2013

	Cantidade	Valor	Prezos
Lonxa	(t)	(miles de euros)	(euros/kg)
A Guarda	160	1.292	8,06
Arcade	121	920	7,63
Baiona	270	1.598	5,92
Cangas	423	2.450	5,79
Moaña	179	1.230	6,87
Redondela	204	1.395	6,85
Vigo	33.043	100.751	3,05
Vigo (Canido)	88	426	4,85
Vilaboia	52	382	7,40
Totais	34.539	110.444	3,20

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Medio Rural e do Mar: Estadísticas de produción pesqueira, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>)

comercializan en maior cantidade son peixes, como os rapantes, a xarda pintada, o mendo limón, a pescada e o peixe sapo, procedentes da frota de altura, seguidas por especies peláxicas como a sardiña, a xarda e o xurelo.

Na provincia da Coruña están empuzadas 35 lonxas (cadros 15, 16, 17 e 18). En 2013 esta provincia produciu 85.972 toneladas, máis do 50% do total vendido en Galicia; non obstante, só acadou 162,8 millóns de euros, o 39% da facturación, presentando o prezo medio por produtos máis baixo das tres provincias (1,89 euros/kg). As lonxas de Ribeira e do porto da Coruña acumulan o 79% dos quilos totais da provincia. O xurelo, a pescada, o lirio, a xarda, a sardiña e a xarda pintada son as especies que acumulan a maior parte dos quilos vendidos nesta provincia.

Cadro núm. 14**Produción pesqueira na zona II (Pontevedra)**
Ano 2013

	Cantidade	Valor	Prezos
Lonxa	(t)	(miles de euros)	(euros/kg)
Aldán-Hío	68	333	4,92
Bueu	771	2.436	3,16
Campelo	594	4.450	7,50
Marín	1.600	3.512	2,19
Pontevedra (Mercado)	19	300	15,43
Portonovo	2.211	1.943	0,88
Totais	5.262	12.974	2,47

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Medio Rural e do Mar: Estadísticas de produción pesqueira, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>)

Cadro núm. 15**Produción pesqueira na zona III (Arousa). Ano 2013**

	Cantidade	Valor	Prezos
Lonxa	(t)	(miles de euros)	(euros/kg)
A Illa de Arousa	488	4.686	9,61
Aguiño	160	1.458	9,11
Cabo de Cruz	111	1.340	12,10
Cambados	1.555	5.599	3,60
Carril	899	6.317	7,03
Coop. Ría de Arousa	22	272	12,27
O Grove	700	5.999	8,56
A Pobra do Caramiñal	121	985	8,14
Rianxo	418	2.897	6,94
Ribeira	27.706	33.288	1,20
Vilanova	182	1.741	9,55
Vilaxoán	91	718	7,87
Totais	32.453	65.300	2,01

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Medio Rural e do Mar: Estadísticas de produción pesqueira, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>)

Cadro núm. 16**Produción pesqueira nas zonas IV (Muros), V (Fisterra) e VI (Costa da Morte)
Ano 2013**

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles de euros)	Prezos (euros/kg)
Muros	2.384	4.336	1,82
Noia	1.652	8.609	5,21
Porto do Son	12	63	5,21
Portosín	6.931	6.497	0,94
Carnota (Lira)	55	215	3,89
Carnota (O Pindo)	0	12	80,93
Corcubión	242	951	3,92
Fisterra	571	1.986	3,48
Baldaio	3	22	8,50
Caión	5	33	6,29
Camariñas	1.877	2.989	1,59
Camelle	9	41	4,55
Corme	21	131	6,27
Laxe	323	760	2,35
Malpica	1.081	2.625	2,43
Muxía	15	72	4,62
Río Anllóns	20	84	4,24
Totais	15.201	29.425	1,94

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Medio Rural e do Mar: Estatísticas de produción pesqueira, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>)

Na provincia de Lugo están emprazadas seis lonxas, e a principal actividade económica concéntrase nas lonxas de Burela e Celeiro (cadro 19). A produción total en 2013 foi de 33.754 toneladas, a facturación de 102,18 millóns de euros, e o prezo medio, de 3,03 euros. As especies máis importantes nesta provincia son a pescada, o xurelo, o lirio, a xarda, a castañeta e o bonito do norte.

O peixe conxelado é desembarcado principalmente nos portos de Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa e Ribeira, ben pola frota pesqueira conxeladora (galega, de empresas pesqueiras mixtas ou de embarcacións abandeiradas noutros países), ben por buques mercantes e portacontedores. O porto de Vigo é o máis representativo de Galicia en volume de peixe conxelado comercializado, constituíndo un dos puntos de referencia a nivel mundial. O ano 2013 supuxo unha baixada do 7% no rexistro de pesca conxelada no devandito porto, pasando de 718.353 a 665.000 toneladas. Esta produción provén, na súa maior parte, das empresas mixtas galegas que operan en terceiros países.

Cadro núm. 17**Produción pesqueira na zona VII (A Coruña- Ferrol). Ano 2013**

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles de euros)	Prezos (euros/kg)
A Coruña (Confraría)	29	267	9,33
A Coruña (Lonja Coruña, S. A.)	39.935	82.977	2,08
Barallobre	213	1.495	7,03
Ferrol	324	1.813	5,59
Miño	7	50	7,20
Mugardos	30	277	9,37
Pontedeume	27	225	8,31
Sada	161	279	1,74
Totais	40.725	87.384	2,15

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Medio Rural e do Mar: Estatísticas de produción pesqueira, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>)

Cadro núm. 18**Produción pesqueira na zona VIII (Cedeira)
Ano 2013**

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles de euros)	Prezos (euros/kg)
Cariño	677	1.003	1,48
Cedeira	803	4.597	5,73
Espasante	20	117	5,85
Totais	1.499	5.717	3,81

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Medio Rural e do Mar: Estatísticas de produción pesqueira, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>)

Cadro núm. 19**Produción pesqueira na zona IX (Mariña Lucense)
Ano 2013**

Lonxa	Cantidade (t)	Valor (miles de euros)	Prezos (euros/kg)
Burela	19.381	58.720	3,03
Celeiro	14.343	43.286	3,02
O Barqueiro	10	47	4,70
O Vicedo	9	18	1,95
Ribadeo	11	108	9,96
San Cibrao	0	0	0,00
Totais	33.754	102.178	3,03

Fonte: Elaboración propia a partir de: Consellería do Medio Rural e do Mar: Estatísticas de produción pesqueira, Plataforma Tecnolóxica da Pesca (<http://www.pescadegalicia.com>)

Xestión e conxuntura do sector pesqueiro galego

A continuación destacamos a conxuntura e acontecementos máis relevantes para a xestión e regulación do sector pesqueiro galego durante 2013, agrupados nos eixos de xestión dos recursos, xestión da frota galega e mellora da eficiencia enerxética, política estrutural e investimentos, e goberno.

Xestión dos recursos

1. Os totais admisibles de captura (TAC) e cotas para 2014 acadados no seo do Consello de Ministros de Pesca da UE foron favorables para España e Galicia. Acadouse o importante incremento no TAC de pescada, tanto no Gran Sol e golfo de Biscaia —cunha suba do 49%— como no Cantábrico —cun aumento dun 15%—. Estas especies son fundamentais para a frota dos portos de Vigo, A Coruña, Celeiro, Burela e Ribeira. Ademais, conseguiuase un aumento do 28% no TAC da xarda, que é unha especie importante para a frota costeira de moitos portos galegos. Tamén foi posible un aumento do TAC do lirio, xa que sobe entre o norte e o sur un 71%, destacando o lirio do Cantábrico, onde aumenta un 114%. Por outro lado, os distintos tipos de rapese incrementados nun 15%, sendo a suba no Cantábrico dun 6%. Pola contra, o xurelo do Cantábrico, baixa un 26%. O recrutamento neste recurso non está sendo bo, o que explica esa baixada.

2. Plan de xestión da sardiña. A comisión sectorial do cerco do Consello Galego de Pesca acordou elaborar un borrador de plan de xestión da sardiña tendo en conta as características biolóxicas do recurso e a súa importancia socioeconómica. O obxectivo que persegue este plan de xestión é aplicar unha serie de medidas para tratar de recuperar o stock de sardiña —que se atopa en malas condicións— dun xeito gradual, nun período de tres a cinco anos, en lugar de dunha forma máis radical. Búscase unha proposta que permita subsistir a frota e que evite a perda de unidades fuxindo dunha eventual descompensación provocada por un incremento masivo das poboacións de sardiña, como xa ocorreu noutras ocasións.

3. Novo modelo de reparto de cotas de xarda e xurelo. O novo modelo de reparto de cotas destas especies no sector do cerco vai permitir ampliar a pesca no tempo e as descargas en área, permitindo unha mellor organización da actividade pesqueira e unha formulación da comercialización máis axeitada. O modelo permitirá pescar en Galicia especies migratorias como a xarda, que antes apenas se podía pescar cando chegaba ás costas galegas porque xa estaba esgotada a cota. Este sistema de reparto asigna, no caso do cerco, case o 25% da cota da xarda e o 43,2% no caso do xurelo, o que se traduce en 3406 toneladas de xarda e 8939 toneladas de xurelo. O reparto axústase á disposición normativa da Lei de pesca marítima do Estado, que establece que os criterios de reparto serán os históricos, tendo en conta tamén as características técnicas de cada barco, e, unha vez aplicados ambos, valoraranse as posibilidades de

emprego que se acrediten polo titular do buque así como as condicións sociolaborais dos traballadores.

4. En relación coa xestión de recursos en augas interiores, a Consellería do Medio Rural e do Mar aprobou en 2013 un total de 208 plans de explotación marisqueira para 2014 co fin de garantir unha boa xestión dos recursos. Estes documentos establecen unha serie de normas para realizar a actividade extractiva, como por exemplo, épocas e número máximo de días de extracción e zonas de traballo. É dicir, establece o réxime preciso para permitir a explotación marisqueira na comunidade galega coas garantías dunha boa xestión do recurso, tendo en conta os datos e informes científicos dispoñibles. Dos 208 plans aprobados para 2014, 44 son plans de explotación en autorizacións, 51 son plans específicos, 35 son para a extracción de percebe e 20 para a de ourizo. Ademais, 27 son plans de solénidos, seis son para extracción de peneira, 20 para algas e cinco para extracción de anémones. Por zonas, cabe destacar como novidade que, por primeira vez desde o ano 2007, as confrarías de Ferrol e Barallobre presentaron plans de explotación. A consellería aprobou dous plans conxuntos entre ambas as entidades: un plan para zonas de autorización e un plan específico de explotación para zonas de libre marisqueo. Ata agora a xestión realizábase como unha zona de libre marisqueo e mediante autorizacións mensuais. Ademais, na ría de Vigo apróbase un plan único presentado polo conxunto das entidades asociativas do sector.

5. Plans de explotación de crustáceos para o ano 2014: neste ámbito cabe destacar como novidade que o boi será regulado no seu momento por un plan de xestión específico —non incluído nesta orde— do mesmo xeito que no caso do polbo e da centola. Con relación a outros crustáceos, o plan establece que está permitido capturar nécora do 1 ao 4 de xaneiro e do 1 de xullo ao 31 de decembro. No caso do lumbrigante, o período autorizado de captura vai do 1 de xaneiro ao 31 de marzo e do 1 de xullo ao 31 de decembro. Para o ano 2014, a diferenza de 2013, o período de captura prólongase os meses de outubro, novembro e decembro. Este cambio realízase debido ao seu interese comercial e á demanda nos mercados e faise tendo en conta os datos científicos. No caso da lagosta, esta poderá extraerse entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro. En relación ao santiaguíño, o plan establece que se poderá capturar do 1 de outubro ao 31 de decembro. Ademais, especifica que o conguito, o patulate e o cangrexo poderanse extraer durante todo o ano.

Modernización e investimentos na frota galega

1. En 2013, a Consellería do Medio Rural e do Mar destinou unha liña de investimentos en buques e selectividade cunha contía total de tres millóns de euros, cofinanciada polo fondo europeo da pesca da Unión Europea. A súa finalidade é a de contribuír á modernización da frota pesqueira galega mediante investimentos a bordo dos buques pesqueiros, sempre que estes investimentos poidan servir para mellorar a seguridade a bordo, as condicións de traballo, a hixiene, a calidade dos produtos, o rendemento enerxético e a selectividade.

2. Axudas a proxectos colectivos de acondicionamento mariño e rexeneración para os anos 2013 e 2014. Estas axudas, tamén da Consellería do Medio Rural e do Mar, teñen como finalidade contribuír de forma sustentable a mellorar a xestión e conservación dos recursos mariños vivos. Tamén estas axudas son para paliar os efectos dos temporais nos bancos marisqueiros e co obxecto de facilitarlles ás posibles entidades solicitantes a avaliación da situación actual e a preparación dos proxectos que permitan restaurar os bancos marisqueiros.

3. A Consellería do Medio Rural e do Mar destinou 47 millóns de euros a axudas para a transformación e a comercialización de produtos da pesca, marisqueo e acuicultura na convocatoria para 2014. Estas axudas, cofinanciadas polo fondo europeo da pesca nun 75%, teñen como finalidade potenciar a competitividade no sector procesador galego ao tempo que promoven o desenvolvemento económico, social e produtivo da nosa comunidade. Poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares de establecementos de transformación ou comercialización de produtos de pesca, marisqueo e acuicultura xa existentes en Galicia, así como as que establezan novos centros na nosa comunidade. Tamén poderán acceder a elas as confrarías de pescadores e organizacións profesionais. Serán subvencionados os investimentos que redunden na mellora das condicións de traballo e na mellora e seguimento das condicións hixiénicas e de saúde pública ou da calidade dos produtos, as actuacións encamiñadas á produción de produtos de alta calidade para mercados altamente especializados, á redución do impacto negativo do ambiente, á unha mellor utilización de especies pouco aproveitadas, subprodutos e residuos e á comercialización de produtos procedentes esencialmente dos desembarques locais e da acuicultura. Tamén son obxecto destas axudas a produción ou comercialización de novos produtos, a aplicación de novas tecnoloxías ou o desenvolvemento de métodos innovadores de produción ou comercialización.

4. A Consellería do Medio Rural e do Mar destinou axudas á innovación pesqueira cofinanciadas polo fondo europeo da pesca cun total de 1,9 millóns de euros. Son obxecto de financiamento destas subvencións as iniciativas destinadas a comprobar a viabilidade técnica ou económica dunha tecnoloxía innovadora. Tamén, aquelas destinadas a desenvolver e probar métodos para mellorar a selectividade das artes de pesca, reducir as capturas accesorias, os descartes ou o impacto ambiental no fondo mariño. Tamén son obxecto destas achegas a realización de probas sobre plans de xestión ou de asignación do esforzo pesqueiro, incluso de zonas de veda, co obxecto de avaliar as consecuencias biolóxicas e financeiras, e a repoboación experimental. Os proxectos terán que acompañarse dun seguimento científico, realizado por un organismo público, a fin de producir resultados significativos. Estas axudas destínanse a empresas ou unións temporais de empresas, asociacións empresariais ou asociacións profesionais de carácter comercial do sector, organizacións de produtores pesqueiros, confrarías, cooperativas, centros tecnolóxicos ou calquera outro organismo de investigación e desenvolvemento con participación privada maioritaria.

5. Medidas para paliar os efectos dos temporais. A Xunta destinou para 2013 e 2014 máis de cinco millóns de euros a contribuír coa subscripción de seguros de danos. Estes seguros están destinados a paliar os efectos dos temporais. Outras medidas para axudar a frota galega tras os temporais do 2013 e principios do 2014 son o aprazamento e flexibilización do pagamento das cotas sociais ao Instituto Social da Mariña, créditos brandos para o financiamento de liquidez e a realización de reparacións en aparellos e embarcacións, o pagamento fraccionado de taxas autonómicas e a avaliación do estado dos recursos marisqueiros

Política comercial e industria de transformación pesqueira

1. Produtos pesqueiros con certificación ecolóxica. Destaca o ascenso progresivo que desde 2009 experimentou o volume de negocio das conservas de peixe con certificación ecolóxica, que aumenta preto dun 97%, pasando de 115.000 euros no 2009 a máis de 3,5 millóns de euros no 2013. Tamén a boa evolución dos produtos da acuicultura e recolleita de algas, cun volume de negocio que pasa de 104.000 euros no 2012 a 267.000 euros no 2013.

2. Segundo datos da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos (ANFACO), no ano 2013 operaban 64 empresas conserveiras en Galicia, xerando preto de 12.000 postos de traballo. As mulleres son o colectivo predominante nese sector, ao supoñeren o 80% do total dos postos de traballo. No que respecta as exportacións, produciuse un incremento con respecto ao ano anterior nun 7% en volume de vendas, ata alcanzar as 140.013 toneladas. Así, Galicia consolídase como a primeira zona produtora a nivel conserveiro de España, representando o 85% da produción nacional.

Goberno. Acordo pesqueiro entre España e Portugal

O acordo establece unhas regras de xogo igualitarias e favorece que ambos países traballen en igualdade de condicións. Deste xeito, os barcos españois e portugueses aplicarán as medidas técnicas do país no que se realicen as pesquerías. O acordo ampara 250 buques dos que 110 son galegos e outros 50 teñen vínculo operativo con Galicia. Ademais, favorécense arrastreiros, cerqueiros e barcos de artes menores. Outro aspecto positivo do acordo é que favorece que moitos buques portugueses operen desde portos e lonxas galegas beneficiando economicamente Galicia. No eido das descargas, o acordo contempla que os límites que rexan sexan os que estipule a organización de produtores do porto no que se realice a descarga, independentemente da nacionalidade do buque ou da zona na que se realizasen as capturas.

III.2. Marisqueo

A campaña marisqueira 2012. Normativa

O Plan Xeral de Explotación Marisqueira para 2012 foi regulado na Orde do 23 de decembro de 2011 pola que se aprobou este plan (DOG, núm. 1, do 2 de xaneiro 2012).

As normas desta campaña están recollidas en dez artigos, nove disposicións adicionais e outras tres finais, cun anexo que recolle os oito cadros onde figuran os plans específicos para as autorizacións (cadro A), para as zonas de libre marisqueo (cadros B e C), para o percebe (cadro D), para outros crustáceos (cadro E), para os equinodermos (cadro F), para os solénidos (cadro G), para a orella de mar (cadro H) e mais para a explotación de algas (cadro I), sen apenas variacións no seu articulado con respecto a anos anteriores.

Resultados da campaña

Nesta campaña segue o descenso continuado das capturas totais, desde que en 2008 se alcanzase un máximo de 11.340 toneladas. Algúns comentarios desde o sector apuntan ao furtivismo, que implica, por un lado, unha notable mingua nas vendas

oficiais, pero polo outro, unha presión descontrolada sobre os recursos, que levará moi probablemente a esquilmar ou, como mínimo, a reducir drasticamente a súa capacidade de renovación biolóxica xa no medio prazo.

Como xa foi apuntado no anterior *Informe 2012*, aquí aparecen dous problemas de semellante gravidade: a perda da capacidade de xestión dos bancos marisqueiros e mais un importante efecto negativo na calidade do marisco ofertado nos mercados. Se a isto agregamos

o continuo incremento das importacións, sobre todo de países non comunitarios, o impacto nos prezos pode levar ao sector a unha situación social e economicamente difícil de manter.

Cadro núm. 20

Produción total pesqueira de Galicia en primeira venda. Ano 2012

Grupo biolóxico	Quilogramos	Euros
Cefalópodos	14.025.670	37.477.659
Crustáceos	1.256.293	18.756.393
Bivalvos e gasterópodos	7.408.963	52.353.488
Peixes	151.184.037	329.191.786
Total	173.874.963	437.779.326

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar (<http://www.pescadegalicia.com>)

Cadro núm. 21**Evolución da produción marisqueira en Galicia
por especies-recurso (en toneladas)**

	Especie-recurso principal	Especie-recurso secundaria	Especie-recurso acompañante	Total
2001	3.903,1	237,1	2.335,1	6.475,3
2002	6.166,0	239,4	2.491,6	8.897,0
2003	5.585,0	202,4	2.492,4	8.279,8
2004	6.484,0	430,0	2.682,0	9.596,0
2005	5.579,0	424,0	2.645,0	8.648,0
2006	5.407,7	614,3	1.887,8	7.909,8
2007	7.030,9	863,1	2.401,6	10.295,6
2008	7.721,0	773,5	2.845,3	11.341,0
2009	6.102,0	713,9	2.247,3	9.063,2
2010	5.554,0	803,1	2.170,8	8.527,4
2011	5.553,5	532,6	2.462,0	8.548,1
2012	4.244,6	666,6	2.497,8	7.409,0

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar (<http://www.pescadegalicia.com>)

As cifras (cadro 21) mostran unha caída das capturas que mesmo reduce os datos de 2006 nos totais, case situándose nos de 2001, se nos centramos nas especies principais. As especies acompañantes practicamente manteñen o nivel de 2011 e soben unhas 100 toneladas as secundarias. Nesta campaña baixan todos os datos económicos das especies principais con respecto a 2011 (-37,2%) o que non sucedeu nunca en toda a serie desde 1989. A repercusión nas cifras totais de ingresos da campaña é un descenso do 24,5%, o que non pode resultar menos que preocupante, se consideramos o citado e plausible incremento do furtivismo. De feito, nos meses de verán houbo un acordo entre a Consellería do Mar e as confrarías da ría de Pontevedra para suspender as actividades de captura con embarcación debido aos baixos prezos; pero, reabertas as capturas, os propios mariscadores decidiron non traballar en todo o mes de outubro pola mesma causa.

No informe da pasada campaña 2011, integramos a ameixa xaponesa dentro do cadro 22 das especies recurso principais, aínda que nos datos dos outros cadros seguiu aparecendo como especie acompañante. Tamén aquí debemos subliñar que as súas capturas aparecen estancadas nun valor case idéntico ao de 2011, o que mantén de todas formas a hipótese dunha estratexia de alternancia dos mariscadores con embarcación, así coma o interese por esta especie, a pesar do seu baixo prezo, que segue na metade do da ameixa babosa.

Comentando con algo máis devagar a campaña (cadros 22 e 23), e dentro do marisqueo a pé, as capturas de berberecho mostran o lado máis negativo do seu

Cadro núm. 22

Evolución da produción das especies-recurso principais de marisco en Galicia

	Berberecho (<i>C. edule</i>)	Ameixa fina (<i>V. decussata</i>)	Ameixa babosa (<i>V. pullastra</i>)	Ameixa rubia (<i>V. rhomboideus</i>)	Ameixa xaponesa (<i>R. philippinarum</i>)
Toneladas					
2001	1.172	734	1.476	515	420
2002	3.844	681	1.239	393	523
2003	3.420	732	1.163	270	633
2004	4.220	739	1.250	275	740
2005	3.565	553	1.097	364	848
2006	3.414	561	821	612	1.133
2007	4.709	662	945	715	1.941
2008	5.024	781	1.113	803	2.262
2009	3.255	826	1.178	842	1.951
2010	2.876	807	1.187	684	1.885
2011	3.315	773	1.183	456	2.158
2012	1.816	828	1.170	431	2.189
Miles de euros					
2001	4.421,7	14.209,1	16.477,4	3.601,2	3.784,4
2002	11.142,9	13.253,5	15.915,5	3.598,5	5.722,5
2003	12.717,8	16.959,3	15.609,0	2.562,9	5.434,7
2004	15.638,0	19.092,4	16.078,1	2.442,6	6.034,3
2005	14.744,1	16.410,4	15.255,0	3.101,0	6.363,6
2006	17.214,2	15.704,0	12.532,7	4.621,6	9.052,6
2007	17.627,4	16.146,8	14.212,0	5.348,4	14.637,1
2008	17.865,4	16.928,6	13.216,5	5.836,9	18.009,8
2009	14.017,6	15.899,7	14.603,8	5.576,2	13.459,7
2010	14.452,1	16.612,0	15.789,8	5.208,6	11.991,2
2011	16.442,2	15.017,9	14.501,8	3.843,5	12.958,3
2012	9.079,9	13.374,9	10.832,4	3.010,5	11.096,7
Euros/kg					
2001	3,77	19,35	11,16	6,99	9,02
2002	1,82	19,34	14,30	8,31	7,25
2003	3,72	23,18	13,42	9,51	8,60
2004	3,71	25,84	12,86	8,89	8,15
2005	4,14	29,67	13,90	8,52	7,50
2006	5,04	28,01	15,26	7,55	7,99
2007	3,74	24,38	15,04	7,48	7,54
2008	3,56	21,67	11,87	7,27	7,96
2009	4,31	19,24	12,39	6,63	6,90
2010	5,03	20,65	13,30	7,62	6,36
2011	4,96	19,42	12,26	8,43	6,00
2012	5,00	16,16	9,26	6,98	5,07

Cadro núm. 23

Produción marisqueira en primeira venda en Galicia Bivalvos e gasterópodos. Ano 2012

Especie	Lonxas	Cantidade (kg)	Importe (euros)	Euros/kg
Ameixa babosa (V. Pullastra)	47	1.169.820	10.832.406	9,3
Ameixa fina (R. Decussata)	49	827.827	13.374.998	16,2
Ameixa rubia (V. Rhomboideus)	30	431.218	3.010.505	7,0
Berberecho (C. Edule)	52	1.815.698	9.079.912	5,0
Especies-recurso principais	-	4.244.563	36.297.821	-
Cadelucha (Donax Trunculus)	13	14.497	432.353	29,8
Navalla (E. Ensis)	30	289.060	2.368.881	8,2
Vieira (P. Maximus)	13	64.379	214.332	3,3
Voadora (Chlamys Opercularis)	16	164.689	465.745	2,8
Especies-recurso secundarias	-	532.625	3.481.311	-
Ameixa bicuda (V. Aureus)	25	7.419	35.756	4,8
Ameixa xaponesa (R. Philippinarum)	43	2.188.517	11.096.691	5,1
Carneiro (Venus Verrucosa)	28	89.960	342.709	3,8
Cornecha (Spisula Solida)	19	9.433	32.508	3,4
Longueirón (S. Marginatus)	31	87.582	647.115	7,4
Longueiron vello (S. Marginatus)	15	478	1.668	3,5
Ostra (plana + rizada) (O. Edulis)	31	104.818	316.838	3,0
Rabioso (Glycymeris Glycymeris)	7	9.600	7.680	0,8
Reloxo (Dosinia Exoleta)	0	0	0	0,0
Especies-recurso acompañantes	-	2.497.807	12.480.965	-
Total bivalvos e gasterópodos	-	7.274.995	52.260.097	-

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar (<http://www.pescadegalicia.com>)

comportamento biolóxico que alterna anos de riqueza con anos de pobreza. As cifras expresan unha caída ata os datos de 2001, un dos peores da serie, baixando sensiblemente do seu intervalo medio de capturas, situado nas 3000-3500 t. Pola contra, a ameixa fina recupera e mesmo supera un anaco o máximo das extraccións de 2009. Unha certa mellora na xestión e vixilancia dos bancos pode explicar esta remontada, a pesar dos comentarios dos responsables das confrarías da ría da Arousa, que manteñen as denuncias de furtivismo sobre esta especie. Con este dato o intervalo medio de capturas da ameixa fina pasa a situarse na parte alta das 600-800 t, cunha frecuencia do 65%.

No marisqueo con embarcación, a ameixa babosa mantén igualmente un nivel de notable estabilidade na súa xestión, aínda descendendo algo con respecto ás capturas dos tres últimos anos, pero manténdose no intervalo de capturas de 1000-1200 t,

cunha moi elevada frecuencia do 75% en toda a década. Cómpre aquí destacar a xa comentada actuación das confrarías (en especial na ría de Pontevedra), que decidiron suspender as extraccións a causa dos baixos prezos (9,26 €/kg, os máis baixos de toda a serie), o que semella indicar que, de non ser por esta circunstancia, as cifras de capturas puideron chegar a superar o máximo de 2001.

No outro canto, a ameixa rubia continúa o descenso desde o seu máximo en 2009, dificultando a estimación dun intervalo esperado de capturas. Os comentarios públicos dos representantes das confrarías apuntan as maiores dificultades e restricións para o traballo nos bancos desta especie de fondo. Isto fai que nas estratexias dos mariscadores con embarcación se produza un desprazamento a outros bancos e especies con máis facilidades para a extracción (a ameixa xaponesa, por exemplo). Nese sentido, cómpre tamén un breve comentario sobre a evolución das especies acompañantes, que xogan un papel de certa relevancia con respecto á citada estratexia de traballo no marisqueo con embarcación. Todas elas manteñen unhas capturas con valores dentro das medias dos últimos anos, pero destaca a desaparición do reloxo, que chegou a alcanzar as 1500 t en 2004, a causa da demanda das industrias de conxelados, que a usaban como materia prima barata. Unha presión claramente excesiva sobre esta especie semella dar como resultado un rápido descenso da súa capacidade de renovación biolóxica e a súa desaparición comercial.

Por último, e para completar o xa expresado sobre os datos económicos (cadro 22), vemos que por primeira vez hai un descenso que afecta a todas as especies principais, tanto nos prezos, coma nos ingresos totais. É singularmente notable no caso do berberecho, que une un forte descenso das capturas a un estancamento do prezo, o que se traduce na redución dos ingresos en case un 48% con respecto a 2011. Resulta destacable, tamén, o caso da ameixa babosa, na que descenden os ingresos totais en máis dun 25%, dado que o seu prezo baixou por primeira vez dos 10 €/kg. Aínda considerando a escasa subida do IPC galego en 2012 (en torno ao 1,8%), as cifras globais de ingresos do marisqueo supoñen unha mingua de case un 18% no poder adquisitivo deste colectivo de traballadores.



A blue-tinted photograph of a modern building interior. The scene features a wide staircase with a glass railing system. The architecture is characterized by clean lines and a mix of materials, including what appears to be stone or concrete for the steps and walls, and glass for the railings. The lighting is soft and even, highlighting the geometric forms of the space. The overall mood is professional and contemporary.

IV. Industria

IV.1. A industria galega

O comportamento da industria galega en 2012 e 2013

Con respecto a 2012, a industria galega experimentou en 2013 unha certa recuperación propiciada pola maior produción observada tanto na industria manufacteireira como na actividade enerxética. Nesta última cómpre subliñar o notable incremento rexistrado na xeración de enerxía hidroeléctrica que compensou o descenso da produción nas térmicas. A esta evolución engádese o crecemento do 1,7% experimentado polo VEB da industria manufacteireira, porcentaxe que parece presaxiar unha progresiva recuperación, se ben desde unha perspectiva temporal máis ampla, cómpre obter taxas de incremento máis elevadas para lograr alcanzar o valor da produción de antes de iniciarse a crise. Desafortunadamente, este maior VEB industrial non xerou emprego, ao contrario, segundo a EPA, desde o cuarto trimestre de 2012 ao mesmo período de 2013, contabilizáronse 7900 ocupados menos, dos que 5100 corresponden á industria manufacteireira. A situación de xeración de máis valor engadido acompañada de menos emprego mantense nos primeiros meses de 2014.

Na traxectoria do índice de produción industrial (IPI) tamén se constata o pequeno pulo que experimentou a industria galega en 2013. Os resultados alcanzados nese ano foron sempre mellores aos obtidos en cada un dos catro trimestres de 2012.

Cadro núm. 1

Macromagnitudes básicas do sector industrial en Galicia

	VEB industria	VEB industria manufacteireira	PIBpm	% industria manufacteireira	% industria
Prezos correntes					
2012 (miles de euros)	9.354.784	6.753.167	55.797.742	12,1	16,8
2013 (miles de euros)	9.638.417	6.844.798	55.839.900	12,3	17,3
Taxa de variación interanual (%)	3,0	1,4	0,1	-	-
Índices de volume					
Taxa de variación interanual (%) 2012	-1,3	-2,5	-0,9	-	-
Taxa de variación interanual (%) 2013	1,9	1,7	-1,1	-	-

Fonte: IGE, *Contabilidade Trimestral de Galicia. Avance*

Cadro núm. 2

Índice de Producción Industrial en Galicia

Base 2010 (valor índice = 100). CNAE-2009

		I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.	Media	TVA (%)*
Xeral	2012	88,4	87,4	86,2	86,4	87,1	-
	2013	89,2	93,4	88,6	88,3	89,9	3,2
Consumo duradeiro	2012	82,3	77,1	88,0	86,1	83,4	-
	2013	73,6	77,2	77,0	69,9	74,4	-10,7
Consumo non duradeiro	2012	92,2	102,1	101,7	94,0	97,5	-
	2013	91,3	111,8	118,0	99,5	105,2	7,8
Bens de equipo	2012	74,9	70,9	69,1	69,5	71,1	-
	2013	71,6	77,9	65,2	71,2	71,5	0,6
Bens intermedios	2012	91,4	90,4	83,2	83,4	87,1	-
	2013	81,5	89,7	81,8	80,7	83,4	-4,2
Energía	2012	103,0	93,7	101,0	111,1	102,2	-
	2013	131,5	104,9	104,7	118,3	114,8	12,4

* Taxa de variación anual (sobre a media)

Fonte: INE

Unha novidade nas estatísticas de cara á presentación da información foi o cambio de base. De tomar como o ano de referencia 2005, pasouse a considerar como ano base 2010, polo que os resultados neste informe non son análogos aos que se facilitaban no *Informe 2012*. O valor medio do índice foi, en 2013, de 89,9 (cadro 2), 10,1 puntos menos que en 2010 e 36 puntos máis baixo que o obtido en 2007. En todo caso, o valor do IPI en 2013 medrou un 3,2% con respecto a 2012, nun contexto de evolución moi dispar dos diferentes subsectores económicos. Se observamos a industria tendo en conta o destino económico dos bens, apreciamos unha intensa recuperación non só no sector enerxético senón tamén no sector fabricante de bens de consumo non duradeiro, cuxa produción en Galicia xa supera a realizada en 2010, e que reflicte a evolución dunha das actividades claves da industria galega, a transformación de bens do sector primario, que se mantivo relativamente estabilizada en toda esta longa crise. En contraposición a estes dous sectores, destaca a forte desaceleración no segmento de consumo duradeiro.

Tamén caeu a actividade en bens intermedios e non se recuperou a produción de bens de equipo, grupo que en Galicia presenta o valor do IPI máis baixo nunha produción que é vital en calquera economía dado o valor engadido que adoita xerar.

O IGE facilita a evolución do IPI, que elabora o INE, dun modo máis pormenorizado a como o fai o organismo estatal. Esta información permítenos visualizar con máis nitidez o que aconteceu na industria galega en 2013. A grandes trazos, cómpre concluír que a maior parte das 20 divisións industriais (extractivas e manufactureiras) das que se dispuña de información producían en 2013 menos que en 2007 e que en

2010, se ben determinadas divisións, algunhas básicas na estrutura industrial galega, recuperáronse con respecto a 2012.

A comparación dos valores dos índices de 2007 cos de 2013 permítenos avaliar a dimensión da crise na industria galega en canto á perda de produción. Só en dous sectores, industria do papel e outras industrias manufactureiras, de moi escaso peso relativo no contexto industrial –en xaneiro de 2014 contaban con 1196 e 1166 afiliados á Seguridade Social, sendo 122.293 o total de afiliados no conxunto do sector extractivo e manufactureiro galego– medrou a produción. Nos restantes sectores a actividade foi menor, ata o extremo de que en varios diminuíu máis da metade. Os mellores resultados alcanzáronse na industria da alimentación e na fabricación de bebidas de tal xeito que, como xa indicamos, a súa produción permaneceu relativamente estable en todos estes anos de crise, se ben, apreciouse unha caída paulatina na súa actividade nos últimos exercicios. Máis afectados pola crise foron outros sectores cun peso relativo elevado na industria galega. No sector do automóbil, construción naval, fabricación de maquinaria e na industria da madeira, o valor do índice roldou o 50% do alcanzado en 2007. Un caso especial foi o de artes gráficas, cuxa caída na produción (apenas un terzo da obtida en 2007) reflicte a necesidade dunha urxente adaptación aos novos formatos.

Con respecto a 2010, a desaceleración ata 2013 non foi tan forte como a observada nos primeiros anos da crise, aínda que a dinámica xeral non foi moi diferente da seguida con relación a 2007. A evolución positiva máis destacada foi a de confección de roupa de vestir, sen dúbida, influída polo dinamismo das empresas comercializadoras do sector con sede en Galicia, se ben a actividade segue perdendo emprego (de 11.813 afiliados á Seguridade Social en xaneiro de 2010 pasouse a 9631 no mesmo mes de 2014). Salvo en fabricación de bebidas, industria do papel e noutras industrias manufactureira, nos restantes sectores o nivel de produción foi menor que en 2010. Cómpre subliñar a sensible caída no sector naval, a fabricación de maquinaria e, o xa comentado anteriormente, sector das artes gráficas.

Finalmente, mediante o IPI verifícase que o incremento da actividade industrial en 2013, con respecto a 2012, debeuse ao que parece un xiro na traxectoria de varias actividades, en especial, da fabricación de vehículos automóbiles, da confección e doutras industrias manufactureiras. Por tanto, a recuperación estase baseando nun maior desenvolvemento de industrias moi tradicionais no contexto galego, se ben outras, tamén arraigadas na nosa economía, como o sector naval (á espera de que se plasmen nas estatísticas os anuncios sobre mellores perspectivas na carteira de pedimentos) ou a fabricación de maquinaria, seguiron, neste período, perdendo actividade.

Outros indicadores que permiten completar a diagnose sobre o comportamento da industria galega en 2013 son os ofrecidos pola Encuesta de Coyuntura Industrial que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo publica con carácter mensual, aínda que algunhas variables teñen unha periodicidade trimestral. A inicios de 2013 os empresarios industriais declaraban que o grao de utilización produtiva das súas plantas era do 66,8%. Nesa mesma data tamén pensaban que o uso diminuíría conforme avanzase o ano. Esta percepción non se cumpriu na realidade, xa que nos inicios de 2014 os resultados desta

Cadro núm. 3

Índice de Producción Industrial en Galicia. Base 2010 (valor índice = 100)

Por seccións e divisións da CNAE-2009

	2007*	2011*	2012*	2013*	TVA (%)**
Índice xeral	125,9	93,4	87,1	89,9	3,2
B Industrias extractivas	132,7	73,9	55,1	41,5	-24,6
08 Outras industrias extractivas	117,4	73,9	55,1	41,5	-24,6
C Industria manufactureira	129,2	93,5	84,6	85,7	1,3
10 Industria da alimentación	101,1	104,0	100,3	99,6	-0,7
11 Fabricación de bebidas	107,3	100,4	104,9	102,3	-2,5
13 Industria téxtil	327,8	95,6	89,7	83,2	-7,3
14 Confección de roupa de vestir	146,1	96,3	101,5	131,7	29,7
15 Industria do coiro e do calzado	-	-	-	-	-
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	159,2	99,3	84,5	82,9	-1,8
17 Industria do papel	77,9	106,2	102,0	103,9	1,9
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	126,9	114,8	43,7	46,5	6,4
19 Coquerías e refinación de petróleo	112,3	78,7	87,4	95,4	9,2
20 Industria química	118,7	119,3	103,3	94,5	-8,5
21 Fabricación de produtos farmacéuticos	-	-	-	-	-
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	112,0	88,1	75,6	75,5	-0,1
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	152,3	88,6	83,8	83,5	-0,3
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	121,8	104,5	98,4	91,4	-7,1
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	127,8	84,9	73,0	76,5	4,8
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	-	-	-	-	-
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	153,9	82,1	95,0	92,9	-2,2
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	139,2	86,2	77,5	66,9	-13,7
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	174,1	81,8	66,5	81,1	21,9
30 Fabricación doutro material de transporte	127,2	87,7	85,5	65,2	-23,7
31 Fabricación de mobles	164,9	98,2	83,6	74,9	-10,5
32 Outras industrias manufactureiras	133,4	98,4	120,3	144,8	20,3
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-	-	-	-	-
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	108,4	94,5	103,2	117,1	13,4
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	108,4	94,5	103,2	61,3	-40,6

* Media dos valores mensuales.

** Taxa de variación anual 2013/2012 (sobre a media).

Fonte: IGE

variable de conxuntura foron sensiblemente mellores. O uso medio das plantas medrou ata o 76,8%, e coa expectativa de que se incrementará conforme avance o exercicio. Esta evolución que reflicte unha reactivación na actividade, non parece, porén, propiciar a xeración de investimentos que fagan aumentar a capacidade produtiva da economía. O incremento na produción propiciouse grazas a que determinados factores limitativos da industria galega foron corrixíndose. En xaneiro de 2013, o 20% dos empresarios enquisados sostiñan que non observaban ningún elemento que limitase a súa produción; en 2014 esa porcentaxe elevouse ao 25%. A debilidade da demanda española e, en menor medida, da internacional, segue a ser, na percepción dos empresarios galegos, o estrangulamento máis notable, e aínda non corrixido, de cara a lograr unha maior actividade industrial. O que si mellorou neste ano foi o factor denominado na enquisa *outros* que afectaba, sobre todo, ao sector fabricante de bens de investimento e que se refire máis aos elementos do contorno que aos internos ás propias empresas. En canto a estes últimos, moderouse, aínda que segue sen corrixirse, o problema do financiamento.

Cadro núm. 4

Evolución das magnitudes económicas na industria galega (miles de euros). Ano 2012

	Ingresos de explotación	Gastos de explotación	Beneficios explotación	Gastos de persoal	Compras e traballos realizados por outras empresas
Industrias extractivas, enerxía, auga e residuos	9.435.367	8.557.444	877.923	432.361	6.490.667
Alimentación, bebidas e tabaco	7.835.619	7.601.539	234.080	645.944	5.799.253
Industria téxtil, confección, coiro e calzado	1.591.403	1.483.601	107.802	310.300	995.984
Madeira e cortiza, papel e artes gráficas	1.667.841	1.707.347	-39.506	314.842	932.700
Industria química e farmacéutica	817.079	772.997	44.082	84.548	516.977
Caucho e materias plásticas	713.333	704.234	9.099	114.782	404.355
Produtos minerais non metálicos diversos	865.010	935.426	-70.416	229.092	441.153
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	3.870.781	3.750.241	120.540	609.421	2.342.596
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	603.755	606.063	-2.308	130.718	295.948
Maquinaria e equipo mecánico	637.994	557.978	80.016	136.644	343.901
Material de transporte	5.989.287	5.897.599	91.688	684.350	4.435.958
Industrias manufactureiras diversas	820.464	798.051	22.413	303.469	337.289
Total industria galega en 2012	34.847.933	33.372.520	1.475.413	3.996.471	23.336.781
% 2012/2011	-1,3	-0,8	-11,7	-7,4	0,9
% 2011/2010	4,8	4,6	10,5	-1,1	6,1
Total industria española en 2012	584.856.547	561.211.743	23.644.804	71.108.051	382.773.850
% 2012/2011	-1,1	-1,0	-3,4	-4,8	-0,2
% 2011/2010	10,1	10,2	-90,2	-1,7	15,2
% Galicia/España 2012	6,0	5,9	6,2	5,6	6,1

De cara a 2014 as expectativas empresariais que se amosan nos últimos datos dispoñibles reflicten un certo optimismo de que mellore a carteira de pedimentos e, consecuentemente, a produción, se ben non parece existir o sentimento de que esta traxectoria, máis positiva que a dos exercicios anteriores, tamén conduza a unha sensible modificación no nivel actual de ocupación industrial.

A consulta dos estados contables das empresas industriais galegas que se recollen na Encuesta Industrial a Empresas permite completar, desde outra perspectiva, a traxectoria seguida por esta actividade nos últimos anos. Desafortunadamente, a última enquisa dispoñible refírese a 2012 (a información de 2013 sairá o vindeiro mes de decembro de 2014), polo que os comentarios seguintes se centrarán nese exercicio. Lémbrese que, en canto á xeración de VEB, os resultados proporcionados polo IGE sobre 2012 foron dos máis negativos nos anos da crise, xa que o VEB da industria manufacturera caera un 2,5% e o da totalidade da industria un 1,3%. Esta traxectoria negativa tamén se reflicte nos estados contables. Descendeu, en termos nominais, tanto o ingreso coma o gasto de explotación, sendo elevada neste último compoñente a caída no gasto de persoal (-7,4%). O maior descenso relativo dos ingresos fronte aos gastos motivou un menor beneficio, variable que medrara notablemente no ano precedente. En termos xerais, o comportamento do sector industrial galego seguiu a ser en 2012 moi similar ao observado no conxunto da industria española. Nesta, tamén descendeu o valor monetario das diversas variables contables, se ben o descenso, tanto do gasto de persoal como dos beneficios de explotación, non foi tan brusco.

Na análise sectorial, os resultados da Encuesta Industrial a Empresas referidos a 2012 presentan modificacións significativas con respecto ao ano anterior. O incremento do 25,5% nos ingresos e do 29,5% nos gastos de explotación nas industrias extractivas e enerxéticas, xunto coa maior facturación (aínda que non nestas elevadas e sorprendentes porcentaxes) na industria de alimentación e bebidas, propiciaron que estes dous sectores pasasen a xerar case a metade dos ingresos e dos gastos totais de explotación da industria galega. Os estados contables de ambas as actividades amosaron o desenvolvemento dun notable dinamismo, o que contrastou coas caídas na facturación da maior parte dos restantes sectores, en especial de material de transporte e de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, segmentos nos que os descensos destas dúas variables foron moi altos o que tamén lles supuxo unha mingua considerable dos beneficios. Os catro sectores anteriores absorbían, en 2012, en torno ao 80% da facturación total industrial galega. En material de transporte, as debilidades do sector naval e a reconfiguración da oferta de automóviles lastraron unha produción clave na industria galega ata o extremo de que a súa facturación caeu, en termos monetarios, un 17,4%. Coa información dispoñible para 2013 cabe supoñer que persiste a atonía no sector naval mentres que se recupera o de automóbil. A outra actividade cuxo peso na facturación galega superou o 10% é metalurxia e fabricación de produtos metálicos. A demanda deste ben intermedio, tradicional subministrador de sectores españois moi afectados pola crise, non se recuperou.

Nos restantes sectores, todos eles cunha facturación que tan só na madeira e no papel e artes gráficas superou o 5% do total, destaca a recuperación experimentada

pola industria téxtil e da confección, circunstancia que tamén se reflectía no IPI. Este incremento xerou un maior gasto en persoal, situación que non se observou en ningunha outra actividade. Ese resultado da enquisa suxire unha maior aposta das empresas comercializadoras galegas pola industria asentada nesta comunidade que, ademais, parece tornarse máis competitiva debido á evolución á baixa dos salarios nun sector intensivo en man de obra. A outra actividade na que medrou o ingreso de explotación e diminuíu o gasto foi maquinaria e equipo mecánico, feito de interese polos seus efectos no conxunto da economía, se ben trátase dun sector pouco relevante xa que tan só representaba o 1,8% da facturación total. O descenso da facturación nas restantes actividades superou, en todos os casos, o 10%. Foron rechamantes os resultados en madeira e cortiza, sector no que os ingresos caeron un 15,3% e tamén descendieron os beneficios.

Como xa se fixo en informes precedentes, os resultados anteriores complementáanse cos que proporciona para Galicia a Encuesta Industrial de Productos, tamén elaborada polo INE, na que se estudan ao redor de 4000 produtos que se presentan, por comunidades autónomas, agrupados en 16 ramas. Dese modo, tomando o prezo medio de venda neto, o valor destes produtos seleccionados xerados pola industria galega en 2012 foi de 25.989 millóns de euros, un 2,1% inferior ao mesmo resultado de 2011.

Cadro núm. 5

Composición da oferta industrial galega: valor de venda dos produtos industriais. Ano 2012

	CNAE 2009	Miles de euros	%	% Galicia/España	Coefficiente de especialización
Alimentación, bebidas e tabaco	10-11-12	6.184.135	23,8	7,6	110,3
Téxtil e confección	13-14	1.198.630	4,6	17,8	259,3
Coiro e calzado	15	141.962	0,5	5,1	74,8
Madeira e cortiza	16	667.185	2,6	18,6	270,7
Papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	17-18	439.009	1,7	2,9	42,4
Cocaría, refinamento, químicas e produtos farmacéuticos	19-20-21	3.871.312	14,9	4,6	67,3
Manufacturas de caucho e plástico	22	512.699	2,0	3,6	53,0
Produtos minerais non metálicos	23	608.821	2,3	5,3	77,2
Produción, primeira transformación e fundición de metais	24	2.108.019	8,1	8,1	117,9
Produtos metálicos	25	1.103.886	4,2	5,0	72,7
Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	26-27	511.811	2,0	3,8	55,9
Maquinaria e equipo	28	599.845	2,3	4,3	62,0
Material de transporte	29-30	5.052.988	19,4	10,9	158,5
Mobles e outras industrias manufactureiras	31-32	301.634	1,2	5,1	73,7
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	33	604.782	2,3	6,6	96,3
Produción de enerxía eléctrica, gas e vapor	35	2.082.453	8,0	9,4	136,1
Total	-	25.989.170	100,0	6,9	-

Lémbrese que os ingresos de explotación en 2012, facilitados pola outra enquisa, foron de 34.848 millóns de euros. Os resultados das 16 ramas da Encuesta Industrial de Productos reproducen o xa manifestado ao comentar as estatísticas anteriores. Aínda que a clasificación sectorial non é homoxénea coa da Encuesta Industrial a Empresas, a enquisa de produtos tamén apunta a un incremento da facturación en alimentación, en téxtil e confección e na produción de enerxía. Por outra banda, tamén se observa unha sensible caída nas restantes ramas, en especial, en material de transporte, actividade que, nesta estatística, deixou de ser a líder debido a que, nese ano, a súa facturación foi amplamente superada por alimentación, bebidas e tabacos. Como nota de interese observamos, de igual xeito que en 2011, un espectacular incremento nas vendas de coiro e calzado, actividade que no pasado tivo unha certa relevancia en Galicia, pero que hoxe tan só supón o 0,5% da facturación recollida na mostra.

A oferta industrial galega de 2011 a 2012, medida polo prezo de venda dos produtos seleccionados, reduciu nunha décima o seu peso relativo no conxunto do Estado ao pasar do 7% ao 6,9%. Aínda así, esta porcentaxe é maior que a alcanzada por outras variables, o que vén indicar que Galicia está relativamente especializada con respecto ao conxunto de España na actividade industrial. De feito, no cadro 5 amósase o peso relativo de cada rama, información que se completa coa elaboración dun sinxelo coeficiente de especialización e, en ambas as dúas columnas, apréciase en que actividades Galicia presenta unha certa especialización. Obsérvase como se mantén co maior valor do coeficiente a rama de madeira e cortiza, e así o fixo desde 1993, ano no que se realiza por primeira vez esta enquisa. Entón, o valor do coeficiente fora de 340,3. A especialización persistiu a pesar da sensible desaceleración desta actividade desde o inicio da crise (dun valor de venda de 1.272,35 millóns de euros en 2007 pasouse a 667,18 millóns en 2012). De cada cinco euros facturados en España nesa rama, un vén correspondendo a Galicia, o que suxire que a crise nesta actividade está incidindo dun modo similar en todo o Estado. En segundo lugar, tamén se mantén, aumentando a súa especialización, a rama de téxtil e confección cun peso relativo xa moi próximo ao da madeira. Persiste a especialización en material de transporte, tanto na vertente da construción naval como na do automóbil, na produción e primeira transformación de metais, e tamén nas ramas enerxéticas. Non obstante, dos resultados de 2012 o máis significativo é o incremento na especialización da rama de alimentación, actividade coa maior facturación en Galicia, pero tradicionalmente cun valor do coeficiente próximo a 100, por estar moi espallada pola xeografía española. En 2012, debido aos mellores resultados alcanzados pola industria galega que pola española, o valor do coeficiente, 110,3, foi 7,5 puntos máis alto que en 2011.

A evolución no período de crise do coeficiente de especialización non suxire a xeración de cambios relevantes na estrutura industrial galega. A actividade segue a concentrarse nos sectores nos que desde hai moitas décadas son os que máis facturan en Galicia, de tal xeito que actividades como produtos informáticos ou electrónicos, maquinaria e equipo, caucho e plástico ou papel e artes gráficas seguen presentando, con respecto ao conxunto de España, uns coeficientes de especialización con valores moi baixos.

Comercio exterior

O valor das exportacións galegas de bens ao estranxeiro en 2013 por un total de 18.419,6 millóns de euros (aínda que con datos provisionais) é a cifra máis elevada da historia e supón un incremento, en termos monetarios, dun 10,5% con respecto a 2012. Tendo en conta que ao redor do 88% desta facturación corresponde a bens industriais, con este fito é obvio que a demanda externa favoreceu dun modo determinante a consecución dunha variación positiva do VEB industrial en 2013, e en particular, do VEB manufactureiro. En troques, o valor das importacións caeu un 4,4% o que, a priori, pode suxerir unha persistencia na atonía no consumo galego e español das familias e nas compras de bens intermedios e de investimento por parte das empresas. Non obstante, se analizamos a información máis polo miúdo, apréciase que este descenso débese a unha sensible caída no valor do importado en produtos enerxéticos e en bens de equipo e non nos de consumo, nos que aumentaron as compras galegas feitas ao estranxeiro, máis en concreto dos bens de consumo duradeiro. O aumento das exportacións e a caída nas importacións provocou, obviamente, un incremento no saldo da balanza comercial que vén sendo positivo desde 2007. O seu valor en 2013, 4.066,5 millóns de euros, tamén é un récord na economía galega. Estas cifras motivaron un incremento da taxa de cobertura (128,3%) e do índice de vantaxe comparativa revelada (12,4), valores que matizan as consideracións realizadas nos últimos exercicios sobre un saldo comercial próximo ao equilibrio.

As exportacións incrementáronse un 10,5%. Esta traxectoria debeuse, sobre todo, a un bo comportamento do conxunto de bens manufacturados cuxa evolución contrarrestou o descenso nas transaccións observado no grupo arancelario de animais, peixes e moluscos, leite e ovos, debido á evolución do sector pesqueiro galego, e tamén a caída no grupo de minerais e combustibles minerais ante un cambio na estratexia de venda de cru refinado en Galicia, en particular no referente as vendas aos Países Baixos, manténdose, polo contrario, as transaccións con Estados Unidos, Portugal e Xibraltar.

O sector do automóbil volveu en 2013 a recuperar o seu protagonismo na estrutura das exportacións galegas ao medrar a súa facturación co estranxeiro un 28%, o que supón un incremento de 1.119,8 millóns de euros, equivalente ao 28% do saldo positivo logrado pola balanza comercial. Igualmente foi elevada a variación positiva no capítulo arancelario de barcos e demais instrumentos flotantes, se ben, neste caso, as cifras absolutas son moito máis pequenas que as do automóbil, aínda que neste epígrafe non se contemplan, por teren un tratamento especial, as transaccións de buques de guerra realizados por Navantia. O incremento no capítulo de barcos foi do 69,3% debido, sobre todo, a transaccións puntuais dirixidas cara ao Reino Unido, Países Baixos e Angola. En 2012 as exportacións neste capítulo cara a eses países case non existiron, pero o valor das exportacións tamén foi alto polas vendas a Noruega. Xa que estes dous capítulos pertencen ao grupo material de transporte, o seu peso na economía galega pasa do 25,1% en 2012 ao 29,1% en 2013, porcentaxe que o reforza como principal grupo exportador galego.

Cadro núm. 6

Estrutura do comercio exterior de Galicia por grupos arancelarios. Ano 2013*

Capítulos	Grupos	Produtos	Importacións			Exportacións			Taxa de cobertura (%)	Índice de vantaxe comparativa revelada
			Millóns de euros	%	TVI (%) 2013/2012	Millóns de euros	%	TVI (%) 2013/2012		
01/05	I	Animais, peixes e moluscos, leite e ovos	1.503,8	10,5	-1,7	1.429,0	7,8	-5,0	95,0	-2,5
06/14	II	Vexetais, froitos, café e sementes	291,5	2,0	-25,2	141,4	0,8	12,4	48,5	-34,7
15	III	Graxas e aceites vexetais e animais	86,4	0,6	90,2	33,5	0,2	-9,3	38,8	-44,1
16/24	IV	Produtos de alimentación	575,7	4,0	0,8	736,1	4,0	6,0	127,9	12,2
25/27	V	Minerais e combustibles minerais	3.975,4	27,7	-13,0	1.102,6	6,0	-2,6	27,7	-56,6
28/38	VI	Produtos químicos	735,5	5,1	6,3	577,8	3,1	9,4	78,6	-12,0
39/40	VII	Plástico, caucho e as súas manufacturas	289,9	2,0	13,6	194,8	1,1	31,3	67,2	-19,6
41/43	VIII	Peles, coiros e as súas manufacturas	74,4	0,5	-16,9	198,9	1,1	10,5	267,1	45,5
44/46	IX	Madeira e as súas manufacturas	134,3	0,9	-1,2	426,9	2,3	4,8	317,7	52,1
47/49	X	Pastas papeleiras, papel e edición	213,9	1,5	11,4	335,3	1,8	1,4	156,8	22,1
50/63	XI	Materias téxtiles e confección	1.894,8	13,2	4,1	3.784,8	20,5	9,3	199,7	33,3
64/67	XII	Calzado, paraugas e sombreiros	50,7	0,4	-10,5	310,4	1,7	5,6	612,7	71,9
68/70	XIII	Produtos da pedra, cemento, cerámica e vidro	43,3	0,3	-23,4	336,0	1,8	7,3	775,8	77,2
71	XIV	Xoiería	13,1	0,1	-20,0	25,8	0,1	15,5	197,2	32,7
72/83	XV	Metais e as súas manufacturas, ferramentas	1.166,6	8,1	-12,8	1.350,0	7,3	6,1	115,7	7,3
84/85	XVI	Caldeiras, maquinaria e material eléctrico	893,2	6,2	-16,8	1.102,5	6,0	-7,2	123,4	10,5
86/89	XVII	Material de transporte	2.209,5	15,4	13,1	5.365,8	29,1	29,5	242,9	41,7
90/92	XVIII	Instrumentos de precisión e relojería	44,9	0,3	-11,5	46,4	0,3	60,1	103,4	1,6
93	XIX	Armas	3,0	0,0	-55,7	1,0	0,0	9,1	31,9	-51,7
94/96	XX	Mobiliario, artigos de recreo e varios	149,6	1,0	1,5	195,0	1,1	16,2	130,4	13,2
97	XXI	Obxectos de arte e non clasificados	0,4	0,0	4,3	0,0	0,0	-85,2	9,8	-82,1
98-99		Non clasificados	3,2	0,0	-83,3	725,8	3,9	6,9	22.679,6	99,1
Total			14.353,1	100,0	-4,4	18.419,6	100,0	10,5	128,3	12,4

*Datos provisionais.

Fonte: DataComex, Ministerio de Economía e Competitividade


No segundo lugar da clasificación mantense o grupo materiais téxtiles e confección cun valor das transacción que medraron un 9,3% e representan o 20,5% do total exportado en Galicia. Por tanto, de cada dous euros vendidos no estranxeiro, un corresponde ou a material de transporte ou a este grupo. No caso do téxtil-confección, nas estatísticas galegas son determinantes as estratexias de distribución de Inditex. Os produtos que saen de Galicia diríxense principalmente cara aos mercados máis próximos (Francia, Italia, Portugal, Reino Unido e Alemaña).

A moita distancia destes dous grupos sitúanse os produtos da pesca e metais e as súas manufacturas. Este último incrementou as súas transaccións un 6,1% debido ás vendas de aluminio e ás súas manufacturas e, tamén, polas manufacturas de fundición de ferro, o que contrarrestou a caída nas exportacións de chatarra. En 2013 tamén cómpre sinalar a recuperación das vendas de madeira, aínda que o peso relativo deste grupo arancelario tan só foi o 2,3% do total galego.

Un progresivo menor peso relativo de material de transporte nas importacións galegas (tan só un 15,4% cando en 2004 representaba o 28,1%) explica a menor concentración dun comercio no que seguen predominando catro grupos arancelarios. Minerais e combustibles minerais segue liderando a notable distancia o *ranking* galego, a pesar de descender en 2013 o valor do importado un 13% con respecto a 2012 que, en parte, explica ese descenso do 4,4% no valor total importado. As estratexias nas compras defíneas o grupo Repsol, e a súa actividade e a procedencia do cru condiciona o conxunto da estrutura importadora galega. As importacións concentráronse en México, Alxeria, Rusia e Reino Unido, perdendo dinamismo Libia, Nixeria e Indonesia.

Gráfico 1

Evolución do índice de concentración do comercio externo galego Índice de Hirschmann



Cadro núm. 7

Evolución do comercio exterior en Galicia e España (en millóns de euros)

	Exportacións				
	2009	2010	2011	2012	2013
Galicia					
UE-15	10.182,6	10.601,0	11.486,6	10.467,0	11.461,6
PA 2004	449,0	560,4	570,8	597,9	648,3
PA 2007	110,2	109,0	178,6	198,6	166,6
Resto de Europa	760,0	881,7	1.644,4	1.100,1	1.248,3
África	694,1	836,9	1.032,2	1.346,3	1.523,8
América	1.109,3	1.184,1	1.203,2	1.427,8	1.684,2
Asia	545,5	590,7	806,5	863,9	892,0
Oceanía	15,2	33,0	63,0	548,4	633,9
Sen determinar	91,3	115,1	161,0	112,8	161,0
Total	13.957,3	14.911,9	17.146,3	16.662,8	18.419,6
España					
UE-15	102.178,3	116.245,8	129.252,4	128.411,7	132.033,7
PA 2004	5.917,2	7.004,9	8.351,2	8.445,3	8.797,9
PA 2007	1.058,0	1.309,4	2.515,3	2.259,1	2.611,2
Resto de Europa	10.240,6	12.801,1	16.291,6	17.515,8	16.636,3
África	9.311,6	10.437,1	11.678,7	15.189,4	16.487,2
América	14.298,7	17.843,6	21.361,7	24.353,2	24.994,3
Asia	11.233,8	13.955,5	16.805,0	18.974,6	20.829,5
Oceanía	950,1	1.246,4	1.736,3	2.388,9	2.694,6
Sen determinar	4.701,2	5.936,4	7.238,2	8.576,6	9.155,1
Total	159.889,6	186.780,1	215.230,4	226.114,6	234.239,8
%Galicia/España					
UE-15	10,0	9,1	8,9	8,2	8,7
PA 2004	7,6	8,0	6,8	7,1	7,4
PA 2007	10,4	8,3	7,1	8,8	6,4
Resto de Europa	7,4	6,9	10,1	6,3	7,5
África	7,5	8,0	8,8	8,9	9,2
América	7,8	6,6	5,6	5,9	6,7
Asia	4,9	4,2	4,8	4,6	4,3
Oceanía	1,6	2,7	3,6	23,0	23,5
Sen determinar	1,9	1,9	2,2	1,3	1,8
Total	8,7	8,0	8,0	7,4	7,9

[Continúa] ▶

Cadro núm. 7 (continuación)

Evolución do comercio exterior en Galicia e España (en millóns de euros)

	Importacións				
	2009	2010	2011	2012	2013
Galicia					
UE-15	7.447,3	7.018,2	6.906,4	6.859,0	6.891,6
PA 2004	258,9	206,0	218,7	255,0	298,2
PA 2007	143,7	100,3	129,1	116,6	143,7
Resto de Europa	976,2	929,6	1.299,9	1.165,4	1.026,3
África	1.515,5	2.069,8	1.696,3	2.482,5	2.002,4
América	1.369,5	2.141,2	2.529,0	2.535,5	2.464,2
Asia	1.419,2	1.177,0	1.484,4	1.504,5	1.325,4
Oceanía	22,2	18,2	39,6	62,6	75,7
Sen determinar	11,7	39,5	28,9	27,7	125,6
Total	13.164,2	13.699,7	14.332,3	15.008,9	14.353,1
España					
UE-15	110.316,2	118.593,2	126.191,5	118.409,4	115.501,5
PA 2004	7.318,7	9.348,9	9.158,5	8.416,6	9.283,1
PA 2007	1.150,7	1.409,7	1.353,1	1.391,4	1.552,8
Resto de Europa	12.850,1	14.875,4	18.184,3	18.098,9	18.299,3
África	16.604,4	21.556,5	23.446,0	27.837,3	28.182,7
América	19.824,6	25.163,2	29.500,9	32.462,7	30.278,4
Asia	36.572,2	46.226,3	51.871,1	47.667,5	43.855,7
Oceanía	692,7	966,7	1.184,1	887,0	669,4
Sen determinar	786,6	1.916,0	2.251,1	2.774,8	2.572,4
Total	206.116,2	240.055,9	263.140,7	257.945,6	250.195,2
%Galicia/España					
UE-15	6,8	5,9	5,5	5,8	6,0
PA 2004	3,5	2,2	2,4	3,0	3,2
PA 2007	12,5	7,1	9,5	8,4	9,3
Resto de Europa	7,6	6,2	7,1	6,4	5,6
África	9,1	9,6	7,2	8,9	7,1
América	6,9	8,5	8,6	7,8	8,1
Asia	3,9	2,5	2,9	3,2	3,0
Oceanía	3,2	1,9	3,3	7,1	11,3
Sen determinar	1,5	2,1	1,3	1,0	4,9
Total	6,4	5,7	5,4	5,8	5,7

PA 2004: Países que ingresaron na UE en maio de 2004.

PA 2007: Países que ingresaron na UE en xaneiro de 2007.


Os datos de 2009 a 2012 son definitivos; os de 2013, provisionais.

Fonte: DataComex, Ministerio de Economía e Competitividade

Gráfico 2

Evolución do índice de comercio intraindustrial exterior galego

Índice de Grubel e Lloyd



Por outro lado, a recuperación do sector do automóbil levou a que, ademais das vendas, tamén medrasen as importacións efectuadas polas empresas galegas, sobre todo as do grupo Citroën provenientes de Francia. Tamén a dinámica no sector téxtil-confección, terceiro grupo na estrutura importadora galega, conduciuno a un incremento das compras no estranxeiro nunha actividade cun elevado comercio intraindustrial. Os seus provedores foron Portugal, Turquía, Marrocos e China. Cómpre destacar a recuperación do comercio luso que se mantén como o principal provedor de Galicia. O cuarto grupo que absorbe o 10,5% das importacións corresponde á industria pesqueira; esta porcentaxe é un reflexo, en boa medida, da actividade interna do propio sector que pola súa natureza está internacionalizado.

Dúas características estruturais do comercio externo galego son o seu notable tráfico intraindustrial e a súa elevada concentración. Os gráficos 1 e 2 recollen a evolución desde 1995 destas dúas características medidas, no caso da concentración, polo índice de Hirschmann e, no do comercio intraindustrial, polo índice de Grubel e Lloyd. Co transcurso do tempo, e conforme o grupo material de transporte foi perdendo peso relativo nas vendas galegas ao exterior, o valor do índice de concentración das exportacións foi caendo paulatinamente, se ben en 2013 observouse unha alza que motivou que o seu valor se aproximase ao do índice de importacións, o cal viña medrando desde 2008, superando en 2012 o de exportacións. En canto ao comercio intraindustrial, en 2013 o índice mantívose en niveis similares a 2012 (do 62% pasou ao 61%). Significa que nunha boa parte dos sectores, e, entre eles, os máis relevantes (pesca, automóbil e confección), se importan e exportan bens en contías elevadas do mesmo capítulo arancelario.

A Unión Europea, e máis en concreto os países que formaban parte dela antes de 2004 (UE-15) segue a ser, e cunha gran diferenza, o destino principal das exportacións galegas, aínda que o seu peso relativo (UE-15) en 2013, o 62,2%, foi 10,8 puntos máis

baixo que en 2009. As estatísticas amosan un incremento no peso relativo nas restantes grandes áreas mundiais, pero en especial, África e Oceanía. Os resultados no primeiro continente debéronse ao maior comercio coa área do Magreb e, no segundo, ás vendas do sector naval efectuadas por Navantia a Australia. Estas últimas transaccións foron relevantes tanto en 2012 como en 2013, pero obviamente teñen un carácter puntual. Cómpre indicar que o peso relativo en 2013 das exportacións galegas con respecto ao conxunto de España un 7,9%, representa unha porcentaxe máis elevada que a doutras variables macroeconómicas o que vén indicar unha apertura da economía galega ao exterior maior que a existente noutras comunidades autónomas.

En canto ás importacións, a traxectoria da súa distribución por grandes territorios foi similar á das exportacións. A UE-15 foi perdendo peso relativo (de representar o 56,6% en 2009 pasouse ao 48% en 2012) e nótase unha maior presenza do mercado de América (sobre todo debido á maior importación de cru mexicano) e de África (por motivos similares); polo contrario, perde peso o comercio co continente asiático debido, fundamentalmente, a un desprazamento das importacións de cru cara a outros territorios en 2013, que non foi contrarrestado polo incremento observado nas compras de prendas de vestir que non son de punto.

Se o principal destino das exportacións galegas é a UE-15, constatamos como Francia, Portugal, Italia, Reino

Cadro núm. 8

Estrutura espacial do comercio exterior de Galicia

Principais países de procedencia e destino dos intercambios

	2012		2013		Taxa de variación (%)
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
Exportacións					
Francia	3.928,6	23,6	4.531,4	24,6	15,3
Portugal	2.231,8	13,4	2.394,5	13,0	7,3
Italia	1.269,4	7,6	1.247,4	6,8	-1,7
Reino Unido	743,8	4,5	904,7	4,9	21,6
Alemaña	789,2	4,7	797,8	4,3	1,1
Australia	544,6	3,3	622,4	3,4	14,3
Alxeria	573,9	3,4	616,1	3,3	7,4
Países Baixos	576,8	3,5	533,6	2,9	-7,5
Turquía	345,6	2,1	480,6	2,6	39,1
Marrocos	465,0	2,8	455,9	2,5	-1,9
Estados Unidos	392,3	2,4	381,0	2,1	-2,9
Resto de países	4.801,9	28,8	5.454,0	29,6	13,6
Total	16.662,8	100,0	18.419,6	100,0	10,5
Importacións					
Francia	2.198,8	15,3	2.362,5	15,9	7,4
Portugal	1.696,8	11,8	1.758,6	11,9	3,6
México	925,6	6,5	1.000,3	6,7	8,1
Alxeria	418,4	2,9	692,9	4,7	65,6
Reino Unido	533,8	3,7	634,0	4,3	18,8
Alemaña	779,5	5,4	569,8	3,8	-26,9
China	577,8	4,0	555,5	3,7	-3,9
Italia	529,9	3,7	539,3	3,6	1,8
Turquía	340,6	2,4	356,2	2,4	4,6
Rusia	465,0	3,2	342,4	2,3	-26,4
Libia	728,5	5,1	223,3	1,5	-69,4
Resto de países	5.137,5	35,8	5.787,3	39,0	12,6
Total	14.332,3	100,0	14.822,0	100,0	3,4

Os datos de 2012 son definitivos; os de 2013, provisionais.
Fonte: DataComex, Ministerio de Economía e Competitividade

Unido e Alemaña seguen a ser os principais destinatarios do comercio. O incremento dos intercambios con Francia e Portugal en 2013 volven situalos como os dous principais clientes. É destacable, non obstante, o incremento nun 21,6% do comercio co Reino Unido debido ao aumento das vendas en prendas de vestir, conservas de peixe e unha exportación puntual no capítulo barcos e embarcacións. Fóra da Unión Europea cómpre observar o notable incremento do comercio con Alxeria e Turquía, en ambos casos pola venda de vehículos automóbiles distribuídos directamente desde Galicia. En Alxeria é tamén moi relevante a exportación de barras de ferro e aceiro sen aliar, aínda que estas vendas descenderon con respecto a 2012.

Como xa indicamos, as estatísticas das importacións galegas por principais países están moi condicionadas pola evolución da compra de cru. Este feito explica, en gran parte, o incremento das transaccións, con México, Alxeria e Reino Unido e os elevados descensos que se observan en Rusia e Libia. Nesta distribución por países tamén crecen as compras cara a Francia e Portugal que seguen liderando este *ranking* de importacións e, polo contrario, descendeu o comercio con Alemaña, debido á brusca caída de compoñentes do automóbil nas compras galegas a ese país, e con China, que en 2013 ocupou o sétimo lugar na clasificación galega.

Na distribución provincial, as compras de cru, de produtos téxtiles e de confección, e a fundición de ferro e aceiro fan que as importacións galegas se concentren na provincia da Coruña sendo moi escaso o peso de Lugo (6,4%) e, sobre todo, de Ourense (2,6%). Pola contra, a recuperación do sector do automóbil fixo que a provincia de Pontevedra volvese liderar as exportacións aínda que o valor total foi moi similar ao alcanzado pola provincia da Coruña. Nin Lugo nin Ourense superan o 5% do total exportado desde Galicia.

No momento de redactar este informe tan só se dispoñía de datos provisionais do fluxo de comercio externo do primeiro trimestre de 2014, período no que se reflicte un incremento dun 7% no valor das exportacións e un aumento aínda maior nas importacións, 12,2%. Estas cifras parciais presaxian uns bos resultados ao longo do ano grazas, sobre todo, ao comportamento do sector do automóbil, que nestes tres meses aumentou as súas exportacións nun 37,1%. Neste sector o valor das importacións duplicouse de tal xeito que, ante un descenso nas compras de cru, volveu de

Cadro núm. 9

Distribución do comercio exterior por provincias

	2012		2013	
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%
Importacións				
A Coruña	8.381,7	55,8	7.638,4	53,2
Lugo	1.050,6	7,0	915,0	6,4
Ourense	442,2	2,9	378,5	2,6
Pontevedra	5.134,4	34,2	5.421,2	37,8
Galicia	15.008,9	100,0	14.353,1	100,0
Exportacións				
A Coruña	8.018,3	48,1	8.403,0	45,6
Lugo	936,2	5,6	822,6	4,5
Ourense	698,3	4,2	756,9	4,1
Pontevedra	7.010,1	42,1	8.437,2	45,8
Galicia	16.662,8	100,0	18.419,6	100,0

Os datos de 2012 son definitivos; os datos de 2013, provisionais.
Fonte: DataComex, Ministerio de Economía e Competitividade

novo a liderar o *ránking* importador galego por capítulos arancelarios. Os resultados do automóbil contrarrestaron as caídas observadas no sector téxtil-confección, nos combustibles minerais, nos produtos da pesca e nas conservas de peixe.

Crónica sectorial

Enerxía

O informe provisional 2013 de Rede Eléctrica de España constata a terceira caída consecutiva da demanda eléctrica en España, por efecto da contracción do gasto, tanto da economía produtiva como do consumo dos fogares e das administracións.

O exercicio eléctrico en 2013 en España caracterizouse, en aberto contraste co 2012, por unha elevada hidraulicidade, con consecuencias inmediatas na estrutura da oferta. A oferta eléctrica de orixe hidráulica rexistrou incrementos espectaculars

con respecto ao exercicio anterior: un 75,8% no réxime ordinario (34.205 contra 19.455 Gwh) e un 53,1% no réxime especial (7098 contra 4635 Gwh). Pola contra, rexistráronse caídas significativas na produción en ciclo combinado, carbón e nuclear. No réxime especial, a enerxía eólica experimentou tamén un crecemento notable.

Examinamos a contribución do sistema eléctrico galego ao español e os seus trazos diferenciais máis destacados.

O perfil diferencial do sistema eléctrico galego en relación co do conxunto

de España é patente e maniféstase na forte contribución hidráulica e carbonífera que caracteriza a oferta galega, 19,2% e 22,2% respectivamente no 2012, se atendemos á oferta eléctrica en réxime ordinario, e á compoñente minihidráulica e eólica na oferta en réxime especial, 23,3% e 16,6% respectivamente. En ambos os casos, a capacidade eléctrica asegúralle a Galicia unha xenerosa contribución á oferta eléctrica española do 10,4%, moi superior ao seu peso demográfico e económico en relación con España (5,8% da poboación e 5,5% do PIB).

Un trazo de indubidable interese é o do protagonismo da rede eléctrica galega na exportación eléctrica española. España exportou 11.200 Gwh en 2012, o 63% eran de procedencia galega (7034 Gwh). A *ratio* máis significativa a este respecto é que Galicia cede ao exterior –outras comunidades autónomas e Portugal– 8914 Gwh, o que supón o 30,8% da electricidade xerada e o 44,6% da consumida; en España, a *ratio* é o 4%.

Cadro núm. 10

Evolución da demanda eléctrica en España

	Gwh	% variación
2009	252.660	-4,7
2010	260.530	3,1
2011	255.631	-1,9
2012	251.850	-1,5
2013	246.166	-2,3

Fonte: REE, avance do Informe Anual 2013

Cadro núm. 11

Balance de enerxía eléctrica en Galicia e España a 31 de decembro de 2012

	Galicia				España				% Galicia/España	
	Potencia Mw	%	Produción en Gwh	%	Potencia Mw	%	Produción en Gwh	%	Potencia Mw	Produción en Gwh
Réxime ordinario										
Hidráulica	3.252	29,5	3.730	12,9	17.762	16,5	19.455	7,0	18,3	19,2
Nuclear	-	-	-	-	7.853	7,3	61.470	22,1	-	-
Carbón	2.031	18,4	12.827	44,4	11.758	10,9	57.662	20,7	17,3	22,2
Fuel/gas	-	-	-	-	3.429	3,2	7.541	2,7	0,0	-
Ciclo combinado	1.259	11,4	1.343	4,6	27.194	25,3	42.510	15,3	4,6	3,2
Réxime ordinario 2012	6.542	59,2	17.900	61,9	67.996	63,2	188.638	67,8	9,6	9,5
Réxime ordinario 2011	6.329	-	-	-	68.441	-	-	-	-	-
% variación 2012/2011	3,37	-	-	-	-0,65	-	-	-	-	-
Consumos xeración	-	-	-683	-	-	-	-8.739	-	-	-
Consumos bombeo	-	-	-320	-	-	-	-5.023	-	-	-
Produción (b. c.)	-	-	16.897	-	-	-	174.876	-	-	9,7
Réxime especial										
Hidráulica	493	4,5	1.079	3,7	2.042	1,9	4.635	1,7	24,1	23,3
Eólica	3.324	30,1	8.066	27,9	22.722	21,1	48.472	17,4	14,6	16,6
Outras renovables	93	0,8	600	2,1	7.495	7,0	16.350	5,9	1,2	3,7
Non renovables	590	5,3	2.276	7,9	7.361	6,8	33.716	12,1	8,0	6,8
Réxime especial 2012	4.500	40,8	12.021	41,6	39.620	36,8	103.173	37,1	11,4	11,7
Réxime especial 2011	4.496	-	-	-	36.718	-	-	-	-	-
% variación 2012/2011	0,09	-	-	-	7,90	-	-	-	-	-
Potencia instalada Produción xerada	11.042	100,0	28.918	100,0	107.616	100,0	278.049	100,0	10,3	10,4
Intercambios entre comunidades autónomas	-	-	-1.880	-	-	-	-	-	-	-
Intercambios internacionais	-	-	-7.034	-	-	-	-11.200	-	-	62,8
Intercambios co exterior	-	-	-8.914	-	-	-	-11.200	-	-	79,6
Demanda (b. c.) 2012	-	-	20.004	-	-	-	266.849	-	-	7,5
Demanda (b. c.) 2011	-	-	20.262	-	-	-	270.662	-	-	-
% variación 2012/2011	-	-	-1,27	-	-	-	-1,41	-	-	-
Exportacións/ Producción xerada (%)	-	-	30,8	-	-	-	4,0	-	-	-

Mw: megavatios instalados.

Gwh (b.c.): xigavatios hora xerados medidos en bornes da central.

Fonte: *El Sistema Eléctrico Español. Informe 2012*. Red Eléctrica Española e elaboración propia

Cadro núm. 12

Balance enerxético de Galicia a 31 de decembro de 2012

Valores en ktep (1 ktep = 11,63 Gwh)

Balances	Carbón	Cru	Gas	Renovables	Residuos	Coxeración	Electricidade	Total
Produción	-	-	-	2.013	6	-	-	2.019
Importacións	3.045	6.030	1.762	156	-	-	234	11.227
Variación stocks	-168	-23	-215	-	-	-	-	-406
Exportacións	-	2.225	528	66	-	-	999	3.818
Enerxía primaria	2.877	3.782	1.019	2.103	6	0	-765	9.022
Entradas	2.877	6.253	605	263	38			10.036
Saídas	-	5.632	-	-	200	326	1.482	7.640
Xeración	-2.877	-621	-605	-263	162	326	1.482	-2.396
Intercambios internos	-	-	-	-1.128	-	-	1.128	0
Perdas en produción e transporte	-	-	-	-	-	-	-302	-302
Cesións	-	-	-	-1.128	-	-	826	-302
Consumo total (en ktep)	-	3.161	414	712	168	326	1.543	6.324
Consumo total (en Gwh)	-	36.756	4.814	8.279	1.953	3.791	17.942	73.535

Fonte: Balance enerxético de Galicia, 2012 e elaboración propia

A extraversión do sistema eléctrico galego é realmente moi superior se reparamos na *bulimia* enerxética de determinados establecementos industriais galegos como Alcoa en San Cibrao (alúmina e hidrato de alumina, aluminio primario: placas, tochos e lingotes) e na Coruña (aluminio primario: placas e tochos) e as factorías de Ferroatlántica en Brens e Dumbría (ferrosilicio, ferromanganeso, pasta de eléctrodos, microsílíce) e en Sabón (silicio, microsílíce).

As consideracións anteriores limítanse ao sector eléctrico; o balance enerxético de Galicia é, naturalmente, bastante máis complexo e representativo da dependencia enerxética que caracteriza o conxunto da economía española (cadro 12).

A disposición da refinaría petroleira na Coruña, da planta regasificadora de gas natural na ría de Ferrol e a existencia de instalacións de ciclo combinado nas Pontes e Sabón dotan Galicia dunha boa posición estratéxica en canto a capacidade adaptativa.

A vantaxe de dispoñer desta importante infraestrutura enerxética complementaria das fontes enerxéticas de uso preferencial, como as centrais hidroeléctricas e os parques eólicos é, non obstante, puramente teórica nas actuais circunstancias. A razón estriba en que a posta en marcha destas custosas instalacións de manobra con que conta Galicia —as centrais térmicas renovadas nas Pontes e Meirama, as plantas de ciclo combinado nas Pontes e Sabón e a planta regasificadora de Mugardos— parecen condenadas a un réxime de permanente subactividade por unha serie de circunstancias concorrentes.

O desenvolvemento experimentado polas enerxías renovables, cun custo do subministro inferior e total independencia das fluctuacións do mercado de hidrocarburos, por unha parte, e a caída da demanda xunto ao efecto das regulacións medio ambientais impulsadas polas autoridades comunitarias, pola outra, ameazan a operatividade das instalacións de reserva aludidas condenándoas a un réxime de subactividade, especialmente en anos de forte pluviometría como foi o 2013 e será, probablemente, o 2014.

O cadro de situación das centrais térmicas de Gas Natural Fenosa en Meirama e de Endesa nas Pontes complícase aínda máis pola esixencia da Directiva de emisións industriais (DEI) da Unión Europea de reformar as centrais térmicas para rebaixar entre un 50% e un 60% as emisións de xofre, óxido de nitróxeno e partículas emitidas á atmosfera que obrigan ás empresas propietarias a acometer onerosos programas de acondicionamento para evitar o cerramento no contorno do 2020.

Os investimentos en cuestión, pendentes de decisión de Gas Natural Fenosa e Endesa, poderían roldar os 400 millóns en conxunto e haberían de ser executados a partir de 2016. A decisión non admite demora e debería ser adoptada de inmediato baixo ameaza de cerramento das centrais de carbón no horizonte do 2020. Unha difícil disxuntiva, considerando que ambas as sociedades tiñan acometido onerosos programas de acondicionamento previos para atender os requisitos dos acordos de Kioto que obrigaron a Endesa a desembolsar 275 millóns, incluída a terminal de descarga do porto de Ferrol, e en torno aos 120 millóns, a Gas Natural.

As plantas de ciclo combinado de Sabón (2008, 389 megavatios de potencia, 221 millóns de euros de investimento, subministro directo de gas desde Reganosa) e As Pontes (2008, 812 megavatios de potencia, 267 millóns de euros de investimento, subministro directo de gas desde Reganosa) están suxeitas a un réxime de subactividade aínda máis severo, debido ao maior custo de oferta en que incorren, coa única vantaxe de non estaren sometidas a imperativos de acondicionamento por motivos medio ambientais.

A complicada situación creada procede dunha decisión estratéxica errada, xustificable en todo o caso pola imposibilidade de prever a crise económica que se cinguía xusto no momento de entrada en funcionamento das flamantes instalacións. Gas Natural Fenosa, como Endesa, e en xeral as cinco grandes do sector agrupadas en Unesa (Endesa, Iberdrola, Gas Natural Fenosa, E.On España e EDP) mostran unha certa preferencia, non obstante, a descargar as responsabilidades no cadro de incentivos de que gozan as enerxías alternativas, moi especialmente os destinados á xeración termosolar e fotovoltaica. Os intereses agrupados en torno ás tecnoloxías alternativas denuncian, en cambio, os fortes recortes experimentados no cadro de incentivos e a súa previsible agudización por imperativos orzamentarios ao tempo que sinalan a incongruencia dunhas medidas que non só atentan contra os compromisos adquiridos pola Administración para facer fronte ao cambio climático, senón que contribúen a desbaratar un sector tecnoloxicamente avanzado e competitivo que chegara a adquirir un gañado prestixio nos mercados mundiais de tecnoloxía e enxeñaría.

A pesar das reiteradas mensaxes sobre a inminencia do obxectivo de alcanzar o equilibrio de tarifa e bloquear o seu crecemento incontrolado, a realidade é que as

cifras actualmente baralladas sobre a súa evolución recente apuntan a un crecemento superior aos 3500 millóns en 2013, con cerramento por enriba dos 30.000 millóns a final de ano e devolución garantida polo Estado. As últimas regulacións aprobadas polo ministerio para someter a control o déficit tarifario comportan novos impostos como as taxas á xeración ás instalacións térmicas alimentadas a carbón coñecidas como *céntimo verde*. Un escenario extraordinariamente confuso onde todos os actores se consideran prexudicados aínda que a súa capacidade de reacción sexa diversa. As grandes eléctricas anuncian de momento que a súa situación non se fai insostible, grazas á súa posición internacional. A alternativa de trasladar ao exterior algunha das instalacións termoeléctricas operadas en España foi xa suxerida. A estratexia de primar o investimento nos mercados exteriores e emerxentes, en detrimento do reacondicionamento das instalacións en España, parece abrirse paso entre as sociedades agrupadas en Unesa. Unha ameaza relativa, en todo caso, vista a manifesta sobrecapacidade do sector de xeración eléctrica que levou a suxerir á Comisión Nacional da Enerxía (CNE) a posibilidade de proceder a hibernar algunhas instalacións.

Hai inquietude manifesta na patronal Unesa pola incerteza do sistema de tarifa e de incentivos, o prezo dos subministracións enerxéticos, e sobre todo a evolución da demanda e do réxime de subactividade a que se ven sometidas as grandes instalacións enerxéticas. É significativa, a tal respecto, a recente decisión da eléctrica E.On de contratar servizos de asesoramento para proceder a vender os seus activos en España. O prezo de liquidación prognosticado moveríase na franxa de 800 a 1200 millóns de euros e o mercado obxectivo son os fondos de capital privado especializados en enerxía (*Expansión.com*, 04/04/2014; *El País*, Economía, 04/04/2014). E.On é a operadora máis modesta no mercado español (4,3 Gw de capacidade de xeración dun total de 107), aínda que se trata do primeiro operador en Alemaña. Un endebedamento elevado unido ás incertas perspectivas de futuro que afronta o mercado enerxético español parecen ser os motivos que conduciron a sociedade á decisión de abandonar este mercado.

A redefinición do cadro regulatorio do sector eléctrico, por imperativos de reequilibrio orzamentario e do réxime tarifario, nun contexto de caída da demanda, tivo como consecuencia inmediata o bloqueo das prometedoras iniciativas que impulsaban o desenvolvemento das enerxías alternativas. O bloqueo do proceso de ampliación do parque eólico galego a partir da revogación do Decreto autonómico 242/2008 de 13 de decembro que frustrou os plans de instalación de 2325 MW de potencia eólica adicional e o cerramento definitivo da factoría de fabricación de paneis solares de T-Solar no Parque Tecnolóxico de San Cibrao das Viñas a finais do 2012, foron as principais vítimas das restricións introducidas ao cadro de incentivos que propiciaran o seu rápido desenvolvemento. O impacto industrial do novo cadro regulatorio saldouse en Galicia en termos de redución de emprego e de capacidade produtiva.

No primeiro semestre de 2014, a Xunta parece disposta a revisar a súa Lei 8/2009, de 22 de decembro, que regulaba o aproveitamento eólico en Galicia e creaba un canon eólico e o fondo de compensación ambiental. Unha circular de principios de ano ás empresas adxudicatarias do último concurso eólico informaba a estas da posibilidade

de renunciar total ou parcialmente, sen sanción, aos parques que lles foran adxudicados e aos plans industriais concomitantes. Mediante a revisión proxectada da Lei 8/2009, as empresas non serán obrigadas a constituír avais bancarios previos para a execución dos parques asignados. Así mesmo, anúnciase a elaboración dun anteproxecto de decreto para repotenciar os parques existentes, incentivando esta actividade mediante simplificación de trámites e rebaixa dos canons a aboar. Son medidas razoables todas elas, aínda que os seus efectos sexan incertos e, en todo caso, demorados no tempo.

As medidas restritivas adoptadas no cadro regulatorio de incentivos ás enerxías renovables terán o seu fin tanto por esixencias medio ambientais como de inseguridade e custo crecente das fontes enerxéticas baseadas nos hidrocarburos e o carbón. Os países do norte de Europa ensaian sofisticados prototipos de desenvolvemento de enerxías sustentables. Son notables en tal sentido experiencias como o prototipo Haliade 150 de Alston, situada a 45 quilómetros da costa belga sobre un fondo mariño de 60 metros das que sobresa unha torre de 80. Os avances na enxeñaría auguran rápidos progresos nesta tecnoloxía. De facto, existe xa en España un prototipo *offshore* equiparable, instalado por Gamesa na costa de Gran Canaria, con pás de 63 metros e potencia de 5 Mw. A posibilidade de desenvolvemento da tecnoloxía *offshore* en Galicia e unha perspectiva que está aberta e, sen dúbida, suscitaría apoios na industria naval.

De momento, a repotenciación dos parques eólicos existentes é a perspectiva máis inmediata e realista. A gran maioría dos aerogeradores galegos non alcanzan os 2 Mw de potencia e apenas existen iniciativas de instalación de aerogeradores de 3 Mw de potencia.

Construción naval

A crise da construción naval en España, que afecta profundamente os estaleiros galegos de Vigo e Ferrol, ten múltiples causas entre as cales destaca a prohibición comunitaria de operar baixo o esquema financeiro do *tax lease* que se encontraba en vigor desde o R. D. 442/1994, regulador das primas e modalidades de financiamento da construción naval. Este episodio de competencia fiscal intra comunitaria incidiu na fragilidade patrimonial crónica dos estaleiros vigueses e as restricións orzamentarias que gravitan sobre os ferroláns. Superado o transo mediante as modificacións normativas pertinentes, os estaleiros galegos, públicos e privados, poden enfrontarse en igualdade de condicións que o resto das ramplas comunitarias á ardua tarefa de captación de encomendas nun mercado moi disputado, claramente dominado pola oferta asiática. É oportuno insistir neste punto, que cabe interpretar como un episodio máis de migración de sectores industriais maduros cara a países de condicións laborais precarias e forte capacidade de crecemento.

O panorama da distribución mundial da actividade construtora naval descrito pola asociación de estaleiros xaponeses¹ referida a marzo de 2013 é conclusiva ao respecto.

¹ http://www.sajn.or.jp/e/statistics/Shipbuilding_Statistics_Mar2013e.pdf.

Corea e China lideran os pedimentos, con Xapón en posición máis secundaria. Con respecto a estes xigantes, a posición de Europa é moi discreta.

A ameaza da competencia asiática para a construción naval europea púxose claramente de manifesto a finais do 2013, cando foi confirmado que catro buques gaseiros encargados por Gas Natural Fenosa e por Repsol serían construídos por estaleiros xaponeses (Imabari) e coreanos (Hayunday). A decisión foi adoptada polos armadores Knutsen-España e Elcano, aos cales fora encomendada a selección por parte de Gas Natural e Repsol. A operación confirmouse sen consideración ás necesidades dos estaleiros públicos españois e en particular ao de Puerto Real (Cádiz), onde Navantia pretendía dirixir a encomenda. As empresas armadoras defenderon a súa opción como a máis favorable sinalando, ademais, que a oferta de Navantia carecía de solidez e concreción. Unha lección, tal vez oportuna, que incide nas reiteradas acusacións do desleixo da acción comercial da corporación pública SEPI, responsable en última instancia da estratexia de Navantia. A lección foi, por certo, aprendida. En maio de 2014, o presidente da SEPI facía pública a encomenda dun novo buque gaseiro por parte de Gas Natural na baía de Cádiz con previsión de montaxe de quilla a principios do 2015 e que aseguraría ocupación a Puerto Real por tres anos.

A crecente inquietude de Ferrol pola prolongada inactividade dos estaleiros, agudizada polas sospeitas de preterición ante as ramplas de Puerto Real, recibiron finalmente resposta en maio de 2014 coa construción de dous novos buques de acción marítima (BAM) para a Armada española, un deles para Ferrol e o outro en Cádiz, que asegurarían carga de traballo para ambos os centros produtivos durante 30 meses. O encargo viña sumarse ao prometido flotel destinado ao grupo público mexicano PEMEX que asegurarían carga de traballo para dous anos. A eventualidade, aberta aínda nestes momentos, de que as ramplas ferrolás poidan captar unha encomenda de Repsol de dous buques de transporte a media distancia de Gas Licuado de Petróleo (GLP), de menor dimensión que os disputados buques gaseiros para construír en Asia e tamén en Puerto Real, é acollida con escepticismo nas instalacións ferrolás.

O BAM destinado á Armada e o flotel alivian a situación de Navantia Ferrol e Navantia Fene, condenada esta última a inactividade forzosa ata 2015 por imperativo do veto comunitario. A proximidade da data de caducidade do veto comunitario á antiga Astano para operar no mercado civil e a existencia de capacidade reavivan a reivindicación do programa de construción dun dique flotante destinado á reparación naval. Dificilmente poderá materializarse nun horizonte previsible debido ás limitacións orzamentarias e de financiamento, sen esquecer a eventualidade de que a encomenda dun proxecto deste tipo a un estaleiro público puidese ser cualificada de vulneración ás normas de competencia.

Resumimos a situación dos estaleiros galegos a 30 de xuño de 2013 coa información proporcionada polo *Boletín Informativo* trimestral da Xerencia do Sector Naval² (cadro 13).

² http://www.gernaval.org/Informes/trimestrales_boletin/Boletin_2T_2013.pdf.

Cadro núm. 13

Novos contratos e carteira de encomendas a 30 de xuño de 2013

	Novos contratos					Carteira de encomendas				
	Núm.	GT	CGT	% GT	% CGT	Núm.	GT	CGT	% GT	% CGT
Galicia	-	-	-	-	-	12	49.088	85.604	36,4	27,9
Asturias	9	8.170	28.521	36,2	45,9	33	39.339	115.493	29,1	37,6
País Vasco	5	14.360	33.579	63,7	54,0	16	46.607	106.115	34,5	34,5
Resto de España	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Total sector	14	22.530	62.100	100,0	100,0	61	135.034	307.212	100,0	100,0

Fonte: Xerencia do sector naval, *Boletín Informativo Trimestral* 2º trimestre 2013

A situación dos estaleiros privados galegos a mediados de 2013 pode cualificarse de crítica sen novos contratos, cos que si contaban Asturias e Euskadi. A carteira de pedimentos ofrecía unha imaxe menos lúgubre, aínda que si moi insatisfactoria xa que, en termos de ponderación de CGT,³ a carteira galega se mantiña por debaixo da asturiana e a vasca. A situación mellora se recorremos ao índice de actividade ponderada (cadro 14).

A crítica situación dos estaleiros privados vigueses parece remitir ao impulso da reactivación de Astilleros Barreras por parte do seu novo propietario, a petroleira mexicana PEMEX, materializada no mes de decembro do 2013. A crítica situación de descapitalización á que chegara o histórico estaleiro Hijos de J. Barreras (HJB), obrigou a acometer unha operación acordeón de redución do capital a cero seguida de recapitalización por importe de dez millóns de euros. Finalmente, callaban as negociacións en curso abertas con PEMEX que conduciron á adquisición por parte desta do 51% da compañía e do 49% por parte do accionariado galego. A cota mexicana foi instrumentada a través do seu grupo filial PMI, a galega, mediante subscripción dos grupos liderados por García Costas, a través das empresas Emenasa e Baliño, e de Ignacio Lachaga, de Albacora. O empresario vigués José García Costas ostentará a presidencia executiva da factoría naval por un período de seis anos. Como aspecto positivo da operación cabe destacar a capacidade demostrada para interesar unha operación de investimento externo directo de indubidable impacto na reactivación industrial; como aspecto negativo, a barateza da cesión dun estratéxico 51% da sociedade e a declarada intención dos compradores de proceder a transferir o *know how* e experiencia técnica ás súas instalacións mexicanas.

Os efectos da entrada de PEMEX non se fixeron esperar. Durante o primeiro semestre de 2014 foi encargado un flotel similar ao encomendado a Navantia Ferrol, un buque

³ Lembramos que GT, gross tonnage, é un indicador dependente do volume útil do buque e que o CGT, gross register tonnage, é outro indicador relacionado co anterior mediante a fórmula: $[CGT = A * GT^B]$. A e B son parámetros dependentes das características do buque.

Cadro núm. 14

Actividade ponderada a 30 de xuño de 2013

	Postas de quilla			Botaduras		
	Núm.	GT	CGT	Núm.	GT	CGT
Galicia	2	13.042	20.112	3	20.295	29.546
Asturias	10	12.050	33.771	5	2.470	10.760
País Vasco	6	15.150	36.436	4	12.665	27.683
C. Valenciana	-	-	-	-	-	-
Resto de España	-	-	-	-	-	-
Total sector	18	40.242	90.319	12	35.430	67.989

	Entregas			Índice de actividade ponderada*			
	Núm.	GT	CGT	GT	CGT	% GT	% CGT
Galicia	2	11.878	17.811	16.378	24.254	40,1	32,9
Asturias	2	724	3.533	4.429	14.706	10,8	19,9
País Vasco	3	38.475	41.549	19.739	33.338	48,3	45,2
C. Valenciana	3	1.290	5.925	323	1.481	0,8	2,0
Resto de España	-	-	-	-	-	-	-
Total sector	10	52.367	68.818	40.867	73.779	100,0	100,0

* Índice ponderado de actividade = (Q+2*B+E)/4.

Fonte: Xerencia do sector naval, *Boletín Informativo Trimestral* 2º trimestre 2013

atuneiro destinado ao grupo mexicano Procesa, máis tres buques tanques e outro máis de aprovisionamento denominado, na xerga sectorial, *supply*. As últimas noticias procedentes da dirección da compañía filtran a posibilidade dunha nova encomenda de grande envergadura. A posibilidade de PEMEX de encargar unha flota de 16 barcos auxiliares aos estaleiros da ría, materializouse finalmente nun contrato con Armón, para que esta activa compañía asturiana con estaleiros en Navia, Xixón e Vigo subministrase tecnoloxía e elementos preelaborados desde Vigo para a súa montaxe final en México. O empeño en potenciar a construción naval mexicana é un imperativo implícito que vai presidir con toda probabilidade as relacións comerciais futuras con PEMEX.

Lentamente, parecen apuntar signos positivos de recuperación no resto dos estaleiros da ría de Vigo. Freire foi a adxudicataria dun buque oceanográfico con destino a Kuwait presupostado en 30 millóns de euros e que garantirá o traballo da factoría durante 18 meses e tamén se prepara para abordar a construción dun buque escola para Indonesia. Vulcano tenta superar os tres anos de inactividade que acumula mediante a captación dun transbordador de propiedade do Banco Santander que quedou a medio construír debido á crise de Astilleros de Sevilla. Outro transbordador, con destino neste caso a Cabo Verde, e un prototipo para o aproveitamento de enerxía mariña ocupan, nestes momentos, Cardama. Finalmente, Metalships ultima a construción dun

novo buque *offshore*, Lady Vessel, para a armadora norueguesa North Ocean, unha encomenda que confirma o estaleiro como unha opción de referencia neste tipo de construcións. A recente entrega do Deep Orient, con 135 metros de eslora, e un guindastre con capacidade para 250 toneladas confirma esta aseveración.

Automóbil

O portal oficial do Grupo PSA Peugeot Citroën ofrece información detallada sobre a traxectoria do grupo en 2013.⁴ Seleccionamos os trazos máis destacados dun exercicio complexo presidido pola estratexia de saneamento e alianzas emprendidas polo grupo francés para superar a súa difícil situación nun mercado implacable e globalizado como é o do automóbil.

O Grupo PSA comunicaba perdas por importe de 2317 millóns de euros en 2013 (5008 en 2012). O resultado operativo conxunto foi de -177 millóns de euros (-560 en 2012) grazas á contribución das divisións de Faurecia e do Banque PSA Finance que permitiron suavizar os seus resultados, os cales alcanzaron unha cifra negativa de 1042 millóns de euros. Os malos resultados na actividade do automóbil atribúense á contracción do mercado europeo, parcialmente compensado co avance experimentado pola favorable evolución das vendas no mercado chinés onde o grupo vendeu 557.000 vehículos no exercicio, como tamén no latinoamericano, onde colocou 303.000 unidades. En conxunto, o grupo comercializou 2.819.000 vehículos, un 4,9% menos que en 2012.

A evolución do endebedamento mostra as debilidades do grupo para facer fronte simultaneamente ao impacto dos tipos de cambio en relación ao euro, á contracción da demanda e ás esixencias da reestruturación en curso. En conxunto, o grupo recoñece unha débeda neta a 31 de decembro do 2013 de 4148 millóns de euros contra os 3148 do cerramento do exercicio anterior.

O Grupo PSA tenta superar a situación cunha maior implicación do seu socio chinés Dongfeng e do Estado francés. Ambos parceiros pasarán a ostentar unha participación do 14% cada un, igual á do accionista histórico da compañía, a familia Peugeot. A entrada no accionariado do parceiro chinés, que acompaña o grupo no mercado dese país desde 1992, supón a consagración definitiva de China como mercado obxectivo do grupo fóra de Europa. No plano financeiro, o Grupo PSA procederá igualmente a refinanciar a débeda por importe de 2700 millóns de euros.

Á parte das medidas financeiras adoptadas e as derivadas da súa orientación ao mercado chinés –con previsión de desenvolver un centro de I+D en China– a dirección do grupo anuncia a intención de desenvolver a súa alianza con GM en Europa e establecer unha asociación estratéxica entre a súa división financeira, o Banque PSA Finance e o Banco Santander.

A situación do centro vigués do Grupo PSA é, afortunadamente, moito máis satisfactoria en termos relativos que a do seu grupo matriz. Información recente confirmaba que

⁴ <http://www.psa-peugeot-citroen.com/fr/analystes-et-investisseurs/resultats-financiers>.

a factoría de Balaídos escalaba ata o sexto posto entre as fábricas europeas de automóbiles por volume de produción. O liderado indiscutido osténtao o centro de Volkswagen en Wolfsburg que ensamblou 800.000 unidades en 2013, contra os 406.000 vehículos da factoría viguesa. Preceden a viguesa, á parte de Wolfsburg, as factorías Togliatti (Federación Rusa, Lada, tecnoloxía Fiat), Sunderland (Reino Unido, Nissan), Ingolstadt (República Federal Alemá, Audi) e Pitesti (Romanía, Dacia, tecnoloxía Renault) (*Faro de Vigo*, 20 de marzo de 2014).

A planta viguesa de Citroën confirmaba unha produción en 2013 de 406.000 vehículos (un 37% superior á do ano anterior) e 37.800 coleccións CKD (vehículos despezados), algo inferior á do ano precedente. O nivel alcanzado supón unha cadencia de 1800 unidades diarias cun cadro de persoal de 6900 traballadores a final de ano. Con independencia dos incidentes dos ERE temporais decididos pola compañía para adaptarse ás fluctuacións da demanda, o grao de eficiencia da factoría alcanzou estándares elevados que a protexen, de momento, dos programas de recorte e mesmo do cerramento de factorías, habituais no ámbito europeo.

O indubidable éxito da Citroën en Vigo vese potenciado, como é ben sabido, por unha densa rede de establecementos industriais auxiliares que lle serven de soporte inmediato. Resumimos as súas cifras principais segundo constan no informe de magnitudes básicas elaboradas polo clúster CEAGA para 2013.

A facturación do sector do automóbil de Galicia alcanzou no exercicio os 7800 millóns de euros, cun incremento interanual do 27,9% que parece preludiar a recuperación. O emprego agregado sitúase nos 19.000 traballadores, en liña cos anos anteriores, indicio manifesto dun notable incremento de produtividade. Máis significativa aínda é a cifra de exportacións: 5540 millóns de euros (71% das vendas totais) cun incremento do 42,3% sobre o ano precedente. Menos favorable é a cifra de investimento agregado: 128 millóns de euros, contra 400 no ano 2012 e 525 en 2011. As cifras ofrecidas inclúen obviamente a planta de Citroën. O grosu do investimento correu a cargo da industria auxiliar, en boa medida para adaptarse á nova capacidade instalada na factoría matriz nos dous anos precedentes. En 2013 abordaron ampliacións de consideración as factorías de Gestamp, Denso, Plastic Omnium e o CTAG. Tamén acometeron importantes programas de investimento no estranxeiro as empresas Hispamoldes, Valver, Izmar e Marsan en Marrocos, Colombia e México, respectivamente.

Transformación da madeira

A Confederación de Empresas da Madeira de Galicia (Confemadera Hábitat Galicia), é a organización empresarial que representa os distintos segmentos do negocio da madeira de Galicia; nacida no 2011 mediante a integración das organizacións preexistentes FEARMAGA, Monte Industria, Clúster da Madeira de Galicia e FECEG. A Confederación é membro de Confemadera Hábitat e forma parte da Confederación Española de Empresas de la Madera. A organización galega manifesta representar 3000 empresas do sector cun emprego directo conxunto de 20.000 postos de traballo e 50.000 indirectos.

Cadro núm. 15

Distribución das exportacións por comunidade autónoma (en millóns de euros). Ano 2013

	Madeira	Mobles	Total	%	% variación 2013/2012
Galicia	428	143	571	20,6	9,6
C. Valenciana	162	384	546	19,7	-17,3
Cataluña	135	399	535	19,3	-4,1
Castela e León	82	39	122	4,4	6,8
A Rioxa	75	-	96	3,5	-
Andalucía	68	142	210	7,6	29,4
País Vasco	63	67	130	4,7	-4,2
Madrid	40	136	177	6,4	14,9
Navarra	30	54	84	3,0	0,5
Castela-A Mancha	29	-	-	-	-
Sen clasificar	-	-	301	10,9	-
Total	1.112	1.364	2.771	100,0	-

Fonte: Confemadera Hábitat Galicia, *Informe de resultados 2013* e elaboración propia

A base forestal galega, a pesar das súas manifestas deficiencias de explotación, lidera o sector da madeira e transformados en España. A descrición das magnitudes representativas da industria da madeira ofrecidas por Confemadera Galicia son a referencia para entender a estrutura vertical do sector e o volume e distribución dos principais segmentos de produción que o configuran. O informe 2013 destaca o feito de que a base material do sector asenta sobre unha superficie forestal operativa de dous millóns de hectáreas arboradas ao 70%, con 600.000 hectáreas adicionais improdutivas. A reforestación das superficies libres e, sobre todo, a extensión das prácticas de silvicultura racional, incipientes aínda en Galicia, son cuestións que esperan resposta.

É pertinente insistir tamén nas posibilidades de mellora da cadea de valor da madeira galega, especialmente no segmento da segunda transformación, como pon de relevo a precaria hexemonía que ostenta Galicia no *ranking* das exportacións en relación con aquelas que souberon desenvolver un potente sector do moble e o equipamento doméstico.

Complementamos o cadro 15 cos datos proporcionados pola base de datos DataComex do Ministerio de Economía e Competitividade (cadro 16).

A descomposición por produtos das exportacións é altamente significativa da contribución decisiva dos produtos semielaborados da cadea de valor da madeira galega e corrobora a importancia de estimular a mellora e expansión dos segmentos que engaden valor acrecentado á riqueza madeireira galega.

En 2013, 70.000 propietarios de superficie forestal cortaron madeira, o que lles reportou 280 millóns de euros, segundo a Confederación Galega da Madeira. O esquema

Cadro núm. 16**Evolución das exportacións do sector galego da madeira**
Grupos TARIC 44 e 47

	Millóns de euros		% variación
	2012	2013	
44 - Madeira e as súas manufacturadas	405,03	424,87	4,9
47 - Pasta de madeira e papel reciclado	238,93	249,97	4,6
Total	643,96	674,85	4,8

Fonte: DataComex, Ministerio de Economía e Competitividade e elaboración propia

da cadea de actividades desenvolvidas sobre a base dos 7,8 millóns de m³ lanzados ao mercado é, segundo a fonte citada, a recollida no cadro 18.

A facturación conxunta en concepto de primeira transformación da madeira sumou 1299 millóns de euros (rematantes 392 millóns, serradoiros 254, taboleiro e pasta 653) cun incremento do 5,7% sobre 2012. A segunda transformación, carpintería e moble facturou 369 millóns de euros, 7% menos que no 2012, que debemos atribuír en boa medida á prostración persistente do sector da construción.

Cadro núm. 17**Distribución das exportacións galegas por produtos**

	Millóns de euros		% variación
	2012	2013	
Pasta	194	199	2,6
Taboleiros de fibra	146	144	-1,4
Mobles	105	143	36,2
Madeira en bruto	93	139	49,5
Taboleiros de partículas	54	55	1,9
Obras e pezas de carpintería	19	19	0,0
Madeira serrada ou desbastada	18	16	-11,1
Caixóns, caixas, envases...	18	16	-11,1
Total	648	731	12,8

Fonte: Confemadera Hábitat Galicia, Informe de resultados 2013 e elaboración propia

Ten interese destacar o efecto dinamizador da actividade forestal e transformadora sobre o tráfico portuario. Confemadera Hábitat Galicia ofrece información relativa aos portos de titularidade autonómica en 2013 (cadro 19).

En perspectiva dinámica cabe subliñar que a contracción das vendas do sector da madeira e transformados non deu superado aínda os efectos da gran recesión como se observa no cadro 20. A duración desta situación podería demorarse, a teor das perspectivas actualmente dispoñibles sobre a construción residencial e o crecemento da economía europea.

A información corporativa de ENCE con relación ao exercicio 2013 destaca un moderado crecemento interanual das

vendas do 3% sobre o exercicio anterior que situou a cifra de facturación en 849,6 millóns de euros, dos cales 611,4 millóns corresponden ás vendas de celulosa que experimentaron un crecemento do 2%. A facturación por electricidade experimentou un crecemento anual do 17%. É este capítulo o que concentra as preocupacións da xerencia

Cadro núm. 18

Cadea de valor: volume e aplicacións da produción madeireira galega

Cortas e aplicación industrial: volume e composición por especies		
m ³ c.c.	Cortas	Consumos industriais
Eucalipto	4.126.000	2.293.000
Outras frondosas	260.000	1.940.000
Coníferas	3.418.000	1.210.000
Total	7.804.000	5.443.000
Primeira transformación: volume e composición		
Madeira serrada (m ³)	Taboleiros e chapa (m ³)	Pasta de papel*
1.323.000	1.386.000	417.000
85%	Coníferas	
10%	Eucalipto	
5%	Outras frondosas	
	52%	MDF
	43%	Partículas
	2,6%	Fibra
	1%	Contrachapado
	1%	Outras
Segunda transformación: proporción destinada		
Envases e embalaxes	Ebanistería e mobiliario	Papel e cartón
20%	30%	<2%

* Volume expresado en TAD: toneladas de pasta seca ao aire.

A pasta é procesada con tecnoloxía TCF: libre de cloro.

Fonte: Confemadera Hábitat Galicia, *Informe de resultados 2013* e elaboración propia

da entidade por causa dos cambios normativos introducidos pola Administración cun elevado impacto nos beneficios derivados da actividade de xeración, que a corporación vén impulsando en forma decidida. No 2013, a empresa poñía en marcha unha nova planta de xeración de biomasa en Huelva, de 50 Mw de potencia, que lle permitiu verter á rede 1896 GWh, un 17% máis que no ano anterior. As vendas de electricidade alcanzaron os 230,2 millóns de euros. A actividade forestal e de asesoramento, experimentou en cambio unha caída interanual do 64% ata os oito millóns de euros, debido en boa medida á venda dos activos forestais que ENCE mantiña en Uruguai.

O beneficio de explotación da compañía (EBIT) experimentou unha forte caída interanual ata os 29 millóns de euros, fronte aos 82,3 millóns recollidos nas contas de 2012. Aínda que os xestores insisten nos efectos negativos do incremento dos custos de produción de celulosa e do impacto dos novos impostos á actividade de xeración eléctrica, a verdade é que a razón do severo recorte experimentado reside no impacto das dotacións efectuadas para provisionar a depreciación prevista no investimento en

Cadro núm. 19**Tráfico de derivados da madeira nos portos galegos**

Porto	Produto	Toneladas		% variación	% sobre tráfico
		2012	2013		
Ribadeo	Madeira serrada, en bruto e pasta	438.899	468.173	6,7	86,2
Marín	Pasta de papel	410.000	417.000	1,7	21,0
Burela	Madeira en bruto	76.796	289.933	277,5	88,3
Cariño	Madeira en bruto, tablero	115.427	84.078	-27,2	15,3
Cee	Madeira serrada e en bruto	89.809	60.169	-33,0	15,2
Celeiro	Madeira en bruto	60.414	50.982	-15,6	38,6
Laxe	Madeira en bruto	24.224	25.484	5,2	100,0

Datos procedentes de Portos de Galicia.

Dos dependentes do Estado non se inclúen: Ferrol-San Cibrao, A Coruña, Vigo e Vilagarcía.

Fonte: Confemadera Hábitat Galicia, *Informe de resultados 2013* e elaboración propia

Cadro núm. 20**Evolución da facturación conxunta do sector da madeira**

	Millóns de euros	% variación
2007	2.419	-
2008	2.259	-6,6
2009	1.619	-28,3
2010	1.722	6,4
2011	1.702	-1,2
2012	1.625	-4,5
2013	1.668	2,6

Fonte: Confemadera Hábitat Galicia, *Informe de resultados 2013* e elaboración propia

cultivos enerxéticos por causa do novo réxime tarifario que ascenderon a 37,6 millóns de euros.

O problema máis espiñento con que se enfrenta ENCE no próximo futuro é a eventual obriga de abandonar os terreos públicos que ocupa a súa planta de Pontevedra por imperativo legal. O prazo legal de ocupación de que goza vence en 2018. A finais de 2013, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente daba conta de recibir a solicitude de prórroga por parte do grupo pasteiro. A posición da Xunta de

Galicia é extremadamente prudente, por motivos obvios, e o seu vicepresidente víase obrigado a fixar posición ao respecto declarando que «Ence ten que ter moi claro que nas condicións nas que está agora non seguiría, haberá que falar e negociar e xa veremos no seu momento o que sexa procedente». Apunta a Xunta a unha serie de factores de decisión a ponderar cando o curso do proceso o requira, á parte dos derivados do impacto ambiental e a manifesta oposición do Concello de Pontevedra. Entre as posibles compensacións ofrecidas para a eventual continuidade da planta pontevedresa, a empresa ofrece a promoción de tres plantas de biomasa, un proxecto de integración visual da planta de Lourizán e outras melloras das plantacións de eucalipto ou determinadas vantaxes ao porto de Marín.

Confección

A manifesta debilidade dunha firma tan emblemática da confección galega como Adolfo Domínguez e a discreta hibernación das plataformas colectivas do sector contribúen a reforzar a imaxe de Inditex como sinéctico inevitable do sector téxtil galego. Adolfo Domínguez debátese, efectivamente, en arduos esforzos para estabilizar a situación en que se encontra e optimizar os parámetros que lle permitan volver crecer.

A firma declaraba unhas perdas de 2,5 millóns de euros para o primeiro semestre fiscal do 2013 –do 1 de marzo a 31 de maio seguinte– (3,2 millóns de euros no período correspondente do ano anterior) cunha cifra de vendas no período de 25,5 millóns de euros. A empresa cerraba o semestre fiscal con 683 tendas, 23 menos que un ano antes.

Con menor ou maior agudeza a dureza da situación faise notar noutras firmas de prestixio como Lonia Textil, Roberto Verino ou Florentino Casheda, todas elas empeñadas nun proceso de internacionalización con especial dedicación aos mercados asiáticos e á venda por internet.

Inditex é outro continente. O grupo cerrou o exercicio 2013 cun novo récord de vendas e beneficios: 16.724 e 3071 millóns de euros, respectivamente. Os comentaristas ocupáronse en destacar os menores incrementos rexistrados respecto a anos anteriores, que o grupo atribúe á maior fortaleza do euro en relación coas divisas onde opera. Un factor certamente decisivo nunha corporación global como Inditex. O grupo superou tamén a cifra de dividendos repartidos que alcanzou os 1500 millóns, dos cales unha cifra próxima aos 900 millóns corresponden a Amancio Ortega. O investimento ordinario do exercicio alcanzou os 1240 millóns de euros.

Inditex é por méritos propios unha corporación global que compite nos mercados mundiais cos xigantes do sector *retail* da moda, a sueca H&M e a americana Coach e outras como o grupo británico de grandes almacéns Marks&Spencer, Victoria's Secret, Tiffany ou Gap. Conta con 6340 tendas abertas no mundo e 128.313 empregados directos, 40.000 en España. Síntoma claro do imparable proceso de internacionalización en que está embarcada a compañía é o seu mapa de vendas, onde España soamente representa o 20% das vendas do grupo (cadro 21).

Como tendencias destacables da estratexia expansiva do grupo parecen significativas o potenciación das vendas en liña, a atención prestada á apertura de tendas bandeira e o esforzo empeñado en homoxeneizar a imaxe de marca e tenda a nivel mundial.

Cadro núm. 21

Distribución internacional das vendas do grupo Inditex

(% de vendas en tendas propias e en franquía)

	2012	2013
España	20,7	19,7
Resto de Europa	45,4	45,9
América	14,2	14,0
Asia e resto do mundo	19,7	20,4

Fonte: Inditex

Producción agroindustrial

Sector lácteo

O sector lácteo galego débatese entre as perspectivas contraditorias de consolidar o prometedor futuro aberto polo esforzado proceso de modernización acometido que o conduciu á sólida situación que actualmente ostenta no mercado español e as ameazas abertas polo fin no 2015 da regulación mediante o sistema de cotas imperantes na Unión Europea.

A solidez actual da plataforma de produción láctea galega é indiscutible. Segundo os datos máis recentes fornecidos polo IGE, correspondentes ao 2012, Galicia conta 12.216 explotacións especializadas na produción láctea (29,5% das explotacións con gando vacún), máis 1958 de produción mixta lácteo-cárnica (4,7%), dun total de 41.407 explotacións bovinas (100%). As 14.000 explotacións produtoras de leite manteñen un continxente de 325.811 vacas de muxidura que supoñen pouco mais de un terzo dos 940.762 bovinos censados en Galicia no ano 2012, pero o 60% das vacas (o restante 40% son vacas de carne). A dimensión do esforzo de modernización acometido nos últimos anos é manifesta sen máis que examinar a magnitude alcanzada polas 41.407 explotacións de bovino de todo tipo existentes (cebo, recría, leite e

carne): 20.534 (49,6%) contan con menos dunha decena de bovinos, 15.646 teñen entre dez e cincuenta (37,8%) e 5227 superan as cincuenta (12,6%) con 271 que superan as duascenas cabezas. Eses datos están, ademais, influídos pola supervivencia de moitas pequenas explotacións cárnicas; mentres que no sector lácteo é moito maior o predominio das unidades produtivas de mediana e gran dimensión.

A estrutura produtiva antes resumiada asegúralle a Galicia unha preeminencia indiscutible na produción láctea en España: 2,46 millóns de toneladas de leite entregado á industria do total de 6,34 millóns producidos en toda España na última campaña que foi de abril de 2013 a marzo de 2014. O rexistro das entregas de leite á industria

no mes de arranque da campaña 2014-2015 (última de vixencia das cotas) é suficientemente ilustrativo: Galicia concentra o 39% da produción española, máis que triplicando a da comunidade que a segue (Castela e León).

As debilidades estruturais de tan decisivo sector na economía galega son ben coñecidas e resúmense na incapacidade empresarial e do contorno institucional para

Cadro núm. 22

Distribución da produción láctea en España en abril de 2014

	Miles de toneladas	%
Galicia	220.166	39,0
Castela e León	70.502	12,5
Cataluña	59.853	10,6
Asturias	47.912	8,5
Andalucía	41.430	7,3
Cantabria	38.218	6,8
Castela-A Mancha	20.242	3,6
Navarra	18.673	3,3
País Vasco	14.295	2,5
Aragón	11.190	2,0
Resto	21.607	3,8
Total	564.088	100,0

Fonte: Información mensual do réxime e taxa láctea, fondo español de garantía agraria, 2014

promover unha potente industria transformadora, en detrimento do crecemento e poder económico dun sector a todas luces estratéxico e na asimetría de capacidade negociadora entre produtores e industriais. Cuestións ambas xa abordadas no capítulo sobre agricultura deste informe.

O desafío inmediato que afronta o sector é o fin inminente do cadro regulatorio sectorial enmarcado na PAC comunitaria, previsto para 2015, coa posible emerxencia dunha situación de fortes fluctuacións nos prezos e no tráfico transfronteirizo de excedentes, en prexuízo dun sector que soubo modernizarse en circunstancias moi adversas e que ha de afrontar agora o desafío da devolución de préstamos.

Viticultura

A industria galega do viño é, ao contrario da láctea, un exemplo de éxito na integración da produción primaria coa transformación manufactureira e a conquista de mercados exteriores. O albariño, como o mencía son os tipos de uva de produción autóctona que posibilitaron o éxito e contribuíron incluso a consolidar unha imaxe de marca de Galicia que, en tempos, conseguira tamén a confección.

A actual normativa europea sobre as marcas de calidade diferenciada no sector vitivinícola distingue entre indicacións xeográficas protexidas (IXP) (viños da terra) e denominacións de orixe protexidas (DOP), incluíndo esta última categoría diversas denominacións de calidade (denominación de orixe,

Cadro núm. 23

Produción vinícola de DOP e IXP (en hectolitros). Ano 2012

	Branco	Tinto	Total
A Coruña	4.544	50	4.594
Lugo	1.148	27.561	28.709
Ourense	119.301	39.882	159.183
Pontevedra	274.557	2.186	276.743
Galicia	399.550	69.679	469.229

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar

Cadro núm. 24

Evolución da Denominación de Orixe Rías Baixas

	Viticultores	Adegas	Superficie (hectáreas)	Viño elaborado (hectolitros)
1989	1.332	47	873	22.750
1993	3.740	99	1.768	25.579
1997	4.194	132	1.923	54.598
2001	5.059	161	2.408	112.112
2005	6.193	189	3.022	145.906
2009	6.556	192	3.698	161.476
2013	6.677	178	4.064	229.899

Fonte: Denominación de Orixe Rías Baixas

denominación de orixe cualificada, viño de calidade con indicación xeográfica, viño de pago, viño de pago cualificado).

A Xunta de Galicia ofrece (cadro 23) os datos de produción para o conxunto das cinco denominacións de orixe e as tres indicacións xeográficas protexidas existentes no noso sector vitivinícola (estas últimas corresponden aos viños da terra de Betanzos, Barbanza e Iria e Val do Miño Ourense, e teñen unha relevancia moi pequena).

O éxito da D. O. Rías Baixas é manifesto, como revela o simple exame da evolución das variedades de branco cubertas por esta denominación. É oportuno lembrar que a denominación se concentra en torno á uva albariño, aínda que englobe outras variedades de uva branca como a treixadura e o godello, e mesmo tintas como o sousón e mesmo o mencia.

Cámicas

O complexo agroindustrial Coren informa dunha cifra de facturación de 982 millóns de euros en 2013. Non dispomos de información pormenorizada do grupo pero é razoábel pensar que a contracción experimentada polo consumo, o progreso das marcas brancas e os esixentes contratos das grandes superficies, agudizados nas actuais circunstancias, teñan afectado en maior ou menor grao as marxes de comercialización con que opera. Como noticia destacada cabe sinalar a concesión do selo Produto do Ano 2014 para a nova liña de xamóns e carne de porcino de calidade producida a partir de animais selectos alimentados con castañas. Un produto singular que contribuíu a prestixiar a oferta alimentaria do grupo ourensán.

Industria conxeladora e conserveira

Dabamos conta no anterior anuario da tormenta desatada pola negativa do Consello de Administración de Pescanova a aprobar as contas do 2012 e a conseguinte apertura dun procedemento concursal. Os motivos do seu colapso financeiro foron coñecidos malia o espeso muro informativo que rodeou sempre o grupo, fóra das grandes cifras formuladas a fin de ano que, por viren apoiadas por empresas de auditoría de prestixio, gozaban ata o momento de xeral aceptación.

A finais de maio de 2013, o xuíz encargado do caso declaraba concurso de acredores, separando simultaneamente a Manuel Fernández de Sousa da administración da sociedade. Un ano despois, o xuíz aprobaba o convenio e o consello recuperaba as súas facultades baixo a supervisión dunha comisión de vixilancia. Mentres tanto, desenvolveuse unha pugna frontal polo control da magnitude de quitas a aplicarlles aos interesados e a configuración da sociedade resultante. Prevaleceu finalmente a posición coordinada da banca acreedora contra a pretensión de impoñer quitas por importe do 80% que esta xulgou inasumibles. Impúxose desta maneira o bloque bancario (Sabadell, Popular, NCG, CaixaBank, Bankia, BBVA e a italiana UBI Banca), véndose obrigada a ceder á alternativa de signo industrial protagonizada polo grupo

cervexeiro Damm e o seu aliado de circunstancias, o grupo luxemburgués de activos en carteiras, Luxempart, que, ao final, se viron abocados a abandonar o consello de administración da compañía.

A banca acreedora ten unha ardua tarefa por diante prologada pola busca dun socio industrial ou, de non ser posible, dun xestor executivo capaz de pilotar o proceso de recapitalización e reestruturación de actividades que lle permita á compañía entrar en beneficios no máis breve prazo posible. Agora, a banca acreedora ve cumpridas as súas esixencias de rebaixar a quita ao 60% dos pasivos atrapados para manter unha posición acreedora de 1000 millóns de euros contra os 700 millóns que figuraban na proposta de Damm e Luxempart. A nova Pescanova non cotizará en Bolsa, circunstancia que impide desinvestir aos pequenos accionistas. O novo equipo verase obrigado a redimensionar a sociedade e o grupo bancario acreedor a harmonizar esixencias con facilidades financeiras ao obxecto de garantir o desenvolvemento dun negocio complexo onde ten comprometido 1000 millóns de euros, que poderían esfumarse se a compañía non é capaz de reorientar o proceso de axustes e depreciacións co de produción e vendas remunerativas.

As cifras máis recentes dispoñibles de Pescanova a finais do primeiro semestre de 2014 elevan a brecha patrimonial negativa da compañía a 2237 millóns de euros e as perdas no exercicio 2013 a 719 millóns de euros. A facturación no exercicio ascendeu a 1063 millóns que comporta unha caída do 21% respecto ao 2012. Unha dura tarefa espera á nova dirección.

Outro proceso concursal gravoso foi o que se abateu sobre o grupo vigués Vieirasa, dedicado á pesca e conxelación en África e América do Sur ao cal se prestou a debida atención no anterior *Informe 2012*. Vieirasa entraba en concurso de acredores forzoso a mediados do 2012, a petición da sociedade de capital de risco británica Commonwealth Development Corporation, asociada á firma viguesa en Namibia. A principios do mes de outubro, a dirección conseguira pactar xa un preacordo cos provedores cun nivel de adhesión superior ao 70%. A final de ano, o grupo tentaba cerrar un acordo coa compañía británica demandante para devolverlle os 589.621 euros cualificados como débeda privilexiada no concurso. A proposta de Vieirasa é a da devolución do principal, por partes iguais, en cinco anos consecutivos. A mesma proposta foi trasladada á Tesouraría da Seguridade Social e á Axencia Tributaria para reintegrarlles 395.734 e 712.396,1 euros, respectivamente.

Por outra banda, as dúas empresas líder da conserva galega continúan afianzando o seu perfil expansivo a presenza internacional. O grupo Calvo comunicaba unha facturación de 712 millóns de euros en 2013, un 11% máis que no exercicio anterior. O beneficio antes de impostos e amortizacións (Ebitda) alcanzaría os 49 millóns cun incremento interanual do 9% e cun endebedamento moderado. O grupo continúa empeñado na apertura de novos mercados internacionais.

Jealsa prevía cerrar o 2013 cunhas vendas en torno a 600 millóns, que melloran as do exercicio anterior. Como feitos destacados na estratexia de modernización e diversificación emprendida polo grupo, cabe destacar o desenvolvemento dunha factoría avanzada designada como Jealsa X50 e a construción dunha nova fábrica en

Brasil. En canto ao desenvolvemento enerxético, o proxecto estrela é a promoción dun ambicioso parque eólico na illa chilena de Chiloé cun investimento comprometido de 220 millóns de dólares.

O investimento estranxeiro declarado no Rexistro de Investmentos en Galicia

O investimento foráneo é un factor que incide no desenvolvemento económico de calquera territorio. A literatura económica recolle unha ampla controversia, tanto teórica como práctica, sobre as vantaxes e inconvenientes da entrada de capital externo, pero, como xa se indicaba nos informes precedentes, entendemos que nestes momentos de crise, a atracción de capital estranxeiro ten considerable importancia en canto pode apoiar a empresas en dificultades e tamén desenvolver novos investimentos nunha economía, como a galega, na que a formación bruta de capital minguou sensiblemente nos últimos anos. Neste epígrafe só consideraremos o investimento produtivo procedente do estranxeiro xa que carecemos de información sobre a entrada de capital proveniente das outras comunidades autónomas españolas.

No referente a Galicia, non cabe dúbida de que, historicamente, a entrada de capital foráneo nos diversos sectores, e en particular na industria, propiciou un maior dinamismo económico e impulsou a creación de postos de traballo. O stock de emprego xerado fixo que, en 2011 (último dato dispoñible), o número de traballadores empregados grazas a estes investimentos fose de 50.326 traballadores (3897 menos que en 2008).

Os resultados, aínda que provisionais, de 2013 indican un investimento estranxeiro total de 412,4 millóns de euros, cifra, en principio, positiva, xa que é máis do dobre que a de 2012 (193 millóns de euros) e a cuarta máis elevada desde que se comezaron a publicar as estatísticas do Rexistro en 1993. Este investimento só foi superado polos resultados do bienio 2001-2002 e polos de 2011. Agora ben, se analizamos máis polo miúdo a súa composición, a valoración xa non é tan optimista, xa que o maior investimento, 193,4 millóns de euros é a unha operación dunha entidade de tenencia de valores estranxeiros (ETVE) correspondente ao sector de refino de petróleo, realizada en Galicia e procedente de Luxemburgo. Este investimento non xera actividade ningunha no lugar de destino e, de feito, moitas estatísticas xa exclúen estas operacións nas que Galicia tan só xoga un papel de intermediación. O valor destas operacións en España (concentradas en Madrid, Cataluña, País Vasco, e en 2013, excepcionalmente en Galicia) foi de 3.671,3 millóns de euros. Por tanto, o investimento estranxeiro en Galicia, stricto sensu, sería por un total de 219 millóns de euros en 2013, cifra moi próxima á de 2012. Pois ben, desta cifra, 154,6 millóns proceden dun investimento realizado desde Brasil e dirixido á fabricación de elementos de xeso para a construción. Todo fai supoñer que, en liña co que estivo acontecendo nos exercicios precedentes,

Cadro núm. 25

Distribución territorial do investimento estranxeiro bruto en España

	2011		2012		2013*		% variación 2013/2012
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
Andalucía	626,65	2,03	592,89	3,02	327,64	1,68	-44,74
Aragón	38,34	0,12	151,23	0,77	168,46	0,86	11,39
Cantabria	16,79	0,05	22,03	0,11	14,32	0,07	-35,00
Castela e León	190,33	0,62	17,40	0,09	172,34	0,88	890,18
Castela-A Mancha	462,59	1,50	51,66	0,26	7,93	0,04	-84,65
Cataluña	3.638,28	11,77	3.163,61	16,11	3.850,65	19,76	21,72
Madrid	21.377,39	69,14	13.498,75	68,76	11.664,29	59,86	-13,59
C. Valenciana	501,47	1,62	195,91	1,00	166,20	0,85	-15,17
Estremadura	36,26	0,12	31,55	0,16	3,79	0,02	-87,97
Galicia	524,61	1,70	192,96	0,98	412,40	2,12	113,72
Baleares	421,28	1,36	265,33	1,35	785,57	4,03	196,07
Canarias	1.078,54	3,49	70,43	0,36	36,48	0,19	-48,21
A Rioxa	2,72	0,01	10,27	0,05	62,21	0,32	505,85
Navarra	49,30	0,16	161,34	0,82	7,19	0,04	-95,54
País Vasco	669,80	2,17	434,52	2,21	1.078,50	5,53	148,21
Asturias	505,27	1,63	344,59	1,76	22,49	0,12	-93,47
Murcia	164,80	0,53	24,57	0,13	52,61	0,27	114,11
Ceuta e Melilla	0,04	0,00	1,40	0,01	0,36	0,00	-74,12
Non clasificable	612,64	1,98	401,32	2,04	652,20	3,35	62,51
Total	30.917,10	100,00	19.631,77	100,00	19.485,62	100,00	-0,74

*Datos provisionais.

Fonte: Rexistro de Inversións Exteriores

trátase de investimentos da Corporación Noroeste, adquirida no seu día pola portuguesa Cimentos Cimpor, da que os seus activos en España pasaron a ser propiedade da brasileira Camargo Correa e vendidos en 2012 a un dos colosos do sector, tamén brasileiro, Votorantim Cimentos. Como xa se indicou en informes anteriores, desde Vigo canalízanse os investimentos a toda España e, de feito, moitos dos atribuídos a Galicia executáronse noutros territorios españois.

Sen estas dúas operacións, os investimentos en 2013 reduciríanse a tan só 64,8 millóns de euros dos que 7,3 millóns corresponden a capital destinado á industria extractiva e manufacturera, e deles, 5,1 millóns destináronse a adquisición, por parte da petroleira mexicana Pemex, do 51% do capital do estaleiro vigués Barreras, investimento canalizado a través dos Países Baixos pola súa filial PIM Holdings BV, coa finalidade de obter beneficios fiscais.

Cadro núm. 26

Distribución sectorial do investimento estranxeiro bruto

Sector	2012				2013 *				
	Galicia		España		Galicia		España		
	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Miles de euros	%	
Agricultura, gandería selvicultura e pesca	8.572,5	4,4	235.928,3	1,2	369,0	0,1	75.218,8	0,4	0,5
Industrias extractivas	0,0	0,0	168.060,4	0,9	3,0	0,0	99.645,6	0,5	0,0
Industria manufacturera	132.393,4	68,6	5.703.755,5	29,1	355.399,0	86,2	4.658.453,1	23,9	7,6
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	7.486,0	3,9	1.460.326,3	7,4	811,8	0,2	708.937,4	3,6	0,1
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	0,0	0,0	66.058,9	0,3	0,0	0,0	772.213,9	4,0	0,0
Construción	8.134,7	4,2	1.338.689,3	6,8	38.638,3	9,4	1.616.915,8	8,3	2,4
Comercio polo xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	17.656,5	9,2	2.718.583,1	13,8	6.690,7	1,6	1.028.168,9	5,3	0,7
Transporte e almacenamento	1,2	0,0	262.086,1	1,3	27,0	0,0	1.502.578,5	7,7	0,0
Hostalería	856,3	0,4	120.406,5	0,6	517,5	0,1	377.103,0	1,9	0,1
Información e comunicacións	1.157,2	0,6	672.011,5	3,4	103,5	0,0	707.974,5	3,6	0,0
Actividades financeiras e de seguros	256,8	0,1	3.135.322,7	16,0	145,0	0,0	3.905.886,7	20,0	0,0
Actividades inmobiliarias	5.638,5	2,9	1.159.396,1	5,9	2.267,9	0,5	1.823.472,4	9,4	0,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	162,2	0,1	1.416.192,7	7,2	7.350,6	1,8	669.169,4	3,4	1,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	3.020,2	1,6	535.501,7	2,7	0,6	0,0	441.575,3	2,3	0,0
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	0,0	-	6,4	0,0	0,0	-	50,6	0,0	0,0
Educación	0,0	-	85.100,2	0,4	72,5	-	55.467,6	0,3	0,1
Actividades sanitarias e de servizos sociais	3,0	0,0	351.476,3	1,8	0,0	-	55.069,5	0,3	0,0
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	6.587,0	3,4	172.038,8	0,9	0,0	0,0	974.314,9	5,0	0,0
Outros servizos	1.035,1	0,5	30.830,4	0,2	0,0	0,0	13.403,7	0,1	0,0
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	0,0	-	0,0	-	0,0	-	1,2	0,0	0,0
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	0,0	-	0,0	-	0,0	-	0,0	-	-
Total	192.960,4	100,0	19.631.771,3	100,0	412.395,2	100,0	19.485.620,6	100,0	2,1

*Datos provisionais.

Fonte: Rexistro de Inversións Exteriores

Cadro núm. 27

Orixe última do investimento estranxeiro bruto. Ano 2013*

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
Luxemburgo	193.443,8	46,91	Estados Unidos	2.634.211,4	13,52
Brasil	158.775,4	38,50	Países Baixos	2.306.213,0	11,84
México	35.003,3	8,49	Reino Unido	2.102.588,8	10,79
Países Baixos	10.104,3	2,45	España	2.018.304,4	10,36
Estados Unidos	3.691,5	0,90	Luxemburgo	1.934.082,5	9,93
Bélxica	3.550,0	0,86	Francia	1.818.177,7	9,33
China	2.195,1	0,53	Alemaña	1.356.037,3	6,96
Portugal	982,6	0,24	México	927.829,6	4,76
Venezuela	952,7	0,23	Bélxica	423.229,7	2,17
España	905,9	0,22	Dinamarca	321.789,6	1,65
Panamá	850,0	0,21	Suíza	285.338,7	1,46
Alemaña	472,5	0,11	Xapón	262.911,9	1,35
Chile	300,0	0,07	Hong Kong	240.761,6	1,24
Nova Zelandia	300,0	0,07	Brasil	226.861,5	1,16
Noruega	226,5	0,05	Colombia	203.459,7	1,04
Xapón	203,0	0,05	Irlanda	194.401,6	1,00
Illas Malvinas	150,0	0,04	Venezuela	172.822,4	0,89
Grecia	112,2	0,03	Italia	159.634,5	0,82
Suíza	100,0	0,02	Nova Zelandia	154.552,7	0,79
Francia	31,0	0,01	Alxería	137.891,8	0,71
Rusia	27,6	0,01	Canadá	118.964,5	0,61
Uruguai	4,0	0,00	Austria	111.387,9	0,57
Belize	3,0	0,00	Suecia	110.217,0	0,57
Canadá	3,0	0,00	Malta	102.051,9	0,52
Austria	2,7	0,00	Andorra	99.747,6	0,51
Italia	1,6	0,00	Panamá	97.450,4	0,50
Irán	1,6	0,00	Antillas Neerlandesas	88.791,8	0,46
Dinamarca	1,5	0,00	Perú	78.071,1	0,40
Reino Unido	0,5	0,00	Resto do mundo	797.838,1	4,09
Total	412.395,2	100,00	Total	19.485.620,6	100,00

*Datos provisionais.

Fonte: Rexistro de Investimentos Exteriores

Os resultados galegos totais antes comentados sitúan esta comunidade autónoma no quinto lugar do *ránking* español e pasaría ao sexto, tras ser superada por Andalucía, se se exclúen as ETVE. Madrid e Cataluña acaparan a maior parte do investimento non só polo seu dinamismo, senón tamén por localizárense nelas moitas sedes de empresas estranxeiras que teñen actividade noutras comunidades autónomas. Non obstante, a capacidade de atracción de investimento por parte de Galicia foi superior á doutras comunidades con maior peso económico.

Nas estatísticas dispoñibles só se coñecen os datos do desinvestimento no conxunto de España, xa que non se publican por comunidades autónomas. As retiradas de capital supuxeron un total de 4.085,4 millóns de euros, cifra que situou o fluxo de investimento neto nos 15.400,2 millóns de euros, ou sexa, de cada catro euros que se investiron en España, retirouse, aproximadamente, un. Unha boa noticia tendo en conta que en 2012 a contía do capital retirado superou á das entradas.

Tanto en España como en Galicia o principal destino dos investimentos provenientes do estranxeiro é a industria manufacturera. Polos motivos antes sinalados, o peso relativo da contía investida nesta actividade en Galicia foi moi elevado, o 86,2%. O segundo sector de destino foi a construción e os investimentos son capital procedente de México. En canto a España, a estrutura sectorial do destino de fluxo de capital está moito máis diversificada. Ademais da industria manufacturera, en 2013 foron relevantes os investimentos en entidades financeiras e de seguros, sobre todo os realizados en Madrid, cun capital proveniente principalmente de Francia.

Da análise do conxunto de países ou territorios de onde procede o investimento directo realizado en Galicia, conclúese que non se aprecia un fluxo continuo de capital orixinario de sitios concretos. É máis, aqueles países que aparecen de forma sistemática nas estatísticas, tales como Holanda ou Luxemburgo, adoitan ser meros intermediarios dun fluxo de capital que pode vir de calquera lugar do mundo. Así, se en Galicia o principal investimento en 2012 foi o da sociedade Bolton Group coa compra de accións da conserveira Calvo, o que facía que Italia absorbese case o 60% do total, en 2013 Luxemburgo, pola operación de ETVE, e Brasil, pola Corporación Noroeste, son os países de onde proveñen máis do 85% de capital exterior recibido no exercicio. Ante a escasa contía do fluxo de capital, unha ou dúas operacións de certa envergadura poden condicionar os resultados totais. En 2013 investiron en Galicia un total de 29 países ou territorios, aínda que a maior parte dese investimento foi moi baixo. Determinados países latinoamericanos, en especial, México e Brasil, manteñen certo fluxo investidor, pero, sobre todo, foron relevantes nas últimas décadas os capitais provenientes de Portugal. En 2013 o investimento deste país foi de tan só 982.600 euros dirixidos ao subministro de enerxía eléctrica e ao comercio polo xunto.

O investimento galego no exterior declarado no Rexistro de Investimentos

A crise non parece que mudase un dos feitos singulares da economía galega: as empresas e particulares adoitan realizar un investimento no estranxeiro superior ao fluxo de capital percibido por Galicia. O ano 2013 non foi unha excepción. Recibindo un total de 412,4 millóns de euros (219 se se exclúe a operación de ETVE), investíuse no exterior un total de 547,6 millóns e non houbo operacións de ETVE. Esta cifra tamén sitúa a nosa comunidade autónoma no quinto lugar do *ranking* español e pasaría ao cuarto se non se consideran as ETVE, xa que dos 1.584,7 millóns de euros investidos en Aragón, sen as operacións destas sociedades instrumentais, o fluxo reduciríase a tan só 18,16 millóns. Sobre todo Madrid, pero tamén Cataluña e o País Vasco (electricidade e servizos financeiros) acapararon a maior parte das saídas de capital directo de España.

Cadro núm. 28

Distribución territorial do investimento español bruto no exterior

	2011		2012		2013*		% variación 2013/2012
	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	Millóns de euros	%	
A Rioxa	2,1	0,0	10,9	0,1	0,0	0,0	-100,0
Andalucía	876,6	2,4	149,3	0,8	293,8	1,3	96,8
Aragón	267,3	0,7	201,7	1,0	1.584,7	7,2	685,7
Asturias	216,0	0,6	428,9	2,2	54,8	0,3	-87,2
Baleares	45,1	0,1	154,2	0,8	530,0	2,4	243,7
C. Valenciana	606,9	1,6	829,8	4,3	103,0	0,5	-87,6
Canarias	989,3	2,7	25,4	0,1	37,5	0,2	47,5
Cantabria	4.985,5	13,5	1.604,3	8,3	441,1	2,0	-72,5
Castela-A Mancha	91,7	0,2	35,9	0,2	14,8	0,1	-58,8
Castela e León	28,5	0,1	154,9	0,8	15,7	0,1	-89,9
Cataluña	3.473,3	9,4	2.231,0	11,5	2.058,4	9,4	-7,7
Estremadura	1,2	0,0	2,3	0,0	1,2	0,0	-45,6
Galicia	746,2	2,0	426,7	2,2	547,6	2,5	28,3
Madrid	18.899,1	51,2	12.212,7	63,1	14.112,5	64,5	15,6
Murcia	66,6	0,2	11,6	0,1	5,8	0,0	-49,8
Navarra	27,2	0,1	26,6	0,1	39,3	0,2	47,7
País Vasco	5.577,8	15,1	862,5	4,5	2.056,5	9,4	138,4
Ceuta e Melilla	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	-
Total	36.900,6	100,0	19.368,6	100,0	21.896,8	100,0	13,1

*Datos provisionais.

Fonte: Rexistro de Investimentos Exteriores

Cadro núm. 29

Distribución sectorial do investimento estranxeiro bruto galego no exterior. Ano 2013 *

Sectores	Sector de orixe		Sector de destino	
	Miles de euros	%	Miles de euros	%
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	0	-	2.413	0,44
Industrias extractivas	0	-	6.568	1,20
Industria manufacturera	3.996	0,73	33.185	6,06
Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1.296	0,24	2.799	0,51
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	0	-	0	-
Construción	3.357	0,61	2.711	0,50
Comercio polo xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	7.948	1,45	7.829	1,43
Transporte e almacenamento	0	-	0	-
Hostalería	0	-	0	-
Información e comunicacións	3	0,00	3	0,00
Actividades financeiras e de seguros	34.960	6,38	3.261	0,60
Actividades inmobiliarias	484.392	88,45	488.135	89,14
Actividades profesionais, científicas e técnicas	7.919	1,45	493	0,09
Actividades administrativas e servizos auxiliares	0	-	224	0,04
Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	0	-	0	-
Educación	0	-	0	-
Actividades sanitarias e de servizos sociais	0	-	0	-
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	0	-	0	-
Outros servizos	0	-	0	-
Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio	0	-	0	-
Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais	0	-	0	-
Persoas físicas (sen sector de actividade)	3.749	0,68	-	-
Total	547.620	100,00	547.620	100,00

*Datos provisionais.

Fonte: Rexistro de Inversións Exteriores

Xa que o seguinte posto é o de Galicia, a súa situación, a pesar da crise, foi moi meritória, aínda que máis adiante comprobaremos que o fluxo en 2013 concentrouse nunha operación puntual allea ao sector industrial.

A provisionalidade dos datos do Rexistro son de tal cariz que de publicar no *Informe 2012* un investimento externo galego de 112,5 millóns de euros, doce meses máis tarde as estatísticas xa reflicten un investimento de 426,7 millóns de euros. Isto non se debeu á falta de anotación dunha operación de certo tamaño, senón a múltiples

Cadro núm. 30

Destino en 2013* do investimento bruto galego e español no exterior

Galicia			España		
País ou territorio	Miles de euros	%	País ou territorio	Miles de euros	%
Luxemburgo	478.319,1	87,35	Alemaña	5.106.148,0	23,32
Brasil	17.060,6	3,12	Reino Unido	2.253.839,9	10,29
Macao	14.768,4	2,70	Países Baixos	2.099.481,2	9,59
México	8.011,5	1,46	Luxemburgo	1.556.026,3	7,11
Portugal	6.751,0	1,23	Estados Unidos	1.421.304,0	6,49
Malta	3.742,6	0,68	Brasil	1.279.673,5	5,84
China	3.398,3	0,62	Colombia	1.186.739,3	5,42
Reino Unido	2.777,1	0,51	Italia	756.320,6	3,45
Alemaña	2.000,0	0,37	Turquía	682.912,8	3,12
Países Baixos	2.000,0	0,37	México	644.609,5	2,94
Chile	1.912,2	0,35	Filipinas	516.044,3	2,36
Marrocos	1.731,6	0,32	Chile	507.721,1	2,32
República Dominicana	1.342,3	0,25	Irlanda	498.493,7	2,28
Estados Unidos	1.087,5	0,20	Arxentina	496.668,5	2,27
Uruguai	652,0	0,12	O Salvador	371.871,4	1,70
Perú	550,9	0,10	Perú	272.461,2	1,24
Polonia	402,4	0,07	Polonia	242.503,5	1,11
Colombia	399,5	0,07	Suíza	229.052,9	1,05
Filipinas	275,4	0,05	China	200.594,6	0,92
Panamá	222,4	0,04	Uruguai	186.688,2	0,85
India	210,0	0,04	Arabia Saudita	179.166,1	0,82
Timor Oriental	3,8	0,00	Canadá	109.310,3	0,50
Serra Leoa	1,9	0,00	Austria	100.859,1	0,46
Australia	0,0	0,00	Rusia	99.942,3	0,46
Belize	0,0	0,00	Francia	84.260,9	0,38
Suíza	0,0	0,00	Resto de países	814.074,2	3,72
Total	547.620,3	100,00		21.896.767,3	100,00

*Datos provisionais.

Fonte: Rexistro de Investimentos Exteriores

investimentos espallados por moi diversos territorios e, case todos eles, de pouca dimensión salvo un, de promoción inmobiliaria, dirixido cara aos Estados Unidos.

Tomando, por tanto, a información publicada polo Rexistro como exclusivamente orientadora por estar suxeita a modificacións que nalgún ano, como en 2012, pode que sexan moi substanciais, cómpre indicar que, a diferenza doutras comunidades autónomas, en Galicia, non se apreciaron desinvestimentos moi elevados en 2013, 75,9 millóns de euros, polo que o investimento neto ascendeu a 471,7 millóns de euros o que permite que con esta variable se siga mantendo no cuarto lugar do *ránking* español. O fluxo histórico de investimento galego no estranxeiro xerou un stock de emprego en 2011 (último dato dispoñible) de 93.731 persoas, cifra importante e máis aínda se a comparamos coa de 2007, 43.695 traballadores. Este emprego concéntrase en Portugal, Arxentina e Francia e a súa evolución débese, entre outros factores, á expansión internacional do grupo Inditex. No mesmo ano 2011 o stock investido era de 10.308 millóns de euros.

Se o carácter puntual do investimento directo externo galego é unha das súas tradicionais características, 2013 non foi unha excepción, xa que aproximadamente o 89% do total investido procedía da actividade inmobiliaria e dirixiuse cara ao mesmo sector. Tendo en conta que o seu destino é Luxemburgo, fai pensar nas operacións realizadas polo propietario de Inditex no sector inmobiliario, investimentos que nos últimos tempos se están concentrando na adquisición de edificios emblemáticos.

Despois do sector inmobiliario, o seguinte sector de destino relevante en 2013 foi a industria manufactureira debido á realización de dúas operacións de dimensións moi similares, en torno a 15 millóns de euros. Trátase dunha saída cara a unha fábrica de cemento en Macau, operación, sen dúbida, relacionada co investimento recibido por Galicia dos novos propietarios de Corporación Noroeste. A segunda operación é unha saída de capital a Brasil no segmento da metalurxia e na fabricación de ferro e aceiro.

A concentración do investimento externo galego en tres operacións motivou que a distribución deste fluxo por países ou territorios se concentrase sobre todo en Luxemburgo (87,3% do total), Brasil e Macau. De novo son actividades puntuais as que determinan unha clasificación que, en España, está liderada por Alemaña e polo Reino Unido. En Galicia houbo tamén investimentos cara a México, sendo o de maior contía unha operación no sector de extracción de gas natural, Portugal e Malta, centrados en ambos os dous casos no aluguer inmobiliario e China, cun investimento de tan só 3,4 millóns de euros destinados integramente ao sector do comercio polo miúdo de prendas de vestir.

IV. 2. A política industrial

A incidencia da política rexional comunitaria en 2013

As perspectivas financeiras da Unión Europea e, nelas, as cuestións relativas á súa política rexional, estaban definidas a finais de 2005 para a súa aplicación no período 2007-2013. Así, cabería pensar que no ano obxecto deste *Informe 2013*, rematarían o conxunto de actuacións programadas nese período cofinanciadas cos fondos estruturais, de cohesión e sectoriais, e o procedente sería comentar, nestas páxinas, os resultados finais e avanzar as perspectivas cara a 2020, ante o inminente inicio dunha nova etapa de programación en 2014 e unhas novas perspectivas financeiras xa aprobadas en 2013.

A argumentación anterior, aínda que poida parecer razoable, non é o que realmente aconteceu. A instauración do principio n+2, polo que a Comisión libera de oficio parte dun compromiso unha vez transcorridos dous anos desa obriga e tras as prórrogas a estes dous anos concedidas pola situación de crise, o certo é que o remate real do período de programación non será 2013, senón que será xa ben entrado 2016. Por outra banda, o retraso tradicional en todos os períodos, na posta en práctica das novas perspectivas financeiras, motivou que os programas operativos (PO), que xorden no novo período de programación 2014-2020, non sexan aprobados ata 2015.

Ante esta situación, as diferentes administracións seguen executando, en 2013 e en 2014, as medidas e accións contidas nos PO elaborados conforme os regulamentos adoptados polo Consello e o Parlamento Europeo en 2006 para «conseguir reducir as diferenzas entre os niveis de desenvolvemento das diversas rexións europeas». Nesta lexislación fundaméntase a política industrial e rexional que se levou a cabo en Galicia en 2013 e 2014 e que se resume neste epígrafe.

Nos informes precedentes xa comentamos as características dos PO vixentes neste período de programación e polos que inciden na economía galega os fondos estruturais: fondo europeo de desenvolvemento rexional (Feder) e fondo social europeo (Fse); o fondo de cohesión; e os fondos sectoriais, fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (Feader) e fondo europeo de pesca (Fep). Galicia, neste período, estaba incluída no obxectivo converxencia ao que pertencían as rexións máis desfavorecidas, por ter un PIB por habitante inferior ao 75% do PIB medio da Unión Europea. No último dato dispoñible, referido a 2011, esa porcentaxe era do 87%, tres puntos menos que en 2010 (90%) e cinco menos que en 2009 (92%). Esta porcentaxe descendente reflicte a dureza da crise da economía galega no contexto da Unión Europea, pero non impediu que no novo período Galicia xa non estea incluída no grupo de rexións

Cadro núm. 31

Grao de execución do PO Feder Galicia, 2007-2013 a 31 de decembro de 2013
Administración autonómica (en euros)

Eixes	Programación 2007-2013	Gastos declarados	%
1. Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da Información e TIC)	294.955.664	139.216.560	47,20
2. Desenvolvemento e innovación empresarial	174.226.033	34.785.098	19,97
3. Medio natural, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos	260.742.981	186.289.094	71,45
4. Transporte e enerxía	376.706.115	333.706.397	88,59
5. Desenvolvemento sostible local e urbano	82.487.885	42.268.198	51,24
6. Infraestruturas sociais	74.854.288	26.306.402	35,14
7. Asistencia técnica e reforzo da capacidade institucional	6.034.548	3.210.621	53,20
Total	1.270.007.513	765.782.370	60,30

Fonte: Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, Consellería de Facenda, Xunta de Galicia

máis desfavorecidas. É, sen dúbida, unha boa noticia, matizada polo evolución do PIB real nos últimos anos e polo efecto estatístico que está a provocar a entrada de novos países na Unión Europea con rendas máis baixas.

O programa no que se inclúen en maior medida as accións de política industrial que se levan a cabo en Galicia é o PO Feder Galicia, 2007-2013. Este PO recolle as intervencións tanto da Administración central como da autonómica nos eidos da súa competencia e nas accións que só afecten a Galicia. O eixe máis relevante é o 2, desenvolvemento e innovación empresarial, pero tamén o é o eixe 1, desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, sociedade da información e TIC). No cadro 31 obsérvase que o grao de execución do eixe 2 entre 2007-2013, era tan só do 19,97%, polo que cabe supoñer que o máis probable é que en 2016 non se conseguirán os obxectivos de executar por completo o PO, debido ás dificultades que están tendo os diversos organismos no cumprimento dos seus programas, ante a persistencia da crise no tecido produtivo galego. O mesmo cadro no *Informe 2012* indicaba que o grao de execución no período 2007-2012 era do 19,66%. Nun ano apenas se avanzou nada. Mellor foi o resultado do eixe 1, cunha execución do 47,20%, se ben, aínda está máis da metade sen executar.

As intervencións do Feder nas medidas competencia da Administración central que inciden en varias comunidades autónomas canalízanse mediante tres PO pluri-rexionais: PO de investigación, desenvolvemento e innovación por e para o beneficio das empresas - fondo tecnolóxico, PO de economía baseada no coñecemento e PO de asistencia técnica. Evidentemente os máis relevantes son os dous primeiros. As características destes PO tamén foron tratadas polo miúdo nos informes precedentes. Os resultados da posta en práctica do fondo tecnolóxico sinaláranse máis adiante cando se estuden as institucións responsables da súa aplicación. En canto ao PO Feder de

economía baseada no coñecemento, na programación inicial figuraba que Galicia se beneficiaba con case 200 millóns euros. O programa, en 2013, apoiou o impulso á administración electrónica (Rede SARA, firma dixital, intermediación de datos, portal EUGO.es e a estranxeiría en Galicia) e foi a fonte do financiamento dun grupo de proxectos de investigación executados nas tres universidades galegas (nese ano págáronse o importe de 101 proxectos da Universidade de Santiago de Compostela, 31 na Universidade de Vigo e 23 na Universidade da Coruña).

Para conseguir unha maior efectividade, o programa que desenvolve o fondo de cohesión tamén contén fondos Feder. Lembremos que os seus dous eixes básicos son as redes transeuropeas de transporte o o medio ambiente. En 2013 e tamén programado para 2014 o investimento en Galicia centrouse na rede de portos de interese xeral. Os maiores investimentos destínanse ao porto exterior da Coruña (54,5 millóns de euros) e a ao porto de Vigo (43,3 millóns para a primeira fase da mellora da operatividade dos peiraos comerciais). A esta zona, en medio ambiente, destínanse 170,3 millóns de euros para o saneamento da ría.

O outro fondo estrutural é o Fse. A finais de 2013, o grao de execución do PO Fse Galicia 2007-2013 era máis alto, 73,58%, que o PO Feder Galicia, 60,3%. En 2013 observouse un pulo importante nos eixes 1 e 2 mentres que o eixe 3 está practicamente executado. Moi lonxe dos seus obxectivos queda o eixe de promover a cooperación transnacional e interrexional. A intervención do Fse en Galicia complétase coa execución de tres PO plurirrexionais.

Cos fondos Feder tamén se tenta incidir no obxectivo de Cooperación Territorial Europea no que, pola súa dimensión, o principal interese galego se atopa no Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal, 2007-2013. Desde o seu inicio xa houbo tres convocatorias para a presentación de proxectos e, no que respecta á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, aprobáronse un total de 70 iniciativas. Unha

Cadro núm. 32

Grao de execución do PO Fse Galicia, 2007-2013 a 31 de decembro de 2013 Administración autonómica (en euros)

Eixes	Programación 2007-2013	Gastos declarados	%
1. Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores e empresarios	82.805.332	38.631.860	46,65
2. Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres	89.770.258	65.050.735	72,46
3. Aumento e mellora do capital humano	172.594.534	157.756.260	91,40
4. Promover a cooperación transnacional e interrexional	3.951.652	1.120.347	28,35
5. Asistencia técnica	9.380.036	1.235.977	13,18
Total	358.501.812	263.795.180	73,58

vez resolta a terceira convocatoria, das 33 candidaturas presentadas, aprobáronse oito, cunha temática moi diversa: innovación en Nanomedicina, consolidación do Centro Multipolar de Valorización de Recursos Mariños, mellora da competitividade das pemes con ferramentas TIC e Cloud, valorización do corredor ambiental do río Támega, xestión intelixente e sostible da enerxía, estratexia para o crecemento intelixente, sostible e integrador da Eurorrexión Galicia-Norte e arquivo dixital coa eliminación de papel nas relacións administrativas. Cómpre indicar que Galicia tamén podería beneficiarse dos proxectos plurirrexionais que inciden en varias comunidades transfronteirizas, pero non foi o caso na terceira convocatoria na que se aprobaron dous proxectos.

Finalmente, tras a experiencia alcanzada pola iniciativa comunitaria Interreg nos períodos de programación 1990-1993, 1994-1999 e 2000-2006, no actual, a cooperación transnacional, no que afecta a Galicia, concrétase no PO Espazo Atlántico, 2007-2013 e no PO Espazo Suroeste Europeo, 2007-2013. No primeiro participan cinco países: Irlanda, Reino Unido, Francia, España e Portugal, cun financiamento previsto procedente do Feder de 104 millóns de euros. Os obxectivos que persegue son o de promover a iniciativa empresarial, o medio ambiente, a innovación, a accesibilidade e as sinerxías alcanzadas no desenvolvemento urbano e rexional. Na convocatoria de 2013 o Comité de Seguimento aprobou oito proxectos coa participación de 65 socios por un importe Feder de sete millóns de euros. Destes oito proxectos, unha institución galega é a xefa de fila de dous: Proxecto Stamar, liderado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (creación dun centro transnacional demostrador das capacidades e tecnoloxías aplicables ao sector marítimo) e Proxecto Arcopolplatform, liderado polo Centro Tecnolóxico do Mar, Fundación Cetmar, coa finalidade de mellorar a seguridade marítima do espazo Atlántico e reforzar a protección das rexións costeiras fronte á contaminación marítima. No referente ao segundo PO, participan rexións de España, Francia, Portugal e, tamén, Xibraltar. Fomenta a colaboración transnacional en materia de crecemento, emprego e desenvolvemento sostible. Nas catro convocatorias que houbo desde o seu inicio, contabilizamos 23 beneficiarios galegos en 32 proxectos e entre eles atopamos varios organismos da Administración autonómica e as tres universidades galegas.

A programación para o período 2014-2020. O seu efecto en Galicia

No momento de redactar este informe xa estamos nun novo período de planificación da política rexional da Unión Europea, pero os retrasos, tamén habituais en todas as etapas anteriores, non permiten aínda coñecer o contido, pero si a contía, dos PO que incidirán en Galicia de 2014 a 2020. En todo caso, lembremos que as actuacións vixentes no período anterior aínda incidiran en 2014, 2015 e uns meses de 2016.

No *Informe 2012* sintetizábanse os resultados alcanzados na programación ata mediados de 2013, unha vez que en febreiro dese ano se alcanzase o acordo sobre o marco financeiro da Unión Europea que estará vixente entre 2014 e 2020. Lémbrese que este acordo determinou un orzamento total de 996.782 millóns de euros, co

compromiso de que se lles prestaría atención a cinco rúbricas das que neste epígrafe nos interesa a primeira denominada «Crecemento intelixente e integrador» e, máis en concreto, a subrúbrica «Cohesión económica, social e territorial», dotada con 325.150 millóns de euros, onde se integran as políticas rexionais nas alíneas de «Investimento en crecemento e emprego» e «Cooperación territorial europea», e tamén incorpora unha iniciativa sobre o emprego xuvenil.

Desde a redacción do *Informe 2012*, os feitos máis relevantes foron a publicación, o 20 de decembro de 2013, das disposicións comúns e os regulamentos dos fondos da política de cohesión: fondo europeo de desenvolvemento rexional (Feder), fondo social europeo (Fse), fondo de cohesión, fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (Feader) e fondo europeo marítimo e da pesca (Femp). Neste novo período, España quedou excluída da aplicación do Fondo de cohesión por superar o 90% do PIB medio da Unión Europea por habitante.

No regulamento⁵ no que se establecen as disposicións comúns indícase que cada estado membro deberá preparar un acordo de asociación para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2014 e o 31 de decembro de 2020, que se terá que presentar a máis tardar o 22 de abril de 2014. Nesta data, España presentou o seu acordo de asociación,⁶ iniciándose a continuación un período de negociación coa Comisión que durará, como máximo, catro meses ata a súa aprobación definitiva. A Comisión establece a necesidade de que no proceso de programación participen representantes diversos da sociedade, coa finalidade de que se garanta que as partes interesadas fagan súas as intervencións planificadas. Nese mesmo mes de abril e atendendo a este principio de *partenariado*, desde a Administración autonómica galega convocáronse catro mesas de traballo para a preparación dos próximos PO Feder e Fse de Galicia 2014-2020.

Neste novo período de programación, no que se tentará cumprir coa Estratexia Europa 2020,⁷ Galicia non estará, como ata o de agora, no grupo de rexións máis desfavorecidas. De feito, da nova clasificación –menos desenvolvidas, en transición, máis desenvolvidas e ultraperiféricas–, ao superar o seu PIB per cápita o 90% do PIB medio comunitario, quedou conceptualizada como máis desenvolvida. Para que a transición do anterior obxectivo converxencia ao actual grupo fose máis suave, dotóuselle dunha rede de seguridade, o que lle permitirá seguir beneficiándose entre 2014 e 2020 da política de cohesión.

Así, salvando as peculiaridades establecidas neste novo período de planificación, no desenvolvemento de sete⁸ dos once obxectivos temáticos, Galicia verase

⁵ <http://www.boe.es/doue/2013/347/L00320-00469.pdf>.

⁶ http://www.dgfc.sgpg.meh.es/sitios/dgfc/es-ES/Consulta%20Publica/Acuerdo_Asociacion_2014-2020.pdf.

⁷ http://www.conselleriadeconomia.es/documents/10433/33435/Europa_2020_COMx2010x_2020_final.pdf/1add782d-4830-4e6e-9255-df5e29696da8.

⁸ OT1 Investigación e innovación; OT2 Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC); OT3 Competitividade das peme; OT4 Cambio a unha economía de baixas emisións de carbono;

beneficiada polo Feder, mediante catro programas operativos, un rexional específico para a comunidade autónoma e tres plurirrexionais: PO Feder Galicia (cunha dotación de 883,37 millóns de euros); PO de crecemento intelixente (dotado na súa totalidade con 3.936,15 millóns de euros); PO de crecemento sostible (5.530,73 millóns de euros) e PO iniciativa peme (800,04 millóns de euros). Para incidir en catro obxectivos temáticos,⁹ o Fse conta co mesmo número de PO, ademais dun de asistencia técnica, dotado en España con 20 millóns de euros. Estes serán: PO Fse Galicia (313,14 millóns de euros); PO de emprego, formación e educación (2.130,03 millóns de euros); PO de fomento da inclusión social (750,05 millóns de euros); PO de emprego xuvenil (2.360,62 millóns de euros). Mención especial merece este último PO que desenvolve a Iniciativa de emprego xuvenil (Yei - Youth Employment Initiative) que instrumentará o contido no Plan Nacional de Garantía Xuvenil que foi remitido á Comisión o 13 de decembro de 2013. O PO integrará os recursos do Yei (943,5 millóns de euros) e do Fse (943,50 millóns de euros) e en España contará cunha asignación financeira adicional do Fse (equivalente ao 50% da achega de cada un dos dous fondos) para atender o colectivo de mozos menores de 25 anos que nin estuda nin traballa (*nini*). No acordo de asociación tamén se programou o fondo de axuda europea para os máis necesitados (FEAD), que financia medidas para proporcionar asistencia material aos máis necesitados con 565,4 millóns de euros para España.

Asemade, no conxunto de fondos estratéxicos e de investimento europeos, mantéñense os dous fondos sectoriais do período anterior, aínda que o fondo europeo de pesca (Fep) pasou a denominarse fondo europeo marítimo e de pesca (Femp) que no acordo de asociación quedou pendente de programar para o período 2014-2020. Pola súa banda, a contía do Feader para España alcanzaría os 8.290,83 millóns de euros dos que o PDR de Galicia absorbería 889,8 millóns de euros e tamén se estableceu un PDR nacional dotado de 237,83 millóns de euros.

Segundo a normativa publicada o pasado 20 de decembro de 2013, os estados membros teñen un prazo máximo de tres meses para presentar os PO, a partir da presentación do acordo de asociación. Por tanto, estes PO, que no momento de redactar este informe se están confeccionando, seguramente sexan presentados o 22 de xullo de 2014 e, a partir de aí, a Comisión dispón de, como máximo, seis meses para a súa aprobación, polo que o máis probable é que os PO para período 2014-2020 non se poidan poñer en marcha ata o inicio de 2015. Hai que ter en conta que, a diferenza do que sucedera no período 2007-2013, tanto o PO Feder Galicia 2014-2020, como o PO Fse 2014-2020, desenvolven exclusivamente as intervencións competencia da Administración autonómica. As intervencións da Administración xeral do Estado

OT5 Adaptación ao cambio climático e xestión e prevención de riscos; OT6 Conservar e protexer o medio ambiente; OT7 Transporte sostible.

⁹ OT8 Emprego e apoio á mobilidade laboral; OT9 Integración social e loita contra a pobreza; OT10 Educación, capacitación e aprendizaxe permanente; OT11 Mellora da capacidade institucional e da eficacia da Administración pública.

Cadro núm. 33

Contía estimada asignada a Galicia por fondos estruturais no período 2014-2020
(en millóns de euros) (inclúe o 6% correspondente á reserva de eficacia)

	Xunta de Galicia	Administración xeral do Estado	Total
Feder	898,4	1.058,2	1.240,8
Fse	342,5	472,5	1.530,7
Total	1.240,8	1.530,7	2.771,5

Fonte: Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, Consellería de Facenda, Xunta de Galicia

levaranse a cabo mediante os PO plurirrexionais. Unha cuestión tamén de interese para o desenvolvemento da planificación é que dun n+2 do período anterior, pasouse a un n+3 no novo período, o que significa que o programado para 2020 pode executarse ata 2023, ano no que realmente finalizará este novo período de programación. Por outra banda, co Feder tamén se apoiará, como ata o de agora, a cooperación territorial europea que, cunha filosofía similar á do período anterior, contará cun prazo ata o 22 de setembro de 2014 para a presentación dos correspondentes programas. Por tanto, no próximo informe, teremos a oportunidade de comentar o contido dos PO, unha vez aprobados, que incidirán en Galicia no período 2014-2020.

Con respecto ao cadro 33, cómpre aclarar que dos 898,4 millóns de euros do Feder xestionados pola Administración autonómica galega no período 2014-2020, 883,4 millóns corresponden ao PO Feder Galicia, 2014-2020 e os 15 millóns restantes son unha achega ao PO plurirrexional iniciativa peme. Dos 342,5 millóns de euros do Fse tamén xestionados pola Xunta, 313,14 millóns corresponden ao PO Fse Galicia, 2014-2020 e os 39,2 millóns restantes son a asignación que a Galicia lle corresponde na asignación orzamentaria adicional do Yei, que figura no cadro 33, xa comentada antes. A cifra total do cadro 33, que recibirá Galicia de Fse e Feder, 2.771,5 millóns de euros, cómpre incrementala noutros 39,2 millóns de euros, pola restante asignación adicional do Fse que completa o orzamento do Yei. A contía total sería, por tanto, de 2.810,6 millóns de euros.

A política da Administración central aplicada en Galicia

Son varios os organismos da Administración central cuxos programas, ao aplicárense ao conxunto de España, inciden en Galicia e tamén se deseñaron actuacións territoriais que, entre outros lugares, van dirixidas ao conxunto ou a algunha área da xeografía galega. Neste epígrafe tentaremos centrarnos nas actuacións, baixo estas premisas, dos diferentes ministerios que inciden na industria galega no seu conxunto

afastándonos das políticas sectoriais. En concreto referirémonos ás actuacións de tres ministerios: Industria, Enerxía e Turismo, Economía e Competitividade, e Facenda e Administracións Públicas.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo dispón dun extenso catálogo de apoio ao tecido económico español que, no referente a 2013, se concreta en programas específicos de fomento á actividade industrial dirixidos ao sector aeroespacial, automóbil, industrias manufactureiras e o sector farmacéutico. Desde unha perspectiva territorial mantivo os programas de reindustrialización en territorios que experimentaron un declive na súa actividade e precisan de accións especiais para a súa recuperación. En Galicia o programa segue incidindo nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. Os investimentos subvencionables son os realizados nestas comarcas destinados a creación, ampliación ou traslado de establecementos industriais e as modalidades de axuda son préstamos reembolsables cun interese anual do 4,925%, un prazo de amortización de dez anos, e a esixencia de avais; son condicións máis duras que ás dos anos precedentes debido a unha historia de moitos préstamos fallados. Neste ano, e a diferenza dos anteriores, xa non se conceden neste programa subvencións a fondo perdido. A contía máxima presupostada para os préstamos en 2013, era de 45,7 millóns de euros, a mesma que en 2012. O total concedido foi unha cifra moi inferior á prevista, 12,2 millóns de euros, lonxe dos 41,4 millóns prestados en 2012. Os beneficiarios foron seis establecementos, a maioría con proxectos relacionados co sector enerxético ou co tratamento de residuos. O préstamo máis elevado (4,57 millóns de euros) volveuse, como en 2012, conceder á sociedade Somozas Valorización de Lodos Biogás, S. L. destinado á fabricación de fertilizantes a partir do tratamento de residuos. Case alcanzaron os dous millóns os préstamos concedidos a Gamesa, a unha empresa que realiza operacións sobre biomasa forestal no concello de Cedeira e a unha terceira, García Forestal, S. L., para a instalación dunha planta de tratamento e distribución de biomasa forestal no porto de Ferrol. A concentración de axudas nestas actividades poden suxerir que ese pode ser un futuro, aínda que cómpre lembrar que xa houbo outras iniciativas similares que fracasaron.

O Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI) é unha entidade pública empresarial, dependente do Ministerio de Economía e Competitividade, encargada de fomentar a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico das empresas españolas nos ámbitos estatal e internacional. Incide, por tanto, en todo o Estado, circunstancia que podemos aproveitar para comparar o dinamismo da economía galega, en canto ao pulo do seu I+D+i en 2013, co das restantes comunidades autónomas.

O modo máis habitual de financiamento foi a concesión de préstamos cun tramo non reembolsable, aínda que tamén apoia con subvencións a fondo perdido. O centro é consciente das dificultades actuais das empresas para realizar proxectos empresariais innovadores ante a falta de créditos por parte das entidades financeiras. Xa van varios anos con esta carencia que persiste na actualidade e, por este motivo, tentou intensificar os apoios neste eido. Tras un 2012 no que o CDTI experimentou un forte recorte orzamentario, en 2013 os seus compromisos incrementáronse un 21% alcanzando, en toda España, un total de 833 millóns de financiamento directo, cifra, non obstante,

só superior á de 2012 e inferior á de todos os anos desde 2007 a 2011. Deseguido, das múltiples liñas de financiamento e programas de actuación que ten o CDTI, referirémonos exclusivamente a aqueles nos que houbo algún apoio a algunha empresa localizada en Galicia. Previamente, hase sinalar que, grazas á incidencia do programa Feder-Innterconecta, esta comunidade tivo na distribución total dos compromisos do CDTI un peso do 10,8%, só superado por Madrid cun 19,5%, Cataluña cun 19,2% e Andalucía cun 11%. Nin a posición nin a porcentaxe por elevada adoita ser habitual e conseguiuase grazas á achega do fondo tecnolóxico, xestionado polo CDTI, e específico para Andalucía, Estremadura, Galicia e Castela-A Mancha.

Cadro núm. 34

Tipoloxía de proxectos aprobados polo CDTI. Ano 2013

	Proxectos/ Operacións	Compromisos CDTI (euros)	Presuposto total (euros)
Galicia			
I+D Individuais	27	10.578.960,25	13.459.203,00
CID (I+D en Cooperación)	2	335.308,00	394.480,00
NEOTEC	1	249.850,00	356.928,00
Proxectos Eurostar	-	-	-
Liña Directa de Innovación	5	3.969.998,10	4.670.586,00
TOTAL	35	15.134.116,35	18.881.197,00
Fondo tecnolóxico			
I+D e CID*	29	9.322.852,71	11.651.985,00
Feder Innterconecta	80	72.855.575,86	149.639.263,81
Liña Directa de Innovación*	5	3.969.998,10	4.670.586,00
TOTAL	114	86.148.426,67	165.961.834,81
España			
I+D Individuais	860	461.808.651,95	588.360.952,27
CID (I+D en Cooperación)	115	45.729.703,59	57.066.421,40
NEOTEC	25	5.704.456,00	10.304.162,00
Proxectos Eurostar	14	4.122.130,03	7.854.971,20
Liña Directa de Innovación	325	174.828.702,09	222.807.880,84
TOTAL	1.339	692.193.643,66	886.394.387,71
Fondo tecnolóxico			
I+D e CID*	369	158.626.711,25	195.508.281,23
Feder Innterconecta	132	129.239.124,48	269.272.963,27
Liña Directa de Innovación*	153	85.539.520,52	102.408.112,37
TOTAL	654	373.405.356,25	567.189.356,87

* Incluídos nos epígrafes anteriores.

Fonte: CDTI

Á marxe do Feder-Innterconecta, ao que nos referiremos máis adiante, en canto aos proxectos aprobados polo CDTI referidos a Galicia en 2013 destacan, polo seu número e contía, os de I+D individuais. Aprobáronse un total de 27 (18 en 2012) cun compromiso do CDTI de 10,6 millóns de euros. Esta cifra contrasta cos 860 proxectos aprobados no conxunto de España. Trátase dunha liña dirixida ás empresas para proxectos de duración entre 12 a 36 meses por un importe mínimo de 175.000 euros. As empresas subvencionadas pertencen a sectores moi diversos. Unha segunda modalidade son os proxectos cooperativos. En Galicia só se rexistra un caso no que participaron tres empresas, dúas delas galegas. Trátase de C. E. Control y Estudios, S. L. e Proyfe, S. L. que en Narón tentan desenvolver un material para aplicar na infraestrutura ferroviaria en países con climas fríos.

Ademais, destes 29 proxectos aprobouse unha operación Neotec, programa que consiste na axuda á creación e consolidación de novas empresas de base tecnolóxica. Tamén se subvencionaron cinco proxectos (tres na Coruña e dous en Pontevedra) da denominada Liña Directa de Innovación (LIC) consistente nunha actuación cofinanciada co Feder dirixido a todo tipo de empresas que incorporen ou adapten tecnoloxías novas no seu sector e que xeren vantaxes competitivas. En suma, os 35 proxectos deste conxunto de programas contrasta coas 1339 operacións aprobadas en España. Galicia supón tan só un 2,6%. Con estes resultados concluímos que non despunta o investimento en I+D+i das empresas galegas con respecto ao realizado no conxunto de España. A distribución territorial das empresas beneficiadas mostra unha concentración na provincia da Coruña (18 empresas), que contrasta co escaso peso da de Lugo, con tan só dous proxectos (Demaq Galicia, S. L. e Laboratorio Cifga, S. A.).

Cuestión á parte merece o resultado do Feder-Innterconecta en Galicia, programa xa descrito no *Informe 2012* que, como indicamos, require a formalización dunha agrupación de interese económico (AIE) constituída, como mínimo, por tres empresas autónomas entre si, das cales unha delas ten que ser grande ou mediana, e outra, peme. O número máximo de empresas participantes é de 10. Este programa en Galicia nas convocatorias de 2013, tivo moito éxito xa que se aprobaron 80 proxectos, nos que participaron 303 empresas galegas. O orzamento aprobado de case 150 millóns de euros, oito veces máis ao que se aprobou cos restantes instrumentos, do que aproximadamente a metade é a achega do CDTI, reflicte a importancia do mesmo, o que debería ser aproveitado polo tecido empresarial galego xa que é unha oportunidade que, con este volume de apoio, non persistirá no vindeiro período de programación.

Unha dimensión importante do CDTI é a internacional. Neste eido e no referente a Galicia, o centro colaborou cun proxecto do programa Iberoeka (apoio á cooperación tecnolóxica en Iberoamérica) e con dúas operacións preparatorias de proposta ao actual (VII) Programa Marco de Investigación da Unión Europea. A súa incidencia complétase coa participación en 42 actividades galegas financiadas polo VI e VII Programa Marco das que desde Galicia se lideraron un total de sete.

As perspectivas do CDTI para 2014 concrétnanse nun intento de mellorar os actuais instrumentos, incrementando a intensidade das axudas non reembolsables, concedendo axudas a empresas innovadoras, en fase de expansión e con dificultade de acceso

aos créditos. O instituto responsabilizárase de novas actuacións acordadas co programa para o desenvolvemento do Feder 2014-2020.

Un dos programas con maior permanencia no organigrama dos instrumentos da Administración central, na súa política territorial, é o de incentivos económicos rexionais. Responsabilidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, aínda que xestionado polo Igape, estes incentivos comezaron a aplicarse en España a mediados da década dos oitenta, coincidindo case coa entrada na actual Unión Europea. O seu prazo de vixencia remataba, en principio, o 31 de decembro de 2013, pero un día antes da súa finalización ampliouse ese prazo¹⁰ ata a aprobación dos novos decretos de delimitación das diferentes zonas. Lembremos que Galicia está considerada Zona de Promoción Económica (ZPE) en virtude do Real Decreto 161/2008, de 8 de febreiro e, de acordo co mapa de axudas rexionais de España, aprobado pola Comisión Europea, para o período 2007-2013, os incentivos rexionais que poderán concederse non poderán exceder, neste período, a porcentaxe máxima do 30% sobre o investimento aprobado. Coa ampliación do prazo, estableceuse un período transitorio polo que se permite que as resolucións das solicitudes de axuda que se diten antes do 30 de xuño de 2014 se rexan polos mesmos criterios que ata agora, pero, a partir desá data, terán que cumprir coa normativa que resulte da adaptación ás novas directrices sobre as axudas estatais con finalidade rexional para o período 2014-2020. O pasado 21 de maio de 2014, a Comisión Europea aprobou o novo mapa para España no que Galicia, xunto a Andalucía e Castela-A Mancha, co fin de «facilitar unha transición sen problemas» manterá ata finais de 2017 unha intensidade máxima de axuda do 15% (a metade da anterior) e, de persistiren os problemas estruturais nesa data, a porcentaxe máxima baixaría ao 10%.

En todo caso, nos resultados en 2013 da ZPE de Galicia rexen os mesmos criterios que os dos exercicios anteriores. Lembremos que son susceptibles de subvencionar as industrias transformadoras, os servizos de apoio á produción e os establecementos turísticos e instalacións complementarias de ocio. Para ser subvencionado, o investimento deberá superar os 600.000 euros e os proxectos, que han crear emprego, deben ser de nova creación, ampliación ou modernización.

En 2013 aprobáronse para executar en Galicia un total de 11 proxectos, todos eles de pequena dimensión, xa que o investimento subvencionable apenas alcanzou os 22,5 millóns de euros. Tendo en conta que en 2012 o número de proxectos subiu a 23 e o investimento alcanzou os 108,5 millóns de euros, cabe concluír que 2013 non foi un bo ano para a ZPE e, consecuentemente, para o investimento en Galicia de actividades industriais cunha certa dimensión. Certamente, os resultados foron similares aos de 2011, se ben no contexto español o peso relativo do investimento galego non alcanzou o 2% do total das comunidades con ZPE (cadro 35).

Os resultados de España reflicten investimentos e apoios por parte da Administración moi elevados en sete das once comunidades que perciben incentivos

¹⁰ Orde HAP/2444/2013, de 17 de decembro (BOE do 30 de decembro de 2013).

Cadro núm. 35

Proxectos aprobados en España acollidos aos beneficios da ZPE. Ano 2013

	Proxectos		Investimento subvencionable		Subvención		Postos de traballo		Subvención/Investimento	Subvención/Postos de traballo
	Núm.	%	Miles de euros	%	Miles de euros	%	Núm.	%	Porcentaxe	Euros
Andalucía	22	13,8	117.527,6	9,7	17.064,5	13,0	246	13,7	14,5	69.367,7
Aragón	12	7,5	187.213,6	15,5	12.636,9	9,6	144	8,0	6,7	87.756,2
Asturias	5	3,1	19.070,0	1,6	1.992,0	1,5	21	1,2	10,4	94.856,5
Cantabria	2	1,3	23.016,0	1,9	1.240,1	0,9	6	0,3	5,4	206.681,6
Canarias	23	14,4	197.213,3	16,3	30.943,2	23,5	470	26,2	15,7	65.836,5
Castela-A Mancha	8	5,0	102.415,4	8,5	16.168,2	12,3	296	16,5	15,8	54.622,3
Castela e León	15	9,4	281.313,3	23,3	16.467,7	12,5	148	8,2	5,9	111.268,4
Extremadura	25	15,6	113.441,9	9,4	20.517,3	15,6	184	10,2	18,1	111.507,3
Galicia	11	6,9	22.497,3	1,9	2.741,1	2,1	77	4,3	12,2	35.598,3
Murcia	11	6,9	25.748,3	2,1	2.917,1	2,2	55	3,1	11,3	53.037,3
C. Valenciana	26	16,3	119.191,0	9,9	8.816,2	6,7	150	8,3	7,4	58.774,4
Total	160	100,0	1.208.647,8	100,0	131.504,1	100,0	1.797	100,0	10,9	73.179,8

Fonte: Elaboración propia a partir do publicado no Boletín Oficial do Estado

económicos rexionais. A industria do automóbil foi a protagonista no singular apoio prestado ese ano, en especial en Castela e León, comunidade que absorbe case a cuarta parte do investimento total, destinado á factoría da multinacional francesa Renault en Palencia, a Iveco en Valladolid e a Nissan Motor Ibérica en Ávila, para o que se aprobaron, respectivamente, 5,3, 2,6 e 0,7 millóns de euros de subvención. Igualmente, os fondos dirixidos a Aragón concentráronse nesta actividade debido á subvención de 7,7 millóns (máis de tres veces da total concedida en Galicia) outorgada a General Motors España por un investimento de 129 millóns de euros. En Cantabria tamén se apoiou a factoría que ten Nissan Motor Ibérica. Ademais da industria do automóbil, en 2013, tivo un peso relevante en España o apoio á mellora da oferta hoteleira, especialmente en Canarias.

O mapa de axudas rexionais vixente en 2013 é moi heteroxéneo como tamén o é a calidade dos proxectos. Como consecuencia, a contía da subvención por investimento é moi dispar. En Galicia, a porcentaxe concedida foi do 12,2% fronte á media española do 10,9%. Ben é certo que, nestes proxectos, a estas axudas poderán sumarse outras, sen exceder o máximo legal permitido. Un dos obxectivos da concesión dos incentivos rexionais é a creación de emprego. Na última fila do cadro 35 constatamos que os 77 novos postos de traballo creados en Galicia supuxeron, por cada un, un gasto público de 35.598,3 euros. É a cifra máis baixa de toda España. Son elevadas as de Cantabria

Cadro núm. 36**Proxectos aprobados en 2013 acollidos aos beneficios da ZPE de Galicia**

Distribución territorial

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Proxectos					
Número	6	2	1	2	11
%	54,5	18,2	9,1	18,2	100,0
Investimento subvencionable					
Miles de euros	15.552	2.978	2.244	1.723	22.497
%	69,1	13,2	10,0	7,7	100,0
Subvención					
Miles de euros	1.885	322	180	355	2.741
%	68,8	11,7	6,5	12,9	100,0
Postos de traballo					
Número	60	7	2	8	77
%	77,9	9,1	2,6	10,4	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir do publicado no Boletín Oficial do Estado

(206.681,6 euros), Castela e León (111.268,4 euros) e Estremadura (111.507,3 euros) debido a que o gasto nestas comunidades se dirixiu, sobre todo, a conseguir manter, neste tempo de crise, o emprego xa existente.

Parece razoable supoñer que calquera investimento susceptible de alcanzar unha subvención se deberá beneficiar dela. De admitir esta hipótese, a contía dos investimentos previstos en Galicia en 2013, tendo en conta os proxectos do sector industrial ou de servizos que solicitaron o apoio dos incentivos económicos rexionais en Galicia, é moi baixa. Por outra banda, a concesión da axuda non implica a súa realización. Moitos dos proxectos aprobados ou non se levaron a cabo ou, de o faceren, modificaron a contía do investimento inicial. En 2013, dos tan só once expedientes aprobados, a maioría pertencen ao sector industrial e localízanse na provincia da Coruña. O investimento máis alto (5,1 millóns de euros) realizouno, no polígono de Penapurreira nas Pontes, a empresa cooperativa Delagro, coa instalación dunha nova fábrica de fertilizantes nun proxecto que se anuncia como a realización dun complexo singular. Fene é único municipio galego que conta, nese ano, con dous expedientes. Ambos son actividades industriais dos mesmos promotores que se localizan na mesma parcela no polígono de Vilar do Colo. Un denomínase Servicios, Viales y Mobiliario, S. L., conta tamén coas axudas do programa de reindustrialización antes comentado e dedícase á fabricación de todo tipo de elementos para a sinalización e conservación das estradas e mobiliario urbano. Esta produción está orientada cara á exportación. A outra sociedade, Mantenimiento Obras Portuarias, dedícase á fabricación de pantaláns e accesorios para portos deportivos.

Os tres proxectos restantes da provincia da Coruña son todos eles de pequena dimensión e localízanse nos concellos de Curtis (turismo e ocio), Boiro (fabricación de produtos de poliestireno) e Cerdeda (carpintería metálica).

Nas outras tres provincias tan só se aprobaron cinco proxectos. O maior investimento realizouse na de Ourense, no polígono de San Cibrao das Viñas, Metais Pernifor, S. L (perfis e materiais metálicos) e superou levemente os dous millóns de euros de investimento. Cómpre destacar que a provincia de Pontevedra tivo dous expedientes, cando, habitualmente, vén tendo un número próximo ao da provincia da Coruña. En 2013 aprobouse a solicitude de apoio do proxecto dunha empresa xa instalada desde 1999 en Tui no sector do automóbil e outro expediente en Mos, dun taller especializado no mecanizado de moldes, prototipos e modelos para a industria. Tamén a provincia de Lugo contou con dous proxectos. Localizáronse en Alfoz (fabricación de carrozarías) e na capital provincial, Industria Papelera Andina, S. L., creada en 2001 no polígono do Ceao e dedicada á fabricación de envoltorios, bolsas de papel e edicións infantís.

A política industrial da Administración autonómica

A incidencia de XesGalicia na economía galega en 2013

A incentivación a través do capital risco segue a ser, en 2013, un dos piares básicos da política de apoio ao desenvolvemento do tecido empresarial por parte da Xunta de Galicia. O instrumento é XesGalicia, sociedade xestora dun conxunto de fondos que foi deseñando desde a súa creación, a finais dos noventa. XesGalicia comezou xestionando os activos de Sodiga, veterana sociedade de capital risco que xa incidía na economía galega desde os primeiros anos da década dos setenta ao amparo do III Plan de desenvolvemento, na etapa final do franquismo. Desde 1986, en cada un destes informes referímonos ás actuacións desta sociedade que é, certamente, o instrumento máis lonxevo da política industrial galega. Ademais de Sodiga, a encomenda inicial de XesGalicia foi a de xestionar dous fondos emprende e adiante, que na actualidade son os cuantitativamente e, seguramente os cualitativamente, máis relevantes. En 2013 xa eran sete o número de entidades de capital risco que xestionaba, cifra que se reducirá debido a que deixarán de estar operativas algunhas delas. Lembremos que XesGalicia está participada maioritariamente polo Igape, se ben, ante as súas peculiaridades, nesta exposición vimos tratándoa de modo diferenciado. Incide nas empresas galegas mediante a participación no capital social das empresas e coa concesión de préstamos participativos. Nos últimos anos primou esta última modalidade.

O impacto no tecido empresarial das entidades xestionadas por esta sociedade en 2013 cuantifícase en 13,65 millóns de euros, cifra sensiblemente inferior á investida en 2012 (28,1 millóns) e algo superior á de 2011 (11,6 millóns). Non obstante, a pesar deste menor desembolso, produciuse un cambio significativo, xa que, se nos últimos anos o esforzo principal foi apoiar as empresas en dificultades mediante o fondo

Adiante, en 2013 apenas si houbo investimento nesta entidade e, polo contrario, despuntaron os préstamos no fondo Emprende e en Sodiga, estes últimos, dirixidos a apoiar ou novos emprendedores ou empresas «xestionadas por empresarios de recoñecida solvencia profesional».

De investir en 2012 case 20 millóns de euros no fondo Adiante 2000, F. C. R. o que supuña o 71% do investimento total de XesGalicia, en 2013 pasouse a tan só 66.201 euros, o 0,5%. A carteira, a finais de ano, compoñeríase de 35 empresas (dúas menos que en 2012) e o escaso gasto dirixiuse cara a unha das empresas xa participadas con anterioridade, Factoría Naval de Marín, S. A., sociedade que, tras superar o proceso concursal, se está situando con éxito na reparación de buques atuneiros.

Os maiores investimentos leváronse a cabo no fondo Emprende, unha boa noticia ante os especiais obxectivos desta entidade. Aínda que a operación de maior contía, 4,43 millóns de euros, foi un préstamo participativo concedido á unha das sociedades de Xes-Impulsa Ferrol 10, F. C. R, denominada Ferrol Container Terminal, S. A. (FCT), única empresa que se presentou ao concurso para explotar a terminal de contedores do Porto Exterior de Ferrol e que pode considerarse como filial da empresa que realiza esta actividade no porto luso de Leixões. Este último fondo deixará de estar vivente a finais de 2014 e, na actualidade, tamén ten investimentos en Sincro Mecánica, S. L., empresa nacida en 2009 dedicada ao mantemento integral do tren de potencia dos aeroxeneradores. Esta entidade creada en 2010 terá atendido, por tanto, estes dous investimentos.

Por outra banda, a finalización do fondo Xes-Posibilita 10, F. C. R., dirixido a proxectos promovidos por persoas con discapacidade, tamén levou a que a parte pendente do préstamo participativo da única empresa da súa carteira, Freshcut, S. L., pasase a Emprende, operación sen efectos na economía real.

Ademais das dúas sociedades antes citadas, o fondo Emprende incorporou a súa carteira, que a finais de 2013 era de 46 empresas, a tres novos proxectos. O de maior contía foi o de G.O.C. S.A., empresa de servizos viguesa, xa creada en 1986, dedicada á asistencia técnica e control de calidade de infraestruturas de transporte e á construción. Máis recente foi a creación en 2012 da sociedade José Luis Docampo, S. L., dedicada á actividade de panificación e confeitaría, que xa en 2012 se beneficiou (*Informe 2012*) das axudas da ZPE. Finalmente tamén se apoiou Colón, 12, S. L., sociedade viguesa de servizos no sector inmobiliario.

Tras un período de atonía, xustificado polo feito de que os períodos de aguda crise non son propicios para investimentos destas características, a actuación de Sodiga repuntou en 2013 tras unha longa traxectoria chea de vicisitudes. As previsións, recollidas nos orzamentos de 2013, eran da toma de participación ou prórroga nas participacións no capital social de dúas empresas por un importe de dous millóns de euros e o outorgamento ou refinanciamento de préstamos participativos de, tamén, dúas empresas obxecto de investimento por un total de tres millóns de euros. O resultado real foi a concesión de préstamos ou refinanciamento a tres sociedades, por unha contía de 5,53 millóns de euros. As tres empresas, todas elas industriais, son tradicionais no seu sector en Galicia e nunha delas, Frinova, Sodiga xa fixera o único investimento de

Cadro núm. 37

Fondos xestionados por XesGalicia (en euros). Actuacións no ano 2013

Investimentos	
Fondo Emprende	
Empresas xa particidadas con anterioridade	
Cross Road Biotech, S.A. S.C.R.	35.943
Empresas nas que comezou a participación en 2013	
Freshcut, S.L.	181.000
José Luis Docampo, S.L.	600.000
G.O.C., S.A.	1.000.000
Colón 12, S.L.	200.000
Ferrol Container Terminal, S.A.U.	4.434.053
Total	6.450.996
Fondo Adiante	
Empresas xa particidadas con anterioridade	
Factoría Naval de Marín, S.A.	66.201
Total	66.201
Sodiga Galicia, S.C.R.	
Empresas xa particidadas con anterioridade	
Frinova, S.A.	3.228.248
Empresas nas que comezou a participación en 2013	
Hijos de J. Barreras, S.A.	2.000.000
Dinak, S.A.	300.000
Total	5.528.248
Fondo Xes-Innova	
Empresas nas que comezou a participación en 2013	
Midiadia, S.L.	250.000
Clicua, S.L.	40.000
Qubitia Solutions, S.L.	75.000
Health in Code, S.L.	300.004
Total	665.004
Fondo tecnolóxico I2C	
Empresas nas que comezou a participación en 2013	
Scio Soft, S.L.	300.000
Keramat, S.L.	100.000
Empresas xa particidadas con anterioridade	
Health in Code, S.L.	239.995
Confirmsign, S.L.	300.000
Total	939.995
Investimento total realizado	13.650.443

Fonte: XesGalicia SGEGR, S.A.

2012. O lector pode supor a complexidade da situación desta filial de Pescanova, sociedade porriñesa fabricante de produtos precociñados. Outra sociedade na que investiu Sodiga foi Hijos de J. Barreras, S. A., estaleiro revitalizado grazas aos novos pedidos e á adquisición do 51% das súas accións por PMI, filial da petroleira mexicana Pemex. Finalmente, o terceiro investimento realizouse en Dinak, S. A., empresa con presenza en varios puntos de España e con proxección internacional. Sodiga volveu retomar o investimento dunha sociedade que leva máis de trinta anos fabricando e instalando chemineas modulares de aceiro inoxidable.

Á marxe destes tres investimentos, a Administración autonómica recoñece que a dureza da crise motivou un serio deterioro no valor das participacións e dos créditos concedidos por Sodiga, o que, loxicamente, afecta os seus activos. As perdas nos instrumentos financeiros utilizados foi de 14,7 millóns en 2012 e de 9,4 millóns en 2013. Esta difícil situación espérase que sexa corrixida nos vindeiros exercicios conforme vaia recuperándose a economía. A carteira de Sodiga en 2013 estaba formada por 28 empresas.

As previsións para 2014 reflectidas nos orzamentos da comunidade autónoma, contemplan duplicar o apoio de Sodiga á economía galega mediante a entrada no capital social de dúas sociedades, por unha contía estimada de dous millóns de euros, e a concesión ou refinanciamento de catro préstamos por valor de seis millóns de euros.

Por outra banda, 2013 foi o segundo ano de vixencia práctica do fondo tecnolóxico I2C. Trátase, en esencia, dunha actividade da Axencia Galega de Innovación que, en virtude dun convenio, está xestionada por XesGalicia. Está dotado cun patrimonio de 20 millóns de euros e os sectores destinatarios son: telecomunicación, medios e tecnoloxía TIC, sanidade, comercio electrónico, educación, seguridade, bioalimentación e enerxía. Con este patrimonio, en 2012 atendéronse catro empresas cun investimento de 3,76 millóns de euros. En 2013 volveu incidir en catro empresas, dúas xa participadas en 2012 e dúas novas, cun desembolso, en forma de préstamos participativos, que apenas alcanzou o millón de euros. Tras un desinvestimento total, a carteira do fondo tecnolóxico I2C tiña, a finais de 2013, cinco sociedades. As novas empresas participadas foron Confirmsign, S. L. e Health in Code, S. L. Esta última tamén se incorporou á carteira doutro fondo (Xes-Innova). Trátase dunha spin off, resultado dunha investigación realizada conxuntamente nas universidades da Coruña e de Santiago de Compostela. Esta sociedade leva oito anos de funcionamento e está especializada na diagnose avanzada en cardiopatías familiares. En canto a Confirmsign, S. L., tampouco é unha empresa de nova creación. Dedicase á prestación de servizos de comunicación a través de internet.

Finalmente, o fondo Xes-Innova, FCR ten unha certa similitude co anterior xa que con el se apoian «proxectos emprendedores, ata a súa transformación nun proxecto empresarial atractivo con perspectiva de rendibilidade». Céntrase na innovación e nas novas tecnoloxías en eidos como a biotecnoloxía, as telecomunicacións, as enerxías renovables e o medio ambiente. Cunha carteira a finais de 2013 de sete sociedades, nese exercicio concedeu préstamos participativos a catro empresas por un importe total de 665.004 euros. Xunto con Health in Code, S. L., xa citada anteriormente, nese exercicio comezou a participación nun grupo de pequenas empresas, moi anovadoras

e cun certo potencial de crecemento: Midiadia, S. L. (creación e xestión de portal en Internet), Clicua, S. L. (deseño de ferramentas para o comercio polo miúdo) e Qubitia Solutions, S. L. (solucións de software que simplifican e melloran a realización de investimentos).

En síntese, XesGalicia, cos problemas propios do capital risco nunha etapa de crise, mudou, en 2013, a súa liña de investimento con respecto aos anos anteriores. De predominaren os investimentos en sociedades con problemas de viabilidade (fondo Adiante), coa finalidade de evitar o peche de empresas de interese para o tecido produtivo galego, pasou a financiar proxectos máis propios do seu cometido, como aqueles promovidos por novos emprendedores, en sectores de tecnoloxía media e alta, atractivos para lograr unha economía galega con maior dinamismo. Neste senso, xa deixaron ou van deixar de estar operativos varios fondos e se pensa na creación doutros que permitan desenvolver actividades estratéxicas. As perspectivas de XesGalicia de cara a 2014 contemplan un investimento en 20 proxectos.

A actuación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) en 2013

Do mesmo xeito que nos outros organismos, as restricións orzamentarias foron, de novo en 2013, determinantes na incidencia do Igape na economía galega. Cun orzamento de 133,7 millóns de euros dirixidos, segundo a propia lei orzamentaria, a apoiar a «modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación, e produtividade empresarial de Galicia», esta entidade, convertida en axencia, dispuxo dunha contía similar de fondos que en 2012, pero esas cifras quedan moi lonxe das de 2011 e 2010, anos nos que o orzamento excedía os 300 millóns de euros.

O longo período de crise non fixo doada a xestión dun organismo das características do Igape, sobre todo, cando a redución do déficit obrigou a prescindir de instrumentos que noutros tempos eran as liñas de actuación máis destacables na incidencia do instituto na economía e na industria galega. Referímonos á concesión de préstamos e avais, agora, como veremos, moi minguada ao limitarse a capacidade de endebedamento da entidade. Nestas páxinas teremos a oportunidade de repasar sucintamente o conxunto de actuacións que o Igape fixo en 2013 sen esquecer o difícil que resulta avaliar, por ser un intanxible, a tarefa á que se lle deu unha certa prioridade, a prestación de servizos ás empresas galegas.

O principal organismo da política industrial galega (adscrito á Consellería de Economía e Industria) parece que en 2013, e tamén en 2014, segue nunha etapa de transición. Esperemos que no novo período de programación, coa posta en práctica do PO Feder Galicia, 2014-2020, para conseguir os seus obxectivos temáticos (especialmente competitividade das pemes) o Igape recupere un maior dinamismo. A maiores, aínda ten que cumprir a tarefa de completar o grao de execución do eixe *desenvolvemento e innovación empresarial* do PO Feder Galicia, 2007-2013 que a 31 de decembro de 2013 tan só alcanzaba o 20%.

Varias das novidades legislativas aprobadas polo Parlamento de Galicia nos últimos anos outórganlle ao Igape un papel clave. Na Lei 13/2011 reguladora da política industrial de Galicia, cuxo contido xa foi comentado nos dous informes anteriores, defíneo como «a entidade pública instrumental da Xunta de Galicia que colabora na execución das funcións públicas relativas á actividade de promoción industrial, singularmente no ámbito internacional». Este papel de preocuparse pola internacionalización da nosa industria é o principal cometido que lle asigna esta disposición legal, aínda non desenvolvida nos seus aspectos centrais.

A novidade legislativa máis relevante, aos nosos efectos, en 2013, foi a aprobación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Esta normativa prevé o apoio e incentivo ao financiamento das persoas emprendedoras mediante instrumentos de sobra coñecidos por seren reiteradamente comentados neste capítulo nos sucesivos informes: a) préstamos, créditos, garantías ou avais, xa sexa directamente ou en concerto con outras entidades públicas ou privadas; b) incentivos a fondo perdido para apoiar os investimentos necesarios; c) fondos de capital risco e capital semente específicos para proxectos emprendedores. A lei, na súa disposición adicional segunda, especifica que o Igape será o instrumento esencial da consellería competente para desenvolver e aplicar, entre outras, as anteriores medidas e outórganlle a consideración de «entidade instrumental do sector público autonómico con competencias en materia de emprendemento».

Esperando o desenvolvemento destas normativas e dos novos PO, os resultados do Igape en 2013 concrétanse nunha subvención total á economía galega de 42,7

Cadro núm. 38

Resumo dos resultados acadados no ano 2013 polos programas do Igape de apoio financeiro ás pemes

	Número de solicitudes		Base incentivable		Préstamo subvencionable		Subvención	
	Núm.	%	Euros	%	Euros	%	Euros	%
Liñas de financiamento subsidiado								
Programas								
Convenio Igape-Ico	4	-	536.721	-	593.337	-	25.387	-
Microcréditos								
Programas								
Liña 1 - Microempresas	2	-	28.000	-	-	-	910	-
Distribución provincial								
A Coruña	3	50,0	485.337	85,9	465.337	78,4	17.381	66,1
Lugo	1	16,7	15.254	2,7	18.000	3,0	770	2,9
Ourense	1	16,7	56.130	9,9	110.000	18,5	7.886	30,0
Pontevedra	1	16,7	8.000	1,4	0	0,0	260	1,0
Total	6	100,0	564.721	100,0	593.337	100,0	26.297	100,0

millóns de euros, dos que a avais e préstamos só lles corresponden 635.765 euros. Hai un ano estas cifras globais eran menores, un total de 26,2 millóns de euros, dos que 1.324.450 euros se dirixiron a avais e préstamos.

Coa finalidade de que os resultados que se comentan neste informe sexan homoxéneos cos presentados en anos anteriores e tendo en conta que o Igape estruturou a consecución dos seus obxectivos en torno a case os mesmos eixes que en 2012, os cadros deste epígrafe teñen unha configuración similar aos do *Informe 2012*.

En primeiro lugar, como xa indicamos, comprobamos a carencia de vitalidade dos programas do Igape de apoio financeiro ás pemes, cuxos resultados, catro solicitudes aprobadas do convenio Igape-Ico e dúas da liña de microcréditos dirixidos ás microempresas, reflicten na realidade expedientes procedentes de programas de exercicios anteriores. No segundo caso, os dous apoios, fan referencia ao Programa Re-imaxina na liña de microcréditos do ano 2012. Con estes resultados, a distribución provincial que figura no cadro 38 (tres para A Coruña e un para cada unha das restantes provincias) resulta irrelevante.

No epígrafe de avais e reavais, en 2013 iniciouse un programa de reavais polo que se tenta facilitar o acceso ao financiamento ás pemes galegas que formalicen un préstamo que se destine ao financiamento do seu activo corrente (pago de nóminas dos traballadores, tributos, Seguridade Social, aluguer, *leasing*, provedores, acredores por prestación de servizos, reparacións, cotas de débedas bancarias a longo prazo no momento de su vencemento e cotas de *leasing*). O importe mínimo atendible de préstamo subsidiado será de 3000 euros e o máximo de 150.000 euros. A garantía é o aval da sociedade de garantía recíproca que se adhira ao convenio por un 100% do risco. En 2013 apoiáronse 356 solicitudes cunha subvención de 635.765 euros. Nese exercicio dotouse dunha provisión de 757.600 euros para atender posibles fallados. Este programa mantívose en 2014. Unha iniciativa de apoio similar articulouse para autónomos, emprendedores e microempresas.

En 2014, con fondos do PO Feder 2007-2013 a partir da Iniciativa Jeremie, da que xa demos referencia nos informes anteriores, abriuse unha vía de préstamos para atender a investimentos produtivos entre un mínimo de 70.000 euros y un máximo de 1.050.000 euros, e non superarán, en ningún caso, o 70% do investimento

Cadro núm. 39

Avais apoiados polo Igape (en euros). Ano 2013

Liña de axuda	Núm. de solicitudes	Investimento apoiado	Subvención concedida	Préstamo incentivable	Aval concedido
Avais, excepto pesca	2	0	0	5.000.000	2.000.000
Resolve + Apoio ao circulante	356	7.707.876	635.765	7.913.568	1.978.392
Plan Rebrote. Avais financiamento operativo adicional	2	0	0	330.000	165.000
Total	360	7.707.876	635.765	13.243.568	4.143.392

Fonte: Igape

financiable. É, en certo modo, a volta a unha das políticas que o Igape viña mantendo desde a súa creación.

Outro dos destinos das axudas do Igape en 2013 foi o financiamento aos grandes investimentos empresariais. Este programa, xa vixente en exercicios anteriores, nese ano denomínase Galicia Invierte e ten dúas vertentes no seu apoio: a proxectos de investimento e a servizos avanzados intensivos na creación de emprego. Cofinánciase co PO Feder Galicia, 2007-2013 os proxectos de investimento que, cumprindo determinados requisitos, igualem ou superen os 200.000 euros. Valóranse en maior grao os proxectos que se localicen nas provincias de Lugo e Ourense e determinadas áreas da provincia da Coruña (comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal) e a Costa da Morte.

En 2013, todos os proxectos aprobados, menos un, son proxectos de investimento. Os resultados alcanzados na economía galega por este instrumento superaron amplamente os logrados en 2012 e, no ámbito do sector industrial, tanto a contía do investimento subvencionable como a da subvención, quintuplicou os resultados de incentivos económicos rexionais. Estes datos reflicten un certo pulo investidor das empresas industriais galegas tras un longo período de atonía. Por provincias, o maior dinamismo rexistrouse na da Coruña, aínda que neste programa o máis significativo é o peso do investimento na provincia de Ourense. O total destas axudas absorbeu o 45,5% do total das subvencións concedidas polo Igape en 2013.

Como xa se fixo no *Informe 2012*, no cadro 41 resúmense os resultados das restantes axudas prestadas polo Igape en 2013. Mentres hai un ano a maior contía se destinou ao proceso de internacionalización da empresa galega, neste exercicio dirixiuse cara ao eixe de mellora competitiva e fomento da produtividade e, en concreto, á concesión de incentivos económicos ao investimento empresarial en proxectos de equipamentos tecnolóxicos de entre 300 e 500 mil euros. Trátase dunha subvención a fondo perdido non moi diferente á comentada anteriormente. Apoiáronse un total de 26 proxectos cun investimento de 10,9 millóns de euros. Ademais deste programa, centrado na actividade industrial, o Igape, neste mesmo eixe, financiou 57 proxectos de equipamento do sector de servizos.

A internacionalización segue a ser un dos eixes aos que o instituto lle concede unha maior relevancia. O gasto efectuado en 2013 foi 3,6 millóns de euros inferior ao de 2012, nun contexto dun cambio de mentalidade no sentido expresado polos propios xestores de fuxir da subvención pola subvención tentando que sexa eficiente cada euro que se gasta en internacionalización. O obxectivo reiterado nos últimos meses é o de conseguir que o Igape sexa a fiestra única, ou sexa, preténdese que toda a acción de internacionalización en Galicia se canalice a través do Igape. O desembolso máis elevado correspondeu ao Plan Primex, aínda que dun gasto de sete millóns de euros en 2012 pasouse a 4,4 millóns en 2013, con 27 solicitudes. Trátase de apoiar consorcios de empresas galegas que tentan establecerse por primeira vez en novos mercados internacionais ou, tamén, do lanzamento de produtos e servizos galegos neses mercados. Parece que resulta necesario, neste ambicioso plan, facer unha selección de actuacións para así evitar unha excesiva dispersión e lograr, con iso, unha maior efectividade de éxito. Esta reformulación tamén chegou ao deseño da

Cadro núm. 40

Axudas do Igape aos grandes investimentos empresariais e a proxectos ambientais
Resultados xerais e distribución provincial. Ano 2013

	Proxectos		Investimento subvencionable		Subvención		Emprego que se vai crear	
	Núm.	%	Euros	%	Euros	%	Núm.	%
Grandes sectores								
Industria	27	87,1	113.772.040	84,2	15.691.885	80,8	256	75,5
Medio ambiente	2	6,5	15.830.005	11,7	2.879.507	14,8	30	8,8
Servizos	1	3,2	908.696	0,7	163.565	0,8	50	14,7
Transporte	1	3,2	4.600.000	3,4	690.000	3,6	3	0,9
Total	31	100,0	135.110.741	100,0	19.424.957	100,0	339	100,0
Distribución provincial								
A Coruña	15	48,4	59.048.571	43,7	9.303.569	47,9	132	38,9
Lugo	3	9,7	4.986.531	3,7	747.980	3,9	2	0,6
Ourense	3	9,7	23.179.345	17,2	2.969.259	15,3	74	21,8
Pontevedra	10	32,3	47.896.293	35,4	6.404.149	33,0	131	38,6
Total	31	100,0	135.110.741	100,0	19.424.957	100,0	339	100,0
Liña de axuda								
Proxectos de investimento empresarial (novos, ampliación e modernización)	30	96,8	134.202.045	99,3	19.261.392	99,2	289	85,3
Proxectos de investimento empresarial (en centros de servizos avanzados e intensivos en creación de emprego)	1	3,2	908.696	0,7	163.565	0,8	50	14,7
Total	31	100,0	135.110.741	100,0	19.424.957	100,0	339	100,0

Fonte: Igape

Rede de Plataformas Empresariais no Exterior de Galicia (Rede Pexga), iniciativa do Igape compartida coa Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), que ten como obxectivo estar presente en destinos estratéxicos, ofrecéndolle á empresa galega desde eses puntos servizos de apoio, asesoramento e colaboración. De 13 oficinas pasouse a 8: Miami, Bogotá, México D. F., São Paulo, Londres, Moscova, Tánxer e Shanghai, coa expectativa de abrir dúas novas no Perú e en Dubai.

Outro dos plans tradicionais de apoio á internacionalización, creado en 1992, que a Xunta de Galicia comparte coas cámaras de comercio galegas é o Plan Foexga. En 2014 as accións incluídas son as misións comerciais directas e inversas e a participación agrupada en feiras internacionais. En 2013, desde o Igape, apoiáronse 21 misións internacionais inversas, pero non se concederon axudas á participación en eventos expositivos internacionais fóra de Galicia. Nese ano tamén se contrataron 95 xestores de exportación e se financiaron 26 solicitudes de prospección en novos mercados do estranxeiro. Unha novidade foi a promoción á internacionalización dunha das actividades

Cadro núm. 41**Resumo do resto de axudas con subvención aprobadas polo Igape. Ano 2013**

Programa	Núm. de expedientes	Importe subvencionable (euros)	Subvención (euros)
Mellora competitiva/productividade	107	15.622.913	6.210.707
Innoempresa	186	6.803.591	2.974.008
Emprendedores	35	3.115.621	932.739
Internacionalización	192	12.320.756	7.348.993
Clústers	12	4.632.118	3.838.438
Outras axudas	135	1.344.600	1.344.600
Total	667	43.839.600	22.649.484

Fonte: Igape

galegas máis orientada cara aos mercados exteriores, a confección e prendas de vestir. Apoiáronse un total de 20 solicitudes cunha subvención de 643.624 euros.

Xa en 2014, a Xunta anunciou a elaboración dun Plan Estratéxico de Internacionalización co que se reforzarán as exportacións galegas e impulsará a atracción do investimento directo. O obxectivo é que o peso das exportacións no PIB galego alcance o 40% en 2020 fronte ao 33% actual.

Outra novidade de interese na política do Igape, que se recolle no cadro 41, é a asunción do apoio aos clústers galegos. A axuda cofinanciada polo PO Feder Galicia 2007-2013, de 3,8 millóns de euros, serviu para facilitar o impulso tecnolóxico e a innovación a 12 dos clústers implantados en Galicia.

No cadro 41 tamén se aprecia que o Igape segue a xestionar o programa do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, dirixido ás pemes, denominado Innoempresa, que ten como obxectivo aumentar a capacidade innovadora do tecido produtivo. A convocatoria suprarrexional responsabilidade do ministerio non se realiza desde 2011. O Igape é responsable da convocatoria específica da comunidade autónoma, en colaboración coa Axencia Galega de Innovación e cofinanciada co Feder. As axudas son subvencións a fondo perdido. Xa se indicaba no *Informe 2012* que, ante unha serie de dificultades operativas, só se puideron aprobar ese ano nove expedientes e, unha vez resoltos os problemas, aprobáronse, xa en 2013, o groso dos expedientes penden-tes. Esta circunstancia fai que os resultados de 2013, 186 proxectos aprobados cun investimento de 6,8 millóns de euros e unha subvención de case tres millóns de euros, correspondan realmente aos dous anos. O programa contén tres perfís: innovación organizativa (153 proxectos), a onde se dirixiron a maior parte dos fondos públicos; innovación tecnolóxica (31 proxectos); e innovación en colaboración, ámbito no que tan só se aprobaron dous expedientes.

Finalmente, as intervencións do Igape complétanse cos programas de apoios a emprendedores nos que se financiaron 35 expedientes co obxectivo de «fomentar

a aparición de proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores» e no epígrafe sobre «Outras axudas» recóllese a concesión de 135 bolsas de formación, cofinanciadas co Fse, por unha contía de 9960 euros anuais, para a realización de proxectos de mellora das pemes.

A actuación das consellerías sectoriais e da Axencia Galega de Innovación

O percorrido polas políticas da Administración autónoma de apoio á actividade económica complétase neste informe coas outras actuacións responsabilidade da Consellería de Economía e Industria e tamén coa incidencia no sector industrial da Consellería do Medio Rural e do Mar. En primeiro lugar, referirémonos ao papel da Axencia Galega de Innovación, adscrita á Consellería de Economía e Industria, como ente responsable do fomento e vertebración das políticas de innovación da Administración pública galega.

Como xa comentamos, as políticas de fomento á investigación, desenvolvemento e innovación adoitan ser, para calquera administración, un dos piares esenciais das súas actuacións para o fornecemento do tecido produtivo. Do mesmo xeito que con outro tipo de políticas, inciden en Galicia unha serie de intervencións, en cascada, das diferentes administracións públicas. Unha primeira referencia é a política da Unión Europea que habitualmente se elabora e pon en práctica mediante programas marcos. O referido ao período 2014-2020 denomínase Horizonte 2020¹¹ e entre os seus retos está alcanzar a excelencia científica, abordar os retos sociais e, con respecto a este capítulo, tamén tenta «promover o liderado industrial en Europa». A súa dotación é de 76.880 millóns de euros. En canto á Administración central xa tivemos a oportunidade de comentar certos trazos da súa política tecnolóxica canalizada, entre outros organismos, polo CDTI. No referente á Administración autonómica, nun contexto dunha sensible redución na dotación de recursos, nestes últimos anos houbo cambios na normativa, nos instrumentos encargados de levala a cabo e nas liñas e programas trazados para a súa posta en marcha.

Na actualidade está vixente o Plan galego de investigación, innovación e crecemento I2C 2011-2015 co que se pretenden afrontar os cinco retos seguintes: 1. captación, formación e retención do talento; 2. investigación de referencia e competitiva; 3. innovación e valorización; 4. crecemento empresarial; e 5. cambio de modelo para un sistema competitivo máis alá do 2013. En setembro de 2013 entrou en vigor a nova Lei de fomento da investigación e innovación de Galicia. Xa demos conta dos seus trazos básicos no *Informe 2012*. Substitúe a normativa de 1993 e, entre outros aspectos, determina que o Plan galego de investigación e innovación será «o instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación,

¹¹ <http://www.eshorizonte2020.es/>.

transferencia, valorización e innovación en Galicia». A persistencia da crise reduciu as súas expectativas iniciais máis optimistas en canto aos logros dun novo plan. De feito, ao propoñerse na tramitación da lei que no horizonte de 2016 se tentaría alcanzar un investimento en I+D+i do 1,2% do PIB galego, a redacción final foi menos comprometida, ao fixarse como obxectivo de financiamento «a converxencia coas rexións líderes en Europa en cada momento en relación coa porcentaxe do produto interior bruto (PIB) de Galicia dedicado á investigación, ao desenvolvemento e á innovación». Aínda que sen cuantificación, é pouco probable alcanzar esa converxencia cando as últimas estatísticas dispoñibles referidas a 2012 (primeira estimación) indican un gasto en I+D+i en Galicia do 0,87% do PIB fronte ao 1,3% do conxunto de España. Esta porcentaxe (cinco centésimas inferior á de 2011) retrotráenos ao ano 2005 e é un exemplo da fenda entre o que sería o desexable e a realidade.

A Axencia Galega de Innovación, creada polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, non só é o organismo, xunto con outros axentes segundo o caso, de promoción, xestión e execución do plan, senón que, en virtude da nova lei, está encargada de «fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e apoiará e impulsará o crecemento e a competitividade das empresas galegas a través do impulso de estratexias e de programas de innovación eficientes». As características deste instrumento foron xa comentadas no *Informe 2012* polo que, neste epígrafe e ante a ampla dimensión da política tecnolóxica, centrarémonos na súa incidencia en 2013 nas empresas galegas e, en especial, no seu sector industrial, deixando sen tratar as actuacións nos recursos humanos.

Unha primeira liña de axuda, no ámbito das actuacións propias e a máis importante cuantitativamente, consiste na concesión de subvencións a fondo perdido. Trátase do programa Conecta Peme, contemplado no PO Feder Galicia 2007-2013, polo que se fomenta «a agrupación empresarial a través de proxectos de investigación e desenvolvemento (I+D) de pemes en áreas estratéxicas» sendo subvencionables a investigación industrial e o desenvolvemento experimental. Estes proxectos realizaranse en cooperación cun orzamento mínimo de 600.000 euros. As axudas para estas actuacións teñen carácter plurianual de modo que a subvención foi de 4,8 millóns de euros en 2013, 5,9 millóns en 2014 e 2,9 millóns en 2015. Esta iniciativa é herdeira de aspectos dos programas Impulsa Lugo e Impulsa Ourense mediante os que estas dúas provincias tiñan medidas adicionais de apoio aos investimentos que se realicen nelas e no caso deste programa se sustenta en dous puntos adicionais en canto aos criterios de avaliación dos proxectos.

Os resultados por provincias alcanzados por este programa en 2013, no que practicamente se esgotou o presuposto, recóllense no cadro 42 e reflicten o peso determinante da Coruña e Pontevedra, e iso aínda coa discriminación positiva cara ás dúas provincias orientais de Galicia. A maior contía da axuda absorbeuna a empresa Mestrelab Research, S. L., *spin off* xurdida da Universidade de Santiago de Compostela.

O segundo programa no que se concedeu unha subvención de dous millóns de euros, exactamente a contía presupostada, denomínase Subvencións para investimentos innovadores para o crecemento empresarial, iniciativa que tamén conta co apoio

do Feder e que recolle a tradición da subvención a fondo perdido ao investimento produtivo das empresas, revestido neste programa coa denominación Investimento innovador, e, tamén, a creación de unidades de I+D. Os resultados en 2013 recóllense no epígrafe b) do cadro 42 no que se observa un maior peso da provincia de Lugo que o que lle correspondería pola súa actividade económica xeral. A empresa que recibiu a maior contía de axuda foi Health In Code, S. L., sociedade xa citada con anterioridade ao recibir tamén cadanseu préstamo participativo do fondo Xes-Innova e do fondo tecnolóxico I2C.

A aposta polas unidades de investigacións da rede de centros tecnolóxicos galegos, tamén no marco do Plan I2C, tivo dúas vertentes. O fomento a centros consolidados (cadro 42), aos que se destinan a maior contía de fondos (2,34 millóns de euros), proporcionou unha subvención a cinco organismos, na súa meirande parte absorvidos polos centros de automobilística e da metalúrxica. Unha segunda vertente foi a dirixida aos centros non consolidados, un total de oito; aos que se lles subvencionou cun total de 750.000 euros e deles, a maior parte destinouse ao Centro Tecnolóxico do Mar. En ambos os casos, a finalidade da axuda é a mesma «a transferencia de

Cadro núm. 42

Resumo das axudas concedidas para innovación empresarial. Ano 2013

a) Distribución territorial das axudas concedidas ás empresas para fomentar a cooperación público-privada a través de proxectos de I+D (Programa Conecta) (miles de euros)						
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Fóra de Galicia	Total
Número de entidades beneficiarias	44	15	10	37	2	108
%	40,7	13,9	9,3	34,3	1,9	100,0
Investimento subvencionable	10.004,2	3.031,0	2.203,1	7.971,5	397,7	23.607,5
%	42,4	12,8	9,3	33,8	1,7	100,0
Subvención total concedida	5.697,4	1.756,5	1.279,8	4.581,0	238,6	13.553,3
%	42,0	13,0	9,4	33,8	1,8	100,0
Subvención 2013	1.942,9	572,2	454,5	1.653,3	88,8	4.711,7
Subvención 2014	2.554,8	765,5	527,3	1.971,6	95,8	5.915,0
Subvención 2015	1.199,8	418,7	298,1	956,1	53,9	2.926,6
b) Distribución territorial das axudas para investimentos innovadores para o crecemento empresarial (miles de euros)						
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		Total
Número de entidades beneficiarias	15	6	3	8		32
%	46,9	18,8	9,4	25,0		100,0
Investimento subvencionable	2.163,4	877,7	685,8	1.016,5		4.743,4
%	45,6	18,5	14,5	21,4		100,0
Subvención total concedida	908,2	430,2	285,9	375,7		2.000,0
%	45,4	21,5	14,3	18,8		100,0

[Continúa] ►

Cadro núm. 42 (continuación)**Resumo das axudas concedidas para innovación empresarial. Ano 2013**

c) Axudas para o apoio ás unidades de investigación dos centros tecnolóxicos consolidados en Galicia (euros)	
Entidade solicitante	Importe da axuda
Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste Centro Tecnolóxico Aimen	599.681
Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados e Mariscos Centro Técnico Nacional de Conservación de Produtos da Pesca	330.396
Fundación para a Promoción da Innovación, Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico na Industria de Automoción de Galicia	687.323
Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia	404.782
Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia	317.819
Total	2.340.000
d) Axudas para o apoio ás unidades de investigación dos centros tecnolóxicos non consolidados en Galicia (euros)	
Entidade solicitante	Importe da axuda
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	114.249
Centro Tecnolóxico do Mar	270.252
Centro Tecnolóxico Galego de Acuicultura	82.023
Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética	62.124
Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia	7.050
Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación Civil - Fundación de Enxeñería Civil de Galicia	140.988
Fundación Centro Tecnolóxico da Pizarra de Galicia	59.214
Fundación Centro Galego de Investigacións da Auga	7.050
Fundación Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial	7.050
Total	750.000

Fonte: DOG e elaboración propia

resultados da investigación, do coñecemento e das capacidades tecnolóxicas dos centros ao mercado».

O lector pode comprobar se compara a información do cadro 42 coa dos informes precedentes a simplificación no conxunto de axudas con respecto ás existentes ao final da década anterior, articuladas en torno ao Plan de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (Incite), 2006-2010.

Por outra banda, cómpre lembrar que incentivos competencia da antiga Dirección Xeral de I+D pasaron ao Igape e non a Axencia Galega de Innovación. E o caso do fomento dos clúster que, como xa comprobamos, foron apoiados polo Igape. Por outra banda, este instituto xestiona o programa Innoempresa en colaboración coa axencia.

Na colaboración existente entre os organismos das diferentes administracións que perseguen obxectivos similares destacamos a achega por parte da Consellería de Economía e Industria dun total de 15 millóns de euros, unha contía que supera a suma do gasto de todos os programas comentados anteriormente, na convocatoria de

2013 do programa Feder-Interconecta, xestionado polo CDTI e cuxos resultados (un compromiso de subvención por valor de 72,9 millóns de euros) figuran no cadro 34 e como lembramos, desenvolveu o fondo tecnolóxico.

Como xa vén sendo habitual desde o nacemento da actual Administración autonómica, outras consellerías sectoriais, ademais da Consellería de Economía e Industria deseñan e executan políticas de apoio á actividade industrial no ámbito das súas competencias. A continuación centrarémonos nas subvencións xestionadas pola Consellería do Medio Rural e do Mar.

A consellería, en 2013, do mesmo xeito que en 2012, mantivo a liña de axudas a fondo perdido aos investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais, subvencións que consisten no cofinanciamento de activos fixos materiais para a creación, ampliación e modernización das instalacións situadas en Galicia. As previsións orzamentarias eran de 19,7 millóns de euros, cifra de apoio moi significativa xa que nos referimos a un sector industrial moi concreto aínda que, como xa vimos, un dos de maior facturación e dimensión de Galicia. Esta subvención concédese en tres anualidades (2013, 4,9 millóns; 2014, 9,1 millóns; 2015, 5,7 millóns). Os resultados deste programa recóllense no cadro 43. As compañías máis beneficiadas deste programa de axuda foron as do grupo Hijos de Rivera, S. A., e este apoio reflíctese no cadro 43 no elevado investimento na categoría «Outras» na provincia da Coruña (Hijos de Rivera, S. A., A Coruña) e na «Vitivinícola» na de Lugo (Customdrinks, S. L., Chantada). O grupo Hijos de Rivera, S. A. tivo nos últimos anos unha gran proxección en España e no ámbito internacional xa está presente en 30 países. O peso, tradicionalmente elevado neste programa das industrias cárnicas e lácteas, xunto ao sector vitivinícola, volveu propiciar que fose a provincia de Lugo a que xerase o maior investimento e que cara a ela se dirixise a maior contía da subvención. Non obstante, en 2013 os resultados de Lugo son similares aos da Coruña. En Ourense, os apoios centráronse nas industrias cárnicas e vitivinícolas, xa que, lembremos que a provincia conta con tres denominacións de orixe. Nestas últimas, as maiores subvencións concedéronse a tres adegas unha de cada denominación: Bodegas Avanthia, S. L. do Barco de Valdeorras, Veiga do Casar, S. L. de Ribeiro e Pazo Blanco Núñez, S. L. de Monterrei. En Pontevedra, as subvencións tamén se concentraron nos mesmos sectores que na provincia de Ourense. No apoio aos novos investimentos das adegas destaca o proporcionado ao Pazo de Señoráns, S. L., Adegas Tollodouro, S. A. e Bodegas Marqués de Vizhoja, S. A.

Noutro dos ámbitos competencia da mesma consellería, o mar, tamén se apoian os investimentos en transformación e comercialización dos produtos procedentes da pesca, outra das actividades relevantes da nosa industria alimentaria. O fondo europeo de pesca (FEP) subvenciona o 75% da contía das axudas. O orzamento para 2013 foi de 15 millóns de euros repartido en dúas anualidades (cinco millóns en 2013 e 10 millóns en 2014). No cadro 44 preséntase o estado de execución a 31 de decembro de 2013 do FEP, algo máis da metade do orzamento, se ben o gasto pode prolongarse a varios exercicios. Como sabemos, Galicia lidera en España a actividade pesqueira no eixe 4 do FEP, que atende o desenvolvemento sostible a zonas de pesca e onde a diverxencia entre o programado e executado é a maior. Neste eixe execútanse accións destinadas

Cadro núm. 43

Axudas a investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais
(miles de euros) (Orde de 27 de febreiro de 2013). Ano 2013

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Cárnicas					
Núm. de empresas	5	12	7	12	36
%	14,0	33,0	19,0	33,0	100,0
Investimento subvencionable	2.021,4	2.336,5	4.086,4	2.451,5	10.895,8
%	19,0	21,0	38,0	22,0	100,0
Subvención	651,7	939,0	1.716,8	967,6	4.275,3
%	15,0	22,0	40,0	23,0	100,0
Lácteas					
Núm. de empresas	6	14	0	1	21
%	29,0	67,0	0,0	5,0	100,0
Investimento subvencionable	1.840,5	2.513,4	0,0	738,2	5.092,1
%	36,0	49,0	0,0	14,0	100,0
Subvención	645,6	1.020,4	0,0	332,2	1.998,2
%	32,0	51,0	0,0	17,0	100,0
Vitivinícola					
Núm. de empresas	1	14	31	28	74
%	1,0	19,0	42,0	38,0	100,0
Investimento subvencionable	12,0	9.481,2	4.207,0	4.819,9	18.520,1
%	0,0	51,0	23,0	26,0	100,0
Subvención	4,2	2.512,8	1.688,7	1.893,1	6.098,8
%	0,0	41,0	28,0	31,0	100,0
Hortofrutícola					
Núm. de empresas	6	7	7	4	24
%	25,0	29,0	29,0	17,0	100,0
Investimento subvencionable	603,3	498,1	1.438,4	115,7	2.655,5
%	23,0	19,0	54,0	4,0	100,0
Subvención	212,6	180,0	600,8	30,9	1.024,1
%	21,0	18,0	59,0	3,0	100,0
Panadería					
Núm. de empresas	3	4	2	2	11
%	27,0	36,0	18,0	18,0	100,0
Investimento subvencionable	820,8	699,9	117,2	371,5	2.009,3
%	41,0	35,0	6,0	18,0	100,0
Subvención	205,2	212,8	29,3	92,9	540,2
%	38,0	39,0	5,0	17,0	100,0

[Continúa] ▶

Cadro núm. 43 (continuación)

Axudas a investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais
(miles de euros) (Orde de 27 de febreiro de 2013). Ano 2013

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Alimentación animal					
Núm. de empresas	9	4	0	1	14
%	64,0	29,0	0,0	7,0	100,0
Investimento subvencionable	668,4	1.668,2	0,0	680,3	3.016,9
%	22,0	55,0	0,0	23,0	100,0
Subvención	234,6	645,0	0,0	238,1	1.117,6
%	21,0	58,0	0,0	21,0	100,0
Forestal					
Núm. de empresas	2	7	3	1	13
%	15,0	54,0	23,0	8,0	100,0
Investimento subvencionable	213,1	701,6	432,0	22,0	1.368,7
%	16,0	51,0	32,0	2,0	100,0
Subvención	85,2	285,6	194,4	8,8	574,0
%	15,0	50,0	34,0	2,0	100,0
Outras					
Núm. de empresas	1	1	2	1	5
%	20,0	20,0	40,0	20,0	100,0
Investimento subvencionable	11.373,7	2,1	2.274,0	133,2	13.782,9
%	83,0	0,0	16,0	1,0	100,0
Subvención	2.843,4	0,9	569,0	33,3	3.446,6
%	82,0	0,0	17,0	1,0	100,0
Totais					
Núm. de empresas	33	63	52	50	198
%	17,0	32,0	26,0	25,0	100,0
Investimento subvencionable	17.553,2	17.900,9	12.555,0	9.332,2	57.341,2
%	31,0	31,0	22,0	16,0	100,0
Subvención	4.882,5	5.796,5	4.799,0	3.596,8	19.074,8
%	26,0	30,0	25,0	19,0	100,0

Fonte: Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, Consellería do Medio Rural e do Mar

Cadro núm. 44**Grao de execución do fondo europeo de pesca, en Galicia, 2007-2013, a 31 de decembro de 2013 (en euros)**

Eixes	Programación pública 2007-2013	Gastos declarados	%
Eixe 1: Medidas de adaptación da frota pesqueira comunitaria	185.080.184	110.811.526	59,9
Eixe 2: Acuicultura, pesca interior, transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura	374.759.469	203.019.791	54,2
Eixe 3: Medidas de interese público	171.160.744	96.629.573	56,5
Eixe 4: Desenvolvemento sostible das zonas de pesca	32.533.333	6.468.061	19,9
Eixe 5: Asistencia técnica	8.347.579	4.050.789	48,5
Total	771.881.309	420.979.740	54,5

Os datos refírense exclusivamente á contribución do fondo europeo de pesca, da Administración central do Estado e da comunidade autónoma.
 Fonte: Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, Consellería de Facenda, Xunta de Galicia

á reestruturación e diversificación da actividade económica nas zonas pesqueiras, á mellora da competitividade, á protección do medio ambiente e á incorporación de colectivos desfavorecidos. O eixe 2, entre outros aspectos, incide na transformación e comercialización de produtos da pesca. A importancia que se lle outorga a este cometido reflíctese no feito de que os gastos xa declarados representan o 22% do total do PO español. O grao de execución deste último eixe foi do 54,2%.



V. Construcción

En 2013 a construción española entrou no quinto ano dunha profunda depresión na que virtualmente desapareceu a edificación de novas vivendas. A outra pata da actividade, a obra pública, despois duns anos de forte caída no conxunto de España, recuperouse lixeiramente en 2013, mentres que en Galicia se reduciron os niveis de gasto relativamente elevados de períodos precedentes. Apuntando un posible cambio de fase no ciclo, a comezos de 2014 aparecen signos, aínda moi débiles e incertos, de reactivación da demanda de vivenda. Non obstante, de confirmarse esta alza, aínda tardará en traducirse en crecemento real de actividade no sector, polo exceso de stocks de vivenda acumulados aos que aínda hai que dar saída.

En marzo de 2014 completouse o vixésimo terceiro trimestre consecutivo de caída da produción española de construción. En 2013 o descenso interanual do VEB foi do 7,7%, cifra que supón só un pequeno freo ao -8,6% do ano anterior. A participación no PIB do sector que outrora fora *a locomotora da economía* española descende ata o 6,8% no primeiro trimestre de 2014, unha cifra que representa só un pouco

Cadro núm. 1


Indicadores do sector da construción en España. Taxas de variación interanual (en %)

	2011	2012	2013	2013			2014
				II trim.	III trim.	IV trim.	
VEB construción	-9,0	-8,6	-7,7	-8,3	-7,8	-7,7	-8,4
% da construción na FBCF	62,4	60,0	56,7	56,8	56,1	55,7	53,8
% da vivenda na FBCF	29,0	27,3	25,0	25,5	24,6	24,1	23,4
Produción das empresas	-11,5	-5,5	1,6	2,7	7,1	-0,8	24,3
Nova contratación	-10,2	-12,3	3,8	0,0	14,7	0,6	-0,7
Ocupados	-15,0	-17,3	-11,4	-14,1	-10,6	-9,1	-11,6
Paro estimado	-12,2	-2,5	-21,4	-20,4	-21,0	-23,2	-19,2
Afiliados á Seguridade Social	-12,3	-17,1	-12,1	-13,5	-10,4	-7,8	-4,6
Paro rexistrado	-1,0	4,2	-9,5	-8,9	-10,8	-13,4	-15,8
Consumo de cemento	-16,4	-33,6	-19,3	-19,2	-16,8	-9,4	-1,6
Índice de custos do sector	-0,6	0,5	-0,7	-1,5	-0,4	0,0	-0,5

máis da metade da existente cinco anos atrás. A participación da construción na Formación Bruta de Capital Fixo (FBCF) cae ata o 53,8% e a da vivenda representa o 23,4%. A edificación residencial prosegue a súa caída en picado e xera o 4,1% do PIB, cifra que ascendía ao 12% cinco anos antes. A impresión negativa sobre a marcha do sector vese reforzada pola caída do consumo de cemento: un 9,4% en 2013 e un 1,6% no primeiro trimestre de 2014. Non obstante, a produción das empresas e a nova contratación¹ cambiaron o signo negativo de anos anteriores por un crecemento do 1,6% e do 3,8% respectivamente (cadro 1 e gráfico 1). O estado de opinión empresarial, recollido no indicador de clima da construción² mostrado no gráfico 2, sinala unha valoración pesimista por parte dos axentes do sector.

Gráfico 1

VEB pb da construción e PIB pm (euros constantes)
Taxas de variación interanuais (en %)



Cadro núm. 2

Indicadores do sector da construción en Galicia. Taxas de variación interanual (en %)

	2011	2012	2013	2013				2014
				II trim.	III trim.	IV trim.	I trim.	
VEB construción	-6,7	-4,6	-4,1	-4,3	-3,8	-4,5	-3,5	
Ocupados	-13,0	-13,1	-12,7	-13,5	-17,5	-10,8	-10,5	
Paro estimado	-11,2	21,0	-20,0	-18,7	-19,0	-33,2	-20,7	
Afiliados á Seguridade Social	-11,6	-15,8	-10,8	-12,5	-8,9	-5,8	-3,3	
Paro rexistrado	10,3	14,9	-5,3	-4,4	-6,8	-11,3	-13,7	


Fontes: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais, Sepe, EPA, INE e IGE

¹ Estimadas pola Encuesta de Índices de Producción de la Industria de la Construcción (EIPIC) publicada polo Ministerio de Fomento.

² O indicador de clima é a media dos saldos de opinións empresariais referidos á tendencia do emprego e á carteira de pedidos do sector, recollidos na Encuesta de Coyuntura Industrial elaborada polo Ministerio de Industria. Por exemplo, un valor de -10 do saldo significa que a porcentaxe de opinións negativas supera en 10 puntos a de opinións positivas.

Gráfico 2

Indicador do clima de construción en España



Os saldos de opinión resultan invariablemente negativos, se ben nos catro primeiros meses de 2014 a valoración da conxuntura do mercado non é tan mala como en 2013. As maiores dificultades do empresariado cífranse na débil demanda privada de vivenda, o escaso pulo da obra pública e o difícil acceso ao financiamento bancario.

A construción española continuou destruíndo emprego ao longo do ano 2013. O emprego medio neste ano foi de 1.204.000 traballadores, que supoñen un descenso de case 132.000 persoas respecto a 2012, cun descenso do 11,4%. No primeiro trimestre de 2014 a tendencia negativa continúa e o emprego contabilizado pola Encuesta de Población Activa (EPA) é de 942.000 persoas, 13.000 menos que no mesmo trimestre do ano anterior. Non obstante,

Cadro núm. 3

O mercado de traballo na construción (medias anuais). Ano 2013

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Ocupados						
Miles	28,5	7,9	7,8	25,1	69,3	1.029,5
Taxa de variación 2013/2012 (%)	-16,0	-18,9	-25,5	-0,6	-12,7	-11,4
Paro estimado						
Miles	5,70	1,88	1,45	7,25	16,3	440,6
Taxa de variación 2013/2012 (%)	-34,5	-17,6	-21,6	-3,7	-20,0	-21,4
Paro rexistrado						
Miles	18,0	4,6	4,4	15,9	42,9	704,5
Taxa de variación 2013/2012 (%)	-6,0	-3,4	-5,9	-5,0	-5,3	-9,5
Afiliados á Seguridade Social						
Miles	31,9	9,0	9,5	21,8	72,3	987,8
Taxa de variación 2013/2012 (%)	-9,6	-12,9	-5,0	-13,9	-10,8	-12,1

Fontes: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais, Sepe, EPA e INE

o desemprego cuantificado pola EPA descendeu case en 92.000 persoas en 2013 debido ao efecto desánimo sobre a poboación activa. As afiliacións á Seguridade Social (SS) mostran unha tendencia semellante. En 2013, computando o número de afiliados o último día de cada mes, a media de afiliados á SS foi de 988.000, o que representa un descenso interanual do 12,1%, se ben no primeiro trimestre de 2014 a caída se modera ata o 4,5%. A progresiva desaceleración do descenso das afiliacións aparece como un factor de esperanza no mercado de traballo: en xaneiro de 2013 o número de afiliados á SS caía un 16%, mentres que en abril de 2014 moderábase ata o 3,1%. Non obstante, a pesar do descenso do paro ao longo de 2013, o panorama laboral do sector resulta aínda tremendamente escuro, con 306.000 desempregados estimados pola EPA e 640.500 parados rexistrados no primeiro trimestre de 2014 (cadro 1).

Gráfico 3

Mercado de traballo na construción en Galicia
Taxas de variación interanual (en %)





Gráfico 4

Participación directa da construción no emprego (en %)



Os indicadores de actividade para o sector galego mostran unhas tendencias semellantes ás comentadas anteriormente para o conxunto do Estado. A produción de construción en Galicia en 2013 supuxo 5430 millóns de euros, o que en termos reais supón un descenso do 4,1% respecto ao ano anterior. No primeiro trimestre de 2014 a tendencia continúa e o VEB redúcese un 3,5% en taxa interanual, pasando a representar menos do 10% do PIB galego (9,6%), unha proporción que, non obstante, é máis elevada que a *ratio* no conxunto de España (6,8%) (cadro 2 e gráfico 1). En 2013 o mercado de traballo galego continúa ofrecendo unha negativa imaxe do sector. Neste ano a ocupación media estimada pola EPA foi de 69.250 persoas, que representan un descenso de 10.000 empregos respecto a 2012. No primeiro trimestre de 2014 a destrución de postos de traballo continúa e os 65.300 ocupados significan un descenso do 10,5% respecto ao primeiro trimestre do ano precedente. As afiliacións á SS supoñen unha media de 72.272, un 10,8% menos que o ano anterior. O desánimo reinante entre a poboación activa reflíctese en que a destrución de emprego foi unida á caída das cifras de desemprego. En 2013 a EPA rexistra 4000 parados menos de construción en Galicia (un descenso do 20%), e no primeiro trimestre de 2014 a tendencia prosegue con 14.200 parados, que supoñen un descenso interanual do 20,7%. Por outro lado, o número medio de parados de construción rexistrados nas oficinas de desemprego galegas foi de case 43.000 en 2013. A pesar do elevado desta cifra, supón un descenso do 9,5% respecto a 2012. No primeiro trimestre de 2014 o paro rexistrado mantén a tendencia baixista e, con case 41.000 desempregados, prodúcese un descenso interanual do 13,7% (cadros 2 e 3 e gráficos 3 e 4). Así pois, a pesar da caída do desemprego, o mercado laboral galego aínda non tocou fondo e continúa destruindo postos de traballo pola escaseza de actividade tanto no subsector da vivenda coma no da obra pública.


Cadro núm. 4

A vivenda en España. Principais indicadores de oferta

				Taxa de variación interanual (%)		
	2011	2012	2013	2011	2012	2013
Visados de dirección de obra (vivenda nova e ampliación e reforma)	109.866	69.656	58.319	-13,9	-36,6	-16,3
Licenzas municipais de obra (número de vivendas de nova planta)	76.005	57.543	31.236	-17,1	-24,3	-45,7
Certificados de fin de obra (número de vivendas)	157.405	114.991	64.636	-34,7	-26,9	-43,8
VPO obra nova. Vivendas iniciadas	34.282	17.155	6.489	-43,4	-50,0	-62,2
VPO obra nova. Vivendas rematadas	58.308	53.332	16.799	0,0	-8,5	-68,5

VPO: Vivenda de protección oficial.

Fonte: Ministerio de Fomento

Gráfico 5**Número de vivendas iniciadas e rematadas en Galicia****Vivenda**

Tanto en Galicia coma no conxunto de España a promoción residencial volveu bater récords negativos no ano 2013 de maneira que a construción de novas vivendas desapareceu practicamente do chan español. A pesar de que os prezos caeron e que o Euribor se encontra en mínimos históricos, a demanda non consegue reactivarse, o cal, unido ao elevado stock de vivendas non vendidas, fai inviábles novos proxectos de edificación residencial nunha espiral negativa cuxo final aínda non se enxerga.

En 2013 iniciáronse 33.869 vivendas novas en toda España, das cales 1550 foron galegas, cifras que supoñen uns descensos do 23,3% e do 26,7% en España e Galicia, respectivamente. As iniciacións de obra tanto para Galicia coma para España representan arredor do 3% dos novos visados que se concedían no ano 2006 en ambos os dous casos. A obra nova padece, pois, unha parálise total que non ten precedentes na historia do sector e que non se curará ata que xurda unha demanda que previamente poida absorber os excedentes de vivenda xerados polo estalido da burbulla cinco anos atrás (cadros 5, 6 e 7 e o gráfico 5).

As vivendas rematadas en 2013 (cadros 5 e 6 e gráfico 5) mostran as últimas rabe-xadas do grande auxe inmobiliario dos anos pasados. Con 64.600 vivendas rematadas en toda España e 2700 en Galicia, a saída de novas vivendas ao mercado é cada vez máis débil, e é de esperar unha progresiva caída en anos vindeiros, dadas as mínimas cifras de iniciación de obras comentadas anteriormente.

Cadro núm. 5**A vivenda en Galicia. Principais indicadores de oferta**

				Taxa de variación interanual (%)		
	2011	2012	2013	2011	2012	2013
Visados de dirección de obra (vivenda nova e ampliación e reforma)	5.196	3.364	2.589	-5,8	-35,3	-23,0
Licenzas municipais de obra (número de vivendas de nova planta)	3.547	2.192	1.320	-26,3	-38,2	-39,8
Certificados de fin de obra (número de vivendas)	8.788	4.376	2.708	-55,8	-50,2	-38,1
VPO obra nova. Vivendas iniciadas	942	438	107	-68,2	-53,5	-75,6
VPO obra nova. Vivendas rematadas	1.717	660	439	-24,1	-61,6	-33,5

VPO: Vivenda de protección oficial.

Fonte: Ministerio de Fomento

Cadro núm. 6**Indicadores de oferta. Vivendas iniciadas e rematadas**

	2009	2010	2011	2012	2013
Vivendas iniciadas (obra nova)					
A Coruña	2.591	2.188	1.862	1.163	846
Lugo	1.544	677	564	247	199
Ourense	637	242	359	166	189
Pontevedra	1.496	1.011	1.051	539	316
Galicia	6.268	4.118	3.836	2.115	1.550
España	110.849	91.662	78.286	44.162	33.869
Vivendas rematadas					
A Coruña	11.680	8.510	4.151	1.742	959
Lugo	4.087	3.865	1.447	1.584	699
Ourense	2.050	1.873	676	575	305
Pontevedra	7.668	5.618	2.514	475	745
Galicia	25.485	19.866	8.788	4.376	2.708
España	366.887	240.920	157.405	114.991	64.636

Fonte: Ministerio de Fomento

As tendencias recesivas afectan tamén á vivenda protexida (VP), cuxa evolución se mostra no cadro 7. Como se pode apreciar no citado cadro a presenza da VP en Galicia é meramente testemuñal, con 107 vivendas iniciadas e 439 finalizadas no ano 2013. En España a tendencia é tamén fortemente recesiva, aínda que a súa importancia relativa é maior que en Galicia, xa que o número de VP iniciadas (6489) multiplica por

60 o galego e por 38 o de VP finalizadas (16.799). A política de vivenda aparece fortemente condicionada polas limitacións económicas das administracións públicas, limitacións que se manifestaron en forma de atrasos nos pagamentos de subvencións, así como na cancelación da renovación dos subsidios aos tipos de interese concedidos en anteriores plans. En 2013 o Goberno central deseñou un conxunto de medidas que compoñen o novo plan de vivenda que cambia de xeito importante o enfoque das políticas anteriores, que buscaban incentivar a promoción e construción de VP, para centralo basicamente na promoción do aluguer e a rehabilitación. Este plan concibiuse en paralelo e complementariamente á Lei de medidas de flexibilización e fomento do aluguer de vivendas

Cadro núm. 7


Vivendas de protección oficial iniciadas e rematadas

	2011	2012	2013
VPO iniciadas			
A Coruña	469	98	78
Lugo	259	219	14
Ourense	121	27	11
Pontevedra	93	94	4
Galicia	942	438	107
España	34.282	17.155	6.489
VPO rematadas			
A Coruña	836	286	176
Lugo	96	189	237
Ourense	111	25	19
Pontevedra	674	160	7
Galicia	1.717	660	439
España	58.308	53.332	16.799

Fonte: Ministerio de Fomento

Gráfico 6

Demanda de vivenda en Galicia. Número de transaccións nas notarías



Cadro núm. 8**Indicadores de demanda de vivenda**

	Número de transaccións			Taxa de variación interanual (%)	
	2011	2012	2013	2012	2013
Galicia					
Notarios	16.109	16.304	11.875	1,2	-27,5
A Coruña	6.982	7.299	5.069	4,5	-31,0
Lugo	2.436	2.448	2.253	0,5	-8,8
Ourense	1.815	1.710	1.139	-5,8	-34,0
Pontevedra	4.876	4.847	3.414	-0,6	-29,3
Rexistradores	16.648	15.153	13.357	-9,0	-11,9
A Coruña	7.294	6.646	5.379	-8,9	-19,1
Lugo	2.356	2.002	2.292	-15,0	14,5
Ourense	2.006	1.707	1.514	-14,9	-11,3
Pontevedra	4.992	4.798	4.172	-3,9	-13,0
España					
Notarios	349.118	363.623	300.349	3,6	-17,4
Rexistradores	370.204	330.750	329.146	-10,7	-0,5

Fontes: Ministerio de Fomento. Estadística Registral Inmobiliaria

Cadro núm. 9**Transaccións de vivenda en notaría. Ano 2013**

	Número de transaccións		Taxa de variación interanual (%)	
	Nova	Usada	Nova	Usada
A Coruña	1.291	3.778	-62,7	-2,6
Lugo	1.029	1.224	-17,9	0,6
Ourense	232	907	-66,5	-12,1
Pontevedra	1.072	2.342	-43,1	-20,5
Galicia	3.624	8.251	-50,3	-9,1
España	56.377	243.972	-51,5	-1,3

Fonte: Ministerio de Fomento

do 4 de xuño de 2013 que promove un cambio de formulación no modelo de negocio inmobiliario, canalizándoo ao aluguer e á rehabilitación.

O Estado achegará 2421 millóns de euros ao novo Plan estatal de vivenda 2013-2016. Este plan ten como principais finalidades intentar corrixir o reducido tamaño do mercado de aluguer e mellorar o mal estado de moitas vivendas a través da rehabilitación, aumentando o número de beneficiarios das actuacións protexidas. As axudas ao aluguer concederanse en función da renda da unidade familiar, podendo chegar o seu importe ata os 200 euros mensuais. As axudas ao aluguer están especialmente dirixidas a persoas maiores de idade, existindo un límite de ingresos, que non deben superar o triplo do indicador público de renda de efectos múltiples, IPREM (532 euros ao mes ou 6390 euros ao ano), axustado en función do número de membros e composición da unidade de convivencia. En todo caso, o importe do aluguer non pode superar o importe de 600 euros mensuais. Por outra parte, as axudas á rehabilitación e rexeneración afectarán a inmobles de data de construción anterior a 1981, que deben constituír a vivenda habitual dos seus propietarios ou arrendatarios. Estes inmobles poderán obter un total de axudas de ata 11.000 euros para obras de conservación, mellora de eficiencia enerxética e accesibilidade. O plan pretende, así mesmo, a creación dun parque público de VP en aluguer cunhas axudas que terán un límite de

250 euros por metro cadrado útil e do 30% do custo da edificación, cun tope máximo de 22.500 euros por vivenda.

No ámbito galego en febreiro de 2014 o Goberno autonómico deu o visto e prace ao Plan estratéxico de rehabilitación de vivenda 2014-2016. Este plan estará dotado con 56,3 millóns de euros e nel perfilanse as directrices para o desenvolvemento


do plan estatal en Galicia, primando a rehabilitación de vivendas situadas en áreas rurais.

En 2013 a demanda de vivenda continúa sendo a materia pendente do mercado. Para que o sector se formule a posibilidade de promover novas obras, é necesario que o mercado absorba previamente as vivendas vendibles en existencia. Non obstante, en 2013 a demanda de vivenda, especialmente de primeira man, apenas conseguiu reducir o stock de vivendas novas á venda. O único dato positivo para a demanda provén do aumento do número de hipotecas constituídas no mes de marzo de 2014, aumento que rompe un refacho de caída continua que se prolongara 46 meses no conxunto de España.

Para medir a demanda dispoñemos de tres indicadores básicos: as compravendas nas notaría españolas, as transaccións inscritas nos rexistros da propiedade e os datos das hipotecas constituídas.³ Destes tres indicadores o máis inmediato é o rexistro

Gráfico 7

Índices de referencia no mercado hipotecario



³ O Consejo General del Notariado estima o número de transaccións levadas a cabo nas notaría e estes cálculos son publicados polo Ministerio de Fomento. O Colegio de Registradores de España compila as transaccións inscritas nos rexistros da propiedade na Estadística Registral Inmobiliaria, e estas cifras tamén se recollen nas series de compravenda de vivendas publicadas polo INE desde o ano 2007. O INE publica a estatística de hipotecas que recolle as hipotecas constituídas sobre bens inmobles; estes datos son subministrados polo servizo de Sistemas de Información do Colegio Oficial de Registradores de la Propiedad y Mercantiles de España.

notarial, xa que existe un desfase mínimo de tres meses entre o momento da compra-venda na notaría e o apuntamento desta nos rexistros da propiedade. Así, nas cifras que se reflicten a continuación hai que ter en conta que os datos notariais son máis actuais que os dos rexistradores.

En 2013 no conxunto de España obsérvase unha forte regresión das compras, co derrubamento do mercado de vivenda nova. Segundo os rexistros notariais, o número de vivendas intercambiadas en toda España foi de 300.349, 63.000 menos que o ano anterior (-17,4%). A caída é moi forte no mercado da vivenda nova, no que só se venderon 56.377 residencias, que representan menos da metade que no ano anterior. Pola súa banda, o mercado de segunda man só se reduce un 1,3% con 244.000 compravendas.

En Galicia, onde a vivenda nova ten maior peso no mercado (30,5%) que na media estatal (17,8%), a demanda experimentou unha caída maior que a española.

Cadro núm. 10

Valor medio das transmisións inmobiliarias de vivenda libre

	Euros			Taxa de variación interanual (%)	
	2011	2012	2013	2012	2013
A Coruña	135.923	123.417	118.074	-9,2	-4,3
Lugo	110.450	108.196	75.092	-2,0	-30,6
Ourense	108.398	117.542	95.331	8,4	-18,9
Pontevedra	148.469	132.054	126.720	-11,1	-4,0
Galicia	132.959	123.065	110.351	-7,4	-10,3
España	164.730	146.123	133.328	-11,3	-8,8

Fonte: Ministerio de Fomento

Cadro núm. 11

Hipotecas en terreos edificables urbanos. Vivendas construídas

	Número de hipotecas			Taxa de variación interanual (%)	
	2012	2013	2014*	2013	2014*
A Coruña	5.467	4.079	1.135	-25,4	-16,8
Lugo	1.485	1.006	159	-32,3	-51,8
Ourense	1.071	715	191	-33,2	-19,4
Pontevedra	4.295	3.298	659	-23,2	-34,1
Galicia	12.318	9.098	2.144	-26,1	-26,9
España	274.715	197.641	50.509	-28,1	-23,4

* Primeiro trimestre.

Fonte: INE

As 11.875 transaccións computadas polos rexistros notariais galegos supoñen un descenso do 27,5%, cunha caída do 50,3% na vivenda nova (3624 transaccións) e do 9,1% na vivenda usada (8251 operacións en toda Galicia). É de sinalar que en Galicia a retracción da demanda é semellante nas provincias da Coruña, Ourense e Pontevedra, con descensos de vendas entre o 29% e o 34%. En Lugo a demanda cae moito menos que no resto das provincias (-8,8%) e o mercado de segunda man experimenta unha mínima expansión do 0,6% que contrasta coas cifras negativas do resto das provincias galegas (cadros 8 e 9 e gráfico 6).

Como xa se comentou, as transaccións recollidas nos rexistros da propiedade e nas series de hipotecas constituídas en predios urbanos que se mostran nos cadros 8 e 11 reflicten, con certo atraso, as mesmas operacións recollidas nas transaccións notariais. En España os rexistros da propiedade apuntaron 329.146 compravendas en 2013; esta cifra supón un descenso de só o 0,5% respecto a 2012. A discrepancia cos datos notariais provén de que as series rexistradas imputan aos primeiros meses

do ano 2013, polo menos, parte do forte aumento de compravendas que se produciu nas notarías a finais do ano 2012, debido á supresión da desgravación fiscal e á suba do IVE que entraban en vigor en 2013. Esta serie apunta para Galicia un maior descenso da actividade do mercado, con 13.357 transaccións (-11,9% respecto ao ano anterior). O descenso é xeneralizado nas provincias, de novo coa excepción de Lugo, cuxas compravendas, tanto de vivenda usada como nova, aumentan máis do 14% segundo os datos dos rexistradores.

No cadro 11 reflíctense as hipotecas constituídas nos anos 2012, 2013 e o primeiro trimestre de 2014. En 2013 número de hipotecas asinadas en España foi de 197.641, cunha redución do 28,1%, e en Galicia de 9098, cun descenso do 26,1%. No primeiro trimestre de 2014 a tendencia negativa continúa con baixadas do 26,9% e do 23,4% en Galicia e España, respectivamente. Neste escenario de forte contracción da demanda o dato de hipotecas do mes de marzo de 2014 aparece como unha

Cadro núm. 12

Prezo medio da vivenda libre

	Euros/m ²		Taxa de variación interanual (%)	
	Galicia	España	Galicia	España
2012	1.264,2	1.588,1	-9,3	-8,7
2013	1.210,1	1.495,4	-4,3	-5,8
I trimestre	1.207,8	1.516,4	-7,3	-8,1
II trimestre	1.218,0	1.502,8	-5,9	-6,4
III trimestre	1.204,6	1.495,3	-4,1	-4,5
IV trimestre	1.210,0	1.466,9	0,5	-4,2
2014				
I trimestre	1.194,7	1.459,4	-1,1	-3,8

Fonte: Ministerio de Fomento

Cadro núm. 13

Prezo medio da vivenda libre. Detalle por provincias


	Euros/ m ²			Taxa de variación interanual (%)	
	2012	2013	2014*	2013/2012	2014/2013*
A Coruña	1.314,2	1.214,2	1.203,7	-7,6	-1,4
Lugo	930,1	884,4	813,8	-4,9	-10,2
Ourense	1.036,0	976,0	960,6	-5,8	-3,7
Pontevedra	1.293,2	1.268,9	1.264,0	-1,9	0,1

* Primeiro trimestre.

Fonte: Ministerio de Fomento

Gráfico 8

Oferta e demanda de vivenda nova e variación do stock en Galicia



luz de esperanza para o futuro do sector. Porque, en efecto, despois de 46 meses de caída interanual continuada, en marzo de 2014 constituíronse 16.625 hipotecas en España que supoñen un aumento do 2,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior. En Galicia o aumento foi maior e as 754 novas hipotecas nese mes representan un crecemento do 14,1%. Aínda que ben podería tratarse dun cambio illado e non dunha modificación permanente de tendencia, nun sector saturado de pésimos datos esta novidade crea unha expectativa positiva que, non obstante, haberá que confirmar en meses posteriores.


En relación coas hipotecas e os seus condicionantes financeiros, no gráfico 7 preséntase a tendencia en 2012, 2013 e os catro primeiros meses de 2014 do Euribor e do tipo medio aplicado pola banca aos préstamos hipotecarios. Pódese apreciar que nos últimos nove meses o tipo hipotecario experimenta unha lixeira tendencia á baixa que o leva desde o 3,47% en agosto de 2013 ao 3,18% en abril de 2014. Entre as mesmas datas, o seu diferencial co Euribor cae desde 2,93 ata 2,57 puntos. Grazas a iso, a cota dos créditos hipotecarios redúcese lixeiramente en 2014, fixándose en 483 euros mensuais para o crédito-tipo formulado no gráfico 7. Coa baixada do tipo de xuro de redesconto ata o 0,15% levada a cabo polo Banco Central Europeo (BCE) a principios do mes de xuño, é de esperar que o Euribor se reduza nalgunha medida e que tamén o fagan os tipos hipotecarios. Así, as condicións financeiras medidas polos tipos de interese son favorables para a compra de vivenda e, en teoría, aumentan a accesibilidade. Non obstante, o problema xa non é tanto de carestía do crédito coma

de posibilidade de acceder a este. Ata o momento, a banca española, lastrada polo seu elevado endebedamento, limita o fluxo de crédito a persoas en boa posición económica, co que, a pesar dos baixos tipos, a maioría dos potenciais adquirentes non teñen acceso real aos préstamos hipotecarios. Ademais da baixada do tipo básico, en xuño de 2014 o BCE adoptou un conxunto de medidas tendentes a aumentar a liquidez que teñen por obxectivo romper esta situación e aumentar o volume de financiamento ofrecido pola banca. Nos meses vindeiros poderemos ponderar se a escaseza de crédito é debida ás restricións de liquidez sufridas pola banca ou se o problema radica máis na solvencia dos demandantes.

En relación cos indicadores financeiros relativos ao mercado da vivenda, segundo apunta o Banco de España, o crédito hipotecario total representaba o 74,6% do PIB en marzo de 2014, cunha caída de case nove puntos nun ano. A maior parte desta diminución débese a cancelacións do saldo vivo do crédito á promoción, xa que o saldo do crédito aos fogares para adquisición de vivendas representa aproximadamente un 59% do PIB na mesma data e caeu só tres puntos porcentuais nos últimos doce meses. Por outra parte, segundo datos do Banco de España, o volume de novo crédito hipotecario aos fogares descendeu a un ritmo crecente ata finais de 2013, alcanzando unha taxa interanual do -4,56% en decembro, que supón o maior descenso nos 221 meses que desde 1995 cobre esta serie. A partir de xaneiro de 2014, o ritmo de caída desta variable modérase lixeiramente e en marzo a taxa de variación interanual sitúase

Gráfico 9

Prezo medio da vivenda nova nas sete cidades galegas (€/m²)



en -4,01%. Por outra parte, o número total de préstamos hipotecarios formalizados polas entidades de crédito en 2013 foi de 154.115, que supoñen unha caída do 28% respecto a 2012, cifra que é coherente coas tendencias mostradas pola evolución das hipotecas vista anteriormente. Ademais, a *ratio* de créditos dubidosos aos fogares aumentou ata o 5,99% en decembro de 2013, dous puntos máis que a existente un ano antes. De novo, os datos financeiros revelan a profunda crise de demanda que experimenta o mercado da vivenda, crise que retarda enormemente a absorción do stock de vivendas non vendidas, que é unha condición necesaria para o comezo da recuperación da actividade.

No gráfico 8 ofrécese unha estimación do stock de vivendas non vendidas en Galicia. Nel compáranse para Galicia as compras de vivenda nova computadas nas notaría coas vivendas rematadas, deducidas destas as vivendas autopromovidas ou en réxime de cooperativa. Obsérvase que o stock se reduciu en 1000 vivendas en 2013; no conxunto de España, pola contra, o mesmo cómputo ofrece un aumento de 1300 vivendas non vendidas no mesmo período. Para Galicia este é o segundo ano consecutivo de caída do stock de vivendas, aínda que o ritmo de absorción diminuíu respecto a 2012. Nos dous últimos anos o número de vivendas novas non vendidas no mercado inmobiliario galego reduciuse en 4000 residencias. Esta redución prodúcese debido á estrepitosa caída da oferta de vivenda nova nos últimos anos, e non a un crecemento da demanda. É necesario que a demanda progrese a maior ritmo para absorber o stock de vivenda, que en 2011 estimabamos en 35.000 vivendas en Galicia e que na

actualidade debe situarse por debaixo das 30.000. Como vimos, parte da esperanza de recuperación da demanda vén das medidas expansivas recentemente tomadas polo BCE, pero por si soas estas melloras financeiras non serán suficientes para recobrar as vendas e, probablemente, o mercado necesite que os prezos continúen axustándose á baixa como única panca dispoñible no mercado para estimular a compra.

En consonancia coa depresión da demanda vista anteriormente, a deflación domina os mercados inmobiliarios. A totalidade das diversas fontes existentes para estimar a evolución dos prezos da vivenda presentan números

vermellos tanto en España coma en Galicia, se ben a caída de prezos é menor no caso galego (cadros 12, 13 e 14 e gráfico 9). Segundo as estimacións do Ministerio de Fomento elaboradas pola empresa ATASA, en 2013 a vivenda libre, cun prezo de 1495 €/m², abaratouse un 5,8%, manténdose a tendencia nos primeiros tres meses de 2014 cun descenso interanual do 3,8%. O prezo medio da vivenda galega en 2013

Cadro núm. 14

Índice de prezos da vivenda. Taxas de variación interanual (en %)

	2012	2013	2013			2014
			II trim.	III trim.	IV trim.	
Galicia						
Xeral	-13,0	-11,2	-13,0	-7,1	-10,9	-3,7
Vivenda nova	-12,3	-11,0	-12,6	-6,8	-12,3	-3,7
Vivenda usada	-14,3	-11,5	-13,6	-7,3	-9,5	-2,7
España						
Xeral	-13,7	-10,6	-12,0	-7,9	-7,8	-1,6
Vivenda nova	-12,3	-10,4	-12,7	-7,9	-8,0	-1,1
Vivenda usada	-14,8	-10,9	-12,1	-8,0	-7,7	-1,7

Fonte: INE

Cadro núm. 15

Accesibilidade á vivenda (referida á compra dunha vivenda de 100 m²)

Ano	Anos de salario necesarios para a compra dunha vivenda		Proporción da renda familiar que hai que pagar por un crédito de 25 anos (%)			
	Galicia	España	Un salario		Salario ponderado	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
2009	7,5	8,6	36,0	41,5	22,5	27,7
2010	7,3	8,2	32,7	36,7	21,8	26,2
2011	7,0	7,7	33,3	36,7	23,8	28,2
2012	6,5	7,0	31,3	33,8	23,2	27,0
2013	6,1	6,6	29,1	31,6	22,4	26,3

Fontes: Ministerio de Fomento, Índice de Costes Laborales, INE e elaboración propia

foi de 1210 €/m², resultado dun abaratamento do 4,3%, mentres que no primeiro trimestre de 2014 a caída se reduciu ao 1,1%. Tanto en España como, especialmente, en Galicia, o descenso desacelerouse en 2013; non obstante, non parece que os prezos tocasen fondo aínda. Se observamos o axuste desde o momento no que os prezos alcanzaron cotas máximas (anos 2007-2008), vemos que no conxunto de España o prezo medio de 2013 supón unha caída do 27,8%, mentres que para Galicia o axuste desde máximos é do 22%. Pontevedra, cunha caída do 25,6%, é a provincia cunha baixada máis forte, mentres que en Ourense o prezo só descendeu un 16,4% desde o máximo. Como veremos na análise da accesibilidade, o custo da vivenda aínda parece demasiado elevado con respecto á renda das familias, polo que probablemente os prezos continúen caendo no futuro próximo. As estimacións de ATASA do prezo da vivenda nova non ofrecen demasiadas garantías pola escaseza de taxacións nas que se basean. A Sociedad de Tasación (ST), alternativamente, ofrece estimacións para o prezo da vivenda nova en capitais de provincia. Segundo a ST, en 2013 o prezo medio da vivenda nova en capitais españolas era de 2070 €/m² que supón un descenso do 7,9% respecto a 2012. En Galicia, a ST estima un prezo medio de 1502 €/m², cunha caída interanual do 4,5%. Pódese observar que a tendencia é similar á proposta por ATASA: caída de prezos en España e Galicia, pero menor deflación galega. Por outra parte, se observamos a evolución de prezos desde máximos, a ST indica un axuste moito maior para a vivenda nova española respecto á galega: o prezo medio nacional descendeu un 28,3% desde máximos, mentres que a vivenda a estreir galega reduciu o seu custo só un 16,8%. No gráfico 9 preséntanse as estimacións ST do prezo da vivenda libre nova nas sete maiores cidades de Galicia. A vivenda máis cara é a da Coruña, con 1662 €/m² en 2013, seguida por Santiago (1507 €/m²), sendo a de Ferrol a vivenda máis barata (1175 €/m²). Nas sete cidades a vivenda nova baixou de prezo, con Vigo e Pontevedra como as cidades de maior deflación (-9,8% e -9,4%, respectivamente), mentres que en Lugo e Santiago a caída é máis moderada (-2,4% e -2,6%). Se consideramos o axuste desde o comezo da crise, Vigo é a cidade onde os prezos reaccionaron

con maior rapidez, caendo un 28,5% desde máximos, mentres que a vivenda lucense é a que experimentou unha menor caída (12,7% desde máximos).

Ademais dos mencionados anteriormente, podemos analizar outros indicadores do custo da vivenda. Nos cadros 10 e 14 preséntanse dúas estimacións extraídas das transmisións de vivendas formalizadas nas notaría. No cadro 10 reflíctese o valor medio declarado nas compravendas notariais. Este valor foi de 110.351 euros en Galicia e de 133.328 euros en toda España, cifras que supoñen descenso interanuais do 10,3% e do 8,8% respectivamente. O valor declarado ante notario debe tomarse como un indicador de tipo cualitativo xa que, por unha parte, non reflicte o custo do metro cadrado e, por outra, podería estar afectado por rumbos á baixa derivados da posible existencia de infravaloracións nos documentos de compravenda. Tendo en conta estes problemas, baseándose nos valores notariais, o INE elabora un índice de prezos da vivenda (IPV) que se presenta no cadro 14. Segundo esta estimación, e en contra do proposto por ATASA e a ST, a vivenda galega, tanto a usada coma a nova, resulta lixeiramente máis deflacionista que a española. Así, en 2013 o custo da vivenda galega baixaría un 11,2%, por un 10,6% a española, sendo moi similares á media os descenso no segmento usado e novo en ambos os dous casos. Segundo este indicador, no primeiro trimestre de 2014 a caída de prezos modérase, especialmente en España, cunha caída interanual do 1,6%, mentres que en Galicia o índice xeral cae un 3,7%.

A Estadística Registral Inmobiliaria, publicada polos rexistradores de España, ofrece outra estimación indirecta do custo da vivenda. Esta publicación mostra en 2013 un descenso do importe medio de crédito hipotecario por metro cadrado comprado do 1,4% para Galicia e do 12,1% para España. Esta medida débese usar só en termos cualitativos xa que se ve afectada non só polo prezo do m², senón tamén pola taxa de cobertura do crédito solicitado sobre o custo total; non obstante, serve para completar a panorámica da evolución do custo da vivenda e confirmar os procesos deflacionistas que afectan ao mercado inmobiliario español.

A pesar do abaratamento da vivenda, en 2013 a súa compra aínda parece supoñer un esforzo excesivo para os potenciais demandantes. O cadro 15 mostra o cálculo de accesibilidade á vivenda⁴ baseado en dous tipos de indicadores: no primeiro deles, cociente PR, tense en conta o custo real da vivenda en termos de tempo de traballo necesario para pagala; no segundo indicador relaciónase o custo do crédito hipotecario coa renda familiar. O cociente PR (relación prezo da vivenda/renda salarial) sinala que en 2013 un asalariado medio galego necesitaba dedicar 6,1 anos de traballo para pagar unha vivenda de 100 m². Isto supón unha redución de case cinco meses respecto a 2012. En España o custo real dunha vivenda en 2013 foi de 6,6 anos de traballo,

⁴ No cadro 15 calcúlase a proporción de renda que unha familia debe dedicar á compra dunha vivenda de 100 m² construídos. Valórase o importe das cotas dun crédito de 25 anos financiando o 80% do importe da vivenda ao prezo medio de cada ano. O custo da vivenda estimouse a partir das series de prezos do Ministerio de Fomento e os ingresos familiares obtivéronse da Encuesta Trimestral de Coste Laboral elaborada polo INE.

cunha redución semellante á experimentada en Galicia. A pesar desta caída, hai que ter en conta que o índice PR está aínda lonxe do que se considera o seu valor de longo prazo, que se estima no rango de catro a cinco anos de salario. Así, supoñendo que se mantivesen os actuais niveis de renda, os prezos deberían reducirse entre o 20% e o 25% para que o custo dunha vivenda-tipo se situase no cociente PR de equilibrio.

O indicador de accesibilidade financeira á vivenda sinala que, ao tipo de xuro hipotecario de 2013, unha familia media galega perceptora dun só salario debería destinar ao pagamento das cotas o 29,1% dos seus ingresos. En España esta proporción aumenta ata o 31,6% (cadro 15). Se ponderamos os ingresos, tendo en conta que por termo medio cada familia percibe algo máis dun salario, obtemos que a proporción de renda familiar absorbida polos pagamentos das cotas se reduce ata o 22,4% en Galicia e ao 26,3% no conxunto de España. Estes valores melloran a accesibilidade financeira ata situala nos niveis de comezo de século. Non obstante, no actual contexto de crise a teórica mellora da capacidade de pagamento perdeu o significado que tiña no ano 2000, cando o crédito fluía libremente, xa que na actualidade o problema básico para o acceso ao crédito é de solvencia. Desta forma, a mellora na accesibilidade só se poderá traducir nun aumento efectivo da demanda se simultaneamente se desbloquea o fluxo de crédito por parte da banca. Na gráfica 7 obsérvase que o tipo hipotecario se reduciu lixeiramente na segunda metade de 2013, e é de esperar que as recentes medidas do BCE o minoren aínda un pouco máis en 2014. Non obstante, o percorrido á baixa dos tipos de interese parece bastante limitado polo reducido nivel en que xa se encontran. De modo que ulteriores melloras da accesibilidade que estimulen a demanda deberán basearse fundamentalmente na baixada dos prezos e/ou o aumento das rendas, pero a curto prazo parece moi improbable que os ingresos familiares aumenten significativamente na actual situación de depresión económica.

Demanda pública de obras

Segundo as cifras ofrecidas por SEOPAN no ano 2013 o importe licitado polas administracións públicas foi de 9,17 mil millóns de euros. Esta cifra supón un aumento real do 24,1% sobre os 7,4 mil millóns licitados o ano anterior. O aumento explícase polo crecemento do 34,7% nas obras civís (sete mil millóns de euros), mentres que a edificación, con 2,17 mil millóns, se mantivo respecto a 2012. A Administración estatal é a que realiza a maior parte do gasto (44%), seguida pola local (29%) e a autonómica (27%). En cifras relativas á poboación, a licitación en 2013 supuxo 203 euros por español, aumentando en 35 a *ratio* do ano anterior. Para facerse unha idea da profunda recesión do gasto público, abonda dicir que a media española da licitación no período 2007-2010 foi de 815 €/habitante, catro veces máis que a *ratio* de 2013. Mentres que nos anos 2011 e 2012 no conxunto de España o gasto se derrubaba, a licitación por habitante en Galicia case duplicaba a media española,

Cadro núm. 16**Licitación oficial en Galicia**

	Miles de euros			Taxa de variación interanual Galicia (%)*		Taxa de variación interanual España (%)*	
	2011	2012	2013	2011/2012	2012/2013	2011/2012	2012/2013
Edificación	202.933	101.050	208.918	-50,41	107,91	-48,67	-0,42
Obra civil	1.352.871	1.336.949	438.209	-1,81	-66,90	-44,54	34,72
Administración central	1.088.070	1.253.104	334.298	14,62	-73,14	-58,26	48,44
Administración autonómica	264.519	89.924	164.581	-66,17	84,28	-38,61	13,15
Administración local	203.215	94.971	148.249	-53,49	57,18	-30,46	7,46
Total	1.555.804	1.437.999	647.127	-8,01	-54,69	-45,77	24,10
Galicia / España (%)	11,39	19,32	7,05	-	-	-	-

* Euros constantes.

Fonte: SEOPAN

pero en 2013 a licitación per cápita galega é só algo superior á media española, sendo Castela e León, Aragón e Extremadura as comunidades que presentan maiores coeficientes (cadros 16, 17 e 18 e gráficos 10, 11 e 12).

En 2013, a licitación real levada a cabo en Galicia caeu por debaixo do nivel do ano 2000 por primeira vez no que vai de século (gráfico 10). Neste ano o gasto levado a cabo polas administracións públicas en Galicia foi de 647 millóns de euros, que representa menos da metade da cifra do ano anterior e un descenso real do 54,7%. Aínda que no conxunto de España a licitación aumenta, a caída de participación ata o 7% da comunidade galega nesta, xera este brusco cambio. Se ben as obras de

Cadro núm. 17**Licitación (en miles de euros). Ano 2013**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Edificación	76.592	8.710	84.736	38.880
Obra civil	187.518	58.438	30.010	91.465
Administración central	94.409	48.668	33.779	86.663
Administración autonómica	74.998	8.775	71.392	9.415
Administración local	94.703	9.705	9.574	34.267
Total	264.110	67.148	114.745	130.345
% sobre o total de Galicia	40,81	10,38	17,73	20,14
Taxa de variación 2013/2012 (euros constantes) (%)	41,19	71,21	-88,73	-18,87

Nota: En 2013 a licitación asignada a varias provincias ascende a 70,8 millóns de euros.

Fonte: SEOPAN

Gráfico 10

Licitación oficial. Valores deflactados (Base 2000 = 100)





Gráfico 11

Licitación nas comunidades autónomas (euros por habitante). Ano 2013



edificación, con 209 millóns, se duplicaron, a caída do 67% no importe licitado de obra civil é a causante do derrubamento da licitación; este descenso localízase nos investimentos realizados na provincia de Ourense, cuxo importe pasa de máis de mil millóns en 2012 a 114,7 millóns en 2013 (descenso do 89%) (cadro 17). Observando a descomposición da demanda de obras entre administracións (cadros 16 e 17) apréciase que a Administración central, a pesar da súa forte caída (-73%), segue realizando a maior parte do investimento (52%). Por outro lado, o aumento do 84% na licitación autonómica en 2013 lévaa a representar o 25% da demanda pública de obras galega; e, por último, a Administración local, cun aumento do 57%, realiza o 23% do gasto. Se observamos o investimento en termos relativos á poboación e á extensión, apréciase que Galicia se sitúa lixeiramente por enriba da media, cunha licitación per cápita de 233 euros en 2013, que, non obstante, significa unha forte caída respecto ás *ratios* de 2011 (561) e 2012 (519) (cadro 18 e gráfico 11).

Aínda que a licitación aumentou no conxunto de España en 2013, os niveis reais e relativos de gasto mantivéronse en mínimos e, neste ano, prodúcese a segunda cifra máis baixa de licitación por habitante no que vai de século. Galicia, que os dous

anos anteriores se salvara grazas ás obras ferroviarias, incorpórase en 2013 á tendencia fortemente decrecente do ámbito estatal, significando este ano un mínimo no importe licitado desde o ano 2000. As expectativas da obra pública para 2014 non son favorables polo recorte dos investimentos reais previsto tanto polo Goberno central coma pola Xunta de Galicia. Nos Presupostos Xerais do Estado de 2014 prevense uns investimentos reais por un importe de 3249 millóns de euros, o que supón unha redución de 650 millóns de euros respecto a 2013. O Ministerio de Fomento, principal xerador da demanda de obra pública, prevé uns investimentos reais en toda España de 1803 millóns de euros, que representan un descenso nominal do 29% respecto aos 2539 presupostados en 2013. En Galicia o Ministerio de Fomento presuposta un gasto de 170,5 millóns en 2014, que supón un descenso nominal do 28% respecto aos 236,7 millóns do presuposto de 2013. Por outra parte, o orzamento global da Xunta para 2014 é

Cadro núm. 18


Licitación por habitante e km². Ano 2013

	Euros/habitante	Euros/km ²
Andalucía	153,5	14.176,1
Aragón	413,9	11.258,3
Asturias	292,2	29.723,1
Baleares	185,0	38.026,6
Canarias	130,5	36.338,2
Cantabria	299,4	32.425,9
Castela e León	441,7	11.861,2
Castela-A Mancha	97,7	2.437,7
Cataluña	184,7	41.701,3
C. Valenciana	124,8	26.151,3
Estremadura	374,6	9.814,4
Galicia	233,4	21.985,7
Madrid	146,7	111.629,7
Murcia	177,5	21.835,5
Navarra	153,7	8.938,5
País Vasco	288,3	85.035,5
A Ríoxa	362,7	22.261,9
Ceuta e Melilla	252,3	1.151.678,6
España	202,9	18.172,4

Fonte: SEOPAN e INE

Gráfico 12

Evolución da licitación (euros correntes por habitante)



de 8391 millóns de euros, o que supón unha redución de 89 millóns (1,1%) respecto a 2013. Pero o descenso do gasto en operacións de capital é superior ao do conxunto das contas. Así, en 2014 prevese un gasto de 1.261,5 millóns de euros en infraestruturas de comunicación e transporte e de ordenación do territorio entre outros investimentos reais; esta cifra implica un descenso do 7,4% respecto aos 1.362,5 millóns de euros presupostados en 2013. Así pois, un ano máis, hai que concluír que as expectativas para o sector construtor tanto en España coma en Galicia non son optimistas, debido tanto á prolongación da depresión dos mercados inmobiliarios, como ás restricións orzamentarias que pesan sobre a demanda de obras públicas.

The background image is a blue-tinted photograph of a modern building's interior. It features a wide staircase with a glass railing, a large window, and a ceiling with recessed lighting. The overall aesthetic is clean and architectural.

VI. Servicios


Os servizos en Galicia

O ano 2013 tampouco foi un bo exercicio para os servizos. Tanto en Galicia (-1,4%) como no conxunto de España (-0,5%), as primeiras estimacións da contabilidade trimestral mostran un descenso no VEB da actividade terciaria. Con semellante resultado, o sector encadea xa dous anos consecutivos en recesión, tras a caída experimentada no 2012. Observando o gráfico 1, apréciase como o comportamento dos servizos en Galicia foi peor que no conxunto do Estado en ambos os exercicios. Unha posición que, non obstante, se inverte cos datos aínda provisionais do primeiro trimestre de 2014.

Tamén se aprecian signos de cambio de tendencia no perfil trimestral da actividade a partir do segundo trimestre de 2013. Ben é certo que as taxas de crecemento acadadas aínda se moven por debaixo dos rexistros da segunda metade do ano 2010, e moi afastadas dos valores anteriores á crise. Mais, sen dúbida, o máis relevante é que

Gráfico 1

Variación do VEB nos servizos. Taxa de variación interanual (en %)




o VEB dos servizos, tanto na economía galega como na española, volve aos rexistros positivos no primeiro trimestre de 2014. Faino, ademais, con forza, xa que a taxa de crecemento sobre o mesmo período do ano anterior foi de 1,8% en Galicia, e dun 0,8% para España no seu conxunto.

Os efectos de semellante comportamento fixéronse notar no mercado de traballo galego, polo singular protagonismo que as actividades terciarias teñen nel. Cando 2013 rematou, 710.300 persoas estaban ocupadas nalgunha das ramas dos servizos, o que representa o 70,8% do total de ocupados en Galicia. Desde o comezo da crise no ano 2008 ata a actualidade, este sector perdeu 49.000 empregos, unha cifra que apenas supón o 22% dos 219.000 postos de traballo que se perderon en Galicia. Así pois, pódese afirmar que, en termos comparativos, o emprego neste sector sufriu un menor castigo que outras ramas como a industria ou a construción ao longo desta crise. Malia este aspecto, o trazo diferencial é a forte concentración desta perda de ocupados nos dous últimos exercicios.

Desde o primeiro trimestre de 2012 ata hoxe, foron 27.600 os empregos que se perderon nos servizos, o que equivale a que nestes últimos nove trimestres se destruíu máis da metade (56,3%) de toda a ocupación que se perdeu desde o inicio da crise nas actividades terciarias. En contraposición, neste mesmo período, os outros sectores rexistraron unha perda de 46.600 ocupados, que supón pouco máis da cuarta parte (27,4%) dos 170.400 empregos destruídos desde o inicio da crise (segundo trimestre de 2008).

Gráfico 2

Ocupados nos servizos. Taxa de variación interanual (en %)




O gráfico 2 mostra o comportamento seguido pola ocupación nos servizos nos dous últimos anos tanto en Galicia como no conxunto español. Pódese apreciar como en ambos os espazos a destrución de emprego toca fondo no segundo trimestre de 2012, cando a taxa anual de destrución do emprego cae ata o -3,5%. Non obstante, é partir desta data cando son máis evidentes os síntomas de mellora do mercado de traballo nos servizos. Unha mellora que se traduce nunha continuada diminución das taxas negativas, ata rematar no primeiro trimestre de 2014 cun resultado lixeiramente positivo na ocupación dos servizos en España (0,2%). Non ocorre o mesmo en Galicia onde, aínda que tamén se aprecia esta mellora na ocupación, faino máis amodo. O resultado é que o primeiro trimestre de 2014 continúa pechando cunha taxa de variación sobre o ano anterior de signo negativo (-0,9%).

Unha vez descontados os efectos da suba do IVE en setembro de 2012, os prezos do sector servizos recuperaron no último trimestre de 2013 a tendencia á baixa, seguindo a senda que vén manifestando o IPC xeral. Como se pode apreciar no gráfico 3, as actividades terciarias, excluindo o aluguer de vivenda, pecha o ano cunha taxa positiva do 0,3%, inferior en dúas décimas á rexistrada polo IPC xeral, tamén sen alugueiros de vivenda.

O IPC dos tres primeiros meses de 2014 prolonga esta tendencia á baixa que, por vez primeira desde o comezo da crise, rexistra unha taxa de variación negativa (-0,3%) sobre marzo de 2012. Finalmente, o último dato positivo do pasado mes de abril do 2014 (0,5%) non logra disipar, polo momento, os temores de que a deflación se poida instalar tamén neste sector.

Gráfico 3

IPC en Galicia. Taxa de variación interanual (en %)



O perfil temporal da evolución nos prezos do sector servizos non foi o mesmo nos primeiros anos da crise, que nesta última fase. No ano 2008 e sobre todo no 2009, a variación dos prezos mostraba unha unha forte rixidez á baixa, mantendo unhas taxas medias de crecemento anual en Galicia do 3,9% no ano 2008 e do 2,6% no 2009. En contraste, o IPC xeral, que daquela se mantiña nun valor elevado (4,2% no 2008), cae ata alcanzar taxas negativas (-0,6%) no 2009, froito, sen dúbida, do brusco descenso na demanda e a forte contracción da produción na primeira fase da crise. Agora existe un evidente paralelismo na traxectoria seguida por ambos os indicadores, que nos últimos seis meses, acadan uns rexistros historicamente baixos.

Perfil sectorial da actividade

O ritmo da recuperación da actividade terciaria virá marcado pola fortaleza do consumo das familias que contribúe co 62% á demanda interna. No ano 2013 esta magnitude agregada alcanzou segundo o IGE un valor de 34.290 millóns de euros correntes, unha cifra moi semellante á que tiña antes do estoupido da crise no ano 2007 (34.270 millóns de euros). No conxunto da economía española, os primeiros síntomas de que se está deixando atrás a recesión comezaron no segundo semestre do 2013, cando, por fin, o consumo dos fogares encadea dous trimestres consecutivos con valores de signo positivo. En contraste, o consumo das familias galegas que pecha o cuarto trimestre de 2013 cunha caída do 0,9%, non incorporándose aínda a este crecemento positivo, como acaba de confirmar o descenso do 0,8% no primeiro trimestre de 2014. Con este novo resultado xa van 17 trimestres de caída continuada desta compoñente, sen dúbida ningunha, a máis importante da demanda interior.

Cadro núm. 1

VEB nas ramas dos servizos. Taxas de variación interanuais (en %)

Índices de volume encadeados e corrixidos dos efectos de estacionalidade e calendario

	2011	2012	2013	2013				
				IV trim.	I trim.	II trim.	III trim.	IV trim.
Servizos	0,4	-0,5	-1,4	-1,2	-2,6	-1,8	-0,8	-0,3
Comercio, transporte e hostalería	0,7	-1,6	-3,1	-2,9	-5	-3,6	-2,5	-1,4
Información e comunicacións	-3,0	-2,2	-1,4	-2,1	-5,2	-1,5	-0,4	1,7
Actividades financeiras e de seguros	-3,5	1,0	-3,5	-1,0	-4,5	-5,4	-1,2	-2,6
Actividades inmobiliarias	3,7	1,2	0,3	0,4	-0,6	0,0	0,8	1,0
Actividades profesionais	-2,6	-0,7	-1,4	0,7	-2,2	-1,9	-0,6	-1,0
Administración pública, sanidade e educación	1,5	-0,6	-0,3	-3,9	-1,0	-1,1	-0,7	1,6
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-2,8	2,4	2,3	5,2	3,4	2,5	1,6	1,7
Servizos non de mercado	0,9	-2,3	0,1	-5,4	-0,6	-0,7	-0,6	2,4

Pola súa banda os gastos das administracións públicas tamén acusan o impacto das duras políticas de contención fiscal aplicadas polo executivo galego, pasando dunhas taxas anuais de crecemento que superan o 5% no primeiro trimestre de 2009 a valores próximos a cero ou negativos desde o primeiro trimestre de 2010. O consumo público, que supón o 20% da demanda interna, inicia tamén unha senda de moderada recuperación a partir de finais de 2012, para rematar o ano 2013 cunha taxa de variación interanual de signo positivo (0,4%).

Neste escenario, non resulta sorprendente que a maioría das ramas que integran os servizos de mercado experimenten caídas no seu VEB no 2013, segundo acreditan os resultados aínda provisionais da contabilidade trimestral que publica o IGE, e se reflicten no cadro 1. As excepcións foron as actividades inmobiliarias (0,3%) e as actividades artísticas, recreativas e outros servizos que creceron un 2,3%. Así, o VEB das ramas máis estreitamente vinculadas ao consumo familiar, comercio, transporte e hostalería retrocederon un 3,1% respecto de 2012. Por outra banda, as actividades financeiras (-3,5%), de información e comunicacións (-1,4%) e actividades profesionais (-1,4%), que son as que agrupan moitos dos servizos á produción e ás empresas, tampouco mostraron signos de recuperación.

O mercado de traballo nos servizos

En canto ao emprego no sector servizos, xa dixemos que 2013 pechou cunha nova caída da ocupación no terciario galego (-1,9%). En concreto, a cifra de ocupados retrocedeu en 13.900, unha cantidade que é algo máis da metade da perda de ocupados que sufriron os restantes sectores (-26.700).

A distribución por xénero desta perda de empregos mostra un reparto bastante equilibrado entre ambos os sexos, aínda que no balance de 2013 se aprecia unha taxa de descenso na cifra de ocupados sobre o ano 2012 lixeiramente superior nos homes (-2%) fronte ás mulleres (-1,8%). Un resultado coherente coa elevada taxa de feminización (55,7%) que tradicionalmente rexistran os servizos, comparativamente co emprego no resto dos sectores que forman o tecido produtivo galego, nos cales a ocupación feminina tan só alcanza o 27,1%.

No cadro 2 pódese observar a variación no último ano da ocupación para cada un dos 11 grupos de actividades terciarias dentro da CNAE09 que distingue a EPA. Apréciase como no conxunto de Galicia tan só catro ramas aumentan o seu número de ocupados neste último ano: hostalería (9,1%), información, comunicacións, actividades artísticas e de entretemento (16,8%) e actividades financeiras e de seguros (4,9%). En dous, practicamente, non varía: transporte e almacenamento (0%) e venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas (0,1%). Finalmente, as cinco restantes son as que rexistran unha perda de emprego no ano 2013.

Entre estas hai que subliñar o efecto que os recortes orzamentarios aplicados pola Xunta tivo sobre a ocupación nos sectores cunha maior presenza da xestión pública: sanidade, educación e Administración pública. Este impacto traducíuse nunha perda

Cadro núm. 2

Variación anual (en %) dos ocupados do sector servizos. Ano 2013

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	1,2	-0,3	-1,0	0,2	0,1
Comercio por xunto e ao retallo	-5,3	-1,0	0,5	-2,4	-8,1
Transporte e almacenamento	-1,0	-1,0	-0,3	2,2	0,0
Hostalería	4,2	1,5	-0,7	1,2	6,1
Información, comunicacións, actividades artísticas, recreativas e de entretemento	2,5	0,1	0,4	2,8	5,8
Actividades financeiras e de seguros	1,4	0,4	-0,1	-0,8	1,0
Actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares	1,0	-0,6	-0,2	-0,6	-0,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	-1,1	0,3	-0,1	-2,1	-3,1
Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	-0,9	-0,2	-1,1	-0,8	-3,0
Educación	-4,6	0,6	-0,2	-1,3	-5,5
Actividades sanitarias e de servizos sociais	-2,3	-1,1	0,2	-1,8	-5,0
Outros servizos	-0,2	-0,5	0,7	-1,8	-1,8
Servizos	-5,1	-1,8	-1,9	-5,2	-13,9
Resto de sectores	-14,6	-2,7	-7,2	-2,0	-26,7
Total	-19,7	-4,7	-9,2	-7,2	-40,8

Fonte: EPA, INE

de 13.500 empregos; xusto a metade dos que perde o sector servizos no pasado ano. Este comportamento reproducéase en todas as provincias, aínda que son A Coruña, que perde uns 7800, e Pontevedra, con 3900, as máis castigadas.

Outros sectores que tamén experimentan unha notable redución na súa cifra de empregados son: o comercio por xunto e ao retallo (-5,2%); actividades profesionais, científicas e técnicas (-7,4%) e outros servizos (-2,7%).

Para ver o que está ocorrendo no 2014, é preciso comparar estes resultados do 2013 cos do primeiro trimestre de 2014 e xa se poden apreciar algúns cambios que merecen ser salientados. En efecto, apréciase un ritmo menor de destrución de emprego, aínda que esta continúa en Galicia no comezo do novo ano. Por provincias, practicamente toda a diminución dos ocupados se concentra nas provincias da Coruña (-2,3%) e Pontevedra (-1,5%). Lugo apenas si sofre unha lixeira perda (-0,3%) e Ourense é a única que rexistra un crecemento positivo do 1,1%.

Por sectores, esta recuperación asoma nas actividades máis vinculadas aos servizos non de mercado que agora experimentan un aumento de 6600 empregos, en contraste co ano 2013. Crecen en todas as provincias agás na Coruña, onde se prolonga a destrución de emprego. Tamén hai que subliñar que nin o comercio (-5,6%), nin a hostalería (-4,4%) ofrecen síntomas de recuperación do emprego. En cambio son os servizos máis estreitamente vinculados ás empresas e á produción, como as actividades


financeiras e seguros (3,8%) e os servizos profesionais, científicos e técnicos (4,1%), os que empezan a crear emprego neto.

Os datos do paro rexistrado referidos ao mes de abril do 2014 mostran que o 60% dos 270.000 parados inscritos nas oficinas de emprego de Galicia o estaban nalgunha rama dos servizos.

Tamén hai que subliñar, coas debidas cautelas polo distinto calendario da Semana Santa, que a cifra total de parados rexistrados diminúe en Galicia en 20.315 (-7,2%) en relación ao mesmo mes do ano anterior; mais faino, sobre todo, no resto de sectores e no colectivo de parados sen emprego anterior que diminúen en 12.138 (-10,2%). En cambio, no conxunto dos servizos é menor esta redución uns 8177 (-4,8%). Semellante comportamento reproducése en todas as provincias, aínda que é nas do interior, Lugo (-5,5%) e Ourense (-5,6%), onde a caída do paro é lixeiramente superior ao medio de Galicia; mentres que a provincia de Pontevedra (-4,1%) é onde menos se reduce o paro rexistrado.

Gráfico 4

Taxa de variación interanual (en %) do paro rexistrado no sector servizos. Abril 2014



Todas as ramas da actividade terciaria participan desta redución dos parados rexistrados, coa única excepción das actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico nas que aumenta en 959 persoas. Tamén o numero de persoas inscritas nas oficinas do paro en Galicia rexistra as maiores taxas de descenso nos sectores máis directamente vinculados ás actividades empresariais e á produción: actividades financeiras e de seguros (-17,4%) e actividades profesionais, científicas e


técnicas (-9,5%). En cambio, a distribución comercial (-4,8%), hostalería (-4,1%) e Administración pública (-2,6%) son as ramas que mostran unha maior dificultade para reducir as súas cifras de parados.

Os prezos nos servizos

Hai tempo que a Comisión Europea vén advertindo dos efectos negativos que o atraso nas reformas estruturais do sector terciario ten sobre a competitividade da economía. Despois do impulso inicial que supuxo a aprobación da Directiva de servizos no ano 2006, a crise parece frear aquel impulso reformador, malia a aprobación de novas disposicións legais que facilitarían este empeño. De feito nas «Recomendacións específicas para España» aprobadas para 2013 polo Consello Europeo, recoñécese que no ámbito da competencia nos mercados de produtos e servizos, o avance estase demorando máis do previsto. Así como tamén nos esforzos para mellorar o marco no que operan as empresas. Pon como exemplos destas barreiras «a segmentación do mercado interior español, os obstáculos á entrada no sector dos servizos ou a falta de eficiencia do sistema xudicial». Ao seu xuízo estas barreiras «obstaculizan a competencia, frean a innovación e impiden que as empresas máis produtivas crezan e gañen cotas de mercado».

Gráfico 5

Diferencial de prezos nos servizos entre Galicia e España



Tamén impiden que os consumidores poidan gozar de prezos máis baixos. É certo que, unha vez absorbido o impacto da subida do IVE en 2012, os prezos dos servizos continuaron nunha senda de moderación, explicada pola caída continuada do consumo desde o inicio da crise. Mais non é suficiente. Aínda existen evidencias de que hai unha marxe de mellora. Como se pode ver, os resultados que reflicte o gráfico 5 suxiren a existencia dun diferencial aínda positivo a favor dos prezos que manteñen os servizos en Galicia.

Algún fundamento debe de existir cando a propia Xunta de Galicia acaba de dar o visto bo a un proxecto de decreto destinado a favorecer a competencia para baixar os prezos do litro de gasóleo, que actualmente son 0,024 euros máis caros que o prezo no resto do Estado.

Esta actuación podería non ser un feito illado, senón que se inscribe no marco das medidas destinadas a mellorar a competencia e o funcionamento dos mercados. Así se recolle na actualización do Programa Nacional de Reformas de España 2014 enviado recentemente a Bruxelas. Hai que lembrar que, para as autoridades europeas, a reforma en profundidade dos servizos é unha das materias pendentes do noso país. Neste empeño, quizais a medida de máis fondura, e cuxas repercusións haberá que ver nos próximos anos, sexa a Lei de garantía da unidade de mercado (LGUM), aprobada o 9 de decembro de 2013. O primeiro froito dela é o Plan de racionalización da normativa que implica unha revisión sistemática das preto de 7500 disposicións de distintos niveis da Administración que, potencialmente, poden afectar á unidade de mercado, dificultar a operativa dos operadores e empresas e confundir os cidadáns sobre os seus dereitos.

Neste mesmo paquete de medidas destinadas a favorecer o marco de actuación das empresas e a competencia está tamén a Lei de servizos e colexios profesionais, cuxo proxecto acaba de recibir no mes de marzo de 2014 o informe do Consello de Estado para continuar cos seus tramites. A Lei de apoio ao emprendedor e a súa internacionalización foi outra das recomendacións da Comisión que tamén tivo resposta en 2013. Esta disposición legal incorpora interesantes novidades destinadas a favorecer o emprendemento, reduce algunhas cargas administrativas que deben superar os proxectos empresariais na actualidade e promove unha maior eficacia nas medidas de apoio á internacionalización das pemes.

Non se coñece aínda a valoración que as novas iniciativas incluídas na actualización do Programa de reformas de España merecen ao Consello Europeo. Por iso, en espera das novas «Recomendacións específicas para España», a iniciativa máis ambiciosa pendente neste campo é o Proxecto de lei de desindexación, un proxecto moitas veces reclamado polas autoridades comunitarias para desactivar as presións inflacionistas que esta práctica, profundamente arraigada na cultura da contratación, traslada ao comportamento dos operadores. No documento enviado a Bruxelas no marco do semestre europeo 2014, figura incluído este proxecto no capítulo destinado a fomentar o crecemento e a competitividade actual e futura da economía española.


Turismo

Nun contexto económico difícil as chegadas internacionais a nivel mundial superaron as previsións e no ano 2013 acadaron a cifra récord de 1087 millóns, un 5% máis que no ano 2012. Este crecemento foi maior nas economías avanzadas que nas emerxentes, con porcentaxes do 5,2% no primeiro caso e do 4,8% no segundo. En relación coa evolución dos ingresos por turismo internacional, os datos dispoñibles ata o momento son incompletos, pero a comparativa co mesmo período do ano 2012 permítelle afirmar á OMT que van experimentar unha evolución moi semellante á aamosada polas chegadas de turistas.

En Europa as chegadas internacionais medraron un 5,4% e acadaron os 562,8 millóns. Europa acaprou 29 dos 52 millóns de chegadas adicionais rexistradas no 2013 a nivel mundial. A rexión foi, xunto con Asia e Pacífico, a que mostrou un maior crecemento a nivel mundial, que se suma, ademais, aos rexistrados nos tres anos anteriores. Estamos a falar de catro anos consecutivos con incrementos por enriba do 3%, o que debe resaltarse se temos en conta que se trata dunha rexión con moitos destinos maduros, nos que incrementar as cifras ano tras ano resulta moi complicado e, moito máis aínda, no contexto da actual situación económica. Cunha porcentaxe de preto do 52%, os destinos europeos son os que concentran a maioría das chegadas de turistas

Gráfico 6

Taxas de variación interanual das chegadas de turistas internacionais en España (en %)



internacionais a nivel mundial, tal e como se recolle no Barómetro do Turismo Mundial elaborado pola Organización Mundial para o Turismo (OMT).

Dentro de Europa, os destinos de Europa central e do leste foron os que máis medraron en termos relativos, cun crecemento de preto do 7%. Non obstante, en termos absolutos, o crecemento estivo liderado polos destinos do sur e do Mediterráneo, que achegaron doce millóns de chegadas internacionais adicionais no ano 2013. Nesta rexión, destaca a boa evolución seguida por España, que se situou como o segundo destino dentro de Europa e o terceiro a nivel mundial. En concreto, segundo os datos da Encuesta de Movimientos Turísticos en Frontera (FRONTUR) elaborada polo Instituto de Estudos Turísticos (IET), durante este ano chegaron a España 60,7 millóns de turistas, o que significa un incremento do 5,6% en relación ao ano 2012.

A crise económica tivo un forte impacto na actividade turística española e, despois dunha década de crecementos continuados, aínda que a distintos ritmos, nos anos 2008 e 2009, como queda recollido no gráfico 6, producíronse caídas das chegadas de turistas internacionais. A redución foi especialmente intensa no ano 2009, tanto en termos absolutos como relativos. Nese ano, España recibiu seis millóns de turistas menos que no 2007, no que se acadara a máxima cota histórica e preto dun 9% menos que no ano 2008. O 2010 marcou un cambio de tendencia ao producirse un incremento, aínda que modesto, no número de turistas internacionais. Esta evolución positiva continuou e consolidouse nos anos seguintes, e tivo o seu reflexo nos resultados moi positivos do ano 2013. Neste ano as chegadas acadaron máximos históricos, superando os


registros do ano 2007 e situando España por enriba de China en número de turistas internacionais.

O comportamento da demanda turística internacional non foi homoxéneo nas distintas comunidades autónomas. Un dato significativo e que tivo o seu reflexo nos resultados globais que se acaban de apuntar é que os catro principais destinos da demanda internacional en España tiveron unha evolución moi positiva no ano 2013. Cataluña e Baleares rexistraron os maiores incrementos, con porcentaxes do 8% no primeiro caso e do 7,2% no segundo, mentres que en Canarias e en Andalucía as chegadas de turistas internacionais incrementáronse un 4,9% e un 4,7% respectivamente.

Os destinos de praia e os orientados cara ao mercado internacional foron os que obtiveron os mellores resultados no ano 2013. A evolución particular de cada un deles estivo marcada pola específica composición da súa demanda, en canto á procedencia dos turistas e do seu comportamento

Gráfico 7

Distribución do turismo interno en España. Ano 2013



no último ano. Hai que ter en conta que Reino Unido, Alemaña, Francia, Italia e Países Baixos representaron preto do 66% da demanda turística internacional española no ano 2013. A distinta evolución económica destes mercados, xunto coa inestabilidade en Exipto e a súa área de influencia (sobre todo a partir de xullo) marcaron os resultados dos diferentes destinos españois. Mentres que os turistas procedentes de Francia, Alemaña e o Reino Unido se incrementaron un 6,9%, un 5,8% e un 5,2% respectivamente, os turistas procedentes dos Países Baixos tan só o fixeron un 2,2%. O mercado italiano foi o que rexistrou unha peor evolución, reducíndose un 8,1% os turistas procedentes dese país. Os mercados cun maior crecemento foron o ruso, cun incremento superior ao 30%, e o nórdico, con incrementos por enriba do 21% no número de turistas suecos e noruegueses.

No ano 2013 o gasto total xerado polo turismo internacional en España incrementouse un 9,6%. A iso contribuíron o maior número de turistas e o incremento do 3,3% no gasto diario medio. A estadía media incrementouse tamén, aínda que nun modesto 0,4%, o que fixo que o gasto medio por persoa se incrementase nun 3,7%, tal e como pode comprobarse nas series publicadas pola Encuesta sobre Gasto Turístico (EGATUR). Os turistas que chegaron por motivos de *traballo e negocios* foron os que máis incrementaron o gasto diario medio, seguidos polos que visitaron España por motivos relacionados co *ocio, recreo e vacacións*, que o fixeron nun 3,2%. Pola contra, os que se desprazaron por motivos de *estudos* reduciron o seu gasto diario medio nun 2,1%.

O bo comportamento da actividade turística en España durante o ano 2013 débese ao aumento da demanda estranxeira, posto que a demanda interna se reduciu, sobre todo na primeira metade do ano. Por un lado, os datos da Encuesta de Movimientos Turísticos de los Españoles (FAMILITUR), elaborada polo Instituto de Estudos Turísticos, amosan unha redución do 3,2% das viaxes dos españois (IET, 2014). Por outro, os procedentes da Encuesta de Ocupación Hotelera elaborada polo INE, evidencian reducións do 1,1% no número de viaxeiros residentes aloxados nos establecementos hoteleiros e do 1,6% no número de estadías realizadas (INE, 2014). O bo comportamento da demanda turística internacional permitiu compensar a redución da demanda doméstica. O resultado final foi un incremento do 1% no número total de viaxeiros aloxados e do 1,9% no número de estadías nos establecementos hoteleiros.

De forma global España rexistrou no 2013 un incremento da actividade turística. Segundo estimacións de EXCELTUR o PIB turístico tería aumentado un 0,6% en termos reais (EXCELTUR, 2014). A isto tería contribuído o tirón da demanda estranxeira e a un mellor comportamento da demanda española no último trimestre do ano. Ademais, e a diferenza do ocorrido no último ano, o PIB turístico experimentou un mellor comportamento que o do conxunto da economía española, que o INE sitúa no -1,2%. De todas formas, e tal e como sinala EXCELTUR no seu informe, os niveis de actividade do sector atópanse aínda nove puntos por debaixo dos do ano 2007.

No caso de Galicia, os resultados da actividade turística están moi condicionados pola evolución da demanda interna, dada a elevada dependencia do mercado español, de onde procederon o 76% dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros, que realizaron o 79% das estadías totais no ano 2013. O resultado para o conxunto do ano

foi unha leve mellora dos niveis da demanda, cun incremento do 1,9% no número de estadias realizadas nos establecementos hoteleiros. A iso contribuíu, sobre todo, o bo comportamento da demanda internacional, que se incrementou un 7,9%, posto que as estadias correspondentes aos residentes tan só o fixeron nun 0,4%.

Galicia mantivo o seu peso como destino para os turistas residentes, acaparando o 5,3% do total das estadias que a sitúan entre as seis primeiras receptoras do turismo interno. Andalucía ocupa o primeiro lugar e concentra o 21,7% das noites en estadia realizadas polos nacionais. A Comunidade Valenciana, co 14,3% das estadias, sitúase no segundo posto por diante de Cataluña que acolleu o 13%. Por enriba de Galicia sitúanse tamén Madrid e Canarias, con porcentaxes do 8,8% e do 8,3% respectivamente. Estas seis comunidades autónomas representan o 71,4% das estadias efectuadas polo turismo doméstico. Se lles engadimos Castela e León e Baleares, xa sumarían, como pode verse no gráfico 7, máis do 81% das estadias realizadas polos turistas nacionais.

No ano 2013 aloxáronse nos establecementos hoteleiros galegos 3.374.792 viaxeiros, que xeraron un total de 6.766.519 noites en estadia, tal e como reflicte o cadro 3. Isto supón incrementos do 1,9% e do 4,9% respectivamente en relación co ano 2012. Galicia foi unha das comunidades que rexistrou maiores crecementos no número de viaxeiros aloxados, unicamente por detrás de Murcia onde se produciu un incremento do 6,3%. Isto viuse reflectido no grao de ocupación medio anual dos establecementos hoteleiros que aumentou 1,2 puntos porcentuais, situándose no 29,7%. Aínda así, a ocupación sitúase máis de 23 puntos por debaixo da media española (53,1%). A estadia media reduciuse lixeiramente en relación co ano 2012, o que se reflicte no menor crecemento das pernoitas totais en comparación co número de viaxeiros aloxados nos hoteis galegos. Do total de estadias efectuadas en Galicia no ano 2013, o 44,3% concentráronse no terceiro trimestre do ano e acaparando agosto o 19,2% do total. Obsérvase, polo tanto unha elevada estacionalidade da demanda turística en Galicia. Dita estacionalidade é, ademais, superior á existente no conxunto de España e incrementouse en relación cos anos anteriores.

Dentro de Galicia, A Coruña e Pontevedra concentraron conxuntamente preto do 76% dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros galegos e o 80% das

Cadro núm. 3

Viaxeiros e noites en estadia en hoteis de Galicia

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013*
Viaxeiros aloxados	3.754.117	3.525.059	3.399.456	3.798.995	3.354.068	3.216.346	3.374.792
Noites en estadia	8.051.675	7.786.471	7.444.455	8.174.138	7.158.335	6.643.326	6.766.519
Grao de ocupación (%)	35,9	33,9	31,4	35,4	31,0	28,5	29,7
Estadia media (días)	2,1	2,2	2,2	2,2	2,1	2,1	2,0

* Datos provisionais.

Fonte: INE, Encuesta de Ocupación Hotelera

noites en estadia. Como recolle o cadro 4, A Coruña é a que rexistra un maior número de viaxeiros e de estadias. En concreto, os hoteis desta provincia concentraron máis do 59% das noites en estadia realizadas por estranxeiros e foron os que rexistraron as maiores porcentaxes de ocupación no ano 2013. Pontevedra é a segunda provincia galega en captación da demanda turística e a que rexistra a maior duración da estadia. A provincia de Ourense é a que ten un menor peso dentro da actividade hoteleira e a que acadou unha menor porcentaxe de ocupación dos seus establecementos. Pola súa parte, Lugo foi a que rexistrou unha menor estadia media dos viaxeiros nos seus establecementos hoteleiros no ano 2013.

Os estranxeiros representaron o 24,5% dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros galegos no ano 2013, incrementando o seu peso, en comparación co ano precedente. Aínda que esta tendencia se vén observando nos catro últimos anos, o peso dos turistas foráneos é menos da metade da media española, onde representan o 49,3%. De feito, preto do 80% das estadias foron realizadas por turistas residentes, o que nos indica que o mercado turístico galego segue a estar fortemente condicionado pola evolución da demanda turística interna.

En Galicia, o incremento da demanda hoteleira estivo propiciado en boa medida polo bo comportamento do turismo internacional e tamén pola evolución positiva, aínda que de menor intensidade, do turismo nacional. Os viaxeiros internacionais e as estadias realizadas por estes, incrementáronse un 11,3% e un 7,9% respectivamente en relación co ano precedente. O crecemento do mercado nacional tamén foi positivo aínda que máis moderado posto que o número de viaxeiros se incrementou un 3% e as estadias tan só o fixeron nun 0,4%.

A tarifa media diaria (ADR) aplicada nos hoteis e pensións de Galicia no ano 2013 situouse en 52,3 euros, o que significa unha redución do 3,5% en relación co ano 2012 (INE, 2014). Unicamente Castela e León tivo unhas tarifas hoteleiras máis baixas, que, para o conxunto de España, se situaron nos 72,2 euros de media, un 1,1% máis

Cadro núm. 4

Viaxeiros e noites en estadia en hoteis de Galicia. Ano 2013 *


	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Viaxeiros aloxados	1.541.843	557.060	266.741	1.009.149
Noites en estadia	2.954.496	858.827	488.572	2.464.624
Grao de ocupación (%)	32,2	25,0	21,3	31,2
Estadia media (días)	1,9	1,5	1,8	2,4

* Datos provisionais.

Fonte: INE, Encuesta de Ocupación Hotelera

Gráfico 8

Procedencia dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros galegos. Ano 2013 *



* Datos provisionais.

que en 2012. Pola súa banda, os ingresos por habitación dispoñible (RevPAR) practicamente non variaron no último ano en Galicia, permanecendo nos 17,2 euros, os máis baixos de todo o territorio español xunto aos de Castela-A Mancha.

En canto á orixe da demanda turística, excluindo a procedente da propia rexión, a comunidade de Madrid foi a que tivo un maior peso no conxunto dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros galegos, cunha porcentaxe de preto do 16%. Séguenlle en orde de importancia, como pode verse no gráfico 8, as comunidades de Castela e León, Asturias, Cataluña e Andalucía. Estas seis rexións representan case o 83% dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros galegos.

Á hora de analizar a dinámica do subsector hoteleiro de Galicia resulta interesante considerar o ano 1999 como punto de partida, co obxectivo de estudar un período que inclúe tres xacobeos, que, como é sabido, condicionan dun xeito moi importante as chegadas de visitantes á comunidade. No tocante á oferta hoteleira, compróbase como o número de establecementos medrou a unha taxa inferior ao 1% medio anual, o que dá como resultado un incremento do 9,5% no número de establecementos desde o

Cadro núm. 5

Evolución do subsector hosteleiro en Galicia

	Establecementos	Prazas	Ocupación	Empregados	Noites en estada
1999	1.388	43.921	39,1	4.881	6.682.860
2000	1.449	45.407	33,3	5.122	5.848.583
2001	1.452	47.235	32,5	5.277	5.851.578
2002	1.409	49.212	33,3	5.608	6.263.578
2003	1.503	53.396	31,7	6.163	6.480.303
2004	1.503	56.416	36,5	6.812	7.873.960
2005	1.491	57.156	34,7	7.149	7.594.782
2006	1.450	57.134	35,7	7.408	7.758.043
2007	1.454	58.828	35,9	7.614	8.051.675
2008	1.497	60.646	33,9	7.539	7.786.471
2009	1.533	62.394	31,4	7.201	7.444.455
2010	1.550	62.738	35,4	7.403	8.174.138
2011	1.534	62.586	31,0	7.355	7.158.335
2012	1.548	63.155	28,5	6.873	6.643.326
2013*	1.520	61.718	29,7	6.869	6.766.519
% variación 2000/1999	4,4	3,4	-	4,9	-12,5
% variación 2005/2004	-0,7	1,3	-	4,9	-3,5
% variación 2011/2010	-1,1	-0,2	-	-0,6	-12,4
% variación 2013/2012	-1,8	-2,3	-	-0,1	1,9

* Datos provisionais.

Fonte: INE. Encuesta de Ocupación Hotelera

ano 1999, pasando dos 1388 aos 1520, como queda recollido no cadro 5. O número de prazas dispoñibles incrementouse un 40,5% entre 1999 e 2013, cun crecemento medio anual acumulativo do 2,3%. Con excepción do ano 2000, nos demais anos post-xacobeos (2005 e 2011) producíronse reducións no número de establecementos hoteleiros. No ano 2013 reducíronse tanto o número de establecementos como o de prazas, en porcentaxes do 1,8% e 2,3%, respectivamente. O número de prazas dispoñibles sitúase en niveis inferiores aos do ano 2009.

Polo que respecta ao factor traballo, desde o inicio da crise económica e, coa única excepción do ano 2010, último xacobeo, o número de empregados dos establecementos hoteleiros galegos foise reducindo ano tras ano. Como consecuencia, na actualidade o número de traballadores do subsector hoteleiro sitúase en valores próximos aos do ano 2004.

Nun contexto de crise económica, a demanda turística aloxada nos establecementos hoteleiros, analizada en función do número de estadias, experimentou reducións entre o ano 2008 e o ano 2012. O resultado foi unha caída de preto de millón e medio de estadias nese período. No último ano, porén, produciuse por vez primeira desde o inicio da crise un comportamento positivo nun ano non xacobeo. Trátase dun dato optimista porque se produce nun contexto económico difícil, aínda que é prematuro falar dun cambio de tendencia.

A redución da demanda en maior contía que a experimentada pola oferta, tivo a súa tradución nunha importante redución do grao de ocupación das prazas hoteleiras. A pesar de que no último ano se incrementase en pouco máis dun punto, Galicia segue a ser unha das comunidades con menor grao de ocupación dentro de España.

Unha análise do comportamento no resto dos establecementos turísticos regrados (apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural) durante o ano 2013 amosa incrementos no número de viaxeiros aloxados en apartamentos e cámpings, do 2,9% en ambos casos, e unha redución de preto do 8% en establecementos de turismo rural. Malia o incremento no número de viaxeiros, a redución da estadia media fixo que o número total de estadias se reducise un 4,1% nos apartamentos turísticos. No caso dos establecementos de turismo rural a caída foi do 4,5%, sendo os cámpings a única modalidade na que se produciu un incremento no número de estadias.

O conxunto dos establecementos regrados rexistraron no ano 2013 máis de oito millóns de noites en estadia. Isto supón un incremento do 1,4% en relación co ano 2012, pero segue sendo unha cifra inferior á de anos anteriores, por exemplo o 2011. Tamén son niveis inferiores aos rexistrados antes da crise económica, onde se superaban os nove millóns de estadias.

Mención especial merece o caso do turismo rural que, como acabamos de sinalar, experimentou reducións tanto no número de viaxeiros como no de estadias. Desde o punto da demanda turística, a crise económica está provocando unha redución das viaxes realizadas nas pontes a nas fins de semana, o que está a afectar dun xeito importante á demanda de turismo rural, que se nutre en gran medida desas *escapadas* e das segundas vacacións.

Cadro núm. 6

Viaxeiros, noites en estada, estada media e grao de ocupación en establecementos extrahoteleiros. Ano 2013 *

	Viaxeiros		Noites en estada		Estada media	Grao de ocupación
	Número	% 2013/2012	Número	% 2013/2012	(días)	(%)
Apartamentos	62.544	2,9	234.496	-4,1	3,8	17,8
Cámpings	218.995	2,9	795.796	1,0	3,6	20,2
Turismo rural	128.467	-7,9	258.618	-4,5	2,0	10,8


* Datos provisionais.

Fonte: INE, Encuesta de Ocupación en Alojamientos Turísticos

As estadas nos establecementos de turismo rural reducíronse en España un 7,7% no ano 2013. Unicamente Andalucía e a Comunidade Valenciana rexistraron incrementos no número de noites en estada, con porcentaxes do 6,9% e do 6,3% respectivamente. Os establecementos de Extremadura, País Vasco, Aragón, Baleares e Galicia rexistraron caídas inferiores á media española, que oscilaron entre o 1,8% e o 4,5%. No resto de comunidades autónomas as caídas situáronse por enriba da media e foron especialmente importantes no caso de Murcia, Asturias e Navarra. Por segundo ano consecutivo, a demanda de turismo rural cae en todas as rexións da España Verde,

Gráfico 9

Noites en estada nos establecementos de turismo rural galegos



ámbito no que esta tipoloxía de turismo está chamada a ser un dos piares da oferta turística.

No caso de Galicia a caída da demanda de turismo rural no 2013 foi global, afectando tanto ao mercado nacional como ao internacional. O terceiro trimestre do ano concentrou un 57% das estadias totais, o que evidencia unha elevada concentración temporal da demanda turística. A duración media da estadia incrementouse un pouco no último ano, pero, con dous días de media, segue a ser, xunto á de Madrid, unha das máis baixas de España. O mal comportamento da demanda tamén se viu reflectido no grao de ocupación das prazas que se reduciu ata o 10,8%, o que significa tamén un mínimo histórico.

O gráfico 4 recolle a evolución das noites en estadia nos establecementos de turismo rural galegos, tanto en termos absolutos como relativos. Nela compróbase como despois do máximo histórico acadado en 2010, con preto de 390.000, as estadias caeron de xeito importante desde entón. Os establecementos de turismo rural galegos perderon nestes tres anos máis de 130.000 estadias, o que fai que o volume rexistrado no ano 2013 sexa o mínimo desde o 2002.

De cara ao futuro próximo, os resultados do 2013 xunto ás mellores expectativas en relación coa situación económica mundial, auguran un 2014 positivo para o turismo mundial. O panel de expertos da OMT prevé un aumento nas chegadas internacionais a nivel mundial entre un 4% e un 4,5%, por enriba da taxa media de crecemento anual prevista para a década 2010-2020 do 3,8%. Asia-Pacífico e África son as rexións nas que se esperan os maiores crecementos, mentres que para Europa se sitúa entre o 3% e o 4%, por debaixo do crecemento rexistrado no 2012 e do esperado para o conxunto mundial (OMT, 2014).

No caso de España, a evolución da demanda turística internacional vai depender do proceso de recuperación económica na zona euro e tamén da situación política nos destinos do norte de África, que veñen condicionando dun xeito importante as chegadas de moitos destinos nos últimos anos. EXCELTUR, no *Informe de Perspectivas Turísticas*, prevé que a actividade turística siga sendo chave para o crecemento da economía española no 2014, cun crecemento estimado do PIB turístico do 1,8%. Estas previsións susténtanse nunha mellora dos niveis de consumo esperados para os principais mercados emisores e a situación de inestabilidade no Mediterráneo oriental. Neste contexto é previsible que aqueles destinos máis vinculados á demanda estranxeira sigan medrando no 2014. Por outro lado, tamén se agarda unha mellora, aínda que moderada, da demanda interna.

O que se acaba de apuntar xa se pode corroborar cos primeiros datos dispoñibles para 2014. Se atendemos á información subministrada por FRONTUR, no conxunto de España a taxa de variación interanual acumulada das chegadas de turistas, situouse no 9,2%, para os catro primeiros meses de 2014. Pola súa banda, os datos da Encuesta de Ocupación Hotelera, correspondentes tamén ao mesmo período, amosan un incremento interanual do 5,5% das estadias. Os datos reflicten un comportamento positivo, tanto da demanda doméstica como da internacional. As noites en estadia correspondentes aos turistas non residentes incrementáronse dun xeito importante, un 7,5%,

nestes catro primeiros meses, mentres que as correspondentes aos residentes, tamén se incrementaron, aínda que dun xeito máis moderado, nun 2,4%.

No caso de Galicia, os datos da Encuesta de Ocupación Hotelera para os catro primeiros meses do ano reflicten un incremento do 1,4% dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros e unha redución do 0,7% das estadias realizadas neles. O turismo residente amosou un mellor comportamento nesta primeira parte do ano con incrementos tanto dos viaxeiros aloxados como das estadias efectuadas. Pola contra, reducíronse un 0,8% os viaxeiros estranxeiros aloxados nos hoteis e un 7,1% as súas estadias nestes catro primeiros meses do ano. A información para o resto da oferta extrahoteleira regrada (cámpings, apartamentos e turismo rural), amosa unha redución do 13,8% no número de estadias no primeiro trimestre do 2014. Neste caso, os datos deben tomarse con precaución porque no ano 2013 a Semana Santa tivo lugar no mes de marzo cando neste ano se celebrou no mes de abril. Polo tanto, habería que esperar a ter os datos dos catro primeiros meses para analizar conxuntamente as taxas de variación anual.

Os transportes

Matriculación de automóviles

O comportamento das matriculacións no exercicio 2013 foi favorable para os fabricantes de coches e os concesionarios que viron como as producións e as vendas se incrementaban. O factor fundamental para este bo comportamento foi a posta en marcha dos plans de incentivos á compra Plan PIVE e o PIMA Aire e os descontos de ata catro mil euros por coche ofrecidos polos concesionarios.

Segundo datos da Dirección Xeral de Tráfico, a nivel estatal matriculáronse máis de 740.000 turismos, 29.381 unidades máis que en 2012, un crecemento do 4,1%. A matriculación de vehículos de carga diminuíu un 0,5% respecto a 2012, situando en algo máis de 110.000 as unidades matriculadas. Se analizamos as canles, as vendas a particulares aumentaron un 18% en 2013, e pecharon o exercicio cunha cota do

55% sobre o total do mercado. Pola súa banda, as vendas a empresas baixaron un 15,5% e as empresas de aluguer retrocederon un 2,1% o pasado ano. Cómpre destacar que os coches pequenos son os que experimentaron un maior crecemento, cun 29,5%

Cadro núm. 7

Matriculación de vehículos en Galicia

	Turismos	TVI (en %)	Vehículos de carga	TVI (en %)
2008	58.729	-28,4	8.956	-37,1
2009	59.457	1,2	6.322	-29,4
2010	52.386	-11,9	6.044	-4,4
2011	34.530	-35,2	4.893	-21,8
2012	29.068	-15,8	3.595	-26,5
2013	31.289	7,6	3.619	0,7


Fonte: Dirección Xeral de Tráfico

Gráfico 10


Matriculación de turismos e vehículos de carga

Taxa de variación interanual (en %)

a) Turismos



b) Vehículos de carga



de cota de mercado. Malia estes datos, o ano 2013 non foi especialmente bo, xa que os concesionarios están dimensionados para que se alcance a cifra anual dun millón de matriculacións. Por outra parte, en 2013 o 67,4% dos coches comercializados foron diésel, fronte ao 31,1% de gasolina e un 1,5% de híbridos ou eléctricos.

Por comunidades autónomas, as vendas subiron en todas as rexións o pasado exercicio salvo en Baleares (-13,4%) e Madrid (-2,6%). O maior aumento foi para Canarias cun 14,8%.

Os datos publicados pola DXT indican que en Galicia se matricularon 31.289 turismos, crecendo un 7,6% en taxa interanual. Recordemos que a cifra récord alcanzárase no ano 2007 con máis de 82.000 unidades. En canto aos vehículos de carga, o seu comportamento mantívose estable respecto a 2012 (as matriculacións creceron un 0,7%), pero desde o ano de máximos pérdense máis de 10.500 unidades.

En canto ao comportamento das matriculacións por provincias, debemos destacar que todas mostran crecementos. A Coruña continúa sendo onde máis turismos se matriculan cunha cota de mercado do 44% e un incremento do 5,7% respecto a 2012, 13.696 unidades máis. Séguea Pontevedra, cun 32% de cota de mercado e un 7% de crecemento que equivale a preto de 10.000 unidades matriculadas. Lugo e Ourense posúen, cada unha, unha cota do 12%, cunha taxa interanual do 10,2% e 14,3% respectivamente. En relación aos vehículos de transporte de mercadorías e viaxeiros, a provincia que presentou un maior crecemento foi Ourense cun 23,5% respecto a 2012.

Os catro primeiros meses de 2014 mostran datos moi positivos, xa que segundo as cifras da DXT, o crecemento de matriculacións de turismos en Galicia e en España rolda o 16%. Respecto aos vehículos de carga, constatamos un crecemento do 38,5% e do 32,8%, respectivamente, respecto aos primeiros catro meses de 2013.

A previsión para o ano 2014 é que o mercado de automóviles siga crecendo en todos os segmentos: os turismos adquiridos por parte dos particulares, grazas o Plan PIVE; e polas empresas, debido á reactivación económica. Así mesmo, o sector de empresas de aluguer creceu nos primeiros catro meses do ano un 75,5% a nivel nacional. Por tanto, prevese que 2014 sexa un bo ano en canto a matriculacións.


Reduciuse en todas as comunidades a recadación do imposto de matriculación xestionado pola Administración autonómica e que ten un importe medio de 336 euros. En Galicia a recadación foi de 10,24 millóns de euros en 2013, un 18,3% menos que en 2012, o que supón unha caída moi similar á experimentada pola recadación a nivel nacional (18,7%) e que se debe a seren os coches adquiridos máis pequenos e menos contaminantes.

Os carburantes seguen custando en España menos que na media da Unión Europea, onde o litro de gasolina custa 1,553 euros e o do gasóleo ascende aos 1,402 euros. O menor prezo final débese a que España, malia as subas do IVE, aos maiores impostos autonómicos e aos novos gravames ao biodiésel, segue contando cunha menor presión fiscal. Por contra, Galicia é unha das comunidades autónomas cos prezos dos combustibles máis altos, e Ourense, a provincia máis cara de todo o Estado.

Galicia posúe unha das oito refinarías existentes na península, polo que non se entende que haxa sobrecustos de distribución.

Gráfico 11

IPC carburantes e combustibles. Taxa de variación interanual (en %)



Algún dos factores determinantes para que este custo sexa tan elevado pode residir nos prezos pactados entre compañías e por problemas de concentración no mercado da distribución minorista. De aí que o descenso do prezo do combustible pase por elevar os niveis de competencia no mercado. A Comisión Nacional da Competencia abriu dous expedientes de sanción contra seis petroleiras (Repsol, Cepsa, Disa, Meroil, Galp e BP) por prácticas anticompetitivas: coordinación de prezos, clientes, condicións comerciais e intercambio de información. Galicia presenta a porcentaxe de concentración de estacións de servizo independentes máis baixa do Estado, un 17%. A presenza de estacións de servizo *low cost*, maioritariamente situadas nos centros comerciais, é tamén inferior á media española.

O consumo de combustibles na nosa comunidade autónoma nos primeiros meses de 2014 continúa retraéndose, mentres as cifras estatais se manteñen estables.

No mes de febreiro de 2014 o Tribunal Europeo de Xustiza ditaminaba que o *céntimo sanitario*, unha recarga sobre o consumo de hidrocarburos aprobada en 2002, era ilegal. O gravame era contrario ao dereito comunitario e, polo tanto, o Estado debe devolver as cantidades cobradas indebidamente entre 2002 e 2011. A recadación ascendeu, neses dez anos, a algo máis de 13.000 millóns de euros. Determinadas comunidades autónomas (receptoras do imposto) destinaban a recadación a fins sanitarios e ambientais. O consumo de carburantes xa está gravado co imposto especial de hidrocarburos, polo que só é posible fixar unha nova recarga se este persegue unha finalidade específica e é neste punto onde o tribunal non considera que exista un vínculo suficientemente directo entre o gravame e a finalidade.

Tráfico aéreo

A información sobre movementos de pasaxeiros, mercadorías e operacións, publicada por Aeroportos Españóis e Navegación Aérea (AENA), móstranos que en 2013 os aeroportos españois no seu conxunto mantiveron un perfil baixo de actividade. No devandito exercicio as instalacións españolas moveron 187 millóns de viaxeiros, un 3,5% menos que no ano anterior. Os primeiros postos do *ranking* non variaron, sendo o Adolfo Suárez Madrid-Barajas o aeroporto con maior tráfico de pasaxeiros (39 millóns, un 12,1% menos que en 2012), ségueno Barcelona-El Prat, Palma de Mallorca, Málaga-Costa del Sol, Gran Canaria, Alicante e Tenerife Sur. As mercadorías transportadas descenderon nun 1,4%, con algo máis de 638 millóns de toneladas transitadas. Os oito aeroportos máis importantes moven o 96% das mercadorías. Máis acusado foi o descenso no número de operacións, cun 7% menos (de 1.924.866 pasouse a 1.790.861).

Os datos publicados para o conxunto das terminais galegas mostran caídas significativas en todos os seus movementos (pasaxeiros, mercadorías e operacións). O único crecemento preséntao o aeroporto santiagués en tráfico de mercadorías. En cifras xeais, movéronse algo máis de 3,5 millóns de viaxeiros, un 7,1% menos que en 2012. En canto ás operacións, diminúen nun 4%, pasando de 44.388 a 42.609. As mercadorías transitadas medidas en toneladas caen un 5,4% respecto a 2012.

No ano 2013 movéronse 2,07 millóns de viaxeiros na terminal santiaguesa, 119.000 menos que en 2012. Para Lavacolla o ano 2013 foi un ano complicado, polo recorte de frecuencias dalgunhas compañías e pola ameaza de retirada de voos de Ryanair tras a decisión da Xunta de Galicia de non renovar o contrato que mantíña coa *low cost* irlandesa. O motor do aeroporto é o tráfico internacional, (350.579 pasaxeiros internacionais, 73.000 máis que en 2012). Este tráfico fixo que por cuarto ano consecutivo as cifras estivesen por enriba dos dous millóns. Nos dous últimos exercicios, a pasaxe das rutas ao estranxeiro aumentou un 59%. Todo indica que a expectativa de crecemento proseguirá en 2014, con novas conexións para a tempada de verán de Vueling con Roma e Bruxelas, e a consolidación das rutas de EasyJet a Londres (Gatwick) e de Turkish Airlines a Istanbul. E existe a confianza da continuidade dos voos de Ryanair a Londres (Stansted), Fráncfort e Milán-Bérgamo. O aeroporto de Santiago posúe unha cota de mercado do 58% en Galicia.

Alvedro consolídase como segundo aeroporto da comunidade galega, superando a terminal viguesa. Aínda así, empeoran as súas cifras respecto a 2012. Os case 840 mil viaxeiros que utilizaron a terminal son algo menos que os do ano anterior (-0,5%). A compañía Air Europa volve operar na cidade herculina, xa que o Concello da Coruña subvencionou con catro millóns de euros a súa implantación para que existan catro frecuencias diarias a Madrid e dúas os sábados e domingos. Os peores datos son para o transporte de mercadorías cunha perda de case 129 mil toneladas (-65,8%).

Os peores resultados no ano 2013 son para a terminal viguesa, que perde 150.000 viaxeiros, o que supón unha caída interanual do 18,1%. Os pasaxeiros movidos na terminal ascenden a 678.000, cando un ano antes eran 829.000. O transporte de

Cadro núm. 8

Evolución do movemento de pasaxeiros, das operacións realizadas e das mercadorías movidas nos aeroportos galegos

Movemento de pasaxeiros				
	2012		2013*	
	Pasaxeiros	TVI (en %)	Pasaxeiros	TVI (en %)
Alvedro (A Coruña)	843.815	-16,5	839.837	-0,5
Lavacolla (Santiago)	2.192.941	-10,9	2.073.055	-5,5
Peinador (Vigo)	828.699	-15,1	678.720	-18,1
Total	3.865.455	-13,1	3.591.612	-7,1
Total nacional	194.039.944	-5,0	187.361.348	-3,4
Operacións				
	2012		2013*	
	Número	TVI (en %)	Número	TVI (en %)
Alvedro (A Coruña)	13.693	-12,6	13.306	-2,8
Lavacolla (Santiago)	19.511	-15,9	18.668	-4,3
Peinador (Vigo)	11.184	-20,8	10.635	-4,9
Total	44.388	-15,8	42.609	-4,0
Total nacional	1.924.866	-10,1	1.790.861	-7,0
Movemento de mercadorías				
	2012		2013*	
	Toneladas	TVI (en %)	Toneladas	TVI (en %)
Alvedro (A Coruña)	195.614	1,6	66.816	-65,8
Lavacolla (Santiago)	1.815.840	-48,7	1.928.838	6,2
Peinador (Vigo)	570.900	-22,4	448.304	-21,5
Total	2.582.354	-18,1	2.443.958	-5,4
Total nacional	647.060.208	-3,3	638.087.365	-1,4

*Datos provisionais.

Fonte: Dirección de Operacións e Sistemas de Rede, AENA

mercadorías que sempre tivo un peso importante no tráfico da terminal tamén se comportou dun xeito negativo, diminuíndo un 21,5%. En consonancia con estes resultados as operacións tamén diminuíron, perdendo un 4,9% respecto a 2012.

Como xa comentamos en informes anteriores, os factores que inflúen nos malos resultados obtidos polos aeroportos galegos, ademais da competencia entre terminais e os localismos que non deixan realizar unha estratexia eficiente e a conseguinte especialización de tráfico, encontramos un duro competidor no aeroporto luso Sá Carneiro, situado na cidade do Porto. A cifra de pasaxeiros transitados neste aeroporto desde 2007 a 2013 creceu en 3 millóns, concretamente en 2013 foron 6.372.470 os viaxeiros que utilizaron a terminal, un 5,2% máis que en 2012; desta cifra, 700.000

son galegos. Os máis de 70 destinos internacionais a Europa, África e América, as súas políticas comerciais e promocionais e os prezos competitivos fan deste aeroporto o maior desafío para as tres terminais galegas.

Tráfico portuario

O tráfico portuario nas 46 instalacións de interese xeral xestionadas polo ente público Portos do Estado descendeu en 19 millóns de toneladas en 2013. Os 454 millóns de toneladas de mercadorías transitadas polas radas españolas, representan un 4% menos que no exercicio anterior.

Un dos motivos deste descenso podémolo encontrar na caída das importacións (graneis e mercadoría xeral). Diminución dos graneis sólidos nun 9,5% respecto a 2012, debido ao bo ano hidrolóxico que concluíu cun descenso nos tráxicos de carbón para xeración de enerxía, e de cereais, ademais de materiais dedicados á construción. Esta caída estivo acompañada dunha diminución dun 1,3% nos graneis líquidos. En canto á mercadoría xeral, a que representa maior valor engadido para o porto e menos contaminación e residuos, retraeuse nun 3,3%, debido ao parón do consumo interno


que provocou unha diminución nas importacións. O tráfico de contedores con case 152 millóns de toneladas movidas perdeu un 5,8% respecto a un ano antes, o factor determinante para esta diminución podémolo encontrar na estabilización da situación xeopolítica do Mediterráneo, que devolveu aos seus portos de orixe certo tráfico que buscara refuxio en portos españois. Igualmente, a política de contención de custos das grandes navieiras propiciou unha reordenación das súas rutas e unha concentración de escalas nos principais portos *hub*. Como dato destacado cómpre dicir que a balanza comercial foi positiva, xa que, ao vérense incrementadas as exportacións, o movemento de contedores de import-export creceu en 2,77% respecto a 2012, pasando a cinco millóns de TEU

(unha TEU é a capacidade de carga dun contedor normalizado de 20 pés).

Os tráxicos nos portos de interese xeral galegos (Ferrol-San Cibrao, A Coruña, Marín-Pontevedra, Vigo e Vilagarcía) foron negativos en 2013, agás en tráfico de contedores e nos TEU transportados (3,9% e 2,9%, respectivamente). O total de mercadorías transportadas ascendeu a algo máis de 31 millóns de toneladas (-7,5%). Os graneis alcanzaron máis de 23 millóns de toneladas, un 9,5% menos que un ano

Gráfico 12

Crecedemento anual do tránsito portuario en Galicia e en España
Taxa de variación interanual (en %)



Cadro núm. 9

Evolución do tráfico portuario (en toneladas)

	Ferrol-San Cibrao		A Coruña		Marín-Pontevedra		Vigo		Vilagarcía		Galicia	
	2013	TVI (%)	2013	TVI (%)	2013	TVI (%)	2013	TVI (%)	2013	TVI (%)	2013	TVI (%)
Graneis líquidos	2.532.120	10,2	6.558.560	-9,0	76	-	81.867	19,7	262.160	27,7	9.434.783	-3,5
Graneis sólidos	8.999.194	-14,3	3.688.168	-11,8	826.309	2,5	291.562	-3,0	202.966	-40,6	14.008.199	-13,2
Total graneis	11.531.314	-9,9	10.246.728	-10,0	826.385	2,5	373.429	1,2	465.126	-15,0	23.442.982	-9,5
Contedores	7.230	-9,0	51.299	-3,6	268.669	-24,8	2.380.566	7,2	274.113	18,1	2.981.877	3,9
Convencional	974.693	9,8	1.107.555	-19,9	749.042	7,7	1.118.676	-0,3	223.549	-2,1	4.173.515	-3,3
Total mercadería xeral	981.923	9,6	1.158.854	-19,3	1.017.711	-3,3	3.499.242	4,7	497.662	8,1	7.155.392	-0,4
Avituallamento	27.896	83,6	246.268	-5,7	10.951	-11,3	219.311	-10,3	3.584	-16,9	508.010	-5,5
Pesca fresca	276	-20,2	44.878	2,7	2.083	10,0	80.235	-3,0	-	-	127.472	-0,9
Total outro tráfico	28.172	81,3	291.146	-4,5	13.034	-8,5	299.546	-8,5	3.584	-16,9	635.482	-4,6
Total tráfico portuario	12.541.409	-8,5	11.696.728	-10,9	1.857.130	-0,86	4.172.217	3,3	966.372	-4,5	31.233.856	-7,5
Contedores (TEUS)	922	2,0	5.158	9,3	30.244	-24,3	207.056	5,4	33.153	24,3	276.533	2,9
Buques (número)	1.130	1,8	1.163	-7,4	560	-15,3	1.551	-3,1	245	-9,3	4.649	-5,1

Fonte: Portos do Estado, Ministerio de Fomento e elaboración propia

antes. Os graneis perderon cota, pasando de representar o 77% do tráfico en 2012, ao 75% en 2013. O porto de Ferrol-San Cibrao e o da Coruña, especializados en tráfico de graneis, mostran descenso do 9,9% e do 10% respectivamente. A mercadoría xeral con algo máis de 7 millóns de toneladas, mantívose practicamente estable (-0,4%). Pola contra, os graneis líquidos e a mercadoría convencional (madeira, siderurxia e aeróxeradores..., que se exportan desde a bisbarra) reaccionan positivamente con crecementos do 10,2% e 9,8% respectivamente. No aumento dos graneis líquidos xoga un papel importante a regasificadora de Reganosa en Mugaros.

Respecto ao primeiro trimestre do ano 2014, a instalación ferrolá presenta crecementos en todos os seus epígrafes, sendo os graneis sólidos con máis descargas de carbón líder nacional neste tipo de tráfico. Os graneis líquidos, co bo comportamento do gas natural da planta de Reganosa, incrementáronse nun 20% respecto ao mesmo período de 2013.

A Xunta de Galicia, Reganosa, a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, Navantia e a Universidade de Santiago avalan un proxecto para converter a ría de Ferrol nun porto surtidor de gas licuado (GNL), unha alternativa máis económica e ecolóxica aos derivados do petróleo. A Comisión Europea cualificou o proxecto de excelente e financiará a metade dos 1,2 millóns de euros da súa posta en marcha. Na actualidade hai moi poucos buques propulsados con GNL, pero adiantándose ao que será o futuro e este proxecto intenta ser unha oportunidade de mellora para Ferrol e a súa ría.

O porto da Coruña diminuíu os seus tráfico no exercicio 2013 en comparación co ano anterior. O factor fundamental deste descenso debeuse á parada técnica da refina-
ría de Repsol durante os meses de novembro e decembro de 2013, á menor demanda de produtos enerxéticos e á diminución de necesidades de mercadorías de determinadas empresas. O total de toneladas de mercadorías movidas foi de 11.696.728, un 10,9% menos. Todos os epígrafes, agás desembarcos de pesca fresca (2,7%) e o número de contedores medido en TEU (9,3%), presentan taxas de crecemento negativas. Debemos destacar que o motor do porto seguen sendo os graneis líquidos (petróleo cru, gasóleo, bioetanol, nafta...) con máis de 6 millóns e medio de toneladas, un 9% menos que en 2012, representa o 69,7% do tráfico desta modalidade movido nas radas galegas.


As infraestruturas exteriores dos portos da Coruña e Ferrol están preparadas para acoller tráfico de buques de maiores esloras e maior calado unha vez que finalicen as obras da canle de Panamá. O obxectivo das autoridades portuarias é conseguir que os portos galegos se convertan nun gran porto de distribución ou porto *hub* e que funcionen como porto único.

O porto de Marín-Pontevedra mantívose case estable na cantidade de toneladas de mercadorías movidas, 1.857.130 (-0,9%). O desembarco de gran continúa sendo unha actividade estratéxica que creceu en 2013 nun 2,5%, colocando á instalación marinense, posuidora dunha certificación de calidade europea, como un dos principais centros loxísticos de recepción e distribución de gran para Galicia e o noroeste de España. A mercadoría convencional con 750.000 toneladas movidas, máximo alcanzado en 2013,

Gráfico 13

Crecemento do tránsito portuario nos portos galegos

Taxa de variación interanual (en %)



crece un 7,7% respecto a 2012. Destacamos o transporte de froitas e hortalizas, produtos siderúrxicos ou compoñentes eólicos, tráxicos para os que Marín conta con operadores especializados e servizos integrais. Este é o cuarto ano consecutivo de crecemento da mercadoría convencional. Comportamento negativo é o mostrado polo tráfico de contedores que diminúe en 88 mil toneladas, un 24,8% menos que un ano antes.

O porto de Vilagarcía de Arousa conta cunha superficie total de máis de 567.000 m² e dispón de 3000 metros de liña de atraque, con calados de ata 13 metros nos peiraos comerciais. A instalación vilagarcía está especializada en cereais, cemento e produtos químicos. Se un ano antes o comportamento dos seus embarcos e desembarcos de mercadorías mostraba un crecemento do 23,3%, no exercicio 2013 non podemos falar de crecementos, xa que as 966 mil toneladas de mercadorías diminúen un 4,5% respecto a 2012. Este porto crece en mercadoría xeral un 8,1%, co movemento de contedores como principal motor. En 2013 este crecemento foi do 18,1% pero un ano antes foi do 118,3%. En TEU alcanzáronse as 33.153 unidades, un 24,5% máis. Os graneis líquidos (metanol e fuel oil principalmente) creceron un 27,7%, mentres que os graneis sólidos (cemento na súa maior parte en instalación especial, cereais, fariñas e fosfatos) presentaron unha taxa negativa do 40,6%.

O porto de Vigo é a única instalación portuaria de interese xeral galega que presenta crecementos positivos nos seus tráxicos. Os máis de catro millóns de toneladas movidas crecen nun 3,3% segundo datos do Ministerio de Fomento. Partimos da base

de que en 2012 esta instalación foi a única que presentou taxas negativas de crecemento (-6,4%). O epígrafe que máis creceu foi o de graneis líquidos (19,7%), debido sobre todo ao bo comportamento dos desembarcos de asfalto; en contraposición, diminuíron os tráxicos de gasóleo e produtos químicos. Os graneis sólidos (cemento e sal) diminuíron nun 3%. As mercadorías que propiciaron este bo comportamento foron as conservas (39%), materiais de construción (38%), madeira (37%), alimentos (37%), viños e bebidas (34%), granito elaborado (17%), automóbiles (10%) e pezas para automoción (6%). O 87,3% do tráfico de mercadoría xeral correspondeu a tráfico ro-ro (rodado) e lo-lo (contenORIZADO). O tráfico de contedores continúa sendo o motor do porto, representando o 79,8% e crecendo en 2013 un 7,2%, alcanzando os case tres millóns e medio de toneladas. As mercadorías transportadas en contedores son pesca conxelada, madeira, granito elaborado, metais, conservas e maquinaria. O tráfico ro-ro creceu un 3% en pezas de automóbiles, maquinaria, lousa e materiais de construción.

O porto de Vigo, a diferenza doutros portos galegos, non é un porto *hub*, senón que maioritariamente presta servizo ao seu *hinterland*, polo que cabe esperar que o bo comportamento dos datos de movementos na rada viguesa sexa o reflexo dunha maior actividade do tecido produtivo da súa área de influencia.

En 2013 os 122 portos de titularidade autonómica creceron nun 6,8% respecto ao ano 2012, ao rexistraren movementos por 2,6 millóns de toneladas. O maior tráfico correspondeu ao porto coruñés de Cariño, con 540.008 toneladas, correspondendo na súa maioría ao desembarco de dunita. Ségueno o porto de Ribadeo en Lugo, con 534.126 toneladas, sendo a pasta de papel a mercadoría máis importante, e o porto de Cee, con 390.661 toneladas, co manganeso como protagonista.

A autopista do mar

A mediados de maio de 2014 a Comisión Europea aprobou a incorporación da autoestrada do mar entre Vigo e o porto francés Saint Nazaire como iniciativa para ser financiada no programa Marco Polo II (ao que se solicitaron tres millóns de euros), condición necesaria para poder recibir axudas de ata 30 millóns de euros dos gobernos español e francés, ao non incorreren, entón, en conflitos de competencia e as subvencións non seren declaradas ilegais.

Como comentabamos en informes anteriores, as autoestradas do mar son liñas marítimas subvencionadas co obxectivo de desconxestionar as conexións por estrada entre os distintos estados membros da Unión Europea, obxectivo comunitario básico para xustificar a concesión de subvencións, contribuíndo a unha redución das emisións contaminantes do transporte por estrada. Pero a autoestrada do mar entre os portos de Vigo e Nantes ten unha peculiaridade: os tráxicos entre estes portos corresponden a coches sen matricular producidos na factoría viguesa de PSA Peugeot-Citroën e sempre utilizaron o transporte marítimo para este fin. Polo tanto, neste caso, a Comisión Europea non se puido basear no criterio de redución de tráfico nas estradas e das conseguintes emisións contaminantes.

En datas próximas constituirase unha sociedade para a explotación da liña, integrada por Suardiáz –compañía que na actualidade xa opera esta ruta sen ningún tipo de subvención–, o actual provedor de servizos marítimos de GEFCO (a filial de PSA Peugeot Citroën) e as autoridades portuarias de Vigo, Nantes, Alxeciras e Le Havre.

Tráfico de cruceiros

No ano 2013 os portos españois recibiron 3846 buques de cruceiro con 7,6 millóns de cruceiristas, un crecemento respecto a 2012 do 3,3% e do 0,9% respectivamente. O volume de negocio xerado pola industria de cruceiros en España durante 2013 ascendeu a 1255 millóns de euros e o emprego total (directo e inducido) xerado por esta industria foi de 26.389 persoas. Na última década o sector creceu un 275%.

Cinco dos portos españois cóntanse entre os 25 principais portos de Europa. Barcelona e Illas Baleares acaparan o 79% do turismo do Mediterráneo, e o 54% do total español. Barcelona, con case 2,6 millóns de turistas e un crecemento do 7,9% respecto a 2012, é líder europeo e ostenta o cuarto posto do mundo en embarques/desembarques. O segundo en importancia é o porto insular de Baleares, con máis de 1,5 millóns de viaxeiros e un espectacular crecemento dun 18,1% respecto ao ano anterior. Séguenos moi de lonxe o porto de Valencia, con 473 mil pasaxeiros (-1,5%), Málaga, con 397 mil (-39,1%), e Baía de Cádiz, con 375 mil e un crecemento do 12,2%. Destacamos neste ano o espectacular crecemento do 60% do porto de Cartaxena.

En canto ás cifras globais relativas ao conxunto dos portos da nosa comunidade, os resultados non son moi positivos. En valores absolutos atracaron 206 naves cun total de case 342 mil cruceiristas, o que pecha o ano 2013 cunha perda do 12,4% no número de pasaxeiros e do 4,2% no número de naves atracadas nas nosas dársenas.

O porto da Coruña, que desde hai uns anos apostou forte para atraer tráfico de cruceiros, en 2013 conseguiu atraer 108 buques, cando un ano antes foran 94, un crecemento do 14,9%. Desde o ano 2009, no que desembarcaron 53 mil viaxeiros, este tráfico creceu en 103 mil persoas.


Cadro núm. 10

Movemento de cruceiros en Galicia

	Número de cruceiros				Número de pasaxeiros en cruceiros			
	2012	2013	TVI (en %)	% sobre o total	2012	2013	TVI (en %)	% sobre o total
A Coruña	94	108	14,9	52,4	140.890	156.890	9,6	45,9
Ferrol-San Cibrao	11	9	-18,2	4,4	7.068	10.853	-25,0	3,2
Vigo	103	83	-19,4	40,3	240.352	171.800	-5,2	50,3
Vilagarcía	7	6	-14,3	2,9	2.012	2.199	-35,6	0,6
Galicia	215	206	-4,2	100,0	390.322	341.742	-12,4	100,0

Gráfico 14

Evolución do número de cruceiristas nos portos galegos



Desde hai dous informes vimos destacando o crecemento desenvolvido polo porto de Ferrol-San Cibrao nesta modalidade de tráfico. En 2013 os cruceiristas crecen nun 53,6%, con 10.853 viaxeiros e 9 naves atracadas, dúas menos que un ano antes.

O porto de Vigo reflicte un comportamento negativo nesta modalidade de tráfico. Hai un par de anos presentaba máximos, pero a terminal viguesa perdeu cota a favor do porto da Coruña. O número de naves atracadas en 2012 ascendía a 103 e, un ano despois, foron 83 (-19,3%); respecto ao número de cruceiristas perde case 70.000, de 240 mil pasa a 171 mil (-28,5%). A cota de mercado sitúase no 50,3%, cando un ano antes era do 61,6%. Aínda cos descenso nas cifras de naves atracadas e de turistas desembarcados, o porto de Vigo, con 171 mil viaxeiros, e o da Coruña, con 156 mil, seguen sendo referentes na fachada atlántica peninsular.

A distribución comercial

En termos agregados o valor nominal do consumo das familias e as institucións privadas sen fins de lucro foi de case 34.290 millóns de euros no exercicio de 2013. Hai que retroceder seis anos para atopar unha cifra semellante, o que dá unha idea da importante contención do consumo. Como se aprecia no gráfico 15, desde o segundo trimestre de 2008 ata finais do 2013, a variación anual do consumo privado en Galicia foi negativa. Malia a volta do PIB a prezos de mercado a taxas de crecemento anual

positivas no primeiro trimestre de 2014, tampouco neste inicio de ano se recupera o consumo dos fogares galegos, que rexistrou unha nova contracción do 0,8%. Con este último rexistro, o consumo privado encadea xa 14 trimestres de caída continuada, unha circunstancia ata agora descoñecida na marcha desta magnitude agregada. Tamén é un período demasiado longo como para non deixar unha profunda pegada tanto no comportamento dos consumidores, como na actividade e viabilidade das empresas desta importante rama dos servizos.


O sector da distribución de bens e servizos tanto para as empresas como para os fogares engloba, segundo a CNAE09, tres grandes subsectores: a venda de automóviles e carburantes (45), comercio por xunto (46) e comercio polo miúdo ou a retallo (47). Pola súa función de intermediación entre a esfera da produción de bens e o lugar de residencia dos consumidores, é un sector estratéxico para o bo funcionamento da economía. Por mor deste papel, a maioría das actividades comerciais, e nomeadamente as do comercio a retallo, teñen unha gran capilaridade e, polo tanto, unha forte dependencia das economías locais. Neste sentido a actividade comercial é un indicador moi sensible da situación que están atravesando, tanto a economía en termos agregados, como a economía das familias.

As grandes cifras deste sector poden axudarnos a interpretar mellor o seu importante papel no conxunto do tecido produtivo. Segundo explica a memoria do Plan integral de apoio á competitividade do comercio minorista de España, aprobado polo

Gráfico 15

Evolución do gasto dos fogares en Galicia

Taxa de variación interanual (en %)



Goberno en xuño de 2013, o comercio supón o 12,1% do PIB total da economía española. O comercio minorista en concreto constitúe por si só o 5,3% do PIB. As 486.000 empresas de comercio minorista equivalen ao 15,2% do total do tecido empresarial existente en España. Outro dato destacable é o número de establecementos de comercio polo miúdo, 600.595, o 16,7% do total de establecementos da economía española. En materia de emprego, a contribución do comercio minorista é tamén moi salientable. As 1.826.081 persoas ocupadas supoñen o 11% do total de ocupados. A taxa de paro é o 12,1%, cifra que, malia ser alta, é a metade da taxa de paro total.

No ano 2013 o conxunto das actividades de distribución e comercio en Galicia achegaban o 16,6% do total de ocupados, o 15,6% dos afiliados ao réxime xeral da Seguridade Social, o 23,7% de todos os autónomos e o 28% de todas as empresas que integran o directorio de empresas de Galicia. Representaba unha cifra de negocios próxima aos 39.000 millóns de euros e, xunto ao transporte e a hostalería, achegaba o 20% do VEB de Galicia.

Con este perfil, o comercio iniciaba o ano 2013 despois dun importante castigo froito da caída no consumo privado e o rigor da contención fiscal aplicada polo Goberno autónomo. Un dos efectos deste impacto da contracción do consumo foi o peche de establecementos e a conseguinte perda de empregos. Entre os centos de locais que tiveron que baixar as súas persianas, que a Federación Galega de Comercio cifra nuns 14.000 desde o ano 2007, paga a pena subliñar o peche, a finais de xaneiro

Cadro núm. 11

Evolución das empresas comerciais con sede en Galicia segundo a súa especialidade

	CNAE09	2009	2012	Variación	
				Absoluta	%
47.1	Comercio a retallo en establecementos non especializados	4.610	4.357	-253	-5,5
47.2	Comercio a retallo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados	5.208	4.975	-233	-4,5
47.3	Comercio a retallo de combustible para a automoción en establecementos especializados	457	459	2	0,4
47.4	Comercio a retallo de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións en establecementos especializados	1.040	1.016	-24	-2,3
47.5	Comercio a retallo doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados	7.620	6.757	-863	-11,3
47.6	Comercio a retallo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados	2.486	2.314	-172	-6,9
47.7	Comercio a retallo doutros artigos en establecementos especializados	10.109	9.913	-196	-1,9
47.8	Comercio a retallo en postos de venda e feiras	2.969	2.798	-171	-5,8
47.9	Comercio a retallo non realizado nin en establecementos nin en postos de venda nin en feiras	296	333	37	12,5
47	Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	34.795	32.922	-1.873	-5,4

de 2014, do centro comercial Dolce Vita na cidade da Coruña, un recinto inaugurado no ano 2008 e que tiña unha superficie bruta de máis de 62.000 m². Esta destrución do tecido comercial non afectou por igual a todos os modos e formatos da distribución. No cadro 11 pódese apreciar a evolución seguida polas empresas que operan nalgún dos tres grandes grupos que a CNAE09 distingue neste sector e que teñen a súa sede no territorio de Galicia.

En cifras absolutas, a desaparición neta de empresas foi nestes tres anos de 1873 para o conxunto do sector, o que supón un 5,4% menos das que había no ano 2009. Tan só dúas ramas, entre as 10 que distingue a CNAE09, crecen neste período: as empresas de venda de combustible (0,4%) e, sobre todo, o comercio a distancia, é dicir, as empresas que se dedican ao comercio electrónico ou ás vendas por catálogo e a domicilio (12,5%). O comercio especializado de artigos novos e non de alimentación (epígrafe 47.5) foi a especialidade que sufriu as maiores perdas (-11,3%), seguido das empresas que se dedican ao comercio de artigos culturais e recreativos (-6,9%), as que venden en mercados e feiras (-5,8%) e, finalmente, o comercio non especializado, é dicir, empresas que operan baixo o formato de autoservicios e supermercados (-5,4%).

O impacto da crise e a supervivencia das empresas tamén foi distinto segundo a súa dimensión, como se pode ver no cadro 12. O primeiro trazo que cómpre subliñar é a reducida dimensión das empresas comerciais. Algo máis de catro de cada cinco empresas teñen menos de dous ocupados asalariados, e tan só había no 2012 un total de 31 empresas en Galicia cun cadro de persoal superior aos 99 traballadores asalariados. Aplicando a clasificación da Unión Europea, que considera microempresas

Cadro núm. 12

Evolución das empresas comerciais con sede en Galicia segundo o seu tamaño

	45 Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas		46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas		47 Comercio a retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas		G Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas	
	Número	% variación 2012/2009	Número	% variación 2012/2009	Número	% variación 2012/2009	Número	% variación 2012/2009
De 0 a 2 asalariados	4.416	3,8	12.366	3,3	28.672	-5,1	45.454	-2,1
De 3 a 5 asalariados	715	-9,5	1.493	-10,5	2.864	-3,9	5.072	-6,7
De 6 a 9 asalariados	277	-14,5	810	-10,4	818	-10,5	1.905	-11,1
De 10 a 19 asalariados	180	-10,4	566	-9,4	365	-17,0	1.111	-12,2
De 20 a 49 asalariados	113	-15,7	226	-25,2	151	-24,1	490	-22,8
De 50 a 99 asalariados	19	-29,6	45	-4,3	21	-34,4	85	-19,8
De 100 a 249 asalariados	7	16,7	14	-33,3	17	-19,0	38	-20,8
De 250 ou máis asalariados	0	0,0	5	-16,7	14	27,3	19	11,8
Todos	5.727	-0,2	15.525	-0,1	32.922	-5,4	54.174	-3,4

as que teñen un cadro de persoal inferior aos 10 traballadores, en Galicia o 96,8% do total estarían nesta categoría; unha proporción que aínda é superior no segmento do comercio polo miúdo (98,3%), e algo inferior no segmento maiorista.

Este mesmo cadro tamén recolle a desaparición neta de empresas en cada un dos intervalos polo tamaño do seu cadro de asalariados e as ramas consideradas. O máis salientable, sen dúbida, é o feito de que o estrato de empresas cun cadro de persoal superior aos 250 asalariados é o único que crece, pasando de 11 empresas a 14 no período destes catro anos. Ocorre sobre todo na especialidade de comercio a retallo, xa que no elo maiorista se perde unha. Todos os restantes ven reducido o número de empresas. Nomeadamente, o grupo de empresas cun tamaño entre 20-250 é o que sofre o maior castigo, xa que a súa perda neta no conxunto das tres especialidades foi do 20%, é dicir unha de cada cinco empresas existentes no ano 2009.

Finalmente, no cadro 13 pódese apreciar esta evolución en cada unha das catro provincias galegas. No conxunto do sector, as provincias que neste período rexistraron

Cadro núm. 13

Evolución das empresas comerciais con sede en Galicia

	45 Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	47 Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	G Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas
2009				
A Coruña	2.184	5.975	14.074	22.233
Lugo	902	2.023	4.216	7.141
Ourense	771	1.449	4.053	6.273
Pontevedra	1.881	6.095	12.452	20.428
Galicia	5.738	15.542	34.795	56.075
2012				
A Coruña	2.155	5.940	13.125	21.220
Lugo	901	1.930	4.064	6.895
Ourense	780	1.506	3.935	6.221
Pontevedra	1.891	6.149	11.798	19.838
Galicia	5.727	15.525	32.922	54.174
% variación 2012/2009				
A Coruña	-1,3	-0,6	-6,7	-4,6
Lugo	-0,1	-4,6	-3,6	-3,4
Ourense	1,2	3,9	-2,9	-0,8
Pontevedra	0,5	0,9	-5,3	-2,9
Galicia	-0,2	-0,1	-5,4	-3,4

Cadro núm. 14

Ocupados nas actividades comerciais no primeiro trimestre de 2014

	Miles de ocupados			TVA (en %)		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	38,3	35,2	73,5	-15,7	-3,7	-9,0
Lugo	10,6	8,6	19,2	-2,0	-12,9	-7,2
Ourense	10,4	9	19,4	-16,3	-10,6	-12,3
Pontevedra	28,1	31,3	59,4	-9,6	-2,8	-5,7
Galicia	87,3	84,2	171,5	-11,9	-4,9	-8,2

Fonte: INE

a maior redución neta de empresas comerciais foron A Coruña (-4,6%), seguida por Lugo (-3,4%) e Pontevedra (-2,9%), sendo Ourense a provincia na que se produce a menor desaparición de empresas comerciais (-0,8%).


De novo a especialidade máis castigada polos efectos da crise é o comercio a retalho, precisamente o que está en contacto directo coa clientela e, polo tanto, o que depende máis do comportamento do consumo dos fogares. Neste grupo de empresas, a diminución foi dun 5,4% en Galicia e de novo é a provincia da Coruña a que rexistra o maior descenso (-6,7%), seguida pola de Pontevedra (-5,3%) e Lugo (-3,6%).

No elo maiorista, que practicamente mantén o número total de empresas, hai que subliñar o importante descenso que rexistra a provincia de Lugo (-4,6%) e os incrementos de Ourense (3,9%) e Pontevedra (0,9%). Un balance moi semellante é o que rexistra a especialidade de venda e reparación de vehículos a motor e motocicletas.

Esta maior debilidade, cando non simple destrución do tecido empresarial, ten unha tradución inmediata na destrución de emprego no sector. Segundo os últimos resultados da EPA, que se reflicten no cadro 14, a finais do primeiro trimestre de 2014 había 171.500 ocupados nestas tres ramas da distribución comercial que se repartían de forma practicamente igual entre ambos os sexos. A perda no último ano foi de 13.800 ocupados (-13,6%), e no último trimestre, de 4300 (-2,6%). Unha caída significativa se temos en conta que

Gráfico 16

Afiados á Seguridade Social no comercio por réximes en Galicia. Taxa de variación anual (en %)



supuxo máis do 60% de todos os ocupados que se perderon en Galicia no mesmo período.

As provincias máis castigadas foron as de Ourense (-11,3%) e A Coruña (-8,6%), mentres que Lugo (-6,9%) e Pontevedra (-5,5%) teñen unha caída da ocupación inferior en termos relativos ao medio de Galicia. Por xénero, o colectivo dos homes foi o que máis padeceu a destrución de emprego (-10,5%), fronte ás mulleres (-5%), e de novo Ourense e A Coruña son as provincias máis afectadas no colectivo de homes, e Lugo e Ourense, na ocupación feminina.

Unha das características propias desta actividade é o gran peso que teñen as empresas sen asalariados, polo que ten un interese singular coñecer como evolucionou o emprego do colectivo de autónomos no ano 2013. O cadro 15 elaborado a partir dos afiliados por réximes recolle a importancia no total de afiliados do sector, así como o seu comportamento. En conxunto, apréciase a maior resistencia dos autónomos que practicamente se manteñen ou crecen lixeiramente en todas as provincias, agás na de Ourense, onde se rexistra unha redución (-0,2%).

A evolución de ambos os colectivos de ocupados reflíctese no gráfico 16, que confirma esta maior resistencia do emprego en réxime de autónomos fronte a unha maior redución dos ocupados asalariados. Semellante comportamento suxire dúas posibles explicacións. A existencia de poucas barreiras á entrada de novos operadores no comercio a retalho facilita a creación de novos negocios e, neste sentido, o aumento dos autónomos sería unha proba da vitalidade de novas iniciativas emprendedoras. Ou tamén pode estar ocorrendo, como noutras actividades, unha transformación de emprego asalariado en autónomo, coa finalidade de abaratar aínda máis o custo da man

Cadro núm. 15

Afiliados á Seguridade Social no sector do comercio (en miles de persoas)

	2012	2013	% total afiliados 2013	% variación 2013/2012
Réxime xeral				
A Coruña	53.222	51.427	71,6	-3,4
Lugo	13.741	13.173	66,6	-4,1
Ourense	11.845	11.535	64,5	-2,6
Pontevedra	43.118	41.191	68,2	-4,5
Galicia	121.926	117.326	69,0	-3,8
Réxime de autónomos				
A Coruña	20.416	20.444	28,4	0,1
Lugo	6.571	6.606	33,4	0,5
Ourense	6.298	6.357	35,5	0,9
Pontevedra	19.246	19.199	31,8	-0,2
Galicia	52.531	52.606	31,0	0,1

de obra. En calquera caso estes datos confirman o proceso de deterioro do mercado de traballo no sector comercial de Galicia froito, en boa medida, da longa duración da crise e os seus efectos sobre o consumo familiar.


O consumo dos fogares

A estreita dependencia existente entre o nivel de consumo e a renda dispoñible explica que exista un consenso moi amplo na identificación dos factores que están baixo esta diminución do consumo das familias: rápido deterioro do mercado de traballo, aumento do desemprego, redución salarial, dificultades das familias para chegar a fin de mes, etc. O índice de confianza dos consumidores (ICC) en Galicia é un indicador sintético que ocupa un lugar destacado na explicación da evolución do consumo. A recuperación da confianza na situación económica é unha das condicións que deben existir para que se anime a demanda interna e volva actuar como motor do proceso de recuperación do crecemento.

No gráfico 17 apréciase a evolución deste indicador sintético nos últimos 17 trimestres. Non pasa desapercibida a lixeira recuperación dos valores do índice ata o terceiro trimestre de 2011, cando o rigor da política de contención fiscal e o vertixinoso aumento do paro acabaron con este tímido intento de saída da crise. A partir desta data prodúcese unha caída continuada dos valores do índice ata tocar fondo coincidindo co primeiro trimestre de 2013. Iníciase, entón, unha senda de recuperación da confianza

Gráfico 17

Indicador de confianza do consumidor (ICC)




que prolonga a súa continuidade ata o primeiro trimestre de 2014. Convén subliñar, non obstante, que este proceso que semella arrincar con forza, aínda non foi capaz de recuperar os niveis que acadou o valor do ICC a mediados do ano 2011, cando xa se empezaba a falar dun cambio de tendencia na dirección da economía.

Os resultados que o INE acaba de facer públicos da Encuesta de Condiciones de Vida de las Familias confirman esta evolución. O aumento no ano 2013 en 4,1 puntos porcentuais na proporción de familias que chegan con moita dificultade a fin de mes (17,1%) é o máis alto de toda a serie, incluíndo o ano 2009. E, segundo esa mesma fonte, son xa 37,7 fogares de cada cen os que teñen moita ou algunha dificultade para chegar a fin de mes. Unha proporción que rexistrou un aumento en Galicia de 6,8 puntos no ano 2013, mentres no conxunto español no mesmo período o aumento foi de 4,1 puntos.

Gráfico 18

Índice da cifra de negocios do comercio ao retallo

Prezos constantes (base 2010)



Non é desde logo un bo momento para os fogares, e iso explica que a traxectoria seguida pola cifra de negocios do sector comercial discorra case en paralelo coa senda xa comentada do ICC, tal e como se pode apreciar no gráfico 18. Este perfil marcado polos *dentes de serra*, que traducen a dependencia característica que teñen as vendas do calendario e, nalgúns ramos como o vestido e calzado, tamén da climatoloxía, non pode desnaturalizar a tendencia de fondo que se observa.


Tres son os aspectos máis salientables na evolución do índice: a) a caída continua das taxas de crecemento anuais ata o primeiro trimestre de 2013, no que se produce un punto de inflexión e cambia esta tendencia; b) o gran paralelismo existente entre as traxectorias galega e española das vendas tanto na fase de descenso, como agora na fase de recuperación; c) o estancamento que se produce a partir do mes de outubro na evolución deste indicador. Un freo que se produce xusto cando abandona as taxas de variación negativas e se instala xa na zona de crecementos anuais positivos. Semellante comportamento suxire unha debilidade no proceso de recuperación do consumo. Un presaxio de que realmente será moi difícil que este importante agregado recupere o vigor das taxas de crecemento anteriores ao inicio da crise, sen unha mellora substancial do emprego.

Esta feble recuperación afecta a todos os modos de distribución que distingue a enquisa do INE sobre cifra de vendas, tal e como se pode ver no gráfico 19. Nel tamén se observa o diferente comportamento que tiveron uns e outros formatos ao longo do exercicio 2013. As grandes cadeas, que teñen unha importante cota de mercado no consumo doméstico, son as que rexistraron un mellor comportamento. De feito as súas taxas de variación anual se manteñen con signo positivo ao longo de dez meses do ano. O comercio unilocalizado, é dicir, o universo das pequenas tendas especializadas,

Gráfico 19

Índices de comercio ao retallo segundo modos de distribución

Cifra de negocios corrixida de efectos estacionais e de calendario en euros correntes (base 2010)



é o segmento de mercado que manifesta unha recuperación máis vigorosa ata o mes de setembro. Non obstante, e coincidindo coa volta ao colexio, invértese esta tendencia, para iniciar unha senda de suave descenso que sitúa o seu índice de vendas en valores negativos nos dous últimos meses da serie. Unha situación que comparte co segmento das pequenas cadeas. Finalmente, os formatos de grandes superficies e as pequenas cadeas, moitas delas baixo fórmulas de franquicia, son as que teñen as maiores dificultades para remontar; lastradas, sen dúbida, polos cambios operados nos hábitos de compra dos consumidores e pola forte competencia das medianas superficies e o pulo do comercio electrónico.

Como xa vimos ao falar da incidencia da crise no tecido empresarial, son as empresas de maior tamaño as que amosan unha mellor capacidade de resistencia. Unha resistencia que vai acompañada de plans de expansión e consolidación da súa rede

Cadro núm. 16

Facturación (en millóns de euros) **e emprego nas grandes cadeas de alimentación galegas**. Ano 2013

	Froiz	Vegalsa-Eroski	Gadis
Número de centros*	262	238	352
Emprego	4.250	4.471	6.361
Facturación 2012	514	840	956
Facturación 2013	522	847	980
% variación 2013/2012	1,6	0,8	2,5

* Propios e de franquias de todas as marcas.

Fonte: Elaboración propia a partir das memorias e páxinas webs das empresas

incluso neste difícil escenario. No cadro 16, e como unha mostra do que está sucedendo cos operadores galegos, consígnanse os datos, aínda provisionais, das tres cadeas de establecementos non especializados de venda de produtos de alimentación e de gran consumo.

Apréciase como, mesmo neste escenario marcado pola redución dos gastos de consumo dos fogares, as tres logran aumentar as súas cifras de negocio, aínda que con diferentes ritmos. Tamén aumentan lixeiramente os seus cadros de persoal pola apertura de novos centros de venda tanto en Galicia como nas

autonomías veciñas (Asturias, Castela e León, e incluso Madrid, Castela-A Mancha ou mesmo a rexión norte de Portugal).

No plano das políticas, continuaron un ano máis as campañas de promoción que desenvolve a Dirección Xeral de Comercio a prol do comercio local, así como as convocatorias de axudas e créditos brandos para a modernización dos establecementos. Non obstante, o feito máis salientable dentro das políticas de fomento, foi a aprobación por parte do Goberno do xa referido Plan integral de apoio á competitividade do comercio minorista de España en xuño de 2013. Este plan, impulsado desde o Ministerio de Economía e Competitividade, conta coa colaboración das comunidades autónomas, concellos, o Consello Superior de Cámaras de Comercio, Industria e Navegación, a Sociedade Estatal Mercados Centrais de Abastecemento S. A. (MERCASA) e as principais organizacións empresariais e as asociacións de autónomos.

Eixes estratéxicos do Plan de dinamización do comercio 2013

- A innovación e competitividade do pequeno comercio.
- Fomento dos centros comerciais abertos e mercados municipais.
- Apoio financeiro ás empresas.
- A promoción comercial e a reactivación da demanda.
- Substitución xeracional e fomento do emprendemento.
- Aproveitamento das sinerxías entre comercio e turismo.
- Mellora da seguridade comercial.
- Adopción de medidas legislativas de impulso á actividade comercial e de eliminación de pexas ao inicio da actividade.
- Apoio á internacionalización do comercio español.
- Mellora da formación e a creación de emprego no sector comercial.

O seu principal obxectivo é dotar o comercio minorista dun conxunto de medidas de apoio e fomento que establezan as bases adecuadas para un crecemento competitivo e equilibrado. Outro obxectivo que se pretende é que as actuacións se desenvolvan nun marco de coordinación institucional entre todos os axentes e operadores, tanto institucionais como privados. O financiamento das medidas que se recollen no plan faise con cargo ás disponibilidades orzamentarias consignadas en cada exercicio e ao cofinanciamento con cargo ao Feder.

The image is a full-page background photograph with a blue color overlay. It depicts a modern architectural interior. In the foreground, there are wide, light-colored stone or concrete steps leading upwards. To the right, a glass railing with a dark metal handrail runs along the edge of the steps. In the background, a staircase with a curved glass railing is visible, leading to an upper level. The ceiling is a grid of recessed lighting panels. The overall atmosphere is clean, minimalist, and professional.

VII. Sector financeiro

O contexto exterior do sistema bancario galego

As condicións do contexto exterior do sector bancario galego en 2013 foron, un ano máis, difíciles e complexas. Se ben as tensións financeiras na Eurozona foron reducíndose desde que no verán de 2012 o Banco Central Europeo (BCE) adoptou medidas de política monetaria non convencionais, as condicións de financiamento de fogares e empresas en varios países, nomeadamente España, continuaron sendo precarias durante boa parte do ano.

A taxa de crecemento do produto interior bruto (PIB) na Eurozona continuou a súa tendencia á baixa, diminuíndo un 0,4% no conxunto do ano, se ben esta contracción estivo concentrada no primeiro semestre, xa que no segundo a relaxación das tensións financeiras e o aumento da demanda exterior permitiron estabilizar o nivel de produción. A combinación desta debilidade da actividade económica coa moderación no crecemento dos prezos da enerxía deu lugar a reducidas taxas de inflación. O índice harmonizado de prezos ao consumo (IHPC) presentou unha taxa de crecemento interanual medio de apenas un 1,4%, substancialmente por baixo do obxectivo do BCE (2%). Isto levou á autoridade monetaria a recortar os seus tipos de xuro oficiais en dúas ocasións, reducindo o tipo de xuro das operacións principais de financiamento en 25 puntos básicos no mes de maio, e noutros 25 puntos básicos adicionais no mes de novembro, ata quedar fixado nun mínimo histórico de 0,25%. É tamén salientable que no mes de xullo de 2013 o BCE introduciu unha novidade na súa xestión da política monetaria, ao comezar a ofrecer indicacións sobre a orientación futura da mesma (*forward guidance*), co propósito de *ancorar* as expectativas dos mercados e así favorecer a estabilidade dos prezos a medio prazo. O senso destas indicacións durante toda a segunda metade do ano apuntou cara ao mantemento ou redución dos tipos de xuro oficiais no horizonte temporal de medio prazo. Este aliñamento expansivo da política monetaria foi reforzado no mes de novembro, cando o Consello de Goberno do BCE decidiu anunciar a ampliación das operacións non convencionais de financiamento a prazo máis longo (OFPML), con vencementos previstos para finais do ano 2014, polo menos ata o mes de xullo de 2015.

Os efectos das reducións nos tipos de xuro oficiais do BCE e da nova *forward guidance* transmitíronse aos mercados financeiros da Eurozona dun xeito xeograficamente

desigual. A pesar de que o menor nivel de tensión nos mercados financeiros facilitou o retorno do acceso aos mercados a entidades de crédito, empresas e incluso países que foran excluídos deles nos dous anos anteriores, a percepción respecto da capacidade de resistencia de moitas entidades pertencentes aos países que se viron envoltos na crise da débeda soberana continúa a ser pesimista. Isto tradúcese en que os recortes dos tipos de xuro oficiais non se trasladan a reducións significativas nos tipos de xuro dos préstamos bancarios en diversos países da Eurozona, entre eles en España.

O efecto máis claramente observable dos problemas no mecanismo de transmisión da política monetaria do BCE é a debilidade na evolución do crédito ao sector privado na Eurozona. A taxa de variación dos préstamos ao sector privado foi dun -2% no ano 2013, se ben ao igual ca evolución do PIB, a redución do crédito concentrouse no primeiro semestre, estabilizándose na segunda metade do ano despois das actuacións da autoridade monetaria.

O comportamento das entidades de depósito españolas ao longo do ano 2013 viuse nidamente influenciado pola combinación dunha mellora das condicións financeiras xerais da Eurozona e a evolución da actividade económica en España. Así, na primeira metade do ano desenvolveuse seguindo as mesmas tendencias xa presentes nos últimos meses de 2012, mentres no segundo semestre a saída da economía española da situación de recesión contribuíu a unha leve melloría das condicións de acceso ao financiamento por parte dos sectores residentes.

O gráfico 1 amosa a evolución dos depósitos e os créditos nas entidades de depósito en España. Pode observarse con claridade o efecto positivo da resolución da crise de débeda soberana na Eurozona no verán de 2012 sobre a evolución dos depósitos, que en 2013 mantivéronse consistentemente en taxas de crecemento positivas.

Pola contra, tamén pode observarse como a situación de restrición de crédito (*credit crunch*) non respondeu positivamente á diminución das tensións financeiras na Eurozona, senón que se agudizou. Durante todo o ano 2013, os volumes de crédito a outros sectores residentes por parte das entidades de depósito en España estiveron máis dun 10% por debaixo dos correspondentes aos mesmos períodos no ano anterior.

Esta disparidade na evolución de depósitos e créditos reflicte a ruptura do mecanismo de transmisión da política monetaria no mercado de crédito español. O custo dos préstamos bancarios aos sectores de fogares e sociedades non financeiras en España apenas experimentou variacións desde finais de 2012, a pesar das reducións nos tipos de xuro oficiais do BCE, mantendo tipos de xuro bancarios elevados, tanto respecto do ton da política monetaria, como en relación a outros países da Eurozona.

En parte, esta situación pode explicarse en termos dunha recomposición das marxes das entidades de depósito tras as fortes contraccións dos anos anteriores. Sen embargo, máis significativa é a combinación da debilidade na actividade económica española e os estritos criterios de concesión de préstamos aplicados polas entidades de depósito, necesarios para que estas poidan recuperar a confianza dos mercados na súa capacidade de resistencia.

Unha consecuencia da prolongada situación de recesión que experimentou a economía española desde 2010 é o crecemento acelerado da morosidade bancaria, en

Gráfico 1

Evolución dos créditos e depósitos das entidades de depósito en España. Taxas de variación interanuais (en %)





Gráfico 2

Porcentaxe de créditos para actividades inmobiliarias e adquisición de vivendas considerados como dubidosos en España. Taxas de variación interanuais (en %)



particular a correspondente aos créditos relacionados coa actividade inmobiliaria. No gráfico 2 pode observarse cómo, a pesar de estar xa situada en máximos históricos, a mora no crédito para financiamento de actividades inmobiliarias continuou aumentando ao longo de 2013 a taxas interanuais superiores ao 10%.

A persistencia da fase recesiva do actual ciclo económico español tamén afecta negativamente ao crédito ás familias para a adquisición e rehabilitación de vivendas. O volume de créditos dubidosos para esta finalidade superou en 2013 o 5% e, como amosa o gráfico 2, incrementouse a un ritmo substancialmente máis rápido que a morosidade do crédito para actividades inmobiliarias por primeira vez desde o inicio da crise financeira global no ano 2007.

Co fin de afrontar a situación de crise no sistema bancario, o Goberno español solicitou formalmente asistencia financeira no verán de 2012, que foi concedida mediante un programa europeo sectorial para a recapitalización dunha parte do sistema bancario. Aínda que o programa contemplaba unha dispoñibilidade máxima de 100 mil millóns de euros, tan só se utilizaron 41 mil millóns. Este financiamento chegou condicionado á posta en marcha dunha serie de medidas de reforma do sistema bancario formalizadas ca sinatura dun memorando de entendemento. O cumprimento das condicións deste memorando ao longo do ano 2013 foi considerado como satisfactorio por parte das autoridades competentes, que deron como concluído o programa ao comezo de 2014. As medidas adoptadas seguiron catro liñas de acción: reestruturación, recapitalización, saneamento de balances e reforma do marco de regulación e supervisión.

Un dos compromisos adquiridos no memorando de entendemento no que máis se avanzou no decurso de 2013 foi no de privatización, unha vez saneadas, das entidades intervidas polo Banco de España dentro do marco de xestión e resolución de crises bancarias. Así, ao longo de 2013, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB) foi acadando acordos de venda do Banco de Valencia, Banco Gallego e NCG Banco, vendendo tamén un 7,5% do capital de Bankia a inversores institucionais a comezos de 2014.

A evolución do sector bancario galego

O sector bancario galego continuou en 2013 co profundo proceso de reestruturación iniciado nos anos anteriores e que levou á desaparición do capital galego como propietario das entidades de depósito dominantes na comunidade autónoma. Unha vez concluído en 2012 o proceso de absorción do Banco Pastor por parte do Banco Popular Español, a dinámica do sector veu marcada en 2013 polo proceso de saneamento e eventual privatización das entidades que formaban o grupo NCG Banco, a entidade resultante da fusión das dúas caixas de aforros que mantiveron durante moitos anos a posición dominante no negocio bancario galego, Caixa Galicia e Caixanova. Neste caso, porén, a sede social do novo banco, os órganos de goberno e dirección e os servizos centrais continúan en Galicia.


Despois da venda do Banco Etcheverría a Banesco Holding Financiero S. L. en decembro de 2012, o FROB, como propietario do capital de NCG Banco, procedeu a sanear as dúas marcas principais baixo as que o grupo operaba na comunidade autónoma. Así, comezou por taxar en decembro de 2012 a marca principal (NCG Banco) para, dous meses despois, facer o propio co Banco Gallego (participado nun 50% por NCG). Esta valoración produciuse despois de transferir o Banco Gallego á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria (SAREB, a institución creada polo FROB para cumprir as funcións de *banco malo*), activos por valor de máis de mil millóns de euros.

O FROB puxo en venda inmediatamente o Banco Gallego, sendo finalmente adxudicado ao Banco de Sabadell no mes de abril polo prezo simbólico de un euro despois dunha inxección de fondos públicos de 245 millóns de euros. Seguidamente, a filial de NCG Banco creada en 2012 para operar fóra do noroeste peninsular (Galicia, Asturias e León), EVO Banco, foi vendida en setembro ao fondo estadounidense Apollo por 60 millóns de euros.

NCG Banco foi posto á venda no outono, despois de recibir máis de 9 mil millóns de euros para o seu saneamento: 5,5 mil millóns procedentes do Mecanismo Europeo de Estabilidade (MEDE), 2,5 mil millóns pola subscripción de accións do FROB e algo máis de mil millóns procedentes do FROB 2 para a conversión de cotas preferentes en capital. Tras unha poxa na que se recibiron seis ofertas, foi adxudicado o 88,33% do seu capital a Banesco Holding Financiero S. L., con sede en Madrid, por algo máis de mil millóns de euros.

Gráfico 3

Valor dos activos totais no balance consolidado de NCG Banco
(en millóns de euros)



Ademais, NCG Banco tivo que elaborar un plan de redimensionamento e reorientación cara ao negocio de banca minorista e de pequenas e medianas empresas, que carrega como resultado a redución gradual do seu número de empregados e de oficinas. O impacto do plan de redimensionamento sobre o tamaño da entidade ilústrase no gráfico 3.

Como resultado deste proceso, o mercado bancario galego presentaba a finais de 2013 unha estrutura diferente á de anos anteriores. Como amosa o gráfico 4, o novo grupo resultante da adquisición por parte de Banesco das marcas NCG Banco e Banco Etcheverría mantén unha posición aínda dominante, á espera da súa previsible reestruturación interna. Este proceso foi xa completado no seo do Banco Popular Español despois da absorción do Banco Pastor, deixando esta

entidade como propietaria da segunda maior rede de oficinas na comunidade autónoma, por riba dos tres grandes grupos bancarios españois (Santander, Caixabank e BBVA). A adquisición do Banco Gallego por parte do Banco de Sabadell converteu este grupo no propietario da sexta rede de oficinas máis ampla.

A venda por separado das distintas marcas que posuía NCG Banco permitiu reducir lixeiramente o elevado grao de concentración do mercado bancario galego. A finais de 2013 o 49% da rede total de oficinas está en mans dos dous grupos maiores (NCG Banco e o Banco Popular Español), e entre os cinco grupos máis grandes copan o 83% do número total de oficinas, cifras levemente máis baixas que en anos anteriores.

Gráfico 4

Distribución porcentual da rede de oficinas de Galicia entre grupos bancarios (datos a 31 de decembro de 2013)




Gráfico 5

Evolución dos créditos, depósitos e oficinas das entidades de depósito en Galicia

Taxas de variación interanuais (en %)





Gráfico 6

Créditos, depósitos e oficinas das entidades de depósito en Galicia en relación co total español (en %)



Un dos efectos deste proceso de reestruturación é a redución do tamaño total da rede de oficinas en Galicia. Como pode observarse no gráfico 5, esta redución vaise producindo de xeito continuado desde o ano 2009, pero resultou moito máis marcada en 2011 e 2013.

O gráfico 5 ilustra tamén a intensidade da restrición de crédito aos sectores dos fogares e ás sociedades non financeiras en Galicia, chegando a acadarse no terceiro trimestre de 2013 unha redución de case o 20% no volume de crédito con respecto ao mesmo período do ano anterior. Pola contra, a evolución dos depósitos tamén foi positiva no 2013 na comunidade autónoma, do mesmo xeito que no conxunto de España. O gráfico 6 permite visualizar ata que punto a evolución destas magnitudes limitáase a seguir a tendencia do conxunto estatal ou reflicte dinámicas específicas do mercado bancario galego.

No gráfico 6 pode observarse como o tamaño relativo da rede de oficinas bancarias en Galicia con respecto á rede nacional permanece nos últimos anos en valores moi estables, mentres que os volumes relativos de depósitos e créditos manteñen tendencias opostas. A participación dos depósitos realizados en entidades bancarias en Galicia no total nacional increméntase continuamente, mentres que a participación dos créditos se reduce.

É salientable que desde o ano 2008 a brecha entre a participación do sector bancario galego no total nacional en oficinas e depósitos pasou de 1,3 a 0,8 puntos

porcentuais, nun contexto de continua redución da rede total, tanto en Galicia como en España. Cómpre subliñar que os datos referentes ao volume de crédito deben interpretarse con maior cautela, xa que poden verse afectados polos criterios internos das entidades á hora de imputar, cando reportan a información ao Banco de España, os créditos concedidos ben ás oficinas centrais (nalgúns casos localizadas fóra de Galicia) ou ás sucursais.

No mes de xuño de 2014, no momento da edición deste informe, formalizouse definitivamente a venda de NCG Banco, que, xa en mans dos novos propietarios, se transformou nunha nova entidade denominada ABANCA.

Como paso previo, obtívose tamén en xuño de 2014 a autorización da venda por parte da Comisión Europea. Neste senso, e froito das negociacións cos novos propietarios, a Comisión flexibilizou notablemente as restricións que tiña que asumir a entidade no marco da folia de termos e condicións fixada en 2012. Así, redúcese o número de oficinas que debían pechar, permíteselle manter certa presenza no resto do Estado, aínda que o obxectivo do seu negocio será o negocio tradicional de familias e empresas no norte do Estado, e poderá non desfacerse dalgunhas das máis significativas participacións empresariais.

Os intermediarios financeiros non bancarios

Os investidores institucionais

A estabilización das economías europeas e o aumento da confianza dos investidores influíu positivamente na evolución dos mercados financeiros durante 2013. Destaca particularmente a mellora xeneralizada das bolsas europeas, onde o IBEX deixou atrás os números vermellos cun crecemento do 21,4%, sendo só superado en Europa polo DAX alemán. Pola súa banda, o mercado estadounidense foi quen de mellorar o comportamento europeo e seguiu crecendo de forma imparable, acadando o 27,7% no caso do Dow Jones. Tamén chegou a calma á renda fixa europea, que se traduciu en reducións moi relevantes na prima de risco, reflectíndose nos rendementos acadados, sobre todo na débeda de vencementos máis longos. O único elemento desestabilizador introduciuse a finais de ano, cando a Reserva Federal decidiu levar a cabo unha retirada progresiva de estímulos, o que provocou unha saída de fondos dos mercados emerxentes, coa consecuente caída da cotización das súas divisas e a suba dos xuros, incluídos os da débeda dos EE. UU.

A conxuntura dos mercados financeiros serviu para que a actividade dos intermediarios orientados á captación de aforro, como son os plans de pensións e os fondos de investimento, experimentasen por primeira vez un incremento do seu patrimonio. De feito, houbo un importante transvasamento de aforro desde os depósitos bancarios cara aos fondos de investimento. Non obstante, a mellora rexistrada nos mercados financeiros non tivo reflexo na actividade crediticia, xa que a contracción da economía

e a caída do crédito deixouse sentir en actividades como o *leasing*, o *factoring* ou os avais concedidos polas sociedades de garantía recíproca, que seguiron retrocedendo aínda que a taxas máis moderadas. Tamén se reduciu o volume de primas captadas no sector asegurador que, aínda así, foi quen de manter os niveis de rendibilidade. As expectativas para 2014 son mellores, xa que se prognostican crecementos en todas as actividades financeiras, aínda que haberá que esperar os efectos de certos elementos desestabilizadores como son o conflito en Ucraína, a retirada de estímulos ou a debilidade coa que Europa se recupera da crise.

Cadro núm. 1

Evolución do sector asegurador español

	Total primas (millóns de euros)	% variación
2003	41.752	-13,9
2004	45.217	8,3
2005	48.782	7,9
2006	52.607	7,8
2007	54.920	4,4
2008	59.203	7,8
2009	59.783	1,0
2010	58.188	-2,7
2011	60.590	4,1
2012	57.384	-5,3
2013*	55.773	-2,8

* Datos estimados.
Fonte: ICEA

Cadro núm. 2

Evolución dos ramos do seguro en España (en millóns de euros)

	2012	2013*	% variación
Vida	26.288	25.504	-2,98
Non-vida	31.095	30.268	-2,66
Automóviles	10.607	10.022	-5,52
Multirriscos	6.627	6.537	-1,36
Saúde	6.785	6.901	1,71
Resto de non-vida	7.076	6.808	-3,79
Total ramos	57.383	55.772	-2,81

* Datos estimados.
Fonte: ICEA

O sector asegurador e os plans e fondos de pensións

O sector asegurador

Durante 2013 o sector asegurador seguiu perdendo volume de negocio, pero a taxas máis reducidas, xa que os datos achegados por ICEA mostran como o nivel de primas baixou ata os 55.773 millóns de euros, preto dun 3% menos que en 2012. A caída de primas foi novamente xeneralizada en todos os ramos de actividade, pero especialmente nos seguros de autos, inmersos desde hai anos en guerras de prezos e afectados tamén pola contracción do parque móbil. Os resultados non se resentiron debido á caída do número de sinistros, asociada, en gran medida, ao menor uso do automóbil. Tamén diminuíron as achegas a seguros de vida nun 3%, perdendo a batalla fronte a produtos de aforro competidores como son os plans de pensións e os fondos de investimento, que rexistraron achegas netas positivas. Aínda así, o valor do aforro xestionado baixo esta modalidade superou os 161.000 millóns en 2013 a consecuencia da revalorización dos activos nos que están investidas as provisións.

Os seguros xerais decreceron nun 2,66%, sendo o ramo de saúde o único que rexistrou un incremento no volume

Cadro núm. 3**Volume de negocio dos ramos do seguro por comunidades autónomas. Ano 2013**

	Volume das primas (millóns de euros)	% sobre o total nacional	% variación 2013/ 2012
Andalucía	5.824,3	12,69	2,75
Aragón	1.512,0	3,29	-9,77
Asturias	837,0	1,82	-5,92
Baleares	1.270,1	2,77	6,97
Canarias	1.212,3	2,64	-2,00
Cantabria	484,6	1,06	-1,97
Castela-A Mancha	1.616,1	3,52	-5,15
Castela e León	2.211,2	4,82	-5,59
Cataluña	9.676,6	21,08	-3,28
C. Valenciana	4.373,5	9,53	2,43
Extremadura	724,5	1,58	-8,82
Galicia	2.151,4	4,69	-3,02
Madrid	9.368,7	20,41	-4,60
Murcia	1.031,5	2,25	-4,85
Navarra	837,9	1,83	35,67
País Vasco	2.322,8	5,06	-2,78
A Rioxa	355,6	0,77	0,71
Ceuta e Melilla	96,9	0,21	-2,16

Fonte: ICEA

de primas. Os seguros de vida captaron menos recursos e perderon un 3,3% de asegurados, aínda que incrementaron o volume de recursos xestionados. Destacou particularmente o incremento do valor do aforro en plans individuais de aforro sistemático (36,33%) e dos plans de previsión asegurados (PPA) que tamén creceron o 14,13%. Non foi así nos seguros de vida risco, sendo a única modalidade na que o valor dos recursos baixo xestión se reduciu un 3%.


A análise do negocio por autonomías reflicte, en xeral, unha caída na facturación das compañías aseguradoras, se ben hai excepcións como é o caso de Andalucía, Baleares, Valencia e Canarias. Os datos de Galicia, sen seren bos, xa que tamén se acadou un menor volume de primas, sufriron unha caída en liña coa media, consolidando a cota de mercado no 4,7%.

Os plans de pensións

Durante 2013 as institucións de investimento colectivo víronse beneficiadas polas baixas taxas de xuro ofrecidas polos depósitos bancarios, afectadas polas limitacións

Gráfico 7

Evolución do patrimonio dos fondos de pensións en España (en millóns de euros)
(datos do 31 de decembro de cada ano)



as remuneracións establecidas polo Banco de España e as menores necesidades de liquidez. A este contexto uniuse o fin das turbulencias vinculadas á crise que impulsaron o transvasamento de fondos cara a produtos máis rendibles. En particular, os fondos de pensións incrementaron o patrimonio xestionado en 5885 millóns de euros, un 6,8% máis que o ano anterior. Dito incremento debeuse principalmente á

revalorización dos activos do fondo, xa que as achegas netas foron de 233 millóns de euros, que se concentraron en plans garantidos, de renda variable e de renda variable mixta. As prestacións por supostos especiais de liquidez seguiron incrementándose ata os 500 millóns de euros, destacando os 462 millóns motivados por desemprego de longa duración dos que dispuxeron un total de 104.500 beneficiarios. A pesar de que o patrimonio se sitúa en máximos

históricos, o feito de que o modelo de pensións español sexa público e teña unha das taxas de substitución máis elevadas do mundo, limita o crecemento deste produto en España. De feito, a porcentaxe de persoas ocupadas que fixo achegas en España é do 60%, fronte a outros países do noso contorno, onde dita porcentaxe oscila entre o 80% e o 100%. As previsións de Inverco para 2014 auguran un incremento do

Cadro núm. 4

Evolución do patrimonio dos fondos de pensións por tipo de plan en España (en millóns de euros)

	Individual	Emprego	Asociado
2012	53.159	32.572	795
2013	57.990	33.358	883
% variación	9,09	2,41	11,07

Fonte: Inverco

patrimonio por valor de 3000 millóns de euros, explicado, dunha banda, pola rendibilidade media do 3% e unhas achegas netas similares ás de 2013.

Se analizamos as achegas por tipo de sistema, destaca o incremento rexistrado no sistema individual, que practicamente creceu en todas as modalidades, agás na renda fixa a curto prazo, e logrou aumentar o patrimonio en máis de 4800 millóns de euros.

A composición da carteira rexistrou cambios pouco significativos, onde novamente a renda variable incrementou o seu peso, en particular a internacional, e algo semellante pasou coa renda fixa. As rendibilidades acadadas en 2013 bateron un récord histórico, xa que a media se situou no 8,36%, reflectindo o bo comportamento que tiveron os mercados de débeda e de renda variable. Destacan en particular os bos rendementos obtidos polos fondos de pensións que apostaron por renda variable, xa que tiveron un rendimento medio superior ao 22% fronte ao exíguo 2% dos de renda fixa a curto prazo. Ademais, se avaliamos o rendimento a prazos máis longos, comprobamos que nos últimos 23 anos e medio proporcionaron un rendimento do 5,3%, sendo os máis rendibles os de renda fixa mixta.

A clasificación por xestoras mostra un elevado grao de concentración xa que as dez primeiras clasificadas superan o 82% de cota de mercado. Dito aumento é unha das consecuencias asociadas á reestruturación do sistema financeiro español que deixou a maior parte do negocio financeiro en mans de oito entidades.

Cadro núm. 5

Clasificación española dos plans de pensións (datos do 31 de decembro de 2013)

	Cota de mercado (en %)	Número de plans	Patrimonio (millóns de euros)
1 BBVA	20,42	416	18.868
2 Vidacaixa	16,85	336	15.567
3 Santander	10,13	291	9.363
4 Bankia	6,73	193	6.217
5 Allianz Popular	5,61	125	5.181
6 Ibercaja	5,55	45	5.132
7 Mapfre	5,46	156	5.047
8 Banco Sabadell	3,97	247	3.665
9 Fonditel	3,93	46	3.629
10 Aviva	3,71	172	3.431

Fonte: Inverco

Os fondos de investimento e as sociedades de capital risco

Os fondos de investimento

Os fondos de investimento, tras seis anos consecutivos de caídas no valor do patrimonio xestionado, creceron con forza en 2013 ao superaren os 153.000 millóns de euros e situárense en niveis próximos a 2009. O crecemento por riba do 25% bateu as expectativas, xa que Inverco estimaba o crecemento no 8%. A estabilización dos mercados de débeda, as boas rendibilidades da renda variable e os baixos rendementos dos produtos sen risco animaron a entrada de novos investidores de xeito que todos os meses do ano se rexistraron subscricións netas. Por tanto, unha parte da evolución positiva debeuse á entrada de aforro novo por

valor de 23.000 millóns de euros. Destaca en particular a aposta dos aforradores por fondos con rendibilidade obxectivo e os de renda fixa a curto prazo, fronte aos garantidos e aos de renda variable internacional emerxente, afectados pola perda de rendibilidade rexistrada desde finais de ano. Ao mesmo tempo, a colleita de boas rendibilidades en practicamente todas as modalidades contratadas explica o resto do incremento do valor do patrimonio en xestión.

O comportamento do patrimonio dos fondos por modalidades mostra un crecemento moi importante na modalidade de xestión pasiva, na renda variable nacional (94%), os internacionais (49,84%) e na renda fixa a longo e curto prazo e mixtos, por riba do 36% en todos os casos. Os únicos que experimentaron perdas no valor patrimonial foron os garantidos e os de renda variable mixta.

Novamente, o rendimento en 2013 acadou un medio do 6,37%, e tan só os fondos de renda variable internacional emerxente rexistraron perdas de aproximadamente o 7%. Os mellores resultados colectáronse na renda variable, en concreto na nacional, zona euro, Xapón e EE. UU., onde se superaron en todas as modalidades o 26%. Os fondos de renda fixa tamén tiveron un bo comportamento, pero reduciron

Cadro núm. 6

Rendibilidade dos fondos de investimento (en %)
(datos do 31 de decembro de 2013)

Tipo de fondo	1 ano
Monetarios	1,34
FIM renda fixa curto prazo	1,69
FIM renda fixa longo prazo	4,81
FIM renda fixa mixta	5,78
FIM renda variable mixta	14,38
FIM renda variable nacional	28,14
FIM renda fixa internacional	0,63
FIM renda fixa mixta internacional	2,77
FIM renda variable mixta internacional	9,47
FIM renda variable euro	28,24
FIM renda variable internacional Europa	19,93
FIM renda variable internacional Estados Unidos	26,13
FIM renda variable internacional Xapón	26,20
FIM renda variable internacional emerxentes	-6,96
FIM renda variable internacional resto	26,19
FIM globais	8,22
Garantidos renda fixa	4,82
Garantidos renda variable	5,73
De garantía parcial	10,36
De xestión pasiva	10,63
Retorno absoluto	2,37
Fondos de investimento libre (FIL)	19,30
Fondos de FIL	4,65
Total fondos	6,37

Fonte: Inverco

Gráfico 8

Evolución do patrimonio dos fondos de investimento mobiliario en España
(en millóns de euros) (datos do 31 de decembro de cada ano)





Gráfico 9

Evolución do patrimonio dos fondos de investimento en España por modalidades
Taxa de variación anual (en %). Ano 2013



en promedio a súa rendibilidade respecto a 2012, mentres que os mixtos superaron os de renda fixa debido ao bo comportamento da parte investida en renda variable.

En relación ás xestoras de fondos de investimento mobiliario, os grandes bancos dominan o *ránking*. En concreto,

Santander Asset Management, BBVA e La Caixa distáncianse moito do resto. Non obstante, dito *ránking* non se corresponde coas xestoras mellor valoradas por Morningstar, onde tan só Bestinver e Renta4 se inclúen no *ránking*, sendo o resto empresas internacionais tales como Fidelity, Frankling Templeton ou Aberdeen, entre outras.

As sociedades de capital risco

O investimento levado a cabo polas entidades de capital risco volveu experimentar un retroceso en 2013, mobilizando fondos por valor de 2357 millóns de euros, segundo expoñen Ascri e Webcapitalriesgo. A pesar deste feito,

Cadro núm. 7

Clasificación de entidades xestoras de fondos de investimento (datos do 31 de decembro de 2013)

Núm.	Entidade xestora	Patrimonio (millóns de euros)
1	Santander Asset Management	30.180
2	BBVA Asset Management	23.675
3	La Caixa	23.078
4	Kutxabank	8.610
5	Allianz Popular	8.487
6	Banco Sabadell	8.457
7	Bankia	8.350
8	Bankinter	6.496
9	Ibercaja	5.680
10	Bestinver	5.562

Fonte: Inverco

Cadro núm. 8

As cifras de capital risco en España

	Investimento (millóns de euros)	Núm. de operacións	Contía media (millóns de euros) **
2003	1.337	488	3,26
2004	1.967	474	4,70
2005	4.200	482	8,30
2006	2.715	612	4,40
2007	4.329	840	5,15
2008	3.026	912	3,32
2009	1.593	939	1,70
2010	3.522	904	3,90
2011	3.233	967	3,34
2012	2.472	543	4,55
2013*	2.357	543	4,34

* Datos estimados.

** Un investimento pode realizarse a través dunha ou de máis operacións, xa que a operación é o número de intervencións que un xestor fai nunha empresa. De aí que a contía media dos investimentos difira da resultante da división dos datos do cadro.

Fonte: Ascri e www.webcapitalriesgo.com

máis do 80% do investimento levouse a cabo na segunda metade do ano o que se interpreta positivamente por parte de Ascri. O número de operacións pechouse en 543, destacando as de importe inferior ao millón de euros, que supoñen o 75% das iniciativas financiadas por capital risco. Tamén houbo 19 operacións relevantes que concentraron 475 millóns de euros, con contías individuais de entre 10 e 100 millóns de euros. O *venture capital*, dedicado o financiamento en etapas iniciais, supuxo o 36% das operacións realizadas, se ben o capital expansión concentrou o 62% dos investimentos. A distribución sectorial mostrou a aposta polas actividades industriais, financeiras e informáticas. A evolución do investimento en 2014 terá como protagonista o novo fondo Fon-ICO Global, que ten como obxectivo financiar investimentos por valor de 1200 millóns de euros no período 2014-2017. Máis que polo investimento, 2013 destacou polo desinvestimento por valor de 1563 millóns de euros nun total de 342 operacións. A venda a terceiros volveu ser a canle máis utilizada (39%), seguida da compra por accionistas (20,5%) e outros mecanismos (20%).

Cadro núm. 9

Distribución territorial do investimento en capital risco

	Millóns de euros			%		
	2011	2012	2013	2011	2012	2013
Madrid	828,4	1.217,6	802,9	33,3	52,9	38,7
Cataluña	608,6	512,0	411,6	24,4	22,3	19,8
Andalucía	324,4	26,8	15,7	13,0	1,2	0,8
País Vasco	41,6	289,1	638,9	1,7	12,6	30,8
Galicia	24,8	76,0	41,5	1,0	3,3	2,0
Castela e León	50,9	39,1	16,0	2,0	1,7	0,8
Castela-A Mancha	2,7	11,2	8,1	0,1	0,5	0,4
Aragón	8,9	3,8	1,1	0,4	0,2	0,1
Estremadura	19,5	1,0	8,4	0,8	0,0	0,4
Canarias	0,3	0,1	0,1	0,0	0,0	0,0
Navarra	118,4	24,6	12,6	4,8	1,1	0,6
Asturias	145,3	7,3	6,7	5,8	0,3	0,3
C. Valenciana	23,6	80,4	46,1	0,9	3,5	2,2
Baleares	0,8	1,1	5,9	0,0	0,0	0,3
Murcia	288,7	3,3	58,0	11,6	0,1	2,8
Cantabria	3,2	0,5	0,4	0,1	0,0	0,0
A Rioxa	0,5	5,7	0,3	0,0	0,2	0,0
Ceuta e Melilla	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
Total	2.490,8	2.299,9	2.074,3	100,0	100,0	100,0

A actividade do capital risco en Galicia tivo novas salientables, xa que o fondo CRB Bio II realizou un investimento de dous millóns de euros na empresa con sede na cidade da Coruña, Health in Code, dedicada ao diagnóstico xenético en enfermidades cardiovasculares. O plan de negocio prevé unha facturación de tres millóns de euros e duplicar o cadro de persoal, que actualmente consta de 25 empregados. Tamén se incrementou a capacidade financeira da sociedade de capital risco Vigo Activo por valor de dous millóns de euros. A achega foi realizada ao 100% polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, que pasa a controlar deste xeito case o 84% do capital.

Respecto á distribución xeográfica, Madrid concentrou o 38% do investimento, e o País Vasco superou Cataluña, comprometendo recursos por valor de 638 millóns de euros. O comportamento en Galicia non foi tan positivo, xa que os recursos se reduciron nun 45%, ao realizárense tan só 24 operacións, ningunha delas de contía salientable.

As sociedades de garantía recíproca e os establecementos financeiros de crédito

As sociedades de garantía recíproca

O proceso de desapalancamento financeiro iniciado en 2009 trasladouse ao negocio das sociedades de garantía recíproca (SGR) que viron reducido novamente o volume de avais concedidos en practicamente o 15%. Segundo os datos do Banco de España, os préstamos concedidos a pemes, que son os principais beneficiarios da acción das SGR, reduciuse en máis de 230.000 millóns de euros no período 2010-2013. Esta conxuntura fixo que o risco vivo en 2013 se situase en pouco máis de 4700 millóns de euros, tras seis anos consecutivos de caída continuada. Este feito limita o impacto

Cadro núm. 10

As sociedades de garantía recíproca en España (en millóns de euros)

	Avais formalizados	Avais formalizados acumulado	Risco vivo	% variación
2004	1.494	10.488	3.307	16,90
2005	1.808	12.297	3.945	19,29
2006	2.258	14.556	4.826	22,33
2007	2.441	16.993	5.638	16,82
2008	2.238	19.230	5.938	5,30
2009	2.515	21.753	6.524	9,86
2010	1.765	23.518	6.533	0,15
2011	1.283	24.801	6.200	-5,10
2012	966	25.768	5.527	-10,85
2013	837	26.605	4.704	-14,90

Fonte: Cesgar

positivo da actividade, que apenas beneficiou 1500 empresas novas, que, aínda así, reduciron o nivel de emprego en máis dun 6%. En todo caso, o feito de que a maior parte do financiamento sexa a longo prazo (94%) pon de manifesto a importancia deste instrumento para proporcionar estruturas financeiras estables e mellorar as posibilidades de supervivencia das empresas.

As sociedades de garantía recíprocas galegas continuaron perdendo actividade, pero con maior intensidade que a media do sector xa que a cifra de avais formalizados resultou ser un 35% inferior á do ano 2012. Neste senso, o volume de avais concedidos supera lixeiramente os 300 millóns de euros e impiden que este instrumento financeiro sirva para paliar a seca crediticia. A distribución sectorial dos avais segue concentrando a actividade no sector servizos (40,5%), seguida do comercial (18,7%) e industrial (24,9%). A banca privada achegou o 46% dos fondos destinados a avais, seguido das administracións públicas (19,1%) e as cooperativas de crédito (14%). O vencemento medio superou os oito anos no 67% dos casos e dedicouse a investimento produtivo nun 51%, a financiamento de circulante nun 13% e nun 33,7% a avais técnicos e financeiros.

As entidades de leasing, renting e factoring

As entidades de leasing

O *leasing* durante 2013 freou o ritmo de caída que caracterizou os dous anos precedentes e rexistrou cifras próximas a 2012. A pesar de crecer no número de contratos, a contía media foi inferior e o investimento novo baixou ata os 3921 millóns de euros. Este comportamento viuse reflectido no volume total de recursos xestionados, que pecharon o exercicio por debaixo dos 18.000 millóns de euros. O *leasing* mobiliario volveu acaparar practicamente o 80% das operacións.

Por sectores, o transporte aéreo e marítimo, os equipos médicos e as artes gráficas apenas tiveron representatividade no investimento realizado en 2013. O maior crecemento foi para a maquinaria industrial e a transporte terrestre, que xa supoñen en conxunto o 43% do investimento con *leasing*. Dito crecemento foi a costa do *leasing* inmobiliario e da maquinaria de obras públicas.

Cadro núm. 11

Actividade das sociedades de garantía recíproca galegas (en euros)

	Avais formalizados	Risco vivo
2011		
Afigal	77.317.177,00	291.861.052,64
Sogarpo	31.716.960,34	148.153.187,62
Total Galicia	109.034.137,34	440.014.240,26
2012		
Afigal	45.255.772,00	255.317.734,00
Sogarpo	19.024.580,00	123.751.011,00
Total Galicia	64.280.352,00	379.068.745,00
2013		
Afigal	28.560.501,00	216.954.989,00
Sogarpo	13.185.148,00	100.961.290,00
Total Galicia	41.745.649,00	317.916.279,00

Fonte: Cesgar

Cadro núm. 12

As cifras do «leasing» en España

	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Investimento novo (millóns de euros)	14.208	7.054	7.545	5.233	3.962	3.921
% variación	-34,05	-50,35	6,96	-30,64	-24,29	-1,03
Novos contratos	177.163	110.406	112.877	93.369	69.622	71.809
Investimento vivo (millóns de euros)	42.269	36.945	31.349	26.541	19.309	17.734

Fonte: Asociación Española de Leasing

Cadro núm. 13

As cifras do «leasing» por comunidades autónomas. Ano 2013

	Investimento novo (miles de euros)	% sobre o total	% variación 2013/2012
Andalucía	419.835,66	10,71	-8,67
Aragón	103.460,76	2,64	9,69
Asturias	49.300,68	1,26	7,25
Baleares	166.907,16	4,26	71,91
Canarias	50.182,17	1,28	-54,45
Cantabria	26.284,08	0,67	2,04
Castela-A Mancha	116.045,85	2,96	8,86
Castela e León	198.761,37	5,07	7,63
Cataluña	781.366,84	19,92	-3,63
Extremadura	57.681,74	1,47	16,44
Galicia	123.255,48	3,14	-0,31
A Coruña	66.483,44	1,70	47,16
Lugo	18.999,89	0,48	-49,00
Ourense	11.614,93	0,30	1,07
Pontevedra	26.157,22	0,67	-11,99
Madrid	1.118.676,48	28,53	-2,69
Murcia	115.687,88	2,95	27,48
Navarra	65.024,42	1,66	40,24
A Ríoixa	29.203,93	0,74	29,29
C. Valenciana	246.338,98	6,28	-11,07
País Vasco	250.840,60	6,40	-3,95
Ceuta e Melilla	2.805,85	0,07	-60,67
Total	3.921.659,92	100,00	-1,04

Fonte: Asociación Española de Leasing


A análise da actividade a nivel territorial pon de manifesto un comportamento moi heteroxéneo, xa que os crecementos por riba do 30%, no caso de Baleares, A Rioxa, Navarra e Murcia conviviron con caídas de máis do 60% en Ceuta e Melilla ou do 54% en Canarias. Galicia mantivo practicamente o mesmo nivel de investimento novo, con algo máis de 123 millóns de euros, e gañou algo de cota de mercado, debido a que tivo unha evolución mellor que a media.

As entidades de *renting*

Durante 2013 a venda de automóbiles en España experimentou unha lixeira mellora impulsada polos programas de apoio público, superando en máis do 4,06% o rexistro do ano anterior. Desta mellora do mercado automobilístico beneficiouse tamén a actividade de *renting* que incrementou novamente a súa cota de mercado ata o 14,59% das matriculacións totais. Aínda así, as compras de vehículos a través de *renting*, que acadaron preto das 120.000 unidades, resultaron dun comportamento diverxente nos vehículos de aluguer sen condutor e dos vehículos de empresa. Así, mentres os vehículos sen condutor practicamente duplicaron o número de unidades, as empresas reduciron as compras en máis dun 9%. As expectativas para 2015 son positivas, tanto polo crecemento económico como pola necesidade de renovación de vehículos, xa que a antigüidade media se sitúa nos 11 anos e hai marxe de crecemento nos vehículos de empresa, financiados tan só nun 10% a través de *renting*. Ademais, a posibilidade de incluír o *renting* dentro dos plans de rexuvenecemento de frota tamén permitirá que este instrumento siga gañando cota de mercado.

Gráfico 10

Destino das operacións de «leasing»
(datos do 31 de decembro de 2013)



Cadro núm. 14

Evolución do sector de «renting» en España

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Frota	556.569	571.565	521.124	491.056	470.223	433.294	401.190
% variación	10,7	2,7	-8,8	-5,7	-4,2	-7,9	-7,4
Facturación (millóns de euros)	4.579	4.771	4.475	4.286	4.115	3.817	3.556
% variación	16,2	4,2	-6,2	-4,2	-3,9	-7,2	-6,8
Compras de vehículos	202.910	181.833	96.306	119.660	123.333	106.016	119.836
% variación	9,6	-10,4	-47,0	24,3	3,1	-14,0	13,0

Cadro núm. 15

Distribución xeográfica da frota de «renting» en España
Ano 2013

	%
Andalucía	7,57
Aragón	2,22
Asturias	0,81
Baleares	0,72
Canarias	1,18
Cantabria	0,50
Castela-A Mancha	1,58
Castela e León	1,91
Cataluña	26,95
Ceuta	0,01
Estremadura	0,45
Galicia	3,25
A Ríoxa	0,29
Madrid	37,02
Melilla	0,01
Murcia	1,33
Navarra	0,82
País Vasco	5,65
C. Valenciana	7,73

Fonte: Asociación Española de Renting

Durante 2013 mantívose a tónica de anos anteriores e os vehículos comerciais continuaron sendo os máis demandados. Novamente, mudou a orde de marcas máis vendidas, repetindo Renault o primeiro posto, seguido de Peugeot, que desbancou a Volkswagen e Seat, mentres que Opel baixou ata o quinto posto. A frota de diésel perde cota de mercado, para situarse lixeiramente por debaixo do 85%, e os híbridos e eléctricos seguen gañando, a paso moi lento, algo de peso e representan o 1,1%. Tamén continuou a tendencia crecente do prazo medio de aluguer, que supera os 46,5 meses en medio.

O reparto da actividade por comunidades autónomas segue sen cambios salientables, xa que Madrid e Cataluña concentran máis do 64% do negocio de *renting*. Pola súa banda, Galicia mantivo a cota de mercado no contorno do 3,24% rexistrado en 2012. Os principais compradores volveron ser a industria química e farmacéutica, o comercio e o transporte.

As entidades de *factoring*

O ano 2013 marca un punto de inflexión na evolución do volume de cesións das entidades de *factoring*. Os datos achegados pola Asociación Española de Factoring confirman unha caída en máis dun 5,8%, sendo atribuíbles os cambios normativos no financiamento das pemes e o seu impacto aos períodos de cobro e pagamento. As expectativas para 2014 seguen sendo malas, esperándose unha redución no *factoring* do 2,6%, fronte a un lixeiro crecemento no pago a provedores (0,9%). Iso si, o bo comportamento do sector exterior tivo o seu reflexo no *factoring* internacional, que marcou un rexistro histórico, e as cesións de crédito roldaron os 15.000 millóns de euros. Ademais, neste caso, o crecemento veu do *factoring* de exportación, que creceu por riba do 19% e compensou a caída do de importación, que reduciu o seu volume de negocio en máis dun 14%.

Por sectores, no exercicio 2013 cómpre falar de decrecemento, xa que coa excepción da industria extractiva e outros servizos, o resto tiveron un comportamento moi

negativo, destacando a caída dos sectores de agricultura e pesca, con cifras do -25% e -34%, respectivamente.

Por comunidades, Madrid e Cataluña perderon peso dentro do conxunto estatal, onde ostentaban en 2013 o 60% do mercado de *factoring*. Galicia seguiu perdendo cota de mercado, ata representar tan só o 3,3% en 2013, cun volume de cesións de 3848 millóns de euros. Posiblemente, os procesos de reestruturación financeira e o adelgazamento do sector financeiro autóctono explican dito comportamento.

Cadro núm. 16

Evolución do volume de negocio de «factoring» en España (en millóns de euros)

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Internacional	2.164	3.801	4.208	8.147	9.588	11.112	13.042	12.616	14.750
Nacional	32.677	35.611	45.391	49.244	46.031	48.420	51.358	49.966	44.150
<i>Factoring a provedores</i>	23.182	28.065	33.303	48.179	48.603	53.375	57.725	61.174	57.646
Volume de cesións	58.023	67.477	82.902	105.570	104.223	112.907	122.125	123.756	116.546
% variación	27,5	16,3	22,9	27,3	-1,3	8,3	8,1	1,3	-5,8

Fonte: Asociación Española de Factoring

A blue-tinted photograph of a modern building interior. The scene features a wide staircase with a glass railing on the right side. In the background, another staircase is visible through an opening. The ceiling has a grid pattern, and the overall atmosphere is clean and architectural.

VIII. Sector público

Introdución

A análise do sector público galego realizámola centrándonos principalmente na actividade da Administración autonómica, en correspondencia coa información dispoñible e co debate e interese que de forma continuada se produce respecto dela, tanto no tocante ao seu financiamento como á utilización dos recursos dispoñibles. Recollemos tamén, coas limitacións derivadas da falta de datos suficientemente desagregados e actualizados, a información máis relevante do sector público local galego e das principais actuacións da Administración central en Galicia.

O sector público autonómico galego

Ao estudar o sector público autonómico galego debemos considerar as diferentes entidades que o integran, delimitadas polo perímetro de consolidación establecido no Sistema Europeo de Contas (SEC-95), no que destaca o ámbito da Administración xeral, composto polas diferentes consellerías (oito desde finais do 2012), ás que se deben engadir a Presidencia da Xunta, os órganos institucionais (Parlamento, Consello de Contas, Consello da Cultura Galega e o Consello Consultivo) e determinadas seccións singularizadas como as transferencias a corporacións locais e a débeda pública.

O resto do sector público autonómico galego atópase nun proceso de reordenación, definido principalmente pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, na que se establece a seguinte estrutura de entidades:

- Os organismos autónomos, que exercen actividades de intervención, fomento, xestión de servizos públicos ou apoio á función administrativa en réxime de descentralización funcional, entre os que destaca, pola importancia das actividades desenvolvidas e a contía dos recursos que administra, o Servizo Galego de Saúde (Sergas).

- As entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta (Consello Económico e Social e o Consello Galego de Relacións Laborais).
- As axencias públicas autonómicas, creadas para exercer potestades administrativas e programas específicos correspondentes a políticas públicas da Administración xeral, en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos.
- As entidades públicas empresariais, como entes instrumentais aos que se lles encomenda a realización, consonte criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou de produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación.
- Os consorcios autonómicos, constituídos mediante convenio pola Administración xeral con outras administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro.
- As sociedades mercantís públicas autonómicas, consideradas tamén como entidades instrumentais do sector público autonómico.
- As fundacións do sector público autonómico.

Esta reestruturación que se vén producindo no sector público galego nos últimos anos, ao igual que no conxunto do Estado, ten como obxectivo a reorganización das entidades que o integran consonte a clasificación antes referida, xunto coa súa redución na procura dunha maior racionalización, en liña cos compromisos impulsados desde o Consello de Política Fiscal e Financeira. Neste senso, cabe destacar que o número de entes da Comunidade Autónoma de Galicia ao inicio do proceso en xullo do ano 2010 era de 157, comprometéndose nas súas diferentes fases a reducilos en 58, polo que, tras a reestruturación prevista, compoñerán o sector público autonómico galego un total de 99 entes, o que supón unha redución do 36,9% respecto da situación anterior. Segundo a última información dispoñible, a xullo do ano 2013, en Galicia as reducións xa efectuadas ou a piques de materializarse ascendían a 40 que, xunto coa reestruturación de parte dos que se manteñen, supoñen un aforro estimado duns 40 millóns de euros e unha redución de 617 efectivos de persoal.

Este permanente proceso de reorganización do sector público galego dificulta a súa análise e comparativa con exercicios pasados, procedendo neste informe, por coherencia cos anteriores, a centrarnos no que vimos denominando *administracións públicas*, nas que integramos a Administración xeral, os organismos autónomos e as axencias públicas autonómicas, analizando posteriormente o sector público empresarial. A información utilizada para esta análise procede das liquidacións orzamentarias da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, dos seus organismos autónomos e das axencias públicas, correspondentes ao exercicio 2012 e anteriores, así como dos orzamentos do ano 2013 aprobados polo Parlamento de Galicia. Para a información do ámbito municipal e estatal recolleemos os datos subministrados principalmente polos actuais ministerios de Facenda e Administracións Públicas e de Economía e Competitividade.

Administracións públicas

Recollemos nos cadros 1 e 2, de forma desagregada para os diferentes capítulos da clasificación económica, a liquidación do orzamento de ingresos e gastos da Administración autonómica galega e dos organismos autónomos e axencias públicas dependentes dela, correspondentes ao exercicio 2012. A meirande parte da actividade do sector público autonómico galego canalízase a través da Administración xeral que xestiona o groso dos recursos autonómicos, ao tempo que actúa como fonte de financiamento principal dos organismos autónomos e das sociedades públicas.

A liquidación do orzamento da Administración autonómica acadou no ano 2012 un volume de obrigas recoñecidas de 9.593,3 millóns de euros, cantidade superior á do exercicio anterior nun 1,2% (aínda que representa un 17% menos que as cifras do exercicio 2008, no que o gasto autonómico tocou teito), fronte a uns dereitos recoñecidos de 9.656,6 millóns de euros, o que supuxo xerar un superávit orzamentario de 63,3 millóns de euros. Do conxunto desta actividade orzamentaria, a Administración xeral xestionou directamente un 67,9%, o Sergas, un 26,4%, e o resto de organismos autónomos e axencias públicas, un 5,6% aproximadamente. Este volume de obrigas representa un gasto por habitante da Administración galega no ano 2012 de 3468 euros.

Cadro núm. 1

Ingresos: dereitos recoñecidos da Administración autonómica galega (en miles de euros). Ano 2012

Capítulos	Admón. xeral	Sergas	Org. autón. admin.	Org. autón. comerciais	Axencias Autonómicas	Total	Transferen. internas	Total consolidado	%
Impostos directos	2.019.966	-	-	-	-	2.019.966	-	2.019.966	20,9
Impostos indirectos	2.733.396	-	-	-	-	2.733.396	-	2.733.396	28,3
Taxas e outros ingresos	104.990	53.225	1.255	1.900	5.460	166.830	-	166.830	1,7
Transferencias correntes	2.265.197	3.590.564	20.967	20.173	62.226	5.959.127	3.558.530	2.400.597	24,9
Ingresos patrimoniais	15.646	354	31	5.816	3.205	25.052	-	25.052	0,3
Total ingresos correntes	7.139.195	3.644.143	22.253	27.889	70.891	10.904.371	3.558.530	7.345.841	76,1
Alleamento investimentos reais	536	-	37	15.213	27	15.813	-	15.813	0,2
Transferencias de capital	632.803	46.028	3.144	247.441	378.519	1.307.935	670.280	637.655	6,6
Total ingresos de capital	633.339	46.028	3.181	262.654	378.547	1.323.749	670.280	653.469	6,8
Total ingresos non-financeiros	7.772.534	3.690.171	25.434	290.543	449.437	12.228.119	4.228.810	7.999.310	82,8
Variación de activos financeiros	7.318	835	-	15	24.705	32.873	-	32.873	0,3
Variación de pasivos financeiros	1.624.450	-	-	-	-	1.624.450	-	1.624.450	16,8
Total ingresos financeiros	1.631.768	835	-	15	24.705	1.657.323	-	1.657.323	17,2
TOTAL INGRESOS	9.404.302	3.690.738	25.434	290.558	474.142	13.885.442	4.228.810	9.656.632	100,0

Cadro núm. 2

Gastos: obrigas recoñecidas da Administración autonómica galega (en miles de euros). Ano 2012

Capítulos	Admón. xeral	Sergas	Org. autón. admin.	Org. autón. comerciais	Axencias Autonómicas	Total	Transferen. internas	Total consolidado	%
Gastos de persoal	1.805.232	1.568.020	15.165	13.310	38.040	3.439.767	-	3.439.767	35,9
Compras de bens e servizos	508.432	1.067.604	5.687	2.590	9.345	1.593.658	-	1.593.658	16,6
Xuros	255.727	211	-	-	1.387	257.325	-	257.325	2,7
Transferencias correntes	4.740.328	969.129	724	9.664	17.351	5.737.197	3.558.530	2.178.667	22,7
Fondo de continxencia	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Total gastos correntes	7.309.719	3.604.964	21.576	25.564	66.123	11.027.947	3.558.530	7.469.417	77,9
Investimentos reais	293.330	50.073	2.800	29.383	285.462	661.048	-	661.048	6,9
Transferencias de capital	1.095.698	759	169	233.707	98.852	1.429.185	670.280	758.905	7,9
Total gastos de capital	1.389.028	50.832	2.969	263.090	384.314	2.090.233	670.280	1.419.953	14,8
Total gastos non-financeiros	8.698.747	3.655.796	24.545	288.654	450.438	13.118.180	4.228.810	8.889.370	92,7
Variación de activos financeiros	192.143	467	-	1.823	1.692	196.126	-	196.126	2,0
Variación de pasivos financeiros	498.181	-	-	-	9.636	507.817	-	507.817	5,3
Total gastos financeiros	690.324	467	-	1.823	11.329	703.943	-	703.943	7,3
TOTAL GASTOS	9.389.071	3.656.264	24.545	290.477	461.766	13.822.123	4.228.810	9.593.313	100,0

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia

Para unha mellor valoración da realidade do gasto da Administración autonómica galega, no cadro 3 recolleemos a evolución desde o ano 2000 das obrigas recoñecidas por capítulos da Administración xeral, xa co avance da liquidación do exercicio 2013. Ao analizar as cifras debemos ter en conta que desde o ano 2011 non se integran nos orzamentos, nin nas correspondentes liquidacións, as cantidades relativas á participación das entidades locais nos ingresos do Estado, que ata o ano 2010 incluíanse nas contas da Administración xeral como ingresos por transferencias finalistas coa correspondente contrapartida nos gastos. As cantidades relativas a este concepto situábanse en torno a 800 millóns de euros, polo que, descontando o efecto deste cambio na operativa, as obrigas recoñecidas no ano 2012 se situaron en termos correntes aproximadamente na contía gastada no exercicio 2007. Máis salientable é a evolución de determinados capítulos, como acontece cos gastos de capital, que no exercicio 2013 foron, en cantidades correntes, unha cuarta parte do investido nos anos 2006 e 2007, situándose aos niveis de finais da década dos noventa.

Se relacionamos os recursos administrados polas diferentes comunidades autónomas do Estado español co produto interior bruto (PIB) podemos valorar de maneira máis apropiada o seu peso relativo respecto da economía de cada territorio. No gráfico 1 recóllese para o exercicio 2012 o gasto das diferentes comunidades autónomas

Cadro núm. 3


Gastos: obrigas recoñecidas da Administración xeral de Galicia (en millóns de euros)

Capítulos	2000	2002	2004	2006	2008	2010	2011	2012	2013
Gastos de persoal	1.259,8	1.415,7	1.516,5	1.710,5	2.007,6	2.082,7	2.011,0	1.805,2	1.792,7
Compras de bens e servizos	255,0	304,1	353,2	420,0	490,8	474,9	502,6	508,4	499,6
Xuros	173,8	152,4	124,7	135,0	134,5	121,6	214,1	255,7	298,6
Transferencias correntes	1.351,9	3.524,6	3.992,0	5.051,4	5.825,0	5.747,6	4.642,7	4.740,3	4.556,3
Total gastos correntes	3.040,5	5.396,9	5.986,5	7.317,0	8.457,9	8.426,8	7.370,4	7.309,7	7.309,7
Investimentos reais	440,8	549,9	772,6	902,3	1.097,3	740,5	574,5	293,3	246,5
Transferencias de capital	713,1	826,1	1.111,2	1.217,4	1.446,5	1.068,3	788,7	1.095,7	1.017,3
Total gastos de capital	1.153,9	1.376,0	1.883,8	2.119,7	2.543,8	1.808,8	1.363,2	1.389,7	1.263,8
Total gastos non-financeiros	4.194,5	6.772,9	7.870,2	9.436,7	11.001,7	10.235,6	8.733,6	8.698,7	8.411,1
Variación de activos financeiros	41,1	166,6	120,4	151,1	131,0	125,0	110,8	192,1	104,0
Variación de pasivos financeiros	199,4	210,9	223,0	377,6	347,7	516,0	419,7	498,2	1.006,7
Total gastos financeiros	240,5	377,5	343,4	528,6	478,7	641,0	530,4	690,3	1.110,7
TOTAL GASTOS	4.435,0	7.150,4	8.213,6	9.965,3	11.480,4	10.876,6	9.264,0	9.389,1	9.521,8

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia

Gráfico 1

Gasto autonómico por comunidades autónomas (en % sobre o PIB rexional)



en termos de porcentaxe do seu PIB rexional. O gasto autonómico galego representou nese exercicio o 20,1% do PIB, porcentaxe superior á media do conxunto do Estado español situada ao redor do 18,1%. Destacan as comunidades autónomas de Estremadura co 28,9% e Andalucía co 22% en termos do PIB.

Estrutura e dinámica dos ingresos

Os ingresos consolidados da Administración galega (excluídas as empresas públicas, consorcios, fundacións e sociedades mercantís), ascenderon no exercicio 2012 a un total de 9.656,6 millóns de euros, dos que un 51% se acadaron por tributos propios ou cedidos, un 31,5% mediante transferencias, tanto correntes como de capital, procedentes principalmente da Administración central, un 16,8% mediante o recurso ao endebedamento e o resto por ingresos patrimoniais e variación de activos. Da análise das cifras desagregadas de ingresos no exercicio 2012 constátase de novo a importante repercusión que sobre as contas públicas está a ter a situación económica que atravesamos, cunha significativa diminución dos ingresos, pero con evolución dispar dos principais capítulos: menos recursos tributarios, que, en todo caso, deben ser postos en relación cos cambios no modelo de financiamento, e maior necesidade do recurso ao endebedamento.

Cadro núm. 4

Evolución dos ingresos autonómicos en Galicia (en miles de euros)

Conceptos	2010	2011	2012	Variación 2012/2011		% variación
				Absoluta	Repartición (%)	2012/2011
Tributos cedidos e propios	3.508.380	4.997.122	4.920.192	-76.930	-71,5	-1,5
Transferencias	5.968.795	3.207.796	3.038.252	-169.544	-157,5	-5,3
Endebedamento	1.822.277	1.293.149	1.624.450	331.301	307,7	25,6
Outros ingresos	48.387	50.896	73.738	22.842	21,2	44,9
Total	11.347.839	9.548.963	9.656.632	107.669	100,0	1,1

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia

Para afondar na análise dos ingresos da comunidade autónoma galega temos que ter en conta que pertence ás comunidades de réxime común e, polo tanto, o seu financiamento provén de dous grandes bloques:

- Financiamento incondicionado, constituído principalmente polas transferencias da Administración xeral do Estado no ámbito do sistema de financiamento en vigor, os ingresos por tributos e todos aqueloutros recursos non vinculados directamente a unha finalidade determinada. O financiamento incondicionado debe garantir ás comunidades de réxime común os ingresos necesarios para a prestación

dos servizos asumidos, cubrindo adecuadamente o custo dos mesmos. As comunidades autónomas dispoñen deles con total autonomía.

■ Financiamento condicionado, composto polas achegas procedentes principalmente da Administración central, da Administración europea, da Seguridade Social e doutras administracións, ou do sector privado da economía para finalidades específicas e predeterminadas.

Este estudo diferenciado dos ingresos autonómicos debe poñerse en relación co marco establecido no vixente sistema de financiamento das comunidades autónomas que iniciou a súa andaina no ano 2009, tras a entrada en vigor da Lei 22/2009, de 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común, e que fundamenta este en catro grandes bloques de recursos que pasamos a describir brevemente: os recursos tributarios, o fondo de garantía de servizos públicos fundamentais, o fondo de suficiencia e os fondos de converxencia.

Recursos tributarios

A capacidade tributaria de cada comunidade autónoma vén dada polos seguintes recursos:

- a. A recadación dos tributos cedidos: imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, imposto sobre sucesións e doazóns, imposto especial sobre determinados medios de transporte, imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos, os tributos sobre o xogo e as taxas afectas aos servizos transferidos.
- b. A tarifa autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) dos residentes na comunidade autónoma, cifrada no 50% do rendemento deste imposto.
- c. A cesión do 50% da recadación líquida acadada polo imposto sobre o valor engadido (IVE) correspondente a cada comunidade autónoma, calculado segundo o índice de consumo elaborado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).
- d. A cesión do 58% da recadación líquida dos impostos especiais sobre a cervexa, produtos intermedios, alcohol e bebidas derivadas e sobre hidrocarburos e do imposto sobre os elaborados do tabaco.
- e. A cesión do 100% da recadación líquida do imposto especial sobre a electricidade.

En relación con estes recursos tributarios, increméntanse as competencias normativas das comunidades autónomas nos tributos cedidos parcialmente, como é o caso do IRPF no que se amplían as posibilidades de mudar os mínimos persoais familiares, a escala autonómica do imposto e as deducións na cota. Tamén se reforza a participación e colaboración entre as administracións tributarias, prevéndose incluso, cando os estatutos de autonomía así o permitan, competencias de revisión económico-administrativa dos actos emanados dos propios órganos de xestión sobre tributos cedidos totalmente, sen prexuízo da competencia estatal para manter a unidade de criterio.

Fondo de garantía

O fondo de garantía de servizos públicos fundamentais ten por obxecto asegurar que cada comunidade autónoma recibe os mesmos recursos por habitante axustado para financiar estes servizos. Configúrase como un mecanismo de garantía, e o seu montante vén dado polo 75% dos recursos tributarios cedidos ás comunidades autónomas, en termos normativos e debidamente homoxeneizados, xunto cunha achega adicional por parte do Estado calculada aplicando ao importe establecido para o ano base (2007) o índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado (ITE) entre ese ano e o correspondente. No fondo tamén se integran determinados recursos adicionais para achegar polo Estado segundo os acordos de aprobación do sistema de financiamento.

Determinada a contía global do fondo, realízase un reparto previo entre as comunidades autónomas en función dunha serie de variables que determinan a súa poboación axustada ou *unidade de necesidade*: poboación, superficie, dispersión, insularidade, poboación protexida equivalente distribuída en sete grupos de idade, poboación maior de setenta e cinco anos e poboación entre cero e dezaseis anos. Feito o reparto, a transferencia que corresponde a cada comunidade autónoma por este fondo de garantía defínese como a diferenza positiva ou negativa entre o importe da participación da comunidade autónoma no total do fondo e o 75% dos seus recursos tributarios en termos normativos.

Fondo de suficiencia global

Configúrase como un mecanismo de peche do sistema de financiamento, co obxecto de garantir o financiamento de todas as competencias transferidas, cubrindo a diferenza entre as necesidades de financiamento de cada comunidade autónoma e a suma da súa capacidade tributaria e as achegas do fondo de garantía, tendo en conta a realidade do ano 2007, ano base do sistema. O obxectivo último é garantir que non poida haber territorios prexudicados respecto dos recursos obtidos baixo o modelo anterior, garantindo así o principio do statu quo. Determinada a diferenza para cada comunidade autónoma, a súa evolución lígase á dos correspondentes ITE.

Fondos de converxencia autonómica

Coa finalidade de avanzar na converxencia entre as comunidades autónomas e o desenvolvemento daquelas que teñen unha menor renda per cápita, créanse dous fondos de converxencia dotados con achegas estatais adicionais:

- O fondo de competitividade, que ten por obxecto o de reforzar a equidade e eficiencia no financiamento das necesidades dos cidadáns, reducindo as diferenzas de financiamento per cápita entre comunidades autónomas.
- E o fondo de cooperación, que busca cumprir o obxectivo de facilitar a converxencia nos niveis de vida dos cidadáns con independencia do lugar de residencia, incrementando os recursos das comunidades autónomas de menor renda per

cápita e que rexisten nunha dinámica poboacional especialmente negativa que poida comprometer o seu desenvolvemento futuro.

Polas súas características, Galicia soamente participa no fondo de cooperación.

Neste momento xa están dispoñibles as liquidacións do sistema de financiamento autonómico correspondentes aos exercicios 2009, 2010 e 2011, polo que procedemos a valorar o seu resultado partindo da contía dos seus principais compoñentes, o total dos recursos que o conforman e a súa evolución.

Recollemos no cadro 5 os importes dos recursos do sistema para o exercicio 2011 xunto co seu peso relativo e liquidación. Nel obsérvase como para Galicia o 31,8% dos recursos proceden das transferencias estatais, fronte ao 68,2% dos recursos

Cadro núm. 5

Recursos achegados polo sistema de financiamento ás comunidades autónomas. Ano 2011

Comunidades autónomas	Recursos tributarios	% tributos sobre total recursos	Fondo de garantía	Fondo suficiencia global	Fondos converxencia autonómica	% fondos sobre total recursos	Total recursos sistema	Total recursos sistema %/total	Liquidación global sistema
Réxime común									
Andalucía	12.912,22	70,21	3.555,80	1.460,60	463,40	29,79	18.392,02	18,13	460,76
Aragón	2.876,82	82,97	40,36	404,17	145,81	17,03	3.467,16	3,42	122,82
Asturias	2.223,76	80,03	133,95	291,98	128,95	19,97	2.778,64	2,74	123,84
Baleares	2.580,62	100,73	-178,69	-398,27	558,13	-0,73	2.561,80	2,52	527,25
Canarias	1.586,44	36,86	2.263,98	287,64	166,46	63,14	4.304,53	4,24	80,83
Cantabria	1.229,95	73,23	-32,92	457,24	25,25	26,77	1.679,52	1,66	36,79
Castela e León	4.853,09	74,67	650,90	696,45	299,21	25,33	6.499,66	6,41	261,02
Castela-A Mancha	3.419,60	70,78	958,48	341,37	111,55	29,22	4.831,01	4,76	126,74
Cataluña	17.003,06	91,91	-1.019,99	1.681,83	835,78	8,09	18.500,68	18,23	851,05
Extremadura	1.619,60	57,03	657,07	497,51	65,66	42,97	2.839,83	2,80	40,08
Galicia	4.883,43	68,18	1.087,13	854,89	337,40	31,82	7.162,85	7,06	317,08
Madrid	16.274,80	115,20	-2.793,59	240,21	406,61	-15,20	14.128,02	13,92	311,15
Murcia	2.295,00	76,56	537,44	22,81	142,38	23,44	2.997,63	2,95	140,23
A Ríoxa	635,29	69,79	45,56	194,42	34,99	30,21	910,26	0,90	17,09
Valencia	8.634,69	83,49	1.147,47	-503,10	1.062,57	16,51	10.341,63	10,19	940,90
Total	83.028,37	81,89	7.052,96	6.529,77	4.784,14	18,11	101.395,23	99,93	4.357,63
Cidades con estatuto de autonomía									
Ceuta	-	0,00	-	27,73	8,74	100,00	36,47	0,04	7,19
Melilla	-	0,00	-	22,20	7,84	100,00	30,04	0,03	7,92
Total	-	0,00	-	49,93	16,58	100,00	66,51	0,07	15,11
TOTAL	83.028,37	81,83	7.052,96	6.579,70	4.800,71	18,17	101.461,74	100,00	4.372,73

tributarios. Soamente Estremadura e Canarias presentan menores recursos tributarios e unha maior dependencia das transferencias dos fondos do sistema, se ben no ano 2012 tense producido un avance do peso relativo dos ingresos tributarios respecto das transferencias derivadas dos fondos.

Para valorar adecuadamente desde a perspectiva de Galicia o resultado do actual modelo de financiamento, cuantificamos no cadro 6 a participación porcentual das diferentes comunidades autónomas no total dos recursos do sistema, así como a súa evolución para o período 1999-2011. A pesar de terse argumentado desde Galicia a favor do novo sistema pola perspectiva de que a nosa comunidade autónoma recuperaríase o peso relativo perdido co anterior modelo desde o ano 1999 ao 2008, no que

Cadro núm. 6

Recursos do sistema de financiamento autonómico

Participación porcentual e evolución

Comunidades autónomas	% participación recursos sistema 1999	% participación recursos sistema 2008	% participación recursos sistema 2010	% participación recursos sistema 2011	Evolución recursos sistema 2011 (1999=100)
Réxime común					
Andalucía	19,31	18,92	18,02	18,13	170,85
Aragón	3,46	3,43	3,34	3,42	179,89
Asturias	3,00	2,78	2,75	2,74	166,35
Baleares	2,02	2,10	2,50	2,52	227,28
Canarias	4,67	4,33	4,22	4,24	165,20
Cantabria	1,67	1,66	1,64	1,66	180,92
Castela e León	7,18	6,69	6,47	6,41	162,25
Castela-A Mancha	4,82	4,99	4,79	4,76	179,83
Cataluña	16,65	17,20	18,26	18,23	199,23
Estremadura	3,23	2,96	2,87	2,80	157,59
Galicia	7,72	7,20	7,04	7,06	166,34
Madrid	12,62	13,91	14,01	13,92	200,79
Murcia	2,78	3,00	2,95	2,95	193,43
A Rioxa	0,88	0,88	0,86	0,90	184,52
Valencia	9,95	9,93	10,22	10,19	186,37
Total	99,97	99,97	99,93	99,93	181,91
Cidades con estatuto de autonomía					
Ceuta	0,02	0,01	0,04	0,04	412,04
Melilla	0,01	0,01	0,03	0,03	382,23
Total	0,03	0,03	0,07	0,07	398,25
TOTAL	100,00	100,00	100,00	100,00	181,98

pasou de recibir o 7,72% do total dos recursos ao 7,2%, a realidade é que no primeiro ano de aplicación do novo modelo o peso relativo de Galicia diminuíu ata o 6,76%, recuperándose tan só ata o 7,04% no ano 2010 e ata o 7,06% no ano 2011.

O groso da explicación desta evolución da participación das diferentes comunidades autónomas no total dos recursos do sistema, atopámola no mellor comportamento que ata o ano 2009 tiveron os recursos por tributos cedidos, que medraron durante dito período, sen considerar o incremento da porcentaxe cedido, moito máis que as transferencias estatais. Esta situación cambia desde o ano 2010, cando os ingresos tributarios diminúen significativamente, comportándose mellor as transferencias do sistema. Deste xeito, as comunidades máis dependentes das transferencias, como é o caso de Galicia, Andalucía, Extremadura e Castela e León, entre outras, perderon peso relativo ata o ano 2009 fronte a Madrid, Cataluña e Valencia, que son as comunidades que máis incrementaron a súa participación en ditos recursos, recuperando parte desa perda, aínda que de forma moi limitada, nos exercicios 2010 e 2011.

Asemade, xunto aos recursos definitivos achegados polo sistema de financiamento, resulta tamén importante o resultado anual das liquidacións do sistema e as compensacións a practicar. Na derradeira columna do cadro 5 resumimos o importe total das liquidacións dos recursos do sistema e das participacións nos fondos de converxencia e os anticipos a conta e os pagos pola recadación do imposto sobre o patrimonio. No ano 2011 o resultado global da liquidación é positivo en 4357 millóns de euros, dos que a Galicia correspóndenlle 317 millóns, se ben debemos ter en conta que nos anos 2008 e 2009 os resultados das liquidacións foron negativos na contía de 573 e 1600 millóns de euros respectivamente, cantidades que se están a descontar das entregas a conta, en dez anos desde os exercicios 2011 e 2012.

Ingresos incondicionados

Os ingresos de carácter incondicionado cos que contan as comunidades autónomas teñen a súa orixe principal nos conceptos achegados polo sistema de financiamento en vigor segundo os exercicios analizados, e concrépanse en tres grandes bloques: os de orixe tributaria (tanto tributos propios como cedidos), a participación nos fondos do sistema de financiamento e os ingresos patrimoniais ou os obtidos mediante prezos públicos. Tamén teñen carácter de ingresos incondicionados os ingresos de carácter financeiro, principalmente o recurso ao endebedamento, que procederemos a analizar de forma separada pola súa importancia e implicacións.

No cadro 7 recóllense, diferenciando por conceptos, a contía e evolución dos ingresos incondicionados recoñecidos correspondentes á Administración xeral da comunidade autónoma galega para o período 2000-2012, así coma as previsións para o ano 2013. O incremento destes ingresos durante o período analizado debe relacionarse co carácter global do sistema de financiamento introducido en 2002, no cal os recursos para financiar a sanidade deixan de ter carácter de condicionado (transferíanse directamente pola Administración central ao Sergas) e pasan a integrarse con carácter de incondicionado nos ingresos da Administración xeral da comunidade autónoma,

Cadro núm. 7

Ingresos autonómicos incondicionados da Administración xeral de Galicia (en miles de euros)

Conceptos	2000	2010	2011	2012 *	2012	Diferenza Liq./Orz	% variación 2012/2011	2013 *
IRPF (tarifa autonómica)	297.214	1.203.388	1.855.974	1.841.935	1.763.252	-78.682,6	-5,0	1.765.249
Imposto sobre o patrimonio	39.925	1.121	620	35.000	43.482	8.482,4	6.913,3	39.154
Imposto sobre sucesións e doazóns	82.385	180.817	194.519	153.224	213.231	60.007,4	9,6	108.224
Impostos directos	419.524	1.385.326	2.051.113	2.030.159	2.019.966	-10.192,8	-1,5	1.912.627
Imposto sobre transmisións patrimoniais	143.971	151.290	142.864	158.297	126.560	-31.737,4	-11,4	175.274
Imposto sobre actos xurídicos documentados	80.692	159.506	125.067	142.039	97.896	-44.143,1	-21,7	130.062
Impostos autonómicos sobre o xogo	13.661	3.289	2.390	7.411	5.437	-1.973,9	127,5	6.130
Imposto sobre a contaminación atmosférica	4.724	2.132	2.493	2.587	3.557	969,6	42,7	3.494
Imposto sobre o valor engadido	-	790.207	1.445.760	1.595.545	1.572.427	-23.117,6	8,8	1.655.231
Impostos especiais	-	646.531	853.335	857.651	760.695	-96.956,3	-10,9	883.047
Imposto minorista hidrocarburos	-	88.509	84.321	88.719	80.232	-8.486,7	-4,8	0
Imposto dano ambiental auga encorada	-	10.632	10.622	14.401	10.623	-3.777,6	0,0	14.171
Canon edílico	-	22.645	23.009	22.750	22.836	85,9	-0,8	22.916
Impostos indirectos	243.049	1.874.742	2.689.861	2.889.400	2.680.263	-209.137,3	-0,4	2.890.325
Taxas sobre o xogo	56.696	66.878	59.956	69.240	53.133	-16.107,0	-11,4	53.445
Resto das taxas	54.767	93.697	103.356	118.904	104.990	-13.914,0	1,6	118.593
Total dos tributos propios e cedidos	774.036	3.420.644	4.904.286	5.107.703	4.858.352	-249.351,0	-0,9	4.974.990
Participación no sistema de financiamento	1.970.007	3.918.257	1.943.828	2.075.513	1.998.478	-77.035,0	2,8	2.131.343
Ingresos patrimoniais	9.369	12.100	16.082	12.607	15.646	3.038,6	-2,7	12.323
Outros ingresos incondicionados	1.569	4.000	427	1.750	536	-1.214,2	25,5	434
TOTAL	2.754.980	7.385.338	6.864.623	7.197.573	6.873.011	-324.561,6	0,1	7.119.090

* Orzamentos iniciais.

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia

obténdose mediante tributos ou a participación nos fondos do sistema de financiamento en vigor.

Os ingresos totais recoñecidos no exercicio 2012 con carácter incondicionado acadaron a cifra de 6873 millóns de euros, cifra similar á do exercicio anterior, pero que supón unha diminución duns 1650 millóns respecto do exercicio 2008. Representan o 73% do total de ingresos da Administración xeral, constatándose nos últimos anos un incremento do seu peso relativo respecto dos ingresos achegados con carácter condicionado.

Aínda que no seu conxunto estes ingresos son similares aos do exercicio anterior, analizando os distintos conceptos poden observarse diferenzas salientables. Diminúen principalmente os ingresos por tributos cedidos, como é o caso do imposto sobre transmisión patrimonial e o imposto sobre actos xurídicos documentados, os impostos especiais e a recadación pola tarifa autonómica do IRPF. Pola contra, é salientable o incremento dos ingresos por IVE (en gran medida pola suba dos tipos impositivos que tivo lugar no ano 2012), e polos impostos sobre o xogo e a contaminación atmosférica.

Ingresos condicionados

Os recursos financeiros condicionados, situados fóra do modelo de financiamento, e cun carácter finalista, teñen un peso importante nalgunhas comunidades autónomas, entre elas Galicia, e están constituídos principalmente polos fondos para o desenvolvemento rexional, cos que se pretende facer efectivo o principio de solidariedade e a corrección de desequilibrios económicos interterritoriais (fondo de compensación interterritorial (FCI) e fondos comunitarios), e aqueloutros a través dos cales se realizan determinados obxectivos de política económica e social do Estado, mediante unha xestión e execución que é levada a cabo polas comunidades autónomas para o que reciben fondos a través de convenios de colaboración, subvencións e contratos-programa.

Cadro núm. 8

Ingresos autonómicos condicionados da Administración xeral de Galicia (en miles de euros)

Conceptos	2000	2008	2010	2011	2012	% variación 2012/2011	2013*
Ingresos de solidariedade	505.864	678.248	677.578	660.741	636.240	-3,7	550.601
■ Fondos da Unión Europea	346.752	491.157	502.133	502.228	546.022	8,7	481.019
■ Fondo de compensación interterritorial	159.112	187.091	175.445	158.513	90.218	-43,1	69.582
Corporacións locais	556.791	990.934	786.813	-	-	-	-
Outros ingresos condicionados	414.693	1.183.123	2.387.391	1.790.472	1.895.050	5,8	1.467.400
Total ingresos	1.477.347	2.852.306	3.851.783	2.451.213	2.531.291	3,3	2.018.002

* Orzamentos iniciais.

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia

O total de ingresos condicionados liquidados pola Administración xeral no ano 2012 (incluíndo tamén os ingresos financeiros, aínda que os analizaremos de forma separada), foi de 2.531,2 millóns de euros, o que supón un incremento do 3,2% respecto do ano anterior. Destaca a importante diminución dos dereitos recoñecidos en concepto de FCI, que tan só acadan 90 millóns de euros fronte aos 160 millóns de media na década dos anos 2000.

En relación co fondo de compensación interterritorial, este constituía un dos principais instrumentos de política rexional articulado desde a Administración central. Tras a reforma realizada en paralelo ao sistema de financiamento introducido en 2002, son beneficiarias deste as comunidades autónomas consideradas rexións obxectivo 1 pola Unión Europea (aquelas que teñen unha renda por habitante inferior ao 75% da media comunitaria, sendo obxectivo de converxencia), así coma as cidades autónomas. Os criterios de repartición do FCI toman en conta cinco variables coas seguintes ponderacións: poboación relativa (87,5%), superficie (3%), paro (1%), saldo migratorio (1,6%) e dispersión da poboación (6,9%). O resultado da aplicación destas ponderacións corríxese en función da inversa da renda por habitante de cada territorio, de forma que as comunidades cuxa renda per cápita sexa superior á media do grupo perden recursos a prol daquelas de renda por habitante inferior.

No cadro 10 recóllese a evolución das previsións orzamentarias por este concepto desde o ano 2000 tanto para Galicia como para o conxunto do Estado. Aínda que entre as previsións iniciais e os dereitos finalmente recoñecidos se veñen producindo diferenzas importantes, é de destacar a forte redución dos recursos aplicados a este fondo, que perde parte do seu potencial como instrumento de reequilibrio territorial.

Para ampliar a análise dos ingresos condicionados, recollemos de forma desagregada no cadro 10 a contía e evolución dos ingresos procedentes da Unión Europea, que ascenderon no ano 2012 a 546 millóns de euros, 42 millóns de euros máis que no ano anterior, aínda que con variacións importantes entre os diferentes fondos, derivadas do seu recoñecemento en función da súa execución real.

A pesar das previsións respecto da redución drástica destes fondos, a súa contía véñese mantendo nos últimos anos, se ben as previsións para o exercicio 2013 e seguintes anticipan unha realidade para a que terá que buscar alternativas a comunidade autónoma: a progresiva diminución dos fondos europeos, co que iso supón respecto da política de investimentos e de viabilidade dos sectores beneficiados por eles.

Cadro núm. 9

Evolución do Fondo de compensación interterritorial Orzamentos iniciais

	Galicia	España
2000	148.781	850.258
2001	139.717	880.867
2002	140.595	671.023
2003	155.274	955.774
2004	163.942	1.011.209
2005	170.181	1.061.815
2006	183.536	1.159.891
2007	195.857	1.237.600
2008	203.299	1.337.982
2009	197.221	1.353.770
2010	169.607	1.225.770
2011	99.565	774.370
2012	76.992	671.580
2013	61.159	571.580

Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas

Cadro núm. 10

Ingresos liquidados de solidariedade. Fondos europeos en Galicia (en miles de euros)

Tipo de fondo	2002	2010	2011	2012	2013*
Fse	59.659,6	11.412,9	47.828,5	62.096,6	53.408,4
Feder	180.445,0	118.944,5	67.954,1	142.972,5	163.895,0
Ifop/Feop	57.549,0	50.264,2	58.059,5	71.623,4	59.848,4
Fondo de cohesión	35.902,5	9.464,9	1.751,2	771,2	-
Feoga/Feader/Feaga	200.710,5	309.442,5	318.828,0	264.673,4	200.888,5
Interreg	-	2.456,6	6.621,7	3.176,0	847,1
Iniciativa pesca	868,2	-	-	-	-
Outros	1.611,8	147,3	1.184,6	709,2	2.132,2
Total	536.746,6	502.132,9	502.227,5	546.022,4	481.019,5

* Orzamentos iniciais.

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia

Ingresos financeiros

Para o exercicio 2012 os ingresos financeiros do orzamento consolidado ascenderon á cantidade de 1.624,4 millóns de euros, o que representa o 16,8% do total, correspondéndose case na súa totalidade co recurso tradicional á débeda que realiza a Administración xeral, que se incrementou nun 25% respecto do ano anterior. En relación coa débeda viva acumulada, no ano 2012 amortizáronse 507,8 millóns de euros, que fronte aos 1624 millóns de novo endebedamento subscrito supón un incremento neto de 1.116,6 millóns de euros.

O endebedamento acumulado da Comunidade Autónoma de Galicia a día 31 de decembro de 2013 ascende a contía de 9131 millóns de euros, un 10,5% máis que ao remate do exercicio anterior, representando o 16,5% do PIB galego. No cadro 11 recóllese a evolución do endebedamento autonómico, tanto en termos absolutos como en porcentaxe do PIB e euros por habitante, situándose Galicia por debaixo da media estatal polo forte incremento que nos últimos anos se ten producido no endebedamento de Castela-A Mancha, Comunidade Valenciana, Cataluña, Baleares e Murcia.

Estrutura e dinámica dos gastos

Os gastos consolidados da Administración autonómica galega xunto cos dos organismos autónomos e axencias públicas dela dependentes acadaron a cifra de 9.593,3 millóns de euros no ano 2012 (cadro 2), o que supón un incremento do 1,2% respecto do ano anterior, crecemento que debe de poñerse en relación coa diminución de máis de 800 millóns no gasto que experimentaron as contas públicas no ano 2011 en relación co exercicio 2010. Do conxunto de obrigas, un 77,9% teñen carácter de gasto corrente, un 14,8% son gastos de capital e o 7,3% restante son gastos financeiros.

Cadro núm. 11

Endebemento das comunidades autónomas

Comunidades autónomas	Pasivos financeiros 2006*	Pasivos financeiros 2010*	Pasivos financeiros 2011*	Pasivos financeiros 2012*	Pasivos financeiros 2013*	Índice 2013 (2000=100)	Euros/habitante 2013	% PIB 2013
Réxime común								
Andalucía	7.314	12.179	14.314	20.544	23.898	343	2.831,4	17,3
Aragón	1.163	2.901	3.403	4.606	5.369	571	3.985,5	16,6
Asturias	729	1.701	2.155	2.675	3.052	504	2.857,2	14,2
Baleares	1.635	4.135	4.432	5.776	6.586	1.294	5.924,4	25,3
Canarias	1.563	3.298	3.718	4.687	5.281	584	2.492,6	13,1
Cantabria	398	992	1.293	2.032	2.178	878	3.679,8	17,6
Castela e León	1.798	4.304	5.476	7.586	8.183	753	3.247,4	15,3
Castela-A Mancha	1.543	5.819	6.587	10.190	11.343	1.881	5.398,9	31,5
Cataluña	14.043	34.229	41.778	51.386	57.122	561	7.562,2	29,7
Extremadura	784	1.747	2.021	2.436	2.630	429	2.382,2	16,2
Galicia	3.535	6.161	7.009	8.261	9.131	297	3.301,2	16,5
Madrid	10.073	13.491	15.447	20.130	22.104	524	3.402,9	12,1
Murcia	686	2.107	2.806	4.628	5.543	910	3.765,5	21,0
A Rioxa	184	726	900	1.045	1.143	811	3.549,4	14,7
C. Valenciana	10.936	18.963	20.762	29.461	31.884	531	6.234,9	32,8
Total	56.384	112.753	132.101	175.443	195.447	532	4.429,3	-
Réxime foral								
Navarra	647	1.692	2.446	2.812	3.101	479	4.811,7	17,7
País Vasco	929	5.015	5.536	7.204	8.225	388	3.752,8	13,1
Total	1.576	6.707	7.982	10.016	11.326	409	3.993,4	-
TOTAL	57.960	119.460	140.083	185.459	206.773	524	2.456.319,8	20,2

Nota: Incluídos organismos autónomos administrativos e similares, entes, empresas públicas e sanidade segundo sectorización da Base 2000 da CNE.

* Millóns de euros a 31 de decembro.

Fonte: Banco de España

No cadro 12 recolleemos a distribución do gasto da Administración xeral segundo a súa clasificación orgánica para os exercicios 2011 e 2012. Destacan dentro do gasto autonómico as consellerías de Sanidade e de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, que xestionan o 38% e o 23% respectivamente do total de gasto, seguidas en importancia, aínda que con moito menor volume de gasto, por Traballo e Benestar (8,5%), Débeda Pública (8%), Medio Rural e Mar (7,5%) e Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (4,7%). Polo que respecta ao endebemento (8%), os xuros representan o 2,7% e as amortizacións o 5,3% do gasto total. Na análise da distribución orgánica do gasto da Administración xeral debe terse en conta a desaparición

Cadro núm. 12

Estrutura do gasto. Distribución orgánica da Administración xeral de Galicia (en miles de euros)

Seccións	2011		2012		% variación 2012/2011
	Total	%	Total	%	
01 Parlamento	16.579	0,2	16.655	0,2	0,5
02 Consello de Contas	5.814	0,1	5.823	0,1	0,1
03 Consello da Cultura Galega	2.295	0,0	2.229	0,0	-2,9
04 Presidencia da Xunta	197.077	2,1	267.924	2,9	35,9
05 Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	220.203	2,4	220.943	2,4	0,3
06 Consellería de Facenda	62.855	0,7	113.571	1,2	80,7
07 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	446.412	4,8	442.410	4,7	-0,9
08 Consellería de Economía e Industria	111.002	1,2	141.628	1,5	27,6
09 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	2.225.393	24,0	2.163.461	23,0	-2,8
10 Consellería de Sanidade	3.391.031	36,6	3.574.661	38,1	5,4
11 Consellería de Cultura e Turismo	112.778	1,2	-	-	-
12 Consellería de Traballo e Benestar	900.350	9,7	799.600	8,5	-11,2
13 Consellería de Medio Rural e do Mar	674.804	7,3	706.224	7,5	4,7
14 Consellería do Mar	113.619	1,2	-	-	-
20 Consello Consultivo de Galicia	1.947	0,0	1.824	0,0	-6,3
21 Transferencias a corporacións locais	114.324	1,2	116.589	1,2	2,0
22 Débeda pública	633.363	6,8	753.242	8,0	18,9
23 Gastos de diversas consellerías	34.149	0,4	62.287	0,7	82,4
Total	9.263.995	100,0	9.389.071	100,0	1,4

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia

Cadro núm. 13

Estrutura e crecemento do gasto en Galicia (en miles de euros)

Conceptos	2010	2011	2012	Variación 2012/2011		
				Absoluta	%	Repartición (%)
Consumo público	5.180.480	5.045.677	5.033.425	-12.252	-0,2	-10,6
Transferencias correntes	3.345.486	2.273.322	2.178.667	-94.655	-4,2	-82,2
Gastos de capital	1.830.934	1.412.806	1.419.953	7.147	0,5	6,2
Carga financeira	642.026	633.853	765.142	131.289	20,7	114,0
Variación de activos financeiros	131.684	112.501	196.126	83.625	74,3	72,6
Total	11.130.610	9.478.159	9.593.313	115.154	1,2	100,0

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia

das Consellerías de Mar e Cultura e Turismo, cuxas funcións se integraron en Medio Rural e Mar, Educación e Presidencia da Xunta, respectivamente.

Se agregamos por grandes conceptos o gasto autonómico para os exercicios 2010 a 2012 (como se recolle no cadro 13), o consumo público representa o 52,4% do total do gasto consolidado de 2012, as transferencias correntes o 22,7% e os gastos de capital o 14,8%. Polo que respecta á súa evolución durante os anos referidos, destaca a diminución das transferencias correntes (un 4,2% menos que no exercicio anterior), o mantemento dos gastos de capital, e a suba da carga financeira e dos gastos en variación de activos (20,5% e 74,3% respectivamente máis que no ano 2011).

Consumo público

O consumo público cuantifícase habitualmente considerando soamente os gastos de persoal e a compra de bens e servizos, capítulos de gastos facilmente identificables, o que supón deixar sen imputar a este o consumo de capital fixo ou os posibles ingresos asociados á adquisición de bens e servizos correntes, de máis difícil identificación. No exercicio 2012 representou o 52% do total do gasto consolidado, experimentando nos últimos exercicios unha pequena diminución, froito da caída dos gastos de persoal por mor das políticas salariais e de redución de efectivos. Nas funcións de sanidade e educación é onde se concentra a meirande parte dos gastos en consumo público, representando case o 80% dos gastos de persoal e dos gastos en compra de bens e servizos do total do orzamento consolidado da comunidade autónoma.

Cadro núm. 14

Gastos en transferencias correntes e de capital. Administración xeral de Galicia (en miles de euros)

Entidades receptoras	2011			2012		
	Correntes	De capital	Total	Correntes	De capital	Total
Administración do Estado	5.689	137	5.826	3.039	3	3.042
Organismos autónomos e axencias	3.303.578	378.796	3.682.374	3.557.419	670.280	4.227.699
Sociedades públicas e outros entes	430.912	150.655	581.567	385.158	158.087	543.245
Corporacións locais	284.869	40.624	325.493	229.153	53.455	282.608
Empresas privadas*	86.476	178.485	264.961	68.935	162.604	231.539
Familias e institucións non-lucrativas	527.165	38.459	565.624	492.854	49.554	542.408
Exterior	4.007	1.585	5.592	3.770	1.715	5.485
Total	4.642.695	788.742	5.431.437	4.740.328	1.095.698	5.836.026
% sobre o total do gasto Administración xeral			58,6			62,2

* Inclúe os centros educativos concertados.

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia

Transferencias correntes e de capital

Os gastos recoñecidos en concepto de transferencias pola comunidade autónoma reflicten os recursos que non son directamente administrados por ela ao achegarse estes a outras administracións ou ao sector privado da economía. Unha vez consolidados os importes transferidos entre a Administración xeral e os organismos autónomos e axencias dependentes dela, de contía significativa ao actuar aquela como entidade financiadora destes, as transferencias correntes e de capital ascenderon no ano 2012 a 2.937,5 millóns de euros, o que representa o 33% do gasto non financeiro consolidado.

No cadro 14 recolleemos as transferencias recoñecidas pola Administración xeral da comunidade autónoma, que representan o 62,2% do total do seu gasto, segundo as entidades receptoras. Deixando á marxe as transferencias destinadas aos organismos autónomos e axencias públicas dependentes (a maior parte son recursos transferidos pola Administración xeral ao Sergas), os máis beneficiados das transferencias da Administración xeral son o resto de sociedades e entes públicos dependentes da comunidade autónoma, que recibiron 543,2 millóns de euros, seguido das transferencias ás

familias e institucións non lucrativas, con 542 millóns de euros, e ás empresas privadas con 231 millóns de euros.

Cadro núm. 15

Carga financeira da Administración autonómica galega (en miles de euros)

	Xuros	Amortizacións	Carga financeira
1995	203.202	119.073	322.275
1996	229.956	117.708	347.664
1997	197.731	122.637	320.368
1998	185.987	130.708	316.696
1999	178.230	137.433	315.662
2000	175.227	199.446	374.673
2001	177.506	215.524	393.029
2002	155.407	210.948	366.355
2003	144.762	413.648	558.410
2004	124.747	222.985	347.732
2005	119.417	390.021	509.439
2006	149.957	457.103	607.060
2007	142.251	457.103	599.354
2008	134.510	347.730	482.240
2009	110.081	245.931	356.012
2010	121.617	515.981	637.598
2011	214.055	419.660	633.715
2012	255.727	498.181	753.908
2013*	297.301	814.713	1.112.013

* Orzamentos iniciais.

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia

Investimentos

Para avaliar o esforzo inversor realizado polo sector público autonómico, temos que ter en conta tanto o volume de obrigas recoñecidas no capítulo de investimentos reais como no das transferencias de capital. Os investimentos reais ascenderon no exercicio 2012 a 661 millóns de euros, o que supón un 7,4% do total de gastos non financeiros. Destaca a forte redución dos investimentos da Administración xeral, que no ano 2012 tan só executaron a metade do gasto en investimento do exercicio anterior e a cuarta parte da do ano 2008. Esta cifra de investimentos representa o 1,18% do PIB galego, porcentaxe que se incrementa ao 2,54% se engadimos os 758,9 millóns de euros de transferencias de capital. Estes gastos, xunto coas transferencias antes analizadas, son os que máis se están a resentir por mor da situación económica que atravesamos o sector público autonómico galego, situándose no ano 2012 nunha contía similar, en termos correntes, á que se investía ao inicio

Cadro núm. 16

Conta financeira. Orzamento liquidado consolidado de Galicia

	Miles de euros			Variación 2012/ 2011	
	2010	2011	2012	Absoluta	%
Aforro bruto¹	30.962	-53.095	-123.576	-70.481	132,75
Recursos dispoñibles non-financeiros ²	870.215	718.183	529.892	-188.291	-26,22
Gastos de capital ³	1.830.934	1.412.806	1.419.953	7.147	0,51
Capacidade (-) / necesidade (+) de financiamento⁴	960.719	694.623	890.061	195.438	28,14
Variación de activos financeiros ⁵	124.390	108.062	163.253	55.191	51,07
Amortizacións ⁶	519.939	419.660	507.817	88.157	21,01
Endebadamento bruto ⁷	1.822.277	1.293.149	1.624.450	331.301	25,62
Endebadamento neto⁸	1.302.338	873.489	1.116.633	243.144	27,84

Obtención da capacidade (-) / necesidade (+) de financiamento:

¹ Ingresos correntes menos gastos correntes. Capítulos 1 a 5 do orzamento de ingresos e gastos.

² Ingresos de capital máis aforro bruto. Capítulos 6 e 7 de ingresos máis nota 1.

³ Comprende os capítulos 6 e 7 do orzamento de gastos, é dicir, investimentos reais e transferencias de capital.

⁴ Gastos de capital menos recursos dispoñibles. Capítulos 6 e 7 de gastos menos nota 2. É o déficit non-financeiro.

⁵ Diferenza neta entre os gastos e ingresos de activos financeiros. Capítulo 8 de gastos e ingresos.

⁶ Comprende o capítulo 9 de gastos. Pago anual de anualidades por capital debido.

⁷ Ingresos obtidos por endebedamento.

⁸ Correspóndese co endebedamento bruto menos as amortizacións.

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia

da década do 2000, o que supón a metade do que se viña investindo nos últimos anos en termos do PIB.

Carga financeira

A carga financeira vén dada polos gastos en xuros e amortizacións derivados do endebedamento da Administración; para a súa axeitada valoración debe terse en conta que parte da amortización da débeda está relacionada cos procesos de refinanciamento, polo que temos que poñela en correspondencia cos ingresos recoñecidos por endebedamento durante o exercicio. No cadro 15 recóllese a evolución da carga financeira da Administración autonómica galega para o período 1995-2013. No que atinxe ao exercicio 2012, volven incrementarse os gastos financeiros, por mor da forte acumulación de débeda, e aínda a pesar da caída no custo do seu financiamento. Hai que ter en conta que, aínda que Galicia non é das comunidades autónomas máis endebedadas, nos anos 2009 a 2012 a débeda neta incrementouse nuns 3419 millóns de euros.

Conta financeira

Para afondar no coñecemento da operativa económico-financeira do sector público autonómico galego resulta de interese poñer en relación as principais magnitudes de ingresos e gastos, cuantificando os diferentes conceptos que integran a conta financeira e o cálculo dos saldos orzamentarios. Nos cadros 16 a 18 recolleemos as cifras

Cadro núm. 17**Aforro e déficit orzamentario. Orzamento liquidado consolidado de Galicia** (en miles de euros)

Concepto	2000	2002	2004	2006	2008	2010	2011	2012
Aforro bruto	658.326	784.374	1.300.633	1.543.125	1.607.868	30.962	-53.095	-123.576
Aforro neto	458.880	573.426	1.077.648	1.165.567	1.260.138	-488.977	-472.755	-631.394
Necesidade de financiamento	2.427	-87.797	-185.031	-86.799	202.140	960.719	694.623	890.061
Déficit primario	-172.799	-243.204	-311.086	-223.891	67.228	838.631	480.430	632.736
Necesidade de endebedamento	19.439	47.097	-87.288	79.548	319.515	1.085.109	802.685	1.053.314
Débeda neta	60.101	65.000	69.133	10.442	240.208	1.302.338	873.489	1.116.633

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia

relativas á conta financeira dos exercicios 2010 a 2012, a evolución do aforro e déficit orzamentario para o período 2000-2012 e os estados de liquidación do orzamento consolidado do exercicio 2012.

Na conta financeira derivada da liquidación do orzamento consolidado (cadro 16), destaca o feito de que o aforro bruto, ou aforro por operacións correntes (diferenza positiva entre os ingresos e os gastos correntes), incrementa o seu saldo negativo ata os 123 millóns de euros no ano 2012, despois de que no exercicio anterior, e por primeira vez, tivese un resultado negativo en máis de 53 millóns de euros. Estes resultados negativos obrigan a detraer ingresos de capital ou ingresos financeiros para o financiamento de gastos correntes. A falta de aforro, xunto coa diminución dos ingresos de capital, reduce considerablemente os recursos dispoñibles para gastos de capital, que, aínda que se manteñen no exercicio 2012 respecto ao ano anterior, diminúen considerablemente en relación aos exercicios pasados. Con todo, e aínda a pesar da

Cadro núm. 18**Estado de liquidación do orzamento. Orzamento liquidado consolidado de Galicia** (en miles de euros). Ano 2012

Concepto	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Importes
(+) Operacións correntes	7.345.841	7.469.417	-123.576
(+) Operacións de capital	653.469	1.419.953	-766.484
1. (+) Operacións non-financeiras	7.999.310	8.889.370	-890.061
2. (+) Operacións con activos financeiros	32.873	196.126	-163.253
I. Resultado orzamentario do exercicio (1+2)	8.032.182	9.085.496	-1.053.314
II. Variación neta de pasivos financeiros	1.624.450	507.817	1.116.633
III. Saldo orzamentario do exercicio (I+II)	-	-	63.319

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia

contención dos gastos de capital, xerouse unha necesidade de financiamento de 890 millóns de euros, case 200 millóns máis que no ano 2011.

Esta necesidade financeira increméntase co saldo da variación de activos financeiros, por importe de 163 millóns de euros, dando lugar a un resultado orzamentario do exercicio negativo de 1.053,3 millóns de euros, o cal, posto en relación cun endebedamento neto de 1.116,6 millóns de euros, transfórmase nun saldo final do orzamento liquidado do exercicio 2012 positivo en 63,3 millóns de euros.

Para pechar a análise da situación financeira do sector público galego recolleemos no cadro 19 a evolución do déficit das comunidades autónomas para os anos 2010 a 2013. Ditas magnitudes de déficit deben poñerse en relación cos obxectivos de estabilidade orzamentaria pactados entre as comunidades autónomas e o Goberno central, situándose Galicia por debaixo da media estatal e, con iso, cumprindo sobradamente os límites marcados.

Cadro núm. 19

Capacidade/necesidade de financiamento das comunidades autónomas (en % do PIB rexional)

Comunidades autónomas	2010	2011	2012	2013	Obxectivo 2013
Réxime común					
Andalucía	-3,21	-3,48	-2,07	-1,55	-1,58
Aragón	-2,99	-2,67	-1,46	-2,06	-1,30
Asturias	-2,75	-3,62	-1,01	-1,06	-1,06
Baleares	-4,11	-4,30	-1,84	-1,28	-1,47
Canarias	-2,31	-1,54	-1,11	-1,00	-1,20
Cantabria	-3,90	-3,70	-1,52	-1,00	-1,20
Castela e León	-2,43	-2,58	-1,39	-1,10	-1,27
Castela-A Mancha	-6,67	-7,99	-1,54	-2,13	-1,30
Cataluña	-4,57	-4,15	-2,23	-1,96	-1,58
Estremadura	-2,54	-4,77	-1,03	-0,99	-1,00
Galicia	-2,33	-2,11	-1,28	-1,10	-1,20
Madrid	-1,04	-1,93	-1,06	-1,01	-1,07
Murcia	-4,91	-4,72	-3,18	-3,17	-1,59
A Rioja	-3,86	-1,45	-1,16	-1,04	-1,06
C. Valenciana	-4,78	-5,15	-3,94	-2,33	-1,60
Réxime foral					
Navarra	-3,25	-2,58	-1,73	-1,55	-1,20
País Vasco	-2,49	-2,73	-1,46	-1,08	-1,20
TOTAL	-3,22	-3,41	-1,86	-1,54	-1,30

Cadro núm. 20
Ingresos/ gastos dos organismos autónomos administrativos (en miles de euros). Ano 2012

	Sergas	EGAP	ICE	Agasp	IGC ¹	CCC ²	Issga	IEI ³	Total
Ingresos									
Taxas e outros ingresos	53.225	161	5	102	930	8	17	32	54.480
Transferencias correntes	3.590.564	2.971	3.027	2.374	5.602	378	5.247	1.368	3.611.531
Ingresos patrimoniais	354	1	1	22	5	0	2		385
Total ingresos correntes	3.644.143	3.133	3.033	2.498	6.537	386	5.266	1.400	3.666.396
Alieamento investimentos reais	-	0	0	37	0	0	0	-	-
Transferencias de capital	46.028	254	895	38	1.268	0	381	308	49.172
Total ingresos de capital	46.028	254	895	75	1.268	0	381	308	49.209
Total ingresos non-financieiros	3.690.171	3.387	3.928	2.573	7.805	386	5.647	1.708	3.715.605
Variación de activos financeiros	835	0	0	0	0	0	0	-	835
Variación de pasivos financeiros	-	0	0	0	0	0	0	-	-
Total ingresos financeiros	835	0	0	0	0	0	0	0	835
TOTAL INGRESOS	3.690.738	3.387	3.928	2.573	7.805	386	5.647	1.708	3.716.172
Gastos									
Gastos de persoal	1.568.020	958	2.547	731	4.632	263	4.674	1.360	1.583.185
Compras de bens e servizos	1.067.604	2.145	339	1.805	700	97	568	33	1.073.291
Xuros	211	0	0	0	0	0	0	0	211
Transferencias correntes	969.129	107	19	362	185	51	0	0	969.853
Fondo de continxencia	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Total gastos correntes	3.604.964	3.210	2.905	2.898	5.517	411	5.242	1.393	3.626.540
Investimentos reais	50.073	235	895	35	938	0	381	316	52.873
Transferencias de capital	759	0	0	0	169	0	0	0	928
Total gastos de capital	50.832	235	895	35	1.107	0	381	316	53.801
Total gastos non-financieiros	3.655.796	3.445	3.800	2.933	6.624	411	5.623	1.709	3.680.341
Variación de activos financeiros	467	0	0	0	0	0	0	0	467
Variación de pasivos financeiros	-	0	0	0	0	0	0	0	-
Total gastos financeiros	467	0	0	0	0	0	0	0	467
TOTAL GASTOS	3.656.264	3.445	3.800	2.933	6.624	411	5.623	1.709	3.680.809

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia

¹ Instituto Galego de Consumo.

² Consello Galego da Competencia.

³ Instituto de Estudos do Territorio.

Organismos autónomos, axencias e empresas públicas

Aínda que as cifras agregadas dos orzamentos liquidados dos organismos autónomos e axencias públicas dependentes da Administración autonómica témolas analizadas parcialmente nos epígrafes anteriores, ao incluílas dentro do orzamento consolidado daquela, recollemos nos cadros 20 a 22 os seus orzamentos liquidados

Cadro núm. 21

Ingresos/gastos dos organismos autónomos comerciais

(en miles de euros). Ano 2012

	IGVS	Fogga	Total
Ingresos			
Taxas e outros ingresos	1.900	0	1.900
Transferencias correntes	15.244	4.929	20.173
Ingresos patrimoniais	5.806	10	5.816
Total ingresos correntes	22.950	4.939	27.889
Alleamento investimentos reais	15.213	0	15.213
Transferencias de capital	35.647	211.794	247.441
Total ingresos de capital	50.860	211.794	262.654
Total ingresos non-financeiros	73.810	216.733	290.543
Variación de activos financeiros	15	0	15
Variación de pasivos financeiros	0	0	0
Total ingresos financeiros	15	0	15
TOTAL INGRESOS	73.825	216.733	290.558
Gastos			
Gastos de persoal	9.180	4.130	13.310
Compras de bens e servizos	2.192	398	2.590
Xuros	0	0	0
Transferencias correntes	9.339	325	9.664
Fondo de continxencia	-	-	-
Total gastos correntes	20.711	4.853	25.564
Investimentos reais	27.631	1.752	29.383
Transferencias de capital	23.652	210.055	233.707
Total gastos de capital	51.283	211.807	263.090
Total gastos non-financeiros	71.994	216.660	288.654
Variación de activos financeiros	1.823	0	1.823
Variación de pasivos financeiros	0	0	0
Total gastos financeiros	1.823	0	1.823
TOTAL GASTOS	73.817	216.660	290.477

Cadro núm. 22

Ingresos/gastos das axencias públicas autonómicas (en miles de euros). Ano 2012

	Agadic	AGI	Amtega	Gain	Cixtec	Igape	Inega	Incaagal	Intecmar	Axega	Agader	Total
Ingresos												
Taxas e outros ingresos	17	4.135	-	1	-	585	31	577	54	-	60	5.460
Transferencias correntes	3.803	13.869	7.805	6.480	6.297	11.273	3.597	1.455	1.911	807	4.929	62.226
Ingresos patrimoniais	73	9	5	1	-	2.555	461	12	88	-	-	3.205
Total ingresos correntes	3.893	18.013	7.811	6.481	6.297	14.413	4.090	2.044	2.053	807	4.989	70.891
Alleamento investimentos reais	0	0	0	27	-	-	-	-	-	-	-	27
Transferencias de capital	10.815	238.998	41.382	13.928	5.271	25.993	12.639	2.608	696	-	26.188	378.519
Total ingresos de capital	10.815	238.998	41.382	13.955	5.271	25.993	12.639	2.608	696	5.700	26.188	378.547
Total ingresos non-financieiros	14.708	257.011	49.193	20.437	11.568	40.407	16.729	4.652	2.748	6.507	31.177	449.437
Variación de activos financeiros	0	0	0	0	0	24.651	54	0	0	-	-	24.705
Variación de pasivos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0	0	-	-	0
Total ingresos financeiros	0	0	0	0	0	24.651	54	0	0	0	0	24.705
TOTAL INGRESOS	14.708	257.011	49.193	20.437	11.568	65.058	16.783	4.652	2.748	6.507	31.177	474.142
Gastos												
Gastos de persoal	1.825	11.952	3.727	815	4.673	5.410	2.161	1.015	1.754	747	3.962	38.040
Compras de bens e servizos	787	525	1.692	34	1.260	1.854	1.384	881	227	60	642	9.345
Xuros	0	210	-	-	-	1.177	-	-	-	-	-	1.387
Transferencias correntes	915	7.403	911	3.969	219	2.718	1.215	-	-	-	-	17.351
Fondo de continxencia	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Total gastos correntes	3.527	20.090	6.330	4.819	6.151	11.158	4.760	1.896	1.981	807	4.604	66.123
Investimentos reais	6.412	225.351	36.573	764	5.271	1.894	108	2.757	633	5.700	-	285.462
Transferencias de capital	3.916	14.040	4.885	12.998	-	24.880	12.496	-	-	-	25.637	98.852
Total gastos de capital	10.328	239.391	41.458	13.762	5.271	26.774	12.604	2.757	633	5.700	25.637	384.314
Total gastos non-financieiros	13.856	259.481	47.788	18.581	11.422	37.932	17.364	4.652	2.614	6.507	30.241	450.438
Variación de activos financeiros	0	0	-	70	0	1.622	0	0	0	0	0	1.692
Variación de pasivos financeiros	0	0	-	-	0	9.636	0	0	0	0	0	9.636
Total gastos financeiros	0	0	0	70	0	11.259	0	0	0	0	0	11.329
TOTAL GASTOS	13.856	259.481	47.788	18.651	11.422	49.191	17.364	4.652	2.614	6.507	30.241	461.766

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia

de ingresos e gastos, diferenciando para os organismos autónomos segundo o seu carácter administrativo ou comercial.

No referente aos organismos autónomos administrativos destaca, pola contía dos recursos administrados, o Servizo Galego de Saúde, que é o instrumento co que a comunidade autónoma exerce a función sanitaria. O total de obrigas liquidadas polo Sergas no ano 2012 ascendeu a 3.656,2 millóns de euros, un 5,3% máis que no exercicio anterior, que se financiaron na súa meirande parte polas transferencias correntes da Administración xeral da comunidade autónoma.

Dentro dos organismos autónomos de carácter comercial inclúense o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) que recoñeceu obrigas por importe de 216,6 millóns de euros, dos que 210 os transferiu ao sector agroalimentario como gastos de capital, e o Instituto Galego da Vivenda e o Solo (IGVS), que é o órgano a través do cal a comunidade autónoma galega exerce a súa política de vivenda, que liquidou un gasto por importe de 73,8 millóns de euros, dos cales 27 foron investimentos directos e 23 transferencias de capital.

Polo que respecta ás axencias públicas autonómicas, sobresaen a Axencia Galega de Investimentos (AGI), cun gasto total executado de 259,4 millóns de euros, dos cales 225 correspóndense con investimentos reais en correspondencia coa súa finalidade de canalizar a meirande parte dos investimentos da Administración autonómica, e o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), cun gasto obrigado no ano 2012 de 49,1 millóns de euros destinados á promoción da actividade económica en Galicia.

Recollemos finalmente no cadro 23 as cifras globais para o ano 2012 dos orzamentos iniciais das entidades públicas empresariais, consorcios, sociedades mercantís e fundacións dependentes da Administración autonómica. Os gastos orzamentados por estas entidades ascenderon no ano 2012 a 1066 millóns de euros, debendo ter en conta, ademais, que o seu financiamento provén principalmente da Administración xeral da comunidade autónoma, que lles transferiu durante o exercicio 2012, en concepto de transferencias correntes e de capital, un total de 543,2 millóns de euros, o que supón máis do 50% dos recursos que administran.

Cadro núm. 23

Orzamentos iniciais do resto do sector público autonómico. Ano 2012

	Miles de euros
Entidades públicas empresariais	265.053
Conorcios autonómicos	67.444
Sociedades mercantís públicas autonómicas	588.942
Fundacións do sector público autonómico	144.591
Total	1.066.030

Fonte: Xunta de Galicia e elaboración propia

O sector público local galego

Ao analizar o sector público local galego debemos ter en conta que está composto por 314 concellos (un menos tras a fusión de Cesuras e Oza), 4 deputacións en correspondencia coa división provincial, 41 mancomunidades resultado da asociación de municipios (14 na Coruña, 3 en Lugo, 12 en Ourense e 12 en Pontevedra) e 9 entidades menores (1 en Ourense e 8 en Pontevedra).

As características máis salientables da realidade económica do sector público local galego véñense mantendo de forma inalterada nos últimos anos, o que se conxuga cunha falta de información suficiente e actualizada sobre a súa realidade económico-financiera, polo que nesta edición do *Informe*, unha vez máis, tan só podemos recoller os trazos máis salientables deste sector en Galicia.

Os concellos galegos, ao igual que os do conxunto do Estado, asumiron nos últimos anos un protagonismo en relación coas demandas feitas pola cidadanía ao sector público que non ten correspondencia coa súa organización competencial nin financeira. A súa proximidade aos cidadáns e o principio de subsidiariedade dan lugar a que estas entidades veñan desenvolvendo un número cada vez máis elevado de competencias doutras administracións, o que lles supón un esforzo financeiro e de medios que non poden afrontar cos recursos dispoñibles. Esta realidade tradúcese nunha presenza dentro dos seus orzamentos de cada vez máis gastos que poderíamos denominar impropios, derivados do exercicio de competencias doutras administracións que son asumidas pola propia Administración local. Os concellos galegos non son alleos a esta realidade, ao contrario, as súas características diferenciais fan que esta problemática teña efectos aínda máis acusados, o que os está a situar actualmente nunha situación económico-financiera crítica en termos xerais.

Ademais, os concellos seguen a ser a Administración máis dependente financeiramente, ao elevar o proceso constitucional de forma considerable as súas funcións e importancia na vida pública sen unha correspondencia co desenvolvemento dunha facenda local acorde coas novas funcións. Xunto ao anterior, a crise económica que estamos a vivir e, en especial, a diminución da actividade económica e a paralización do sector inmobiliario, está a afectar de forma moi significativa á recadación dos concellos polas figuras tributarias que lles son propias.

Para a análise das variables orzamentarias destas entidades, no cadro 24 recolleemos para os exercicios 2009 a 2011 a liquidación dos ingresos e gastos dos municipios galegos e do conxunto do Estado, homoxeneizando as magnitudes en termos de euros por habitante. Como se pode observar, no ano 2011 o gasto dos concellos galegos foi un 31% inferior á media de gasto dos concellos do resto do Estado, estendéndose esa diferenza practicamente a todos os capítulos de gasto.

Esta característica diferencial dos municipios galegos con relación aos seus homólogos do resto do Estado español, de contar cun menor volume de recursos administrados, que se traduce na expresión asociada ao municipalismo en Galicia de *raquitismo* orzamentario, é aínda máis acusada canto menor é o tamaño dos municipios, como xa temos fundamentado en informes anteriores.

Cadro num. 24

Ingresos e gastos dos concellos. Orzamentos liquidados (en euros por habitante)

Capítulos	Galicia			España		
	2009	2010	2011	2009	2010	2011
Ingresos						
Impostos directos	228,9	240,2	244,9	338,4	356,3	364,2
Impostos indirectos	23,5	19,4	20,5	34,6	30,1	27,5
Taxas e outros ingresos	126,2	127,7	140,9	193,9	191,5	186,8
Transferencias correntes	319,4	291,5	282,4	353,3	323,5	322,3
Ingresos patrimoniais	9,2	9,4	7,3	29,0	28,2	27,8
Total ingresos correntes	707,3	688,2	696,1	949,3	929,6	928,6
Alleamento investimentos reais	4,6	3,4	1,6	18,1	15,3	10,9
Transferencias de capital	226,4	188,5	69,8	241,5	176,2	66,5
Total ingresos de capital	230,9	191,8	71,4	259,6	191,5	77,4
Total ingresos non financeiros	938,2	880,0	767,5	1.208,9	1.121,1	1.006,0
Variación de activos financeiros	1,1	1,0	1,3	4,3	7,1	2,2
Variación de pasivos financeiros	42,0	34,0	31,1	113,1	72,2	38,8
Total ingresos financeiros	43,1	35,1	32,4	117,4	79,3	41,0
Total ingresos	981,3	915,1	799,9	1.326,3	1.200,4	1.047,0
Gastos						
Gastos de persoal	276,2	274,1	269,2	375,7	370,4	362,5
Compras de bens e servizos	305,5	301,2	307,5	361,9	358,4	349,4
Xuros	7,3	5,2	6,3	19,2	15,5	20,2
Transferencias correntes	40,5	39,9	39,7	100,6	96,5	93,6
Total gastos correntes	629,5	620,3	622,7	857,4	840,7	825,8
Investimentos reais	297,8	244,3	157,9	344,7	274,3	168,4
Transferencias de capital	11,4	6,9	5,3	25,1	21,9	17,4
Total gastos de capital	309,2	251,2	163,3	369,8	296,2	185,8
Total gastos non financeiros	938,7	871,5	786,0	1.227,2	1.136,9	1.011,6
Variación de activos financeiros	1,1	1,1	1,1	5,9	3,9	3,1
Variación de pasivos financeiros	28,8	33,5	34,7	46,1	53,9	50,3
Total gastos financeiros	30,0	34,6	35,7	52,0	57,8	53,4
Total gastos	968,7	906,1	821,7	1.279,2	1.194,7	1.065,0

Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas

A orixe desta diferente realidade entre os concellos galegos e os do resto do Estado vén dada tanto por factores esóxenos, ao seren discriminados de forma negativa os municipios galegos na repartición da participación nos ingresos do Estado, como por factores endóxenos, ao non exercitaren de forma equivalente a súa capacidade tributaria, sendo estes últimos os responsables principais das diferenzas existentes.

Con relación aos ingresos dos concellos galegos derivados da súa participación nos recursos do Estado, no sistema actualmente vixente, modificado a partir do ano 2004, segue a primárense os municipios de maior tamaño en detrimento dos máis pequenos, sen ter en conta adecuadamente factores como a dispersión poboacional, o cal resulta moi prexudicial para os concellos galegos que ingresan menos que no conxunto do Estado, explicando en parte as diferenzas anteriores.

Ademais, a menor capacidade de gasto dos municipios galegos explícase tamén polo escaso exercicio da súa capacidade tributaria. Como se recolle no cadro 25 e no gráfico 2, os ingresos por tributos propios en termos de recadación en euros por habitante, presentan magnitudes moi inferiores ás dos seus homólogos do conxunto do Estado, acadando os concellos galegos tan só o 70,2% da media nacional destes ingresos tributarios, a menor porcentaxe de todas as comunidades autónomas, aínda que se constata unha pequena aproximación á media. Estes menores ingresos por tributos propios dos municipios en Galicia non se xustifican nas diferenzas de capacidade económica dos seus residentes, na actividade económica desenvolvida no seu territorio ou nos propios servizos municipais prestados. Aínda que nestes factores poidan radicar

Cadro núm. 25

Ingresos fiscais dos concellos. Ano 2011

	Total ingresos fiscais (miles euros)	Ingresos fiscais por habitante (euros)	Índice ingresos fiscais	
			2011	2010
Andalucía	4.380.988	520,05	94,56	95,46
Aragón	729.731	542,03	98,56	96,66
Asturias	503.719	465,77	84,69	86,29
Baleares	802.435	720,89	131,08	134,25
Canarias	1.034.687	486,51	88,46	85,73
Cantabria	311.886	525,84	95,61	92,62
Castela e León	1.203.330	470,33	85,52	84,91
Castela-A Mancha	1.020.050	482,22	87,68	89,61
Cataluña	4.976.120	660,00	120,01	119,59
C. Valenciana	2.669.561	521,69	94,86	95,81
Extremadura	469.519	423,23	76,96	78,27
Galicia	1.079.392	386,13	70,21	66,63
Madrid	4.202.185	647,52	117,74	117,77
Murcia	786.875	535,18	97,31	97,85
Navarra	329.489	513,18	93,31	94,34
País Vasco	1.178.814	539,60	98,12	98,71
A Rioxa	185.444	574,21	104,41	103,25
Total concellos	25.864.224	549,96	100,00	100,00

unha parte das diferenzas existentes, en Galicia prodúcese o que vimos denominando como *inhibición fiscal* respecto do exercicio da autonomía e capacidade que a normativa vixente lles outorga aos concellos en materia tributaria.

Esta menor capacidade económico-financieira dos concellos galegos con respecto aos seus homólogos do resto do Estado ten o seu reflexo tamén no recurso ao endebedamento. Como se pode observar no cadro 26, os concellos galegos son os menos endebedados do conxunto do Estado en termos per cápita, ao representar tan só o 37,2% da media nacional a finais do ano 2012. Con todo, o incremento da débeda viva respecto do exercicio anterior foi para os municipios galegos do 19,7% e do 23,9% para o conxunto do Estado.


Recollemos tamén no cadro 26 as liquidacións dos orzamentos das deputacións provinciais galegas correspondentes aos exercicios 2009 a 2011. No que atinxe aos ingresos, constátase a forte dependencia destas administracións das transferencias (63,7% dos ingresos), e do recurso ao endebedamento (9,1% dos ingresos). Polo que respecta aos gastos, destaca o esforzo investidor, con case o 44% do gasto entre investimentos directos e transferencias de capital, así como os gastos en persoal e compra de bens e servizos, co 34% do total dos recursos administrados.

De novo seguimos constatando que as magnitudes superficialmente descritas en relación co sector público local galego, xunto cos efectos da crise económica sobre os ingresos municipais, así como as restricións normativas que desde o Goberno central se están a impoñer ao conxunto das administracións públicas co obxecto reducir o déficit público, están dando lugar a que nestes momentos moitos concellos galegos teñan serias dificultades económicas para afrontar, non xa as actuacións en investimentos, senón os gastos básicos, incluídos os gastos do seu persoal.

Situación esta que segue a alimentar o debate reclamando unha racionalización deste sector tanto no conxunto do Estado como en Galicia, e o termo *fusión* é xa

Gráfico 2

Índice de ingresos fiscais dos concellos por comunidades autónomas (total nacional = 100). Ano 2011



Cadro núm. 26

Débeda viva dos concellos por comunidades autónomas (en miles de euros)

Datos a 31 de decembro de cada ano

	2008	2010	2011	2012		% variación 2012/2008
				Total	Euros / hab.	
Andalucía	3.864.380	4.527.802	4.493.792	6.832.406	808,6	76,8
Aragón	988.345	1.053.052	1.050.971	1.184.891	878,0	19,9
Asturias	447.047	464.251	451.578	481.232	446,7	7,6
Baleares	503.448	608.967	611.021	845.009	754,9	67,8
Canarias	719.456	842.471	780.340	1.020.308	481,7	41,8
Cantabria	214.308	222.887	218.469	246.352	414,8	15,0
Castela e León	912.017	1.102.034	1.066.141	1.354.971	532,2	48,6
Castela-A Mancha	634.872	718.118	788.674	1.081.234	509,6	70,3
Cataluña	4.049.828	5.135.990	5.100.426	5.512.269	728,1	36,1
C. Valenciana	2.532.294	3.011.485	2.969.127	3.671.989	715,9	45,0
Extremadura	259.054	301.765	272.763	321.804	290,4	24,2
Galicia	637.019	641.523	645.640	773.456	278,1	21,4
Madrid	7.822.196	7.726.437	7.594.033	9.414.696	1.448,7	20,4
Murcia	630.591	729.659	717.229	968.901	657,1	53,6
Navarra	235.765	313.160	305.960	304.140	939,8	29,0
País Vasco	494.975	640.249	646.243	647.591	1.004,7	30,8
A Ríoxa	122.015	123.351	127.063	118.898	54,2	-2,6
Ceuta	85.802	200.632	207.131	269.541	3.208,1	214,1
Melilla	46.338	102.181	112.880	113.554	1.405,3	145,1
Sen desagregar/diferenzas	928.250	385.516	301.164	126.818	-	-
Total	26.128.000	28.851.530	28.460.645	35.290.060	746,6	35,1

Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas

empregado de forma xeneralizada nas análises que se fan ao respecto, aínda que tan só se ten materializado nunha experiencia concreta, a anteriormente referida fusión dos concellos de Cesuras e Oza. Con todo, a adaptación das administracións públicas á situación económica que estamos a vivir non pode centrarse unicamente nun determinado nivel de Administración ou no recorte xeral do gasto, senón que se debe reformular a rede administrativa desenvolvida nos últimos anos, así como as funcións asumidas polo conxunto do sector público, orientando as disponibilidades financeiras cara a aqueles niveis e actuacións que realmente se consideren prioritarios, aínda que iso supoña parar actividades ata o de agora desenvolvidas.

Se ben se están a levar a cabo reorganizacións parciais dalgúns sectores ou niveis de administracións (como a comentada anteriormente para os entes instrumentais

Cadro núm. 27

Ingresos e gastos das deputacións galegas. Orzamentos liquidados

	2009	2010	2011	
Capítulos	Miles de euros	Miles de euros	Miles de euros	%
Ingresos				
Impostos directos	43.889	37.879	36.993	7,1
Impostos indirectos	29.246	24.282	27.764	5,3
Taxas e outros ingresos	35.895	36.196	32.021	6,1
Transferencias correntes	375.898	311.698	332.683	63,7
Ingresos patrimoniais	14.854	10.619	10.836	2,1
Total ingresos correntes	499.782	420.674	440.297	84,3
Alleamento investimentos reais	4.551	2.282	298	0,1
Transferencias de capital	30.480	45.447	31.481	6,0
Total ingresos de capital	35.031	47.729	31.779	6,1
Total ingresos non-financeiros	534.813	468.403	472.076	90,3
Variación de activos financeiros	3.078	2.920	2.976	0,6
Variación de pasivos financeiros	34.414	84.934	47.544	9,1
Total ingresos financeiros	37.492	87.854	50.520	9,7
Total ingresos	572.305	556.257	522.596	100,0
Gastos				
Gastos de persoal	143.179	147.347	132.114	20,8
Compras de bens e servizos	87.579	82.761	83.626	13,2
Xuros	5.167	2.937	6.130	1,0
Transferencias correntes	75.732	69.516	82.487	13,0
Total gastos correntes	311.657	302.561	304.357	48,0
Investimentos reais	106.390	120.201	186.058	29,3
Transferencias de capital	97.842	103.605	93.545	14,8
Total gastos de capital	204.232	223.806	279.603	44,1
Total gastos non-financeiros	515.889	526.367	583.960	92,1
Variación de activos financeiros	8.501	5.432	3.019	0,5
Variación de pasivos financeiros	25.646	29.147	47.110	7,4
Total gastos financeiros	34.147	34.579	50.130	7,9
Total gastos	550.036	560.946	634.090	100,0

Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas

da comunidade autónoma galega, ou a denominada reforma do sector público local, sempre sobre a mesa pero nunca impulsada de forma real), falta un enfoque global do conxunto do sector público en España. Necesariamente, isto levaría consigo uns sacrificios e uns custes políticos que requirirían dun consenso que non se albisca doado na situación política actual, e menos na etapa que se abre de procesos electorais.

Cadro núm. 28

Recadación por comunidades autónomas dos principais tributos estatais (en miles de euros)

	2007		2010		2011		2012				2012/2011		
	Total	Total	Total	Total	Total	IRPF	Sociedades	IVE	Impostos especiais	Outros	Total	% sobre o total	% variación
Andalucía	15.127.006	10.084.146	9.995.089	5.353.991	1.101.274	2.708.696	527.746	490.145	10.181.852	6,2	1,9		
Aragón	4.351.401	3.046.902	3.149.004	1.688.200	457.834	1.082.740	148	141.380	3.370.302	2,0	7,0		
Asturias	2.804.075	2.308.459	2.521.058	1.035.339	194.603	862.279	137.530	49.475	2.279.226	1,4	-9,6		
Baleares	3.023.721	2.213.347	2.301.281	1.318.305	347.486	629.224	14.726	238.892	2.548.633	1,5	10,7		
Canarias	2.409.515	1.788.082	1.883.899	1.476.252	241.274	252.003	39.999	117.145	2.126.673	1,3	12,9		
Cantabria	5.033.042	2.583.500	2.303.806	1.231.425	811.987	290.870	36.222	-10.978.185	2.474.319	1,5	7,4		
Castela e León	4.989.854	3.499.214	3.531.123	1.921.118	388.002	829.876	33.237	109.842	3.282.075	2,0	-7,1		
Castela - A Mancha	3.636.479	2.580.727	2.518.345	1.267.849	277.283	720.867	207.900	80.092	2.553.991	1,5	1,4		
Cataluña	42.165.475	31.169.207	32.050.535	14.297.923	4.408.408	11.914.545	1.112.257	1.776.364	33.509.497	20,3	4,6		
Extremadura	1.246.309	1.000.028	935.925	596.813	101.537	240.662	-3.908	25.364	960.468	0,6	2,6		
Galicia	6.550.134	5.331.313	5.631.513	2.520.793	1.002.345	1.918.208	44.948	256.894	5.743.188	3,5	2,0		
Madrid	82.675.505	74.979.463	75.945.950	27.523.545	8.984.501	24.897.704	15.180.343	3.014.355	79.600.448	48,3	4,8		
Murcia	2.938.614	1.783.200	1.676.301	976.512	298.801	279.407	91.313	71.814	1.717.847	1,0	2,5		
A Ríoxa	945.173	622.739	629.853	306.441	112.600	20.801	9.355	209.121	658.318	0,4	4,5		
C. Valenciana	15.992.680	10.352.790	10.136.579	4.244.102	1.670.089	3.433.603	230.386	659.012	10.237.192	6,2	1,0		
CC. AA. de réxime común	193.888.983	153.343.117	155.210.261	65.230.921	16.283.040	48.789.160	18.560.668	12.380.240	161.244.029	97,9	3,9		
Navarra	77.980	145.774	-28.149	96.360	29.398	-443.820	50.005	12.055	-256.002	-0,2	809,5		
País Vasco	3.737.428	2.346.109	2.916.488	1.488.214	875.993	628.862	493.927	224.818	3.711.814	2,3	27,3		
CC. AA. de réxime foral	3.815.408	2.491.883	2.888.339	1.536.202	257.475	496.224	419.515	746.396	3.455.812	2,1	19,6		
Ceuta	72.103	39.443	50.215	24.259	9.296	537	1.508	10.157	45.757	0,0	-8,9		
Melilla	59.503	31.895	33.760	18.497	9.057	545	1.582	7.813	37.494	0,0	11,1		
Cidades con estatuto de autonomía	131.606	71.338	83.975	44.183	17.830	489	3.051	17.698	83.251	0,1	-0,9		
TOTAL (sen servizos centrais)	197.835.997	155.906.338	158.182.575	66.811.306	16.558.345	49.285.873	18.983.234	13.144.334	164.783.092	100,0	4,2		

Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e Avenía Estatal de Administración Tributaria

O sector público estatal en Galicia

Rematamos a análise do sector público facendo referencia á información dispoñible das principais actuacións do sector público estatal en Galicia, para o que recollamos neste informe os datos relativos aos ingresos tributarios da Axencia Estatal da Administración Tributaria e do persoal ao servizo das administracións públicas en Galicia.

Polo que atinxe aos ingresos líquidos da Administración tributaria en Galicia, recollidos no cadro 28, estes tan só representan o 3,49% do total de ingresos recadados no conxunto do Estado (recordemos que o peso da poboación é do 5,9% aproximadamente, e que Galicia representa o 5,2% do PIB nacional). Aínda que no ano 2012 se incrementaron os ingresos por tributos, estes aínda están moi lonxe das cifras acadadas no ano 2007, e todo iso a pesar do forte aumento da presión fiscal ligada á suba de tipos impositivos nos principais impostos. En Galicia no ano 2012 o incremento da recadación polos impostos estatais foi moi inferior á media (o 2% fronte ao 4,2%), o cal pode ter a súa explicación no incremento dos tipos impositivos ligados ao dinamismo da actividade económica e a repercusión dos mesmos nos ingresos.

Por último, recollamos no cadro 29 o número de efectivos de persoal ao servizo das administracións públicas en Galicia para os anos 2009 a 2013. A principios do ano 2013 o persoal que prestaba servizos nos tres niveis da Administración analizados ascendía a 145.210 persoas, un 11,3% da poboación activa galega, repartíndose aproximadamente un 20% nas administracións do Estado en Galicia, outro 20% nas administracións locais e o 60% na Administración autonómica. Desde o ano 2010 conséntase unha redución do número de efectivos ao servizo das administracións públicas en Galicia, cunha distribución máis ou menos proporcional entre os diferentes niveis.

Cadro núm. 29

Persoal ao servizo das administracións públicas en Galicia

	2009	2010	2011	2012	2013
Administración xeral do Estado	11.912	12.001	11.945	11.787	11.518
Outros Administración pública estatal	18.385	18.833	18.296	18.024	17.574
Comunidades autónomas	89.299	91.190	89.219	87.714	87.026
Administración local	31.563	33.161	31.317	30.152	29.092
Total	151.159	155.185	150.777	147.677	145.210

Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas



//Fundación
Obra Social ABANCA